

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. - NUM. 17

SESION ORDINARIA DO 12 DE SETEMBRO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Míguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTE:

Domínguez Olveira, Santiago Xosé

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as dez horas e dez minutos do día doce de setembro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA correspondente ó mes de agosto, conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr Domínguez Olveira. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e máis o interventor xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de comezar gardamos un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

Neste intre a Corporación Municipal e máis todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS ORDINARIAS 27.06 E 26.07.05)

INTERVENCIÓN DO SR. VIÉITEZ ALONSO: Para propoñer que se modifique na acta do 27 de xuño, na páxina que leva o número 353, no último parágrafo, liña tres cambiar "empresa pública" por "empresa privada".

A PRESIDENCIA: Modifícase.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Modificar o debate do punto 4 da orde do día "Establecemento da xestión indirecta mediante concesión administrativa como a forma de presentación do servizo público de mantemento e conservación das instalacións do alumeadado público. Expte. 11257/444", ó final da intervención do concelleiro Sr. Vieitez Alonso, onde di "empresa públca", deberá dicir "empresa privada".

Segundo.- Aprobar a acta correspondente ó Pleno ordinario do 27 de xullo de 2005.

1.- (158).-TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DE D. GONZALO CABALLERO MÍGUEZ.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2005, Rexistro Xeral de entrada do día 5 do mesmo mes, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleiro do Concello de Vigo a D. Gonzalo Caballero Miguez, por estar incluído na lista de candidatos

presentada polo Partido Socialista de Galicia-PSOE ás eleccións locais do 25 de maio de 2003, en substitución por renuncia de don Ventura Pérez Mariño.

Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, o Sr. Caballero Miguez procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade al Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

A PRESIDENCIA: Sr. Caballero, sexa benvido á Corporación municipal de Vigo.

3.- (159).-TOMA DE COÑECEMENTO DO ESCRITO DE RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRO DE D. SANTIAGO DOMÍNGUEZ OLVEIRA, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

ANTECEDENTES.- Examinado o escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de agosto de 2005, do concelleiro do grupo municipal do BNG, don Santiago Domínguez Olveira renuncia ó seu cargo de concelleiro con data 18 do mesmo mes pola súa incorporación nesa data á Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, esta Corporación Local, ó abeiro do sinalado nos arts. 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 7.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrucción do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais,

ACORDA:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ó obxecto de que se proceda á substitución do Sr. Concelleiro citado conforme ó disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo a estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ó que corresponde cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, o candidato que debe cubrir a vacante producidas é D. ELÍAS

CARLOS COTOBAD TOMBO, candidato número 11 da lista electoral presentada polo Bloque Nacionalista Galego (BNG) ás últimas eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central a efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

4.- (160).-DAR CONTA DE ESCRITO SOBRE NOMEAMENTO DE VOCEIRO E VICE-VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de agosto de 2005, o voceiro suplente do Grupo municipal do BNG comunica que o novo voceiro do devandito Grupo é don Xabier Toba Girón.

Igualmente comunica que a nova Vice-voceira é a concelleira dona María Xosé Méndez Piñeiro.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

5.- (161).-DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DO 4 DE AGOSTO DE 2005, NOMEANDO PRESIDENTA E VICEPRESIDENTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS.

ANTECEDENTES.- Con data 2 de agosto de 2005, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"Segundo Resolución da Alcaldía de data 14.01.2004 nomeouse Presidente e Vicepresidente da Comisión Informativa de Asuntos Sociais a D^a Olaia Fernández Davila e D^a M^a José Méndez Piñeiro respectivamente. Como consecuencia da renuncia á concellería formalizada pola primeira, o Grupo Municipal do BNG efectuou proposta de nova designación que a Comisión Informativa de Asuntos Sociais en sesión do 18.07.05 acordou elevar a esta Alcaldía.

En virtude do exposto, de conformidade coa proposta efectuada e no uso das facultades que teño legalmente conferidas RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Presidenta-Delegada da COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS a D^a María Méndez Piñeiro e Vicepresidenta a D^a Margarida Martíns Vilanova.

Segundo.- A delegación que se efectúa terá efectos dende o día seguinte á data na que se notifique esta Resolución ós interesados e será de carácter indefinido sen prexuízo da potestade desta Alcaldía de presidir as sesións que poidan convocarse na súa condición de Presidente nato de todas elas.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno do Concello na primeira sesión que este órgano realice.

Cuarto.- Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia."

Da anterior resolución a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

6.- (162).-DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DO 4 DE AGOSTO DE 2005, NOMEANDO SECRETARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO HISTÓRICO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 4 de agosto, o secretario xeral do Pleno formula a seguinte proposta:

"De conformidade co art. 13.2 do RD 1174/1987, do 18 de setembro, sobre Réxime xurídico de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, esta Secretaría Xeral do Pleno propón a esa Alcaldía que na Comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico actúe coma delegada do secretario para o exercizo das funcións da fé pública e asesoramento legal, a funcionaria dona María Gómez Janeiro, deixando sen efecto a resolución do 24.03.04 onde se nomeaba a don Rafael Ojez Pérez".

De conformidade co anterior a Alcaldía, coa mesma data do 4 de agosto, emite a seguinte resolución:

Primeiro.- Resolver de conformidade coa proposta presentada debéndose notificar a mesma ós funcionarios afectados.

Segundo.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que este órgano realice.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

7.- (163).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO PERI DO CALVARIO, DELIMITACIÓN DO SEU POLÍGONO 11 E DO SISTEMA DE ACTUACIÓN PARA A SÚA EXECUCIÓN. EXPTE. 7088/411.

ANTECEDENTES.- Con data 22 de xullo de 2005, o arquitecto municipal e o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión a Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. Alonso Fernández e Prada Puentes, informan do seguinte:

"O Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario aprobouse definitivamente con data 9 de marzo de 1979 e incorporouse na súa práctica totalidade ó Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo de 1993, contén a ordenación detallada do seu ámbito e a delimitación poligonal do mesmo.

A ordenación do polígono 11 deste Plan Especial -ó que se refire a presente modificación puntual-, como a dos demais polígonos, detállanse nos planos de ordenación do documento, que tamén contén a previsión detallada do viario interior e das zonas verdes e libres dos distintos polígonos. A edificabilidade na ordenanza 1.B do Plan Xeral de 1971, coa que está cualificado o polígono 11, é de 12 m³/m².

Para este polígono 11 do PERI do Calvario, obxecto da presente modificación puntual, o Concello-Pleno aprobou, con data 30 de xullo de 1990, os estatutos e bases de actuación para a súa execución polo sistema de compensación. A constitución da Xunta de Compensación, aprobada por acordo da Comisión de Goberno de 12 de xullo de 1991, inscribiuse no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da CPTOPV en data 25 de marzo de 1992.

O polígono 11 está ocupado por distintas construcións, algunha delas anteriores ó Plan Especial e outras, máis recentes, posteriores a iste, executadas ó abeiro do convenio suscrito polo Concello de Vigo, a "Asociación de propietarios-veciños afectados polo PERI do Calvario" e a "Asociación administrativa de contribuíntes da Avda. de Ronda", aprobado en sesión plenaria do día 12 de decembro de 1986. Os viais interiores do cuarteirón, aínda que incompletos, coinciden basicamente cos previstos como públicos polo Plan Especial para o polígono. Existen, tamén, no interior do cuarteirón terreos de titularidade municipal e terreos debidos ó Concello, como cesións obrigatorias, en pleno dominio ou en uso de superficie, para viais interiores e zonas verdes e libres, a consecuencia e como condición da concesión de licenzas de obras para distintos edificios do ámbito.

Tendo en conta o importante grao de consolidación que este cuarteirón presenta actualmente nos seus bordos, a entidade "Espacio Vital, S.A.", con data 18 de decembro de 1997, formulou consulta previa a esta XMU interesando un pronunciamento municipal respecto á viabilidade do desenvolvemento das partes non consolidadas do polígono excluindo as zonas consolidadas; a figura de planeamento a tramitar e o sistema de actuación a utilizar. A esta consulta o Consello da XMU, con data 17 de abril de 1998, contestou que o sistema de actuación para a execución do polígono é o de compensación; que toda actuación debe ser promovida pola Xunta de Compensación constituída e que o documento de planeamento a tramitar é o de modificación puntual do PERI do Calvario que deberá axustarse ó disposto no artigo 50, diferenciando

o solo urbano consolidado do non consolidado, sen incluír no reparto a edificabilidade existente que se manteña.

Con data 11 de febreiro de 2000, a mesma entidade formulou nova consulta en relación a este polígono 11, sobre viabilidade do desenvolvemento do polígono mediante a modificación do plan especial, excluindo dos mecanismos de xestión as zonas consolidadas incluídas na proposta; sobre a conformidade municipal ós aproveitamentos que lle corresponden na medida en que se xustifiquen os sobrecostos da urbanización cos criterios desenvolvidos na consulta. O Consello da XMU, en sesión de 18 de maio de 2000, considerou contestada a primeira petición na anterior consulta, inxustificada a terceira e informou favorablemente a proposta de ordenación ó considerar que mellora sensiblemente a ordenación do plan especial para o polígono ó suprimir edificacións interiores e viais de mínimo ancho e concretar os espazos libres de forma unitaria no interior do cuarteirón.

Á vista do resultado destas consultas D. Tomás Rodríguez Costas, actuando como presidente da Xunta de Compensación do polígono 11 do PERI do Calvario, facultado por acordo da súa Asemblea xeral, adoptado en sesión extraordinaria o 18 de decembro de 2000, presentou, con datas 12 de xullo e 4 de decembro de 2001, a documentación correspondente ó proxecto de modificación da delimitación do polígono 11 do PERI do Calvario e de modificación da ordenación do mesmo plan especial no novo polígono, redactado polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco Javier García-Quijada Romero e D. Manuel Portolés Sanjuán, por encargo da mercantil "Espacio Vital, S.L."

A ordenación proposta consiste en concretar a maioría da edificación posible por aplicación da edificabilidade atribuída polo plan especial ás parcelas aínda non consolidadas na parcela sita fronte a rúa Gregorio Espino e nos terreos vacantes do bordo do cuarteirón, suprimindo os sólidos interiores e liberando como superficie libre unitaria o dito interior. A altura prevista para os sólidos propostos é de 10 plantas na rúa Gregorio Espino e 6 plantas fronte as rúas Reiseum e San Roque, que son as alturas que teñen os edificios consolidados colindantes.

Remitido expediente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para informe previo á aprobación inicial, polo subdirector xeral de Urbanismo, no seu informe preceptivo de 7 de febreiro de 2002, formularonse unha serie de observacións en relación coa edificabilidade -necesidade de descontar para a zona non consolidada a edificabilidade materializada na consolidada sobre os 4 m²/m² previstos polo plan especial, así como a de expresar na zona consolidada a ordenanza de aplicación correspondente-; cadro resumo de edificabilidades e superficies construídas, tanto das autorizadas polo PERI como das da zona consolidada e a que é obxecto da modificación, precisando a necesidade da súa inclusión na memoria; planos -seccións do novo vial e planos de redes de servizos, que deberán incorporarse ó documento-; accesibilidade -xustificación detallada do cumprimento das condicións mínimas de accesibilidade- e, por último; superficies da zona consolidada e non consolidada e previsión das 5 plantas propostas para a igrexa existente.

Á vista do devandito informe da CPTOPV, e a fin de subsanar as observacións que no mesmo se fan, os redactores do proxecto presentaron, en sucesivas datas, nova documentación reformada da inicialmente aportada.

A modificación proposta inclúe, a fin de facilitar a execución do planeamento que, no seu caso, se aprobe, a substitución da compensación como sistema de actuación polo sistema de cooperación e, paralelamente, ofrécese, por parte de "ESPACIO VITAL, S.L.", mediante sinatura do oportuno convenio urbanístico, a asunción por esta dos custos de expropiación e urbanización dos terreos e dereitos afectados por zonas libres, no exterior do novo polígono, na zona consolidada.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do día 22 de decembro de 2003, acordou: "Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario, no seu polígono 11 (Expte. nº 7088/411), comprensiva da ordenación de volúmenes do ámbito, da delimitación do propio polígono e da substitución da compensación, como sistema de actuación previsto para a execución deste ámbito, polo de cooperación, conforme a documentación presentada por D. Tomás Rodríguez Costas, actuando como presidente da Xunta de Compensación do polígono 11 do PERI do Calvario, facultado por acordo da súa Asemblea xeral, adoptado en sesión extraordinaria de 18 de decembro de 2000, redactada polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco Javier García - Quijada Romero e D. Manuel Portolés Sanjuán, por encargo da mercantil ESPACIO VITAL, S.L., con data de visado do COAG de 7 de outubro de 2003 --planos-- e 17 de decembro de 2003 -- Memoria e tomo de contestación ó informe da Dirección Xeral de Urbanismo--, coa salvedade de que as referencias e precisións que na documentación se fan ás distintas parcelas do ámbito, respectivas superficies e titularidade das mesmas deben de entenderse como meramente indicativas e non prexulgan o seu definitivo deslinde, determinación da efectiva superficie e atribución de titularidade, que corresponderá o proxecto de equidistribución do polígono."

Na mesma sesión o Consello da XMU, acordou o seguinte: "1.- Aprobar inicialmente a conclusión coa mercantil <Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L.> do convenio urbanístico de execución do planeamento, que de seguido se transcribe, en virtude do cal a devandita entidade asume a obriga de satisfacer o prezo xusto da adquisición por expropiación dos dereitos de uso público de superficie a que o convenio se refire e os gastos de urbanización das superficies sobre os que os ditos dereitos recaen, facultando ó concelleiro-delegado de urbanismo para a súa inicial sinatura. 2.- Asinado que sexa inicialmente o convenio, sométase o mesmo, conxuntamente co expediente 7088/411, sobre modificación puntual do Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario no seu polígono 11, ó trámite de información pública, mediante anuncio publicado no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia, por un período mínimo de vinte días, e inclusión do texto íntegro do convenio na documentación do devandito procedemento de modificación puntual..."

Os expedientes sometéronse a información pública mediante anuncios no Diario Oficial de Galicia nº 48 (9/03/2004), Faro de Vigo do 5 e 6/03/2004 e Diario Atlántico, o 5 e 6/03/2004, 15/02/02, así como coa notificación individualizada ós propietarios do ámbito, según o informado na oficina do Catastro e no Rexistro da propiedade.

A Secretaría da Xerencia Municipal de urbanismo certifica, o 1 de xullo de 2004, a presentación dun total de 18 alegacións que primeiramente se remitiron para informe ós promotores, que contestaron o 30 de xullo e 26 de novembro de 2004 cun informe dos servizos técnicos e xurídicos redactores, de contestación ás alegacións, que figura incorporado ó expediente. Xunto

coa contestación de 26 de novembro de 2004, achegáronse dous exemplares de reformados do proxecto de modificación do polígono, visados polo COAG o 17.11.04. En concreto, apórtase novo texto da memoria, da normativa urbanística, modificación do polígono, relación de parcelas, cómputo edificabilidade existente e capacidade dos sólidos, anexo fotográfico, custo da urbanización e planos 5 e 6.

A dito informe do técnico redactor, que básicamente se considera aceptable, de acordo co establecido no artigo 86.1.c da Lei 9/02, cómpre engadir o seguinte dos servizos técnicos municipais:

ALEGACIONES PRESENTADAS.-

ALEGACIÓN Nº 1

Nº DE DOC.: 40034233

INTERESADO: D^a VICTORIA GARCIA HERVELLO (propietaria da parcela nº 24)

OBXECTO: Oposición a que se considere superficie de espazo libre de uso público a terraza, da súa propiedade, en Gregorio Espino 32, ou indemnización por tal concepto. Solicita que se deixe sen efecto o cambio de sistema, por falla de representatividade do solicitante, falta de audiencia ós interesados e ausencia de interese público.

INFORME:

a) Sobre a superficie de espazo público:

Para construír o edificio de Gregorio Espino nº 32 a Comisión Municipal Permanente do Concello de Vigo, en data 18 de febreiro de 1975, concedeu a D. Alberto Seijo Villarino e esposa (a alegante, D^a Victoria García Hervello), licenza nº 9166/74, afectando á dita edificación unha superficie total de 881 m², declarada indivisible, e exceptuando de dita indivisibilidade unha superficie de 193,10 m².

O proxecto ó que se outorgou licenza, redactado polo arquitecto D. Jaime Garrido Rodríguez, era para un edificio composto de soto para garaxe-aparcadoiro, planta baixa e 9 plantas para 36 vivendas, cun volume total a edificar de 10.568 m³ (12 m³/m²).

A ocupación sobre rasante, da superficie da planta baixa do edificio era de 361,20 m², e en soto de 720 m², debendo quedar polo tanto 881-361,20 m²= 519,80 m², de parcela vinculada, libres de edificación sobre rasante, dos que 720-361,20= 358,80 m² están ocupados baixo rasante con garaxe.

Hai que facer constar (como indica o equipo redactor na súa contestación), que o Plan Especial de Reforma Interior (PERI) do Calvario, aprobado definitivamente o 9 de marzo de 1979, e posteriormente incorporado ó Plan Xeral de ordenación Urbana vixente, por aprobación definitiva do 29/04/1993, configurou o patio exterior da parcela obxecto da alegación como espazo libre e zona verde de uso público. Xa que logo, este expediente de modificación puntual de planeamento non modifica a ordenación no que se refire a este espazo libre, senón que o mantén na mesma condición que o planeamento vixente.

Outra cousa é que, ó consideralo como solo urbano consolidado e non incluílo no polígono, a única maneira de obtención dese espazo libre de uso público sexa o previsto no artigo 124 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) , é

dicir, a través dunha actuación illada en solo urbano consolidado para facer posible a execución de elementos concretos do planeamento, como é a superficie de espazo libre de uso público obxecto desta alegación.

Segundo o artigo 166 1º da LOUGA a obtención de terreos, ou neste caso o espazo libre de uso público, será por medio da expropiación forzosa, por convenio entre propietarios ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal de solo. Polo tanto non procede a estimación da alegación no referente a que se verá privado da parcela sen que medie indemnización ningunha.

En canto á existencia dun galpón sobre o patio, ocupando unha parte do mesmo en planta baixa, cabe indicar que dita construción non figura no proxecto obxecto da licenza municipal, nin parece que estea amparada por ningunha licenza municipal, xa que, por unha banda a autorización esgotaba a edificabilidade da parcela vinculada, e, por outra banda o PERI do Calvario, como xa se indicou, cualificou dita superficie do patio como espazo libre e zona verde de uso público, polo que sería imposible construír no mesmo. É de salientar que, según o artigo 210.2 da Lei 9/02, unha vez transcorrido o prazo para o inicio de procedemento de restauración á legalidade urbanística, na obra executada sen licenza ou sen observar as disposicións contidas nela, non se poderán executar outras obras que excedan de pequenas reparacións esixidas por razóns de seguridade e hixiene e en ningún caso as de consolidación, aumento de valor ou modernización nin cambio do uso existente, excepto as necesarias para a adecuación á legalidade urbanística vixente. Por todo isto, a obra aludida está en situación de fóra de ordenación polo planeamento (que xa preveía a porción de terreo como espazo libre e zona verde de uso público) e por infracción.

b) Sobre a necesidade de modificación do sistema:

O artigo 127 da LOUG establece que o municipio, no instrumento de planeamento que conteña a ordenación detallada, elixirá o sistema de actuación aplicable, tendo en conta as características, complexidades da iniciativa, os medios con que se conte, a colaboración da iniciativa privada e as demais circunstancias que concorran.

A modificación do sistema poderá ser aprobada polo municipio de oficio ou a solicitude de parte. Cando se fixase un sistema de actuación indirecta e non se executara conforme ós prazos ou plans de etapas establecidos, ou transcorrese máis dun ano dende a aprobación definitiva sen que se iniciase o proceso de desenvolvemento e execución, habilita ó Concello para substituír o sistema de execución.

O presente polígono delimitouse no ano 1979, constituíndose a Xunta de compensación en 1991. Transcorridos máis de 12 anos sen que se presentara nin o proxecto de compensación nin o de urbanización, xustifica plenamente o cambio de sistema, por razóns de interese público. No presente caso, vence o principio de subsidiariedade da acción pública, dado que houbo un evidente incumprimento da Xunta de compensación á hora de observar os prazos para a execución do planeamento. A modificación do sistema de execución do polígono ven motivada polo fracaso da utilización do sistema de compensación. O cambio de sistema ven proposto polos promotores da modificación e conveniado en execución co Concello de Vigo (proposta aprobada inicialmente por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 22 de decembro de 2003 e asinado inicialmente o 22 de xaneiro de 2004). O citado documento

establece a obriga á mercantil "Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L." a asumir os custos de expropiación dos dereitos afectados con destino a uso e dominio público localizados no exterior da nova delimitación do polígono. Por outra parte, o documento aprobado inicialmente contempla unha análise pormenorizada dos custos de urbanización e comparando os mesmos co aproveitamento atribuído ó polígono, garanten a viabilidade económica da execución do mesmo. Como se pon de manifesto nos artigos 134 e seguintes da Lei 9/02, de 30 de decembro, no sistema de cooperación a Administración deberá de executar as obras de urbanización e posteriormente serán distribuídos os custos en proporción ó valor dos predios que lles sexan adxudicados na reparcelación.

c) Sobre a representatividade do presidente da Xunta de compensación.

O expediente de modificación aparece solicitado por D. Tomás Rodríguez Costas, como presidente da Xunta de compensación, que segundo os datos obrantes no Concello de Vigo é o presidente da Xunta de compensación de dito polígono.

As anteriores consultas previas formuladas sobre esta actuación foron presentadas pola empresa "ESPACIO VITAL S.A.", que é a asinante da proposta de convenio que se expuso ó público conxuntamente con este expediente. Según os datos obrantes no expediente esta empresa dispón dunha porcentaxe considerable de superficie do terreo. A iniciativa da Xunta de compensación foi promovida a requirimento do Concello, para provocar un maior coñecemento dos propietarios do polígono, da modificación que se formulaba. Polo tanto, trátase dunha proposta particular avalada por unha iniciativa pública.

Así consta no expediente, no anexo V da memoria técnica da modificación, o certificado do acordo da Asemblea extraordinaria da Xunta de compensación do polígono nº 11, aprobando a proposta de modificación e facultando ó presidente para realizar todos os trámites precisos.

O artigo 4º da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime xurídico e valoracións establece que a xestión pública da acción urbanizadora, suscitará na medida do posible, a iniciativa privada. Incluso a Administración urbanística actuante deberá promover a participación da iniciativa privada aínda que non ostente a propiedade do solo (aptdo. 3º do artigo 4º). A STS de 22 de outubro de 1985 (RJ 1985/5650), menciona que a xestión urbanística poderá encomendarse á iniciativa privada, fixando os preceptos legais e regulamentarios tratados con ocasión do planeamento de iniciativa particular. A mesma previsión ven contida no artigo 79 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Coa redacción actual da Lei 9/02 (trala modificación realizada pola Lei 15/04 ó artigo 74), esixe a conformidade de máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento. Aínda cando non é de aplicación no presente caso, no expediente consta xustificación da aceptación dos propietarios que alcanzan un 68,22% da superficie do polígono que se delimita coa modificación proposta.

d) Sobre a falla de notificación.

Este apartado da alegación carece de sentido, como o propio alegante reconece, na alegación posterior na que manifesta ter sido notificado e ratificarse na primeira alegación.

e) Sobre a inclusión, no convenio, da indemnización necesaria para a conversión en espazo libre de uso público.

En efecto, na cláusula primeira da proposta de convenio urbanístico que se expuso ó público conxuntamente coa modificación, inclúe o compromiso de asumir os custos de expropiación de dereitos afectados con destino a uso e dominio público emprazados no exterior da nova delimitación, así como os custos de urbanización. A valoración da indemnización que lle corresponderá ós propietarios da parcela que figura co número 24, será concretada na exposición ó público do proxecto de expropiación, dado que o sistema elixido é o de taxación conxunta (artigo 24.a da Lei 6/98, de 13 de abril, polo que se aproba o réxime do solo e valoración).

PROPOSTA: Desestimar as alegacións.

ALEGACIÓN Nº2

Nº DE DOC.: 40034461

INTERESADO: JOSÉ GONZALEZ RODRÍGUEZ (propietario de parcela 39)

OBJECTO: Solicita anulación da modificación proposta e o mantemento do sistema de compensación. Motiva a súa solicitude na falla de notificación individual, innecesaria substitución do sistema, incongruencia, ausencia de definición dos dereitos de adjudicación dos propietarios de fincas edificadas consideradas como non consolidadas, insuficiencia de previsión de indemnizacións.

INFORME:

a) Falla de notificación: O alegante foi notificado, como se pon de manifesto na alegación nº 17

b) Innecesaria substitución do sistema de actuación: Igual que punto b) da alegación anterior. Constituída a Xunta de compensación do polígono dende hai 14 anos, a iniciativa privada non foi quen de levar a cabo a execución deste polígono, polo que parece xustificade o cambio de sistema por outro que implique maior implicación da iniciativa pública.

c) Incongruencia: A nova delimitación do polígono e a exclusión do mesmo das edificacións xa consolidadas, é unha decisión congruente coa viabilidade da xestión que se propón. Mesmo esta opción foi avalada polo informe do director xeral de Urbanismo o 7 de febreiro de 2002. Os artigos que se citan na alegación do Texto refundido de 9 de abril de 1976, que regula a Lei sobre réxime do solo e ordenación urbanística, non teñen tan sequera o carácter de norma supletoria (STC 61/97). Non obstante, é intrascendente xurídicamente a alusión realizada polo alegante ó artigo 99.3 do TXRLS, dado que no mesmo se regulan os criterios que debe observar o proxecto de reparcelación. No presente caso, modifícase a delimitación do polígono e exclúense do ámbito a certas parcelas con edificación consolidada. Dado que non forman parte do ámbito do polígono, estarán excluídas do instrumento reparcelatorio. Por outra parte, o carácter consolidado das parcelas excluídas da delimitación do polígono, foi obxecto de análise nos informes emitidos ó documento aprobado inicialmente de modificación do polígono 11. As mencionadas construcións (algunhas delas anteriores ó plan especial), realizáronse ó abeiro do convenio suscrito polo Concello de Vigo e a "Asociación de propietarios-veciños afectados polo PERI do Calvario" e a "Asociación administrativa de contribuíntes da Avda. de Ronda", aprobado na sesión plenaria do 12 de decembro de 1986. Seguindo o informe da Consellería

de Política Territorial (7.2.03) na zona non consolidada obterase a edificabilidade que lle corresponda descontando a consolidada total, que se obterá de aplicar os 4 m²/m² atribuídos ó polígono. As edificacións existentes con fronte a Martínez Garrido e o resto de viais perimetrais, con características volumétricas do PERI do Calvario (mesmo algunhas delas realizaron cesións con arranxo a dito plan especial), atópanse xa incorporadas ó patrimonio dos seus propietarios, polo que dificilmente poden volver verse obrigados a iniciar un proceso integral de equidistribución e urbanización. Teñen estes terreos as características do artigo 12 a) da LOUGA, xa que logo considérase que se trata de solo urbano consolidado.

A disposición transitoria primeira 1 da Lei do solo vixente (Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coa a súa nova redacción en virtude da aprobación da Lei 15/04), en municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/97 do solo de Galicia e que non reúna as condicións do artigo 12.a da Lei 9/02, equipararase ó réxime establecido para o solo urbano non consolidado. Polo tanto, o ámbito delimitado comprende parcelas que polo seu grao de urbanización non poida considerarse como solo urbano consolidado.

d) Dereitos de adxudicación dos propietarios de fincas edificadas consideradas non consolidadas.

O alegante adianta un posible problema da posterior fase de xestión ou execución do polígono, cando este expediente é de planeamento e de modificación da delimitación dun polígono.

Á vista desta alegación e doutras similares, solicitouse o 15 de setembro de 2004 unha ampliación de informe ós promotores da modificación, que contestaron o 26 de novembro de 2004 cunha nova documentación, que, no que respecta a este apartado, se precisa o tratamento dos propietarios das edificacións incluídas dentro do ámbito do polígono con aproveitamento patrimonializado superior ó susceptible de apropiación conforme ó planeamento, que consiste en considerar patrimonializado a favor dos propietarios que xa o tiveran incorporado ó seu patrimonio. En consecuencia reconécese no expediente, sen prexuízo da oportuna comprobación no instrumento de equidistribución, un dereito patrimonializado a favor dos seus respectivos propietarios o aproveitamento urbanístico das edificacións preexistentes nas parcelas 34, 37, 38 e 39, aínda que sexa superior ó susceptible de apropiación.

e) Insuficiencia de previsión de indemnizacións.-

A avaliación económica da implantación de servizos e execución das obras de urbanización que debe conter un plan especial segundo os artigos 70.2 e 64.1 da LOUGA, así como o artigo 55 do regulamento de planeamento expresará o custo aproximado, que deberá precisarse con motivo do instrumento de equidistribución e urbanización.

Non obstante e como consecuencia desta alegación e outras similares, presentouse unha documentación corrixida, na que se desglosan as indemnizacións e o importe total de indemnizacións e demolicións, pasa de 175.670.000 pts (1.055.797,96 €) a 415.797.851,95 pts (2.498.995,42 €).

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación no senso de introducir na documentación o informe relativo ós dereitos dos propietarios con

aproveitamentos patrimonializados superiores ó susceptible de apropiación, así como modificando a avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº3

Nº DE DOC.: 40035288

INTERESADO: MANUEL RODRÍGUEZ COSTAS

OBXECTO: Indevida asignación da titularidade dominical da parcela nº 19, que para o alegante é de propiedade municipal.

INFORME: Comprobado o inventario municipal de propiedades e solicitado informe da Oficina Municipal de Patrimonio, non consta a titularidade municipal da parcela que manifesta o alegante. Non obstante, con anterioridade á aprobación do proxecto de equidistribución se debería comprobar de novo tal extremo. Por outra parte, a finca número 19 do parcelario aparece catastralmente co número 4255222, figurando como de propiedade de "Espacio Vital Construcción e Promoción S.L.".

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº4

Nº DE DOC.: 40035445

INTERESADO: ALEJANDRO CONDE RINCÓN E OLGA LAMELA PONCE (Propietarios da parcela nº 4)

OBXECTO: Similar a alegación nº 1: Oposición a que se considere superficie de espacio libre de uso público a terraza da súa propiedade en Gregorio Espino 32 ou indemnización por tal concepto. Solicita que se deixe sen efecto o cambio de sistema, por falta de representatividade do solicitante, falta de audiencia ós interesados e ausencia de interese público.

INFORME:

1.- Na primeira alegación, únicamente se fai referencia a que son propietarios da parcela número 4.

2.- En canto á superficie de uso público sobre a parcela nº 24, contéstase igual que ó apartado a) da alegación nº 1.

3.- En canto á representatividade do solicitante, respóndese como ó apartado c) da alegación nº 1.

4.- Sobre a incongruencia da ordenación contéstase como ó apartado e) da alegación primeira, debendo engadir que, en canto á parcela nº 24, na que se propón un uso público no patio de parcela non se plantexa ningunha modificación da ordenación xa prevista polo Plan Especial de Reforma Interior do Calvario, que xa establecía un espacio de uso público nese patio. Outra cousa é que, con motivo da licenza, ese uso non fora cedido, polo que deberá ser agora expropiado. Por outra banda o propietario da parcela xa matetrializou o aproveitamento derivado de dito patio, polo que non sería procedente agora incluíla novamente nun polígono.

5.- Sobre a avalización dos custos de urbanización e indemnizacións, ver contestación e) da alegación nº 2

6.- canto á xustificación da modificación do sistema de actuación, respóndese igual que ó apartado b) da alegación nº 1, e ó apartado b) da alegación nº 2.

PROPOSTA: Estimar parcialmente as alegacións realizadas, modificando a avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións. Desestimar o resto das alegacións.

ALEGACIÓN Nº5

Nº DE DOC.: 40035505

INTERESADO: CÁNDIDO MÍGUEZ VÁZQUEZ (Propietario da parcela nº 38)

OBXECTO: Idem. ca anterior

INFORME: Idem. ca alegación anterior. No que se refire ós dereitos dos propietarios con aproveitamentos xa patrimonializados remítese ó apartado d) da alegación nº 2 no que se recoñece no expediente (sen prexuízo da oportuna comprobación no instrumento de equidistribución), un dereito patrimonializado a favor dos seus respectivos propietarios ó aproveitamento urbanístico das edificacións preexistentes nas parcelas 34, 37, 38 e 39, aínda que sexa superior ó susceptible de apropiación.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación no senso de introducir na documentación o informe relativo ós dereitos dos propietarios con aproveitamentos patrimonializados superiores ó susceptible de apropiación, así como modificando a avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº 6

Nº DE DOC.: 40052699

INTERESADO: ALEJANDRO CONDE RINCÓN E OLGA LAMELA CONDE

OBXECTO: Reiteración da alegación nº 4, trala notificación individualizada recibida polo alegante.

INFORME: Idem. que alegación nº 4.

PROPOSTA: dem. que alegación nº 4. Estimar parcialmente modificando a avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº 7

Nº DE DOC.: 40053596

INTERESADO: CÁNDIDO MÍGUEZ VÁZQUEZ

OBXECTO: Reiteración da alegación nº 5 trala notificación individualizada recibida polo alegante.

INFORME: Idem. que alegación nº 5.

PROPOSTA: Idem. que alegación nº 5. Estimar parcialmente a alegación no senso de introducir na documentación o informe relativo ós dereitos dos propietarios con aproveitamentos patrimonializados superiores ó susceptible de apropiación, así como modificando a avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº 8

Nº DE DOC.: 40054214

INTERESADO: ROSINA GARCÍA FERNÁNDEZ (Propietaria dun piso no edificios existente na parcela nº 37)

OBXECTO: Idem. que alegación nº 5

INFORME: Idem. que alegación nº 5.

PROPOSTA: Idem. que alegación nº 5. Estimar parcialmente a alegación no senso de introducir na documentación o informe relativo ós dereitos dos

propietarios con aproveitamentos patrimonializados superiores ó susceptible de apropiación, así como modificando a avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº 9

Nº DE DOC.: 40054245

INTERESADO: VICTORIA GARCÍA HERBELLO

OBXECTO: Reiteración da alegación nº 4, trala notificación individualizada recibida polo alegante.

OBXECTO: Idem. que alegación nº 4

INFORME: Idem. que alegación nº 4.

PROPOSTA: Idem. que alegación nº 4. Estimar parcialmente modificando a avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº 10

Nº DE DOC.: 4005339

INTERESADO: ISABEL GÓMEZ LÓPEZ E OUTROS(Propietaria dun piso no edificio existente na parcela nº 37)

OBXECTO: Idem. que alegación nº 5

INFORME: Idem. que alegación nº 5.

PROPOSTA: Idem. que alegación nº 5. Estimar parcialmente a alegación no senso de introducir na documentación o informe relativo ós dereitos dos propietarios con aproveitamentos patrimonializados superiores ó susceptible de apropiación, así como modificando a avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº 11

Nº DE DOC.: 40054728

INTERESADO: FAUSTINO RIVERA NIETO (Propietario dun piso no edificios existente na parcela nº 37)

OBXECTO: Idem. que alegación nº 5

INFORME: Idem. que alegación nº 5.

PROPOSTA: Idem. que alegación nº 5. Estimar parcialmente a alegación no senso de introducir na documentación o informe relativo ós dereitos dos propietarios con aproveitamentos patrimonializados superiores ó susceptible de apropiación, así como modificando a avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº 12

Nº DE DOC.: 40055089

INTERESADO: JACINTO ANTONIO MÉNDEZ MELERO

OBXECTO: Solicita a futura conexión da rede de saneamento de augas fecais

INFORME: Trátase dunha cuestión a ter en conta no futuro proxecto de urbanización.

PROPOSTA: Tomar coñecemento.

ALEGACIÓN Nº 13

Nº DE DOC.: 40055143

INTERESADO: LEONOR CONDE FERNÁNDEZ (propietaria no edificio de Reiseñor 7-1º D)

OBXECTO: Solicita quedar fora dos gastos que se poidan derivar como consecuencia da execución do Polígono 11.

INFORME: O edificio de Reiseñor 7 está fóra do polígono delimitado, polo que non participará nos gastos de urbanización do mesmo.

PROPOSTA: Estimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº 14

Nº DE DOC.: 40055539

INTERESADO: RAUL VILARIÑO ORGE E OUTROS (Propietarios da parcela 34 - Gregorio Espino 20)

OBJECTO: Solicitan a exclusión da parcela 34 do Polígono considerándola solo urbano consolidado.

INFORME: A primeira contestación dos promotores da modificación, de data 30 de xullo de 2004, incorre nun erro de localización da parcela, xa que se trata efectivamente do bloque S13 como afirma o alegante e non o S12. Non obstante, enténdese razoable igualmente a resposta e a xustificación da necesidade de incluír esta parcela na delimitación do polígono, por razón de que será necesaria para a ordenación. En efecto, a parcela 34 ten unha edificación cun aproveitamento existente netamente inferior o aproveitamento futuro derivado da aprobación do plan especial, sempre que se mantivese a edificabilidade prevista no documento aprobado inicialmente e se chegase á conclusión de que se tratase de solo urbano consolidado.

A imposibilidade de establecer técnicas de reparto de beneficios e cargas en solo urbano consolidado, fai necesario extremar os rigores á hora de delimitar como solo urbano consolidado. Así se está continuamente poñendo de manifesto pola doutrina. En concreto, no II Congreso de Dereito Urbanístico (Santiago de Compostela do 18 ó 20 de abril de 2001), como criterio de categorización do solo urbano consideraba que: *"La sola circunstancia de existir diferencia entre aprovechamiento real o objetivo atribuido por el plan y el existente deba determinar la categorización de un suelo como no consolidado..."*. (RDU-85, pág. 574, conclusión primeira número 3 del grupo de trabajo I, suelo urbano, del II Congreso). A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, parte dun criterio físico á hora de analizar as diferenzas que existen entre solo urbano consolidado e non consolidado, é dicir, o criterio que se utiliza é si a parcela en cuestión precisa de escasas obras para que a mesma alcance a condición de solar. Non obstante, existen certas notas que semella que se avanza ata un criterio funcional, baseado en considerar como solo urbano non consolidado cando se precise obter maior dotacións urbanísticas ou mesmo cando se prevea unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente.

Por todo isto, considerase preciso manter a condición de solo urbano non consolidado. Outra cousa é que o aproveitamento patrimonializable polos propietarios que incluso como o alegante, poideran ter xa patrimonializado un aproveitamento superior ó susceptible de apropiación. Nese caso suscribese o punto 3 do informe presentado o 26 de novembro de 2004, segundo o cal recoñécese, no expediente sen prexuízo da oportuna comprobación no instrumento de equidistribución, patrimonializado a favor dos seus respectivos propietarios o aproveitamento urbanístico das edificacións preexistentes nas parcelas 34, 37, 38 e 39, aínda que sexa superior ó susceptible de apropiación

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº 15

Nº DE DOC.: 40055978

INTERESADO: ANA MARÍA ESTEBAN CAMPILLO (Presidenta da Comunidade de propietarios do edificio de Gregorio Espino 34 -parcela nº 23)

OBXECTO: Solicitan a aclaración de superficies cedidas con motivo da licenza do edificio e comunican a existencia de garaxes no subsolo, dentro do ámbito do polígono).

INFORME: A licenza á que se fai referencia é a 11271/75, para construción dun edificio de sótano, baixo e nove pisos, promovido por D. Manuel Rodríguez Costas. Segundo a documentación de dita licenza a finca tiña unha superficie de 2.508 m², o soto ten unha ocupación de 1.326,58 m², e a planta baixa 945,03 m². A superficie situada sobre o soto aparece incluída no Inventario Municipal de bens como parcela nº 388 cun total de 1.034, 20 m², dos que 864 m² son cesións de uso de superficie sobre sotos de garaxe, e 169,74 m² de zona verde, e que figuran na escritura de cesión nº de protocolo 276 da Notaría de D. Luciano Canoa Galiana, en data 5/03/84, cedida por D. Manuel Rodríguez Costas.

Non obstante calquera titularidade ou propiedade que se acredite de terreos no interior do polígono poderá ser aclarada na fase de execución do mesmo no expediente de equidistribución que se tramite.

PROPOSTA: Tomar coñecemento para a fase de execución.

ALEGACIÓN Nº 16

Nº DE DOC.: 40056307

INTERESADO: JOSEFA FARIÑAS ÁLVAREZ (Propietaria dun piso en Reixeñor 7)

OBXECTO: Solicita quedar fora dos gastos que se poidan derivar como consecuencia da execución do Polígono 11 (idem. alegación nº 14)

INFORME: O edificio de Reixeñor 7 está fora do polígono delimitado, polo que non participará nos gastos de urbanización do mesmo.

PROPOSTA: Estimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº 17

Nº DE DOC.: 40058974

INTERESADO: JOSÉ GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

OBXECTO: Reitera e ratifica a alegación nº 4, tra-la notificación individualizada recibida polo alegante. Oponse á consideración do patio da parcela nº 24 como espazo libre de uso público, e as indemnización necesaria.

INFORME: Idem. que alegación nº 4.

PROPOSTA: Idem. que alegación nº 4. Estimar parcialmente modificando a avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº 18

Nº DE DOC.: 40059235

INTERESADO: ENRIQUE VIDAL SOMOZA (Propietario dun piso en Reixeñor 7)

OBXECTO: Solicita quedar fora dos gastos que se poidan derivar como consecuencia da execución do Polígono 11 (idem. alegación nº 14)

INFORME: O edificio de Reixeñor 7 está fora do polígono delimitado, polo que non participará nos gastos de urbanización do mesmo.

PROPOSTA: Estimar a alegación.

RESPOSTA ÁS OBSERVACIÓNS SINALADAS POLA CPTOPV NO INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DE 07.02.2002.

Con carácter previo á aprobación inicial os servizos técnicos e xurídicos municipais informaron sobre ditas observacións no informe-proposta de data 17 de decembro de 2003 (puntos 9º e 10º), que figura nas páxinas 69 a 77 do expediente e logo transcribiuse no acordo de aprobación inicial.

Aquel informe previo solicitouse en base ó disposto no artigo 41.3 da anterior lei 1/97 do solo de Galicia. Coa entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e máis recentemente da lei 15/2004 de modificación da anterior, o informe previo á aprobación inicial non sería necesario.

Non obstante, tendo en conta que a modificación puntual que se propón afecta (sen diminuílos) a terreos clasificados como zonas verdes e espazos libres públicos, requiriuse informe da Comisión Superior de Urbanismo, á vista do disposto no artigo 94.4 da LOUG.

En canto á continuidade na tramitación do expediente, a disposición transitoria 1ª 1 (modificada coa lei 15/2004) permite que o solo urbano non consolidado poida executarse de acordo coas determinacións do planeamento vixente ata a completa execución das súas determinacións no prazo máximo de tres anos a partir da entrada en vigor da lei.

INCIDENCIA DA APROBACIÓN INICIAL DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.

O pasado 30 de decembro de 2004, o Pleno do Concello de Vigo aprobou inicialmente a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

Na documentación do Plan Xeral aprobada inicialmente contempla o ámbito da presente modificación puntual do seguinte xeito:

- Todo o ámbito aparece clasificado como solo urbano.
- A parte que no expediente de modificación puntual se exclúe da delimitación do polígono por estar consolidado pola edificación, categorízase como solo urbano consolidado.
- A delimitación exacta do polígono proposto na modificación categorízase como solo urbano non consolidado, coa mesma delimitación poligonal.
- Ó solo urbano consolidado cualifícaselle coa Ordenanza 3 de edificación en cuarteirón pechado.
- O ámbito do polígono que se delimita aparece como ámbito de planeamento remitido APR A 4-09, cunha ficha no documento de xestión e execución que no punto 8 de observacións e recomendacións indica: "Este APR recolle as determinacións expresas do documento con aprobación inicial, modificación do Polígono 11 do PERI do Calvario, Vigo, asumidas por este PXOM".

INFORME DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO

Consta no expediente informe de 9 de xuño de 2005 da Comisión Superior de Urbanismo, polo que se informa favorablemente o expediente remitido para os efectos do artigo 94.4 da Lei 9/02.

DESCRIPCIÓN DA ORDENACIÓN PROPOSTA

a) Edificabilidade

A proposta de modificación ten as seguintes características:

- Superficie total do ámbito da Modificación: 12.047 m²
- Edificabilidade total por planeamento: (4 m²c/m² x S) = 48.188 m²c.

S.Ordinaria 12.09.05

- Superficie consolidada: 5.849 m² (6.037 m² - 188 m², correspondentes á porción da parcela nº 13, afectada por viario interior)
 - Edificabilidade materializada en zona consolidada (comprobada por licenzas e medición: 30.396 m²c)
 - Superficie non consolidada: 6.198 m².
 - (Dentro da superficie non consolidada inclúense: 4.818, 68 m² de parcelas non edificadas; 188 m² de superficie correspondente á porción da parcela nº 13, afectada por viario interior e 1.191 m² de superficie, correspondentes á terreos de cesión ó Concello para viario e zonas libres, aínda sen urbanizar)
 - Edificabilidade remanente que lle corresponde á zona non consolidada: 48.188 m²c-30.396 m²c = 17.792 m²c.
 - Coeficiente de edificabilidade sobre parcelas non edificadas, excluídos os terreos de cesión obrigatoria ó Concello para viais e zonas verdes que non entran no reparto de edificabilidade: 3,55 m²c/m² (17.792 m²c/4.818,68 m²+188 m² = 3,55 m²c/m²).
- Polo tanto a totalidade de edificabilidade que se ordena é de 48.188 m²c, dos que 30.396 m²c xa están materializados na edificación existente e 17.792 m²c. corresponden á nova edificación proposta.

b) Ordenación de sólidos

A ordenación proposta na Modificación concentra a meirande parte da edificación posible, por aplicación da edificabilidade do Plan ás parcelas aínda non consolidadas, na parcela con fronte á rúa Gregorio Espino e nos terreos baleiros do borde do cuarteirón, suprimindo os sólidos interiores, o que libera como superficie unitaria dito interior.

As alturas propostas son de 10 plantas á rúa Gregorio Espino e 6 plantas fronte as rúas Reixeñor e San Roque, que son as alturas que teñen os edificios consolidados colindantes e se axustan ás ordenanzas do PERI do Calvario.

Efectuando unha comprobación de superficies ocupadas e libres na proposta, referidos a todo o ámbito da modificación, resulta :

-- Superficie ocupada..... 7.788,30 m²
 -- Superficie libre..... 4.258,49 m²

A modificación proposta supón unha diminución da superficie ocupada e un incremento dos espazos libres e zonas verdes con relación á ocupación prevista no PERI do Calvario actualmente vixente. (Na ordenación que se pretende modificar a superficie ocupada sería de 8.096,62 m² e a destinada a viais e espazos libres de 3.905,33 m²)

Na documentación técnica efectúase unha comprobación de que as condicións volumétricas que se fixan ós sólidos na ordenación detallada, teñen unha capacidade suficiente para, coa aplicación das ordenanzas, poder albergar a edificabilidade posible no novo ámbito (17.792 m²c.)

c) Delimitación do novo polígono

A proposta de delimitación do novo polígono, a desenvolver polo sistema de cooperación, exclúe as parcelas con edificacións xa consolidadas, e inclúe as seguintes superficies:

- Parcelas non consolidadas..... 4.818,68 m2
- Porción da parcela nº 13, afectada por viario interior.. 188,00 m2
- Superficies correspondentes á cesións ó Concello para -
viario e zonas libres, aínda sen urbanizar..... 1.191,99 m2
- TOTAL..... 6.198,67 m2

No novo polígono que se delimita inclúese, tamén, ós sós efectos da súa urbanización, a superficie de uso público de 110 m2, de cesión obligatoria ó Concello, sobre a parcela consolidada nº 15, correspondente ó edificio sinalado co número 3 da rúa Reiseñor, co que, a estes efectos, a superficie definitiva do novo polígono é de 6.308,67 m2.

As demais superficies correspondentes á cesións ó Concello para viario e zonas libres --1.191,99 m2--, aínda sen urbanizar, inclúense, tamen, únicamente ós efectos da súa urbanización completa na execución do polígono, pero non participarán na distribución de beneficios e cargas toda vez que se trata de terreos cedidos ou debidos ceder ó Concello como condición das licenzas de obra condedidas sobre as respectivas parcelas matrices nas que materializaron xa o aproveitamento que ós mesmos correspondía.

Non obstante, as referencias e precisións que na documentación da modificación puntual se fan ás distintas parcelas do ámbito, respectivas superficies e titularidade das mesmas deben entenderse como meramente indicativas e non prexulgan o seu definitivo deslinde, determinación da efectiva superficie e atribución de titularidade, que corresponderá o proxecto de equidistribución do polígono.

d) Documentación para aprobación definitiva.

A documentación técnica corrixida que se eleva a aprobación definitiva componse de Memoria e 13 planos e tomo de contestación ó informe da Dirección Xeral de Urbanismo. Elaborouse polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco Javier García-Quijada Romero e D. Manuel Portolés Sanjuán e conta con visado do COAG de 17 de Novembro de 2004 -a Memoria e planos números 5 e 6, 7-, visado do 7 de outubro de 2003 -os planos 1,2,3,4,7,8,9,10,11,e 12- e 17 de decembro de 2003 -o tomo de contestación ó informe da Dirección Xeral de Urbanismo-.

A dita documentación axústase ó disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, incluíndo un apartado 14, denominado Estudio de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico e unha avaliación económica da implantación dos servizos e execución das obras de urbanización, que, dadas as características da actuación, consideranse suficientes.

No apartado 13 da Memoria xustifícase o cumprimento da Lei 8/97, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e o seu regulamento (Decreto 35/2000), cumprimentado, así, a observación a.5.- do informe da CPTOPV do 7 de febreiro de 2002.

O resto das observacións do informe da Consellería corrixíronse, conforme se xustifica na separata á Memoria específica de contestación, do seguinte xeito:

- a.1.- Réxime do solo: especificase o carácter de solo urbano non consolidado do novo polígono que se delimita e a consecvente

- cesión do terreo necesario para localizar o 10% do aproveitamento lucrativo municipal no polígono.
- a.2.- Edificabilidade: practicáronse as correccións citadas no apartado a) deste informe
 - a.3.- Cadro resumo de superficies construídas, edificabilidades, etc.: figuran na Memoria.
 - a.4.- Planos de seccións transversais e lonxitudinais e de redes de infraestruturas: figuran nos planos números 12 e 13 e na memoria.

De acordo coa proposta de contestación de alegacións, figura na documentación do expediente o informe aclaratorio dos dereitos dos propietarios con aproveitamentos patrimonializados superiores ó susceptible de apropiación, así como se modificou o ANEXO VII de estudo de gastos de urbanización, incluíndo unha avaliación económica aproximada prevista por indemnizacións.

Con respecto o punto 14º da Memoria referente o mantemento das obras de urbanización, deberá atenerse ó disposto polo plan xeral actualmente en vigor no referente á esixencia de constitución de entidades urbanísticas de conservación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento configúrase como unha potestad administrativa, a denominada "potestas variandi", que corresponde ás Entidades locais e a Comunidade Autónoma, como administracións con competencias na formulación do planeamento, para iniciar discrecionalmente a súa modificación ou, no seu caso, revisión, a fin de adaptalo ás esixencias cambiantes do interese público. Dita alteración, segundo dispón o artigo 93 LOUGA, pode ter lugar mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúen. No presente caso, habida conta a entidade e características da modificación pretendida, a mesma reviste os caracteres dunha mera modificación de elementos puntuais do Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario.

II. A nova ordenación proposta axústase nas súas determinacións ás previsións do Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario en canto a usos globais, tipoloxías edificatorias, altura máxima, superficie total edificable e reservas mínimas de solo para dotacións urbanísticas no polígono; determinacións que, de acordo co disposto pola Disposición transitoria 1.c) da LOUGA (coa nova redacción da Lei 15/04), son as que procede aplicar sempre e cando fose aprobado definitivamente o instrumento de equidistribución no prazo de tres anos.

III. De acordo cos artigos 55 e 123.1 da LOUGA, a delimitación de polígonos en solo urbano non consolidado corresponderá ó plan que conteña a ordenación detallada, no presente caso o Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario, polo que a súa modificación precisa da modificación do deste plan especial. A modificación, neste aspecto, redefina os límites do polígono 11 excluindo as parcelas xa edificadas que procede considerar como unha zona consolidada. A edificabilidade do novo polígono respecta, de acordo co informe do Subdirector Xeral de Urbanismo do 7 de febreiro de 2002, a esixencia de descontar a edificabilidade da zona consolidada da total do inicial polígono. A delimitación proposta, en fin, permite o cumprimento conxunto dos deberes de cesión, urbanización e xusta distribución de cargas e beneficios na totalidade da súa superficie. Xustifícase esta nova

delimitación poligonal na necesidade de facilitar a xestión do polígono excluindo da súa delimitación a zona consolidada, respecto da edificación da cal o artigo 28 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, obriga a recoñecer, xa antes da modificación do polígono, como aproveitamento de cada parcela, os efectos da súa valoración, o resultante do planeamento ou o resultante da edificación existente se fora superior.

IV. Conforme ó artigo 127. 2 da LOUGA, a determinación do sistema de actuación deberá incluírse obrigatoriamente no instrumento de planeamento que conteña a ordenación detallada. A súa modificación poderá operarse coa modificación do dito instrumento de planeamento, aquí o Plan Especial do Calvario, ou polo procedemento previsto no artigo 127. 2 da LOUGA: aprobación polo Concello, previa información pública por vinte días, mediante anuncio no BOP, e notificación individualizada ós propietarios afectados.

De acordo co artigo 127.3 LOUGA, o tempo transcorrido desde a aprobación da ordenación detallada deste ámbito sen que se teña producido a súa execución xustifica a substitución do sistema de actuación previsto por compensación polo proposto de cooperación.

V. A documentación presentada incorpora o estudo de sostinibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico e a avaliación económica da implantación dos servizos e execución das obras de urbanización que o artigo 65 da LOUGA, ó que se remite o 70.2 do mesmo texto, esixe, como novidade, na documentación dos plans parciais e especiais de reforma interior e que se estiman suficientes á modificación proposta. As referencias e precisións que na documentación da presente modificación puntual se fan ás distintas parcelas do ámbito, respectivas superficies e titularidade das mesmas deben entenderse como meramente indicativas e non prexulgan o seu definitivo deslinde, determinación da efectiva superficie e atribución de titularidade, que corresponderá o proxecto de equidistribución do polígono.

VI. De acordo cos artigos 93.4 da LOUGA "A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación". Na tramitación do expediente seguiuuse o procedemento de aprobación previsto no artigo 86 da LOUGA. O presente informe aborda o contido previsto no artigo 86.1.c da Lei 9/02.

VII. Conforme o previsto no artigo 123 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a aprobación definitiva do presente expediente corresponde ó Pleno."

Polo anteriormente exposto, os técnicos informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 28 de xullo de 2005, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro,

Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, oito abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido e o voto en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro. - Aprobar definitivamente á modificación do PERI do Calvario, delimitación do seu polígono 11 e do sistema de actuación para a súa execución, redactada elaborada polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco Javier García-Quijada Romero e D. Manuel Portolés Sanjuán, con visado do COAG do 17 de Novembro de 2004 (Memoria e planos úmeros 5 e 6, 7), visado do 7 de outubro de 2003 (planos 1,2,3,4,7,8,9,10,11 e 12) e 17 de decembro de 2003 (tomo de contestación ó informe da Dirección Xeral de Urbanismo).

Segundo. - Resolver expresamente as alegacións do seguinte xeito:

a) Desestimar polos motivos expostos nos informes do equipo redactor e os servizos técnicos municipais, as alegacións presentadas por D^a Victoria García Hervello (alegación nº 1 e 9, propietaria parcela nº 24), D. Manuel Rodríguez Costas (alegación nº3, propietario parcela nº 19), D. Raúl Vilariño Orge e outros (alegación número 14, propietarios parcela 34, Gregorio Espino 20).

b) Estimar parcialmente as alegacións presentadas por D. Jose González Rodríguez (alegación nº 2 e 17, parcela nº 39), D. Alejandro Conde Rincón e D^a Olga Lamela Ponce (alegación nº 4 e 6, parcela nº34), D. Cándido Míguez Vázquez (alegación nº 5 e 7, parcela 38), D^a Rosina García Fernández (alegación nº5, parcela nº37), D^a Isabel Gómez López e outros (alegación nº 10, parcela nº 37), D. Faustino Rivera Nieto (alegación nº 11, parcela nº 37).

c) Estimar as alegacións presentadas polas seguintes persoas: D^a Leonor Conde Fernández (alegación nº13, prop. no edificio Reiseñor 7-1º D), D^a Josefa Fariñas Álvarez (alegación nº16, prop no edificio Reiseñor 7), D. Enrique Vidal Somoza (alegación nº 18, prop no edificio Reiseñor 7).

d) Tomar coñecemento dos escritos presentados por D. Jacinto Antonio Méndez Melero (alegación nº 12), D^a Ana María Esteban Campillo (alegación nº15, Pdta. Comunidade de propietarios do edificio de Gregorio Espino 34, parcela 23).

Terceiro. - Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo, deberase publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra a parte do documento á que se refire o artigo 92.2 da Lei 9/02.

Cuarto.- De acordo co establecido no artigo 92.3 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, comunicar o acordo de aprobación definitiva á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Quinto.- Notificar o presente acordo ós interesados, informándolles que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

8.- (164).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ESTUDO DE DETALLE DA UE IV-02 PALENCIA. EXPTE. 9456/411.

ANTECEDENTES.- Con data 5 de agosto de 2005 o arquitecto municipal e o técnico de admón. xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. Alonso Fernández e Prada Puentes, informan o que segue:

"I. FEITOS/ANTECEDENTES.

1.- En data 04.11.1986 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente (BOP nº 286, do 12.12.1986) o «Estudo de detalle do cuarteirón comprendido entre as rúas Palencia, Avda. de Ronda, Burgos e Sagunto», recollido posteriormente no PXOU-93 como actuación incorporada coa denominación: ED IV-02 Palencia (p.19-25/19-26). Nel ordenáronse os volumes e localizouse unha superficie de cesión para uso escolar na zona leste, da que unha parte adicouse a uso de escola infantil e o resto a zona libre, actualmente destinada a aparcadoiro relacionado co CEIP do Calvario.

2.- A Concellería municipal de Educación iniciou en setembro de 2004 expediente de contratación para a construción dunha escola infantil municipal na rúa Palencia (exp. nº 6234/332), adxudicándose por acordo da Xunta de Goberno Local do 15.11.2004 a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución ó arquitecto D. Alberto Cominges Molíns. No proxecto polo aludido técnico, o edificio que se pretende construír resolve as necesidades derivadas do uso (escola infantil) nun edificio en planta baixa.

3.- Mediante escrito asinado polo Sr. concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais en data 07.12.2004, solicítase a modificación do ED IV-02 Palencia que posibilite -conforme co proxecto redactado- a construción da escola infantil municipal nunha soa planta, tendo en conta a conveniencia de evitar as escaleiras interiores neste tipo de dotacións. Achégase informe técnico da xefa do servizo municipal de Educación, do 17.12.2004, no que se recomenda a supresión das prazas de aparcadoiro interiores á parcela da gardería que presentaba o ED aprobado en 1986, con base nos argumentos que no seu informe se detallan (seguridade, redución do espazo para uso educativo, etc.).

4.- Atendendo á anterior solicitude, pola Oficina de Planeamento-Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) procedeuse á elaboración da

S.Ordinaria 12.09.05

documentación técnica da «Modificación puntual do ED IV-02 Palencia A», comprensiva de memoria xustificativa (con anexo fotográfico e relación de propietarios catastrais) e planos; documentación asinada con data 20.12.2004 polo arquitecto-xefe da Oficina de Planeamento-Xestión e o arquitecto adscrito daquela a esa mesma Oficina, Sr. Álvarez Arines (exp. nº 9456/411).

5.- En data 07.02.2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente esta modificación puntual do estudo de detalle IV-02 Palencia, así como abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, con publicación de anuncios e notificación ós propietarios do ámbito.

6.- Publicados anuncios no DOG do 7 de abril de 2005 e no Faro de Vigo do 11 de marzo de 2005, así como notificados todos os propietarios do ámbito e publicado Edicto de 10.05.2005 no BOP de 27.05.2005, o expediente completo someteuse ó trámite de información pública.

7.- Segundo certificación de Secretaría Municipal de data 18.08.05, durante o período de información pública recibíronse dúas alegacións. A primeira, asinada por D. Diego Mario Olmedo Earle, recibida o 12/04/05. A segunda é subscrita por D. Salvador Sendín e outros, propietarios das comunidades de propietarios de Rúa Palencia nº 22, 24, 26, 28 e Burgos 7, 9, 19, 21 e 23 (14/04/05, rex. 500671146). Remitiúse aos servizos municipais de Educación e de Bombeiros, que responderon cos informes de datas 29 de xullo de 2005 e 4 de agosto de 2005.

II.- Informe das alegacións presentadas:

ALEGACIÓN Nº: 1
Nº DE DCTO.: 50067416
ALEGANTES: D. Salvador Sendín e outros propietarios das Comunidades de R/Palencia nº 22, 24, 26, 28 e Burgos 7, 9, 19, 21 e 23.
Representante a efectos de notificacións: D^a Cecilia Fontenla García

OBXECTO: Alegan o incumprimento da Ordenanza 6 grao 4º no relativo a espazo de manobra de vehículo de bombeiros que se produciría como consecuencia da proposta de ordenación do estudo de detalle. Solicitan o mantemento do acceso rodado desde a Rúa Palencia e do aparcadoiro da zona oeste da escola. Solicítase a separación de alomenos 3 metros da fachada do bloque nº 28 e que o peche do edificio sirva de peche ao futuro recinto escolar.

INFORME:

1.- En canto ás condicións de accesibilidade de vehículos de emerxencia indicar, en primeiro lugar, que a ordenanza 6, grao 4º que se cita non é de aplicación, xa que se trata dunha Ordenanza do documento da revisión do PXOM aprobada inicialmente, que non afecta á parcela obxecto de modificación do estudo de detalle.

En segundo lugar, e como se pode comprobar no Plano 03 do estudo de detalle aprobado definitivamente o 04.11.1986, os accesos de vehículos de emerxencia previstos na ordenación non se efectuaban a través da parcela de uso escolar, senón a través da praza peonil entre edificios residenciais, o que non se ve alterado pola modificación do estudo de detalle que se tramita.

O informe do xefe de servizo de Bombeiros de 04.08.2005 pon de manifesto as dificultades que actualmente xa presenta a operatividade da zona para os

vehículos de extinción, circunstancia esta non alterada ou agravada pola modificación do estudo de detalle e que por outra parte, debería ser obxecto de análise con ocasión do outorgamento da licenza correspondente.

2.- No referente ao acceso rodado pola rúa Palencia que se cita na alegación é notorio que non existe, como pode verse na reportaxe fotográfica da memoria da modificación (fotos 5 e 6) senón que é peonil e non se verá alterado coa modificación. Tampouco afecta a modificación presentada o acceso rodado dos edificios da rúa Burgos, numerados como 7, 9 19, 21 e 23. Os aparcadoiros da parcela escolar previstos no estudo de detalle existentes e que se suprimen contan co visto e praxe da xefa de servizo de educación , no informe de 17.12.2004 que se incorpora ó expediente.

Sobre a separación e dimensións do novo edificio escolar, precisar que segundo a Ordenanza escolar de aplicación 3.3. non tería que ter ningunha separación obrigatoria ós lindeiros. No obstante na documentación da modificación do estudo de detalle aprobada inicialmente reflectiuse un erro material no plano de ordenación nº 04, xa que se acotou a separación do edificio escolar do edificio nº 28 da Rúa Palencia en 2,90 metros, cando en realidade dita medida é de 3,80 metros, polo que se da cumprimento á pretensión dos alegantes.

Ademais, engadir que segundo informe (29.07.2005) da técnica do servizo de Educación, a edificación que se pretende terá, na zona máis próxima a ese edificio de Palencia nº 28, unha soa planta baixa cunha altura de pouco máis de catro metros. Tendo en conta que ese edificio ten, no testeiro que da cara á parcela escolar, unicamente fiestras de pequena entidade de estancias non vivideiras (foto 1 anexa a este informe), a afección sobre vistas e luces sería nula.

Finalmente, no que concerne ao estado real da urbanización da praza peonil, das condicións de accesibilidade da mesma e do vial peonil público da rúa Soria, cuestións todas elas que non se ven modificadas por este expediente, débese informar que sería conveniente, dado o seu carácter público, adoptar medidas reparatorias mediante unha actuación illada en solo urbano consolidado, sendo aconsellable que se acometa tal actuación ó mesmo tempo que a construción do equipamento.

ALEGACIÓN Nº: 2
Nº DE DCTO.: 50075065
ALEGANTE: D. Diego Mario Olmedo Earle.
OBXECTO: Mesmos argumentos ca anterior, diferenciándose unicamente en que suxire a construción dun aparcadoiro subterráneo no solar onde se vai situar a gardería.

INFORME: Remítese ó informe emitido á alegación 1. Así mesmo, se propoñe tomar razón da suxerencia formulada de utilización do subsolo para un garaxe público remitíndoa aos departamentos de Educación e Seguridade, Circulación e Transportes. Enténdese que dende o punto de vista urbanístico non habería inconveniente, coa ordenanza de aplicación, para un hipotético uso de aparcadoiro público subterráneo a formular, no seu caso, no proxecto constructivo.

III. CONDICIÓNS URBANÍSTICAS

No PXOU-93 os terreos do ámbito da delimitación están clasificados como solo urbano; en parte incluídos no ED IV-02 Palencia e noutra parte en Ordenanza 3.3. de zonas culturais e sociais.

Esta modificación de estudo de detalle é compatible e cumpre tanto o planeamento xeral de 1993, en canto cualificaba o ámbito coa ordenanza 3.3. de usos culturais e sociais e en parte remitía ó estudo de detalle que agora se modifica, así como o Plan Xeral resultante da revisión que se vai aprobar inicialmente que cualifica toda a parcela dotacional como equipamento escolar, como pode comprobarse no plano 02.

IV. ANÁLISE DO CONTIDO DA MODIFICACIÓN

De acordo coa memoria xustificativa redactada, o obxecto desta modificación do ED IV-02 Palencia consiste en completar as aliñacións e ordenar os volumes edificables no seu ámbito, finalidades que son propias dos ED a teor do previsto nos artigos 73.1.a) e b) da LOUGA e no RPU.

Tendo en conta as necesidades expresadas pola Concellería de Educación, os técnicos da Oficina de Planeamento-Xestión propoñen unha solución para a ordenación do ámbito consistente en:

a) Resituación da superficie libre:

Mantéñense os 247'00 m², de superficie de espazo libre que actualmente están sen urbanizar, pero se sitúan na parte sur do ámbito, a modo de patio da escola existente e da que se pretende construír.

b) Fixar aliñacións:

Fixanse as aliñacións e recuamentos da nova edificación.

V. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

a) Contido do estudo de detalle. - Segundo os informes recabados e o propio documento do que se pretende a súa aprobación, esta modificación ven fundamentada en razón de interese público. Así mesmo, adecúase o planeamento xeral vixente e non contradí o aprobado inicialmente. Por outra parte, encaixa dentro dos obxectivos legais dos estudos de detalle e non incorre en ningunha das limitacións contidas para esta clase de instrumentos no art. 73.2 da LOUGA.

b) Procedemento de aprobación. - En canto ó procedemento a seguir, segundo o disposto no art. 86.2 da LOUGA os estudo de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente (Xunta de Goberno Local: art. 127.1.d] LRBRL) e sometidos a información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Á vista do resultado da información pública, o Órgano municipal deberá aprobalos definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes.

c) Competencia para a aprobación definitiva. - De acordo co previsto no artigo 123.1.i da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a aprobación definitiva corresponde ó Pleno."

Polo anteriormente exposto os técnicos informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 8 de setembro de 2005 propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecatro votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por D. Salvador Sendín e outros propietarios das Comunidades de R/Palencia nº 22 , 24, 26, 28 e Burgos 7, 9, 19, 21 E 23 (número de documento 50067416) e D. Diego Mario Olmedo Earle (número de documento 50075061), no senso de corrixir o erro material da cota de separación entre a edificación escolar e o edificio residencial da rúa Palencia 28, fixándoa en 3,80 metros.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación do estudo de detalle IV-02 Palencia (exp. nº 9456/411) conforme á documentación elaborada pola Oficina de Planeamento-Xestión por solicitude da Concellería delegada de Asuntos Sociais, coa finalidade de posibilitar a construción dunha escola infantil municipal na rúa Palencia de acordo co proxecto redactado e as indicacións da Concellería de Educación, corrixindo o erro observado no plano 04 de aprobación inicial.

Terceiro.- Comunicar ó servizo municipal de Educación que o proxecto de construción do equipamento previsto deberá incluír, como anexo, un proxecto complementario de obras ordinarias de urbanización, destinadas a completar a urbanización da parcela no seu fronte polo paso peonil público da rúa Soria, conforme ó indicado no informe de contestación de alegacións.

Cuarto.- Publíquese este acordo no DOG e a normativa e ordenanzas resultantes da modificación no BOP. Notifíqueselle á CPTOPV da Xunta de Galicia, nos termos regulados no art. 92 Lei 9/2002 (LOUGA). Notifíqueselle tamén o seu contido íntegro ós interesados e alegante, coa advertencia de que contra aquel cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DEBATE DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS

INTERVENCIÓN DO SR. TOBA GIRÓN: Sra. Presidenta, o noso Grupo propón por axilidade un debate global de todas as ordenanzas, é dicir, dende o punto precisamente citado por vostede, o punto 9 ata o punto 30, ambos incluídos. ¿Parécelles?

A PRESIDENCIA: Penso que todos estamos nesa liña.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: A seguir teño a honra de presentarlles para aprobación a modificación das ordenanzas fiscais que regulan as taxas e impostos para o vindeiro ano 2006.

Dun xeito xeral débolles informar primeiramente que se modifica a Ordenanza fiscal xeral suprimíndose a disposición final primeira para se adaptar a Lei xeral tributaria. En segundo lugar propónse un incremento das restantes ordenanzas fiscais nun 3,5% correspondente ó dato do IPC entre abril do ano 2004 e abril de 2005, segundo as táboas do Instituto Nacional de Estatística. Esta é exactamente a mesma práctica que se levou a piques durante os últimos anos e está plenamente xustificada segundo o estudo de custos.

Igualmente propónse o incremento do 3,5% dos prezos públicos do IMD e nas escolas de música e teatro.

Débolles informar tamén que non se presentará a Pleno para a súa modificación, é dicir, quedarán tal e coma están o Imposto de construcións e obras e a razón é porque está perto do seu máximo e ademais nos últimos anos tampouco se procedeu á súa modificación debido á evolución dos prezos das obras. Tampouco se modifica o imposto de plusvalías pola mesma razón: estamos en tipos máximos e ademais se produce unha actualización automática do valor catastral en relación coa Lei xeral de orzamentos do Estado.

Coma novidade non se propón ó Pleno a modificación do IBI no tramo municipal. Como saben unha parte da suba, o 2% actualízase automaticamente en función da Lei de orzamentos xerais do Estado e optamos por non propoñer unha suba ó tramo municipal tendo en conta a xa importante presión fiscal que hai sobre os cidadáns desta cidade con relación a este imposto.

Por último e tamén coma o ano pasado propónse a conxelación de tres ordenanzas de carácter marcadamente social que son: a do centro de día de maiores, axuda no fogar e escolas infantís. Para todo o antedito pídolles o seu apoio.

SR. SOTO FERREIRO: As miñas primeiras verbas, e quero deixar constancia en acta delas, son para lle desexar as mellores das sortes ó Sr. Domínguez Olveira que acaba de deixar esta Corporación e toda a sorte do mundo a D. Gonzalo Caballero que acaba de chegar a ela, é unha das grandes esperanzas políticas desta cidade e ogallá cale, ogallá o deixan calar.

A seguer queredería falarlles das ordenanzas para entrar nun debate e nun discurso que vou pronunciar con certa pena, Sra. Alcaldesa.

Sra. Alcaldesa, vai tardar vostede en recuperar a miña confianza e a do Partido Galeguista. Gustaríame politicamente votarlle en contra disto e de máis cousas pero non o imos facer por un exercizo de pura responsabilidade política e ímonos abster, xa llo anuncio de antemán, entroutras cousas porque non compartimos parte das súas filosofías.

Vostedes utilizaron a política fiscal (siguen niso) coma unha das armas electorais do Concello. Dito así en xeral non é que me pareza nin mal nin ben porque o electoral seguramente o perseguemos todos, o problema é se o perseguemos en función do ben público ou en función de bens estrictamente partidistas que é o que na miña opinión non paran de facer vostedes e aí si que temos diverxencias e ben grandes.

Agora voulle dar o dato fundamental do por qué non lle imos votar a favor disto e paréceme dificilísimo que votemos a favor dos orzamentos deste ano, para llo dicir xa claro.

O outro día cando me reunín co meu equipo puxéronme unha serie de datos enriba da mesa e fágolle unha pregunta dialéctica, non para que me responde: ¿cantos minutos do seu tempo adicou vostede, Sra. Alcaldesa, a cumprir os orzamentos que se comprometiú coas emendas do partido galeguista? Xa non pregunto cantas horas. Estou convencido de que ningún porque senón, Sra. Alcaldesa, tería que culpabilizala de marxinar os seus compromisos co Partido Galeguista.

Hai unha serie de emendas pactadas co Partido Galeguista que non se teñen cumprido practicamente ningunha e estamos no tempo que estamos. Vostede dirá que ó mellor aun estamos a tempo das cumprir pero eu non lle vexo a vontade política, alomenos ó Partido Galeguista ninguén lle dixo o que queren cumprir ou non cumprir; ó revés, algunha delas tivemos que a perseguir, por exemplo a imprantación dun grupo escultórico en Vigo, para que se nos dea unha chea de papeis que é tanto coma un Vademecum de que non fixemos nada, iso si, dicimos que para acceder a un escultor, un artista, por certo, ten que presentar a copia do DNI, a da licenza fiscal, declaración xurada, certificación do Concello de Vigo...

Legalmente si ten que presentar iso un escultor pero ¿temos un departamento de burocracia ou de "burrocracia" no Concello de Vigo? ¿Realmente vostedes non saben que os artistas son unhas persoas cunhas características síquicas, de comportamento social, que nos interesa a nós facerlle o camiño fácil e non difícil? Se é que realmente queren realizar o que din.

¿Ou é que están vostedes adiando, estando botando para atrás as propostas do Partido Galeguista buscando disculpas "burrocráticas"?

Alá vostedes e o que queren respostar pero lle digo iso, dígolle a supresión das barreiras arquitectónicas, dígolle a situación na que se atopa a partida para reparación das pistas de atletismo, dígolle o Consello Social da Língua que se reuniu unha vez por puro compromiso, non se ten gastado un peso, non aparece nin unha soa idea enriba da mesa nin axudan a que os demais aporten ideas, pedíalles unha adicación que se concretou en euros para facer unha gran campaña e unha axuda importante para os damnificados do sudeste asiático pero eu non sei cando a fixeron.

Naturalmente teño que dicir que o Partido Popular e o Partido Galeguista teñen diferencias radicais nos temas sociais e moi lonxanas evidentemente, a nós preocúpannos moitas cousas que a vostedes lles traen ó fresco, máis maceta e máis flor o que me parece moi ben, eu son partidario das macetas e das flores pero se a súa política empeza mirarse como macetas e flores, moi ben, coma información fantástico pero publirreportaxes non, na nosa opinión. Polo tanto maceta, flor, propaganda e non cumprimento dos compromisos.

Sra. Alcaldesa, non conte vostede co Partido Galeguista para esta festa, será a súa festa e a do Partido Popular pero non será do Partido Galeguista. Téñennos en pouco aprezo, polo dicir dun xeito cauto; alá vostedes, xa verán aquí en adiante se deberan de apreciar en algo máis a colabouración que lle temos brindado desinteresadamente, en función dos intereses dos vigueses, máis aló do que podería parecer admisible, dende logo máis aló do que prexudicaba claramente ós intereses políticos do Partido Galeguista.

Vostedes están cómodos con nós e están incómodos cos outros, pois nada, falaremos aquí en adiante.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Efectivamente, hoxe o que nos trae o Partido Popular é un incremento das taxas e impostos públicos aparentemente cunha suba do IPC dende abril do 2004 a abril do 2005, aspecto sobre o que en principio e en aparencia nós non teriamos nada que dicir, a non ser dicir que benvidos a unha política fiscal que sempre demandou o BNG que é a educación fiscal tamén.

Ese aspecto é moi importante porque entre outras cousas é tan necesario que mesmo en moitos países é unha asignatura dentro do programa regrado de educación.

Agora ben, esta proposta que se nos trae e que en principio pode parecer normal e lóxica, fáltalle algo. En primeiro lugar fáltalle qué van facer vostedes, qué programa, qué proxectos, qué criterios, qué políticas van facer coas subas destas taxas e impostos porque efectivamente non ven acompañando a esta proposta.

Falaba antes de educación fiscal e coido que ben a conto porque o PP apuntouse á moda de prometer maiores investimentos e maiores políticas sociais para a cidadanía ó mesmo tempo que baixaba os impostos. A realidade é ben dura e chega un momento en que quebra a ecuación porque, unha de dúas, ou se suben máis os impostos do que se prometeu ou pola contra se prestan peores servizos. Isto sinceramente o único que conleva é un descrédito da política en xeral.

Nós afirmamos rotundamente que rexeitamos este tipo de política como a que practicaron vostedes, ista e calquera outra política tributaria que non garanta a suficiencia para a iniciativa municipal e, en definitiva, para a iniciativa pública, para atender ás demandas da cidadanía, para prestar bos e mellores servizos e sobre todo e o máis importante para que haxa unha equidade na distribución do esforzo fiscal.

Pensamos que é pertinente esta reflexión neste debate porque hai moitísima confusión porque mesmo se tende a autorizar de xeito demagóxico e mesmo xenérico a redución de impostos a unha maior equidade e iso non é certo senón que todo o contrario.

No Pleno do 27 de setembro do 2004 o Partido Popular dixo que se comprometía a manter a presión fiscal para pagar todos os servizos municipal. É mais, leo literal: "...que nos comprometemos de moitas maneiras e isto é o que subxace nesta modificación de taxas, impostos e prezos públicos que hoxe se presentan". Analicemos pormenorizadamente a proposta que hoxe nos traen aquí.

Efectivamente se conxelan algunhas taxas e impostos e como xa se dixo renúnciase á parte do Concello en canto ó IBI. Pero voltan vostedes incumprir a súa proposta, o que faláron no 27 de setembro de 2004, pero tamén o que prometeron durante a campaña electoral.

O 09.05.03 a actual alcaldesa comprometeuse ante notario a eliminar o recibo do lixo a razón do 25% cada ano. A verdade que me gustaría coñecer ese

protocolo, dígo por se ten cláusulas de penalización aínda que a cidadanía xa ten tomado boa nota e a penalización virá cando corresponda.

Dicía que vostedes non cumpren as súas promesas por un lado o recibo do lixo, pero é que hai outra: co incremento das taxas non se cumpre o que vostedes dixeron nese Pleno porque non se pagan os servizos municipais e voume centrar na taxa do lixo porque coido que é a máis significativa.

En primeiro lugar hai unha redución dos ingresos e coido que isto xa empeza ser preocupante. No ano 2002 ingresamos por razón desta taxa 9.288.000 euros; no ano 2003, 10.482.000 euros; pero no ano 2004, que parte da súa responsabilidade, ingresamos 10.410.000, é dicir, que xa empezou baixar a recadación por este imposto. Penso que iso xa empeza ser preocupante e amosa tamén a deixación que vostedes están facendo porque hai unha diminución, xa non só dos ingresos, senón mesmo dos dereitos recoñecidos e iso significa que vostedes non fixeron traballo de campo, non analizaron o padron do lixo. No ano 2002 os dereitos netos recoñecidos eran de 11.778.000; no ano 2003 era de 12.807.000; pero no ano 2004, 12.643.000, xa estamos a falar de 160.000 euros a máis e estamos agardando a liquidación do ano 2005.

Pero o que é máis preocupante é que hai unha luz vermella que se empeza encender e é que os propios informes económicos que acompañan vostedes ó incremento das taxas xa din que empeza haber desequilibrio. A taxa de cobertura no ano 2003 era dun 85,62%; no ano 2004 xa baixou e era do 81,75%; no ano 2005 dun 79,50%. Pero o que é peor, para o ano 2006 e vostedes xa o traen no propio informe económico, a taxa de cobertura di que será do 75,11%.

Isto quere dicir que en menos de tres anos vostedes conseguiron reducir a taxa de cobertura en 10,51 puntos o que é tremendamente preocupante. Non só non son quen de efectivizar as súas promesas electorais, senón que o que están a facer é poñer en perigo a facenda pública.

A maiores disto, porque efectivamente debера vir acompañado de medidas para corrixir esta taxa de cobertura e aumentala, o que coido que debера ser o obxectivo e xa falaremos máis adiante nos seguintes puntos da orde do día, temos moi escasa marxe ó respecto sobre este tema. Digo isto sobre todo por un incremento debido a unha decisión politicamente nefasta e equivocada e que nos pon a este Concello e á Facenda local ós pes dos cabalos e refírome sobre todo ó canon de Sogama.

Se ben é certo que se viña acompañando ano tras ano a un incremento do IPC aproximadamente, teño que lles remitir a un Pleno que se realizou o 13.11.03 onde vostedes e quen votou a favor tomaron a responsabilidade de subir o

canon de Sogama un 28.84% e é precisamente aí onde nós non temos marxe de manobra ningunha. Por certo, xa dixemos naquel Pleno que posiblemente esta non única suba suba tan escandalosa de Sogama que, á parte, non estaba xustificada nin moito menos e senón ás actas me remito e máis ós informes que acompañou a propia Sogama.

Con esta política o único que están a facer é poñer en evidencia que vostedes non se preocupan da facenda local, que a están poñendo en perigo e non teñen preocupación nin teñen políticas para corrixir estas desviacións e coido que no fondo subxace unha cuestión fundamental: vostedes viven na eterna improvisación, están gobernando de xeito coxuntural, ou así o cren, porque entenden que non van repetir coma goberno nas próximas eleccións e así non pode ser porque o que están facendo é trasladar o burato á próxima Corporación Local e coido que deberan exercer a máxima responsabilidade para que isto non ocorra.

Atoparon unha facenda saneada e o que voltan facer é o mesmo que fixo o Partido Popular naquela época gloriosa cando gobernou por maioría absoluta co Alcalde Manuel Pérez, poñen a facenda ós pes do cabalo e un burato imposible de superar. Outros viremos a continuación e obrigáranos a tomar medidas drásticas, como así se tomaron, e logo, coma vostedes mesmos recoñeceron, atopáronse unha facenda como nunca houbo.

En absoluto podemoslles votar a favor desta proposta que traen e cun criterio de responsabilidade a nosa proposta de votación é que nos imos abster pero por favor, señores do Partido Popular, non agarden ó 2006 para tomar outro tipo de iniciativas. Tómenas agora porque aínda están a tempo.

SRA. GRAÑA BARCIA: O debate non é sinxelo, é complexo aínda que a primeira vista non o pareza. Parece sinxelo porque o lema de aprobación polo Goberno das ordenanzas fiscais para a súa aprobación é sinxelamente a actualización dos distintos ingresos tributarios conforme ó IPC.

Este feito que é certo e veraz, parece nunha primeira aproximación que faría innecesario o debate. ¿Cómo cuestionar unha actualización conforme ó IPC? Non se produce ningunha modificación substancial, exclusivamente se mantén o valor da recadación.

Non só razóns económicas como as expostas que xa crearon doutrina, senón as políticas poderían conducir a estimar innecesario o debate porque este grupo, cando foi Goberno, formulou proposta de actualización conforme ó IPC das ordenanzas, por certo, o PP votou en contra; e sendo oposición votou a favor da actualización conforme ó IPC das ordenanzas do ano pasado.

Non hai dúbida, o grupo municipal Socialista cre na necesidade de dotar de capacidade e suficiencia financeira ós concellos e por isto os seus actos e decisións, coma goberno ou coma oposición, son coherentes e responsables con estes principios porque coidamos que en materia de financiamento o goberno municipal debe ser coidadoso cos efectos prácticos do establecemento das cargas tributarias para os cidadáns, pero sen menoscabar os criterios de suficiencia e de autonomía, primando o obxectivo de solidariedade.

Sres. do Goberno, este asunto non é tan doado e sinxelo coma vostedes pretenden porque estamos a falar de ingresos tributarios, de cidadáns que son contribuintes, de investimentos e servizos públicos de calidade e por isto pediríamoslles que non reduzan o asunto da orde do día, as ordenanzas fiscais, á categoría de mero trámite, a case que unha operación aritmética anual sen contido social nin político.

Por isto, porque tamén falamos do sacrificio económico dos cidadáns e da boa xestión dos servizos municipais, non podemos deixar pasar este asunto como vostedes o presentan, case que coma unha operación automática. Lamentablemente temos que repetir o que xa lles dixemos o ano pasado, detectamos trala súa proposta unha ausencia de estudos e análises que permitan constatar melloras na xestión dos servizos públicos porque estes servizos non melloraron. Lémbrolles que esta crítica foi aceptada por vostedes e así o recolle a acta.

Por segundo ano consecutivo esperabamos do que debiera ser un goberno responsable que a súa proposta de ordenanzas fiscais estivera avalada por serios estudos económicos e propostas de mellora dos servizos; por segundo ano consecutivo non temos nada.

Collan os expedientes do ano pasado e diste: copia e fotocopia, soamente cambiaron as cifras, onde o ano pasado aparecía 2,7, este ano aparece 3,5, nada máis.

Recoñecemos e somos conscentes da dificultade desta tarefa. Superar o acto mecánico da actualización conforme a IPC e descender en cada taxa á análise de cada custo, á eficiencia da prestación de cada servizo é arduo pero inevitable se é que se aspira a que os cidadáns accedan ós mellores servizos ó mellor prezo.

Un ano máis non observamos nin o máis mínimo traballo, non se introduciron cambios nin propostas de cambios na organización dos servizos, nin na xestión dos tributos que garantan que vostedes están facendo o seu traballo. Non se trata de aumentar, ou reducir, ou conxelar, senón de racionalizar, que o cidadán contribua na súa xusta medida, nin máis nin menos, e sempre

que o goberno xestione axeitadamente. Iste non é un debate sobre criterios de xestión senón que sobre resultados da xestión e os seus non son bos. ¿Onde están as melloras no “botellón”?

Por tanto, nada que cuestionar sobre a actualización de valor conforme a IPC pero si moito que cuestionar sobre a súa xestión ou máis ben sobre a súa ausencia de xestión. Ata o de agora limitáronse a aplicar o IPC sobre os ingresos e incrementar os gastos; só se produce unha iniciativa de interese respecto á taxa da auga pero nin siquera é unha proposta de seu, senón do Valedor do Cidadán porque como iniciativa non pode entenderse haber recapacitado sobre insensatas e demagóxicas propostas electorais de supresión da taxa do lixo e propoñer este ano a súa actualización.

Unha proposta de actualización de ordenanzas fiscais conforme ó IPC non pode ser rexeitada, aínda que repito que vostedes si o fixeron, porque sería incorrir nun acto irresponsable na medida en que danaría seriamente o financiamento municipal e por tanto os intereses dos cidadáns e por isto non podemos votar en contra deste asunto. Pero aprobalo faríanos cómplices da súa ineficacia, da súa falla de rigor e solidariedade porque a pesar da advertencia, do seu recoñecemento da necesidade dun estudo máis profundo da eficacia dos servizos e do seu custo, non cumpriron coa súa obriga.

Con responsabilidade pero con desagrado, absterémonos.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Antes esquecinme de dar a benvida ó Sr. Caballero, pois benvida tamén no meu nome.

Parece unha evidencia pero a medida que imos collendo experiencia na política municipal dámonos de conta que hai grupos políticos que ás verbas danlles un valor absoluto sen pensar moi ben o que hai detrás delas.

Coido que o que están a xerar en moitos casos son unha especie de “slogans” que se repiten continuamente para crear un determinado estado de opinión. Algo que non é certo repetido infinidade de veces convírtese nunha verdade pese a que segue a ser falso.

Un dos “slogans” que vostedes repiten digamos que cunha reiteración machacona é o feito de que este Goberno municipal non sabe xestionar a facenda, as finanzas municipais e que somos algo así como un exército de Atila que pasamos pola facenda municipal e ímola deixar completamente desconxuntada.

Un vai tendo unha certa experiencia, ten un período de tempo para mirar cara atrás e a verdade é que coido que chegou o momento de, con todo o convencemento e con toda a seguridade, de que esa afirmación, ese “slogan” é

totalmente falso. Diría un amigo meu que é falso "de toda falsidade" e é falso porque en absoluto encaixa cos datos que nós presentamos ata agora e cos que espero presentemos proximamente. Non encaixa en absoluto, é máis eses datos o que veñen dicir é que a política fiscal, a política financeira deste Concello, apoiados polos servizos financeiros que nesta casa son fantásticos, é unha política impecable que coido que vai seren recoñecida seguramente máis adiante coa perspectiva do tempo.

Iso non o digo eu porque senón tamén sería un "slogan", dío a xente que ten vinculación económica con esta casa: os contratistas, a xente que traballa connosco que cando nos ven nos felicitan porque, por exemplo, os períodos de pagamento neste Concello acurtáronse máis dun 10% dende o ano 2003; un 10% para as persoas que somos empresarios sabemos que esa é unha cantidade moi importante.

Pero ademais de todo só abonda con analizar os datos da liquidación do orzamento do ano 2004, insisto que os datos e non os "slogans" e eses datos tómense coma se tomen, por activa, por pasiva, tendo en conta os remanentes, a xestión de pagamentos, a xestión de gastos ou de ingresos, tendo en conta a xestión orzamentaria son infinitamente mellores que os resultados do ano 2003 e o son nunha contía realmente espectacular, especialmente relevante.

Tamén sei que na política a memoria é moi fráxil, pero coido que tamén chega o momento de lembrar algúns datos e por exemplo falar dos famosos remanentes que seguramente se van comentar nun punto posterior, e quérolles lembrar que no ano 2003 os famosos remanentes nesta casa eran de 30 millóns de euros dos que estaban afectados aproximadamente 11 millóns deles, sen embargo a 31.12.2004 eses remanentes eran de 38 millóns e medio pero cun grao de afectación de só 2 millóns. Polo tanto, se vostedes restan 38 menos 2 son 36 e 30 menos 11 son 19. Esa é a diferenza entre os remanentes do ano 2003 e os do 2004.

Pero se imos á execución orzamentaria, é dicir, á estratexia na utilización dos ingresos e dos gastos ese índice, e ese dato está nesta liquidación, mellorou o 33% respecto ó ano anterior, pero vostedes me falan dos gastos e dos ingresos. Se queren os gastos lémbrolles que falando só de gastos e non de investimentos polo tanto comparando cantidades iguais, a mellora da nosa xestión é de case 7 puntos, é do 85% que vostedes tiñan en execución de gastos ata o 92 que se presentou no ano 2004.

Pasa exactamente o mesmo cos ingresos que melloraron en 7 puntos básicos, nada que ver coa ampliación ou coa obriga que vostedes nos impuxeron de ter que renovar o orzamento.

Estes son os datos absolutamente certos, son datos que están na liquidación é que son públicos. Pero seguramente vostedes me dirán que son datos dun orzamento prorrogado, que non ten importancia porque xestionabamos unha facenda que vostedes nos deixaran. Pois ben, coído que xa podo ter algúns datos que lles podo ir adiantando sobre a liquidación deste ano 2005 e a verdade é que nos permiten seren moi optimistas, probablemente tan optimistas coma para poder presentar uns datos tan similiares ós do ano 2004 que polo tanto por lóxica son mellores que os do ano 2003.

Pola súa importancia e porque logo tamén se vai falar deste tema, quéroilles lembrar só un dato e logo gustaríame contestarlle máis concretamente ó Sr. Soto. O dato da execución orzamentaria dos investimentos do ano 2005, execución dos investimentos que están en orzamento neste momento, a día 9 de setembro do ano 2005 e non o digo eu, dío un informe de Intervención: neste momento está executado ou en período de execución o 80% do total do orzamento do ano 2005. Ese mesmo dato pero a 30 de setembro do ano 2003, é dicir, cun mes de diferenza practicamente, era 65%; hai 15 puntos de diferenza que significan practicamente un 30% na execución orzamentaria e eu sei que a Sra. Alcaldesa vai quedar encantada con este dato porque continuamente nos lembra (isto tamén llo digo ó Sr. Soto) que temos que executar o orzamento de investimento convenido. Isto quere dicir que estamos a un 80%.

Iso é falando de investimentos, pero se falamos do Capítulo de transferencias de capital, a outra parte importante dos investimentos coma vostedes ben saben, a 9 de setembro do ano 2005 as transferencias de capital deste Concello están cubertas nun 95% fronte a un 60% do mesmo dato a 30 de setembro do ano 2003. Estes son datos obtidos o pasado venres sen trampa nin cartón.

Pero coma sei que algúns de vostedes están moi preocupados polo tema dos investimentos, preoupeime tamén de ir ós servizos técnicos municipais e preguntar, preocúpome a cotío pero para este Pleno especialmente. Sobre os ingresos voules explicar o que di a nosa directora de ingresos no último parágrafo; di: "A realización de ingresos que se prevé para o Exercizo 2005 en relación ó orzamento aprobado é similiar ó Exercizo 2004. Os índices de recadación de padróns xa postos ó cobramento no ano 2005, vehículos, lixo-vivendas e lixo-industrial, dan índices similares ós do ano 2004". Este é un informe da Dirección de Ingresos desta Casa.

Polo tanto eses son os datos. Estes datos, coma vostedes poden comprobar, o único que fan e dármonos a razón e podermonos explicar, poñermonos diante da

cidade e explicar que nós non imos deixar a facenda municipal coma "un elefante nunha cacharreiría" senón que pola contra estamos tendo moito coidado coa facenda municipal e probablemente estámola a xestionar mellor que noutras oportunidades.

Este é un tema que eu quero mencionar respecto ó primeiro "slogan", se vostedes lembran o primeiro "slogan" era que nós non sabiamos xestionar a facenda municipal.

Pero máis falso ou menos certo que este primeiro, é un segundo "slogan" que vostedes repiten a cotío e con certo narcisismo: que vostedes deixaron a facenda municipal equilibrada.

O primeiro informe que eu recibín da Intervención cando nos puxemos a elaborar o orzamento dicía: "Investimentos comprometidos dos que ten coñecemento a Intervención Xeral incluídos os novos axustes". Logo de toda a lista dicía: "...hai pendentes comprometidos 13.770.00 euros". Ese é outro dato.

Por isto e a este respecto téñolles que dicir (vostedes lembrarano e os cidadáns lémbromo moi ben) que no orzamento de investimentos deste ano 2005 houbo que consignar practicamente o 50% da cantidade de investimentos a pagar este tipo de débedas que estaban pendentes do ano 2003. Pero malia todo, e aquí ven o da eficacia na xestión, o orzamento de investimentos deste Concello creceu coma xamais ata un máximo de 20 millóns e medio de euros e por primeira vez (aquí é onde temos que medir a eficacia) na historia municipal 2 millóns deses 20 millóns e medio non foron recadados recorrendo a crédito; foron recadados reducindo gastos correntes do orzamento municipal, gastos correntes que estaban absolutamente inflados. Só para lles dar un dato: o orzamento de publicidade a 2003 era de 2 millóns de euros; nada máis que ese dato.

Se deses gastos reducíronse 2 millóns iso quere dicir que a eficacia e a eficiencia na xestión dos cartos mellorou sinxelamente con esta operación.

Pero ademais lles teño que dicir que vostedes transmiten ós nosos veciños uns nubarróns, a creba, falan dunhas cousas... Miren, nin vostedes nin eu somos quen de crebar a facenda municipal pero non porque sexamos moi listos ou moi tontos, sinxelamente porque existe unha lei de estabilidade orzamentaria que está aí e nós estamos seguros de que a imos cumprir, polo tanto esa mesma lei nos vai levar sempre a ter equilibrio. Eu utilizo sempre o exemplo dos monecos que se moven e sempre acaban no mesmo sitio, isto é exactamente o que pasa. Non lle podemos transmitir á cidadanía que isto é

unha desfeita e moito menos cando os datos son moito mellores que os da xestión dos Gobernos anteriores.

Aquí teño algúns profesores meus da Facultade que nos ensinaban que para que as contas cadraran normalmente o que hai que axustar son os ingresos. Recomendolles que cando lles toque a vostedes, xestionen os ingresos de xeito conservador aínda que non lles guste a verba, pero iso lles vai dar boas sorpresas e resultados á hora das liquidacións.

Por outra banda quero dicir que o Bloque Nacionalista Galego en concreto presentou unha moción a respecto do IBI, a respecto dunhas fincas cuxo valor catastral subía e nos pedían ó resto dos Grupos e aprobámolo, que aplicáramos un coeficiente reductor sobre ese valor catastral. Todos estivemos de acordo porque entendiamos que o valor das fincas subira de xeito elevado e a presión fiscal sobre eses cidadáns era moi importante. ¿Sabem canto importaba aquela cantidade? Aproximadamente 600.000 euros.

Hoxe vostedes dinnos que imos crebar a facenda municipal porque non propoñemos subir o tramo municipal do IBI sobre o que temos autonomía e cuxo importe é practicamente igual ó que resultou da emenda que vostedes nos pediron que aprobáramos, en termos absolutos o mesmo importe.

Gustariame que tiveran un pouquiño de memoria. Lembren que daquela todos estabamos de acordo que a presión fiscal sobre o IBI era importante e polo tanto a tiñamos que reducir.

Pero ademais voules dar outro dato: a parte municipal do IBI que propoñemos non subir na cidade de Vigo comparándonos coa cidade da Coruña é un pouco menor, pero se temos en conta o índice de renda desta cidade o IBI, o Imposto de Bens Inmóveis, é bastante superior ó que pagan os cidadáns doutras cidades coma por exemplo os da Coruña. Polo tanto é bastante entendible que nós, dada a evolución orzamentaria e coma se están controlando as finanzas municipais, tratemos de reducir a presión fiscal nalgunha medida.

Por iso non entendo en absoluto coma se pode dicir que nós non estamos cumprindo este compromiso de manter a presión fiscal. Non, non estamos mantendo a presión fiscal, estámola reducindo porque estamos propoñendo unha suba do IPC e estamos propoñendo que se reduza un imposto. Ademais non somos tontos porque volver reproducir a discusión sobre o lixo é voltar reproducir dous Plenos que xa tivemos.

Xa sabemos que temos dez votos e nos fallan dezasete, polo tanto non ten ningún sentido que voltemos propoñer a mesma redución do lixo que nos gustaría, que está no noso proxecto. En canto poidamos, e dende logo estamos

aquí para tentar gobernar algún día en maioría, si que aplicaremos esa redución. Pero na medida que podemos só propoñemos a redución da presión fiscal ós cidadáns que sexa posible. Polo tanto non entendo coma se pode dicir que non cumprimos o que propuxemos.

Sr. Soto, sinceramente a min non me gusta que vostede diga que non temos respecto polas súas opinións; iso non é certo baixo ningún punto de vista.

Xa lle comentei antes e pódolle mostrar os datos á saída se vostede quere, que os datos da execución de investimento neste momento son moi elevados, son do 80%. Eu sei que todas as apostas que vostede realizou no seu momento, que se aceptaron co maior cariño, foron consignadas no orzamento e persoalmente non sei exactamente coma está o desenvolvemento de todas pero me comprometo publicamente a darlle a vostede unha resposta concreta de cada unha delas, pero teña a maior seguridade de que sen ningunha dúbida nós imos cumprir ese compromiso, está no orzamento e é un compromiso con vostede e cos cidadáns ós que vostede representa.

Polo tanto, se algún destes proxectos non está no grao de execución no que a vostede lle gustaría, pídolle disculpas pero me informaré detalladamente e comentareillo persoalmente ou comentarémo-lo publicamente.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Guerra, en primeiro lugar agradézolle o talante de concordia co que se expresa con respecto á miña intervención, pero entenda vostede que polo que di está recoñecendo que non sabe coma está o que se refire ó Partido Galeguista e iso é o que lle digo.

Cada quen o pode entender coma queira, ó mellor nós temos unha sensibilidade para vostedes excesiva pero entendemos que realmente non nos dan o aprezo que deberan porque se facemos unhas propostas e non se esforzan o máis mínimo en cumprilas porque non saben nin coma están; eu xa lle preguntei á Sra. Alcaldesa cantos minutos lle dedicara a este tema; obviamente poderíalle dicir a vostede o mesmo.

Que vaia por diante que eu lle acepto o propósito de emenda. Vostede di que toma nota e que se pon a iso, pois ogallá porque dende logo o meu albadonazo entroutras cousas vai por aí, eu non fago intervencións dialéctica porque si, pero estou francamente doído coas súas actitudes.

Logo hai intervencións que lle teño que dicir que eu non comparto, polo menos para lle deixar claras as posicións que son moi diferentes. Hai unha que xa sabe vostede que eu penso: os ingresos do Concello dende hai certos anos case que poden dar resultados franquistas daqueles en que había un referéndum e gañábase por un 120%. Nos ingresos do Concello de Vigo pode

parecer o mesmo porque coma non se programa o que obxectivamente se debera o resultado sempre é espectacularmente bo, é dicir, se o obxectivo que se marca é 100 cando realmente por recadación potencial hai 150, o resultado vai ser bo. Iso estalles a pasar na facenda municipal, xa o dixen varias veces e dígollo unha vez máis. Tamén teño que recoñecer que vostede deu algún paso nesa dirección e así o falamos pero na miña opinión non é suficiente, polo tanto o que lle pido é que “non saque peito” cando vostede é consciente de que realmente a recadación está relativamente lonxe de onde debera.

Por último, hai cousas que non compartimos e dígollo con moita máis contundencia. Se vostedes están encantados das súas políticas fiscais e anuncian que gobernarán porque xa fala para o futuro de que aplicarán esas reducións, eu voulle facer outra admonición: dende logo non será gobernando co Partido Galeguista, por exemplo. Dígoo porque o Partido Galeguista xa o ten dito publicamente e tampouco cos votos do Partido Galeguista, para que se entenda nas dúas direccións a mensaxe. Dixemos que estamos dispostos a entendérmonos con todos pero dende logo que non sobre calquera cousa. Polo tanto sobre criterios dese tipo que na nosa opinión prexudicarían gravemente a facenda municipal e dende logo da obxectividade dos servizos, que aí comparto absolutamente a máis que insinuación feita polo compañeiro do Bloque no sentido de que rebaixar impostos obxectivamente adoita seren prexudicial para os máis débiles. Rotundamente, iso pódese ver en calquera tratado e calquera análise.

Seguramente aí están as diferencias das políticas que algúns mantemos e refírome ó Partido Galeguista e a vostedes neste caso, vostedes cunha redución liñal de impostos obxectivamente benefician ós que máis teñen e prexudican ós que menos teñen. Pola mesma razón nós xamais lles aceptaremos dende o Partido Galeguista ese tipo de políticas porque queremos facer políticas distributivas, acadar a xustiza social e axudar obxectivamente a quen menos ten.

Disto isto repito novamente o que xa dixen antes: moralmente eu teño un voto en contra pero coma esta Corporación está coma está, abstémonos.

SR. VIÉITEZ ALONSO: En primeiro lugar, sobre os datos de execución orzamentaria xa falaremos máis adiante porque coido que realmente é onde compete e vostede sinceramente falou de execución orzamentaria pero non de taxas, impostos e prezos públicos.

Se o que dicía ó principio, esa famosa frase dun Ministro de Información que dicía iso de que unha mentira repetida mil veces convírtese nunha verdade, vostede o que utiliza son os xiros dialécticos para volver quedar onde estaba; utiliza unha cortina de fume para difuminar todo pero non entra na materia.

Nós si temos memoria e a cidadanía tamén e as promesas do Partido Popular non as fixo o BNG que foi o Partido Popular. ¿Qué vostedes teñen dez votos? Traian a proposta, sexan atrevidos e traian a proposta ó Pleno, ou ¿acaso teñen impedimento para trala? En absoluto. Remítome a unha frase literal da señora Alcaldesa cando foi asinar diante notario a súa promesa, dixo que facía ese acto porque quería garantir o seu cumprimento para que a cidadanía tivera a certeza de que se ía realizar.

En definitiva, dos datos que lle din a respecto das taxas vostede non desmentíu absolutamente ningún porque sabe que son certos. Eu utilizo o mesmo que coido que utiliza vostede, exactamente igual: os informes económicos son os que veñen acompañando ano tras ano a proposta de taxas. Efectivamente non hai variación ningunha pero, insisto, encenda a luz verde a respecto de determinados impostos e taxas. Polo tanto ¿onde están as políticas para corrixir esa desviación? Non se ven por ningún lado.

Insisto unha vez máis en que aínda fallan tres meses para a liquidación do 2005 e polo tanto nós queremos seren prudentes e agardamos a que vostedes a presenten. Pero eu falo de datos consolidados e non do que pode ser, do futurible, e vostede non me pode desmentir ningún dos datos que lle din porque efectivamente están aí e empeza a haber unha alarma, pequeniña pero empeza unha alarma, relativa a que hai unha diminución dos ingresos.

Polo tanto o único que lles pedín é que traian vostedes as políticas necesarias para realmente corrixir isto que se empeza a detectar e non se refira vostede ó tema do IBI porque eu non o dixen, iso díxoo vostede que non nós. O único que digo é que con determinadas taxas e no caso concreto do lixo si que se pon en perigo a facenda local porque o buraco aí o temos e así o din os informes económicos que se achegan.

Polo tanto o que debemos facer xunto con outras medidas de mellorar os padróns, de executar a política de ingresos, á parte diso tamén hai outros aspectos que debemos ter en conta.

Eu coido que son importantes os datos que ven aí, pero lles vou dar outro máis: no ano 2000 pagamos case 5 millóns de euros polo lixo para o depositar na planta de transferencia.

Ese salto foi significativo, foi incrementándose evidentemente, pero o máis importante é que no ano 2003 e sobre todo do 2003 ó 2004 hai un salto importantísimo porque pasamos a 6.200.00 euros. Iso nós non o podemos corrixir porque non está nas nosas mans, foi unha política que se adoptou no seu momento, cos votos favorables de vostedes, co incremento do 29,84% non canon de Sogama e iso non o podemos corrixir. O que si podemos corrixir é o outro, o que está nas nosas mans e iso é o que lles pedimos que fagan.

SRA. GRAÑA BARCIA: Sr. Guerra, non existe unha mensaxe de alarmismo inxustificada, exclusivamente lembrámoslle o que vostede dixo no debate de hai un ano sobre a actualización das ordenanzas fiscais no que vostede recoñeceu o que nese momento lle manifestabamos: a necesidade de efectuar estudos sobre os custos, sobre a prestación dos servizos; dicíamos que iso era necesario. Transcorreu un ano e diso non existe ren.

Lémbrolle tamén que aquí os únicos que utilizaron "slogans" foron vostedes e non os demais. Vostedes foron quen en distintas ocasións na historia desta Corporación de votar en contra de actualizacións de IPC ás ordenanzas fiscais. Vostedes foron os únicos que foron quen de prometer a supresión da taxa do lixo e sen embargo nestes momentos presentar a súa actualización. Iso si que son "slogans".

Polo tanto, señores, non esquezan que esta abstención do Grupo Socialista non é un cheque en branco, están vostedes sometidos a constante e a permanente exame. Gracias.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Están comentando basicamente o tema de porcentaxes de cobertura, é dicir, as taxas teñen que cubrir o gasto que significa cada un dos servizos e vostedes din que as taxas e os impostos que se cobran non os cubren.

Eu teño a táboa dende o ano 2000 ó ano 2006 e a taxa de cobertura, non só dun imposto senón de todos os impostos, é practicamente similar dende o ano 2000. Eu non lembro ser concelleiro de Facenda no 2000, no 2001, no 2002, nin no 2003. Esa é a mesma taxa de cobertura practicamente, nuns casos mellorada, noutros non pero en xeral é a mesma. Fronte a esa situación vostedes que tiñan a oportunidade (Goberno de maioría) ¿qué propoñen no ano 2000? IPC; no 2001, IPC e aquí si propoñen unha suba do lixo do 17%, Sogama á parte; no 2002, IPC; no 2003, IPC. É exactamente iso, naquel intre vostedes tiveron as mesmas opcións de mellorar as taxas de cobertura pero saben que se nos poñemos en serio a falar das taxas de cobertura é probable

que teñamos que lle dicir á cidadanía que o seu esforzo é demasiado grande, o esforzo de incrementar para cubrir todos os servizos é completamente excesivo e polo tanto o camiño é mellorar os servizos como vostedes formularan e por iso este ano reducimos os gastos que non son operativos que non tiñan ningún contido porque é o único xeito de que con eses cartos se poidan facer máis cousas; é o único xeito sen lle reclamar á xente que para cubrir as taxas de cobertura subamos os impostos un 40%; isto estaría fóra de toda dúbida, é imposible e vostedes sábeno e coma o saben eu coido que este non é un bo camiño porque se lles volve en contra. Tiveron a oportunidade de corrixilo e non o fixeron.

Polo que respecta ó tema dos ingresos non entendo coma se pode dicir que os ingresos se reducen cando presentamos un orzamento no ano 2005 que creceu o 11%, é dicir, os ingresos creceron na mesma medida que o orzamento porque teñen que cadrar, logo o orzamento municipal do ano 2005 creceu nun 11%, logo ¿cómo é que os ingresos non creceron? Por suposto que si, nuns impostos e nunhas taxas máis e noutros menos. Como en todo nós temos que ter coidado por suposto e estamos vixilándoo continuamente para que isto cadre, coma é lóxico.

Vostede insiste no tema de Sogama e é un debate que xa tivemos en dúas ocasións. Coido que vostedes teñen agora unha oportunidade magnífica, xa que están no Goberno da Nación falen con Sogama, presenten un cambio no seu canon e seguramente vannos facilitar a todos, mesmo ós vigueses, as cousas, terémolas moito máis fáciles. Nestes momentos vostedes teñen a oportunidade de mellorar a situación.

Sr. Soto, cando eu dicía aquilo de gobernar nun futuro referíame a un comentario sobre que semellaba que non tiñamos interese en gobernar. Claro que si, claro que temos interese en gobernar nun futuro e estamos facendo todo o posible para que iso sexa así pero por suposto que teremos en conta as súas opinións.

9.- (165).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de xullo de 2005 a directora de ingresos, informa do que segue:

"Segundo instruccións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais que figura no expediente.

Incrementáanse as tarifas vixentes nun 3,5% (variación do IPC entre abril de 2004 e abril de 2005).

A presente modificación axústase ó disposto nos artigos 41 a 47 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais) e, en particular, ó establecido no artigo 44, considerando que a Corporación estima que existen razóns sociais e culturais que aconsellan a fixación das tarifas destes prezos públicos por debaixo do custo estimado no informe económico que se acompaña.

O expediente deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local."

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral accidental, con data 22 de agosto de 2005, prestou a súa conformidade ó anterior informe-proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 29 de agosto de 2005, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de setembro de 2005, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezaseis abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais.

ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,55 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo

regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividir o custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

c) Escola Municipal de Música:

Música e movemento:	
- Matrícula	36,70 €
- 10 mensualidades de	14,60 €
Práctica instrumental. Nivel I:	
- Matrícula	51,35 €
- 10 mensualidades de	20,20 €
Práctica instrumental. Nivel II:	
- Matrícula	55,95 €
- 10 mensualidades de	22,35 €
Práctica instrumental. Nivel III:	
- Matrícula	60,55 €
- 10 mensualidades de	24,15 €
Difusión musical (curso 20 horas)	
- Matrícula	27.15 €
Monográfico (curso 20 horas)	
- Matrícula	40,80 €
Especialización musical (curso 30 horas)	
- Matrícula	135,75 €

d) Escola Municipal de Teatro.

Cursos de teatro para menores (niveis de iniciación e perfeccionamento)	
- Matrícula	22,00 €
- 9 mensualidades de	19,10 €

Cursos monográficos

20 horas ou fracción	40,00 €
40 horas	80,00 €
60 horas	120,00 €
80 horas ou máis	160,00 €

Cursos de teatro para persoas adultas (niveis de iniciación e perfeccionamento)

- Matrícula	78,00 €
- 9 mensualidades	70,00 €

e) No caso de que os seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro pertencesen a unidades familiares con ingresos per capita mensuais inferiores a 245,90 €, quedarán eximidos/as do pagamento destes prezos públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2006, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

10.- (166).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES Ó "INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de xullo de 2005 a directora de ingresos, informa do que segue:

"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza reguladora do prezo público por utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó Instituto Municipal dos Deportes que figura no expediente.

Incrementáanse as tarifas vixentes nun 3,5% (variación do IPC entre abril de 2004 e abril de 2005).

A presente modificación axústase ó disposto nos artigos 41 a 47 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais) e, en particular, ó establecido no artigo 44, considerando que a Corporación estima que existen razóns sociais e culturais que aconsellan a fixación das tarifas destes prezos públicos por debaixo do custo estimado no informe económico que se acompaña.

O expediente deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local."

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral accidental, con data 22 de agosto de 2005, prestou a súa conformidade ó anterior informe-proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 29 de agosto de 2005, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de setembro de 2005, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezaseis abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó Instituto Municipal

CAPITULO V.- EXENCIONS dos Deportes:

b) Os alumnos das Escolas deportivas, pertencentes a unidades familiares que non superen os seis mil douscentos vinte euros con corenta e cinco céntimos como renda anual (6.220,45 €).

ARTIGO 18.- PREZOS PUBLICOS.

A) ESPECTÁCULOS	
En tódalas instalacións.	
- 1 día	3.542,00 euros + iva
- ½ día	1.983,00 euros + iva
- Aluguer escenario	17,70 euros m2 + iva
B) ACTIVIDADES CULTURAIS.	
- 1 día	496,00 euros + iva
- ½ día	284,00 euros + iva
C) ESPECIAL	
Para montar e desmontar.	
- Hora	32,00 euros + iva

ARTIGO 19.

1.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIONS, ADESTRAMENTOS.

a) ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

a.1. EQUIPOS FEDERADOS:	
Categoría especial	177,10 €
1ª Categoría (un só equipo)	70,85 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	106,25 €
2ª Categoría	53,15 €

a.2. EQUIPOS NON FEDERADOS 53,15 €

b) Cando unha entidade tenga outorgado unha reserva de uso de adestramentos e competicións oficiais nunha instalación para unha tempada, o pagamento dos prezos publicos poderá ser domiciliado nunha entidade bancaria e poderá ser facturado anticipadamente dunha das seguintes maneiras:

PAGOS DE ADESTRAMENTOS:

b.1. Mensualmente.

b.2. Bimensualmente. Neste caso terá un desconto dun 10% sobre o total.

b.3. Trimestralmente. Neste caso terá un desconto dun 20% sobre o total.

1.2. COMPETICIONS-EXHIBICIONS: (sen tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma patinaxe, ritmica, artes marciais

Instalacións	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Pavillón Central	42,50	70,85
Outras Instalacións	24,80	42,50

1.3. PARTIDOS (Baloncesto, balonman, Voleibol, Fútbol, etc.)

a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Categoría especial	56,65	134,60

b) OUTRAS INSTALACIÓNS

	€/hora
Categoría especial	53,15
1ª Categoría	24,80
2ª Categoría	12,00

1.4. ADESTRAMENTOS:

a) PAVILLÓN CENTRAL

	€/hora
Categoría especial e 1ª categoría	10,60

b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

	Pista entera €/hora	Pista compartida €/hora
Categoría especial e 1ª cat.	6,70	4,95
2ª Categoría	4,55	3,55

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS

	€/hora
1ª Categoría (un equipo)	3,90
2ª Categoría (un equipo)	2,10

ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1.- ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

1.1 Adulto	2,65 €
1.2 Menores	1,80 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1. Adulto	24,05 €
-------------	---------

2.2. Menores	16,30 €	
3.- TENIS E FRONTÓN E PADEL		
3.1 Instalacións Cubertas		
	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	3,90 €	34,95 €
b) 4 Xogadores	4,55 €	41,00 €
3.2 Instalacións descubertas		
	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	2,65 €	23,75 €
b) 4 Xogadores	3,90 €	34,95 €
3.3 Suplemento de luz para tenis, frontón e padel:		
	€/hora	
Instalacións cubertas	1,75	
Instalacións descubertas	1,10	
4.- XIMNASIOS.		
4.1 Mensualidade por actividade/clases		
dúas sesións á semana	13,50 €	
4.2. Mensualidade por actividade/clases		
tres sesións á semana	17,05 €	
4.3 Cotas de abonados os Ximnasios.(uso libre).		
4.3.1 Adultos (individual anual)	127,55 €	
4.3.2 Menores (individual anual)	78,00 €	
4.3.3 Familiar (anual)	184,25 €	

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4 Adultos (individual anual)	106,30 €
4.3.5 Menores (individual anual)	56,65 €
4.3.6 Familiar (anual)	156,25 €

5.- SQUASH:		
	1 reserva	Abono 10 usos/
	reservas	
Reserva uso pista (45 minutos)	3,55 €.	32,15 €

ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCION DEPORTIVA

1.- PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)		
1.1. Adultos/mes	27,65 €	
1.2. Menores/mes	17,70 €	
2.- PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"		
	€/alumno/mes	
2.1. Grupo colexios	6,20 €	
2.2. Outros programas	11,40 €	
3.- ESCOLAS DEPORTIVAS:		
3.1. Escolas Deportivas		
Por alumno-a/curso	35,45 €	

ARTIGO 22.- OUTROS USOS:

1.- COLEXIOS:	
1.1 Instalacións deportivas	7,15 €/hora
2.- ACADEMIAS PRIVADAS	
2.1 Instalacións deportivas	14,15 €/hora
3.- RENOVACIÓN DO CARNÉ	
Renovación de carnet	0,75 €
4.- SALA DE REUNIÓN:	
Sala de reunións:	2,10 €/hora

DISPOSICIONS FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2006, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

11.- (167).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de xullo de 2005 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal xeral no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de agosto, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade a proposta de modificación presentada.

O interventor xeral accidental, con data 22 de agosto de 2005, presta a súa conformidade á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 29 de agosto de 2005, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de setembro de 2005, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezaseis abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal xeral:

- Supresión da disposición final 1º da ordenanza fiscal xeral.
- A disposición final 2ª pasa ser disposición final única.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

12.- (168).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de xullo de 2005 a directora de ingresos, informa do que segue:

"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que figura no expediente.

A presente modificación consiste en incrementar as tarifas vixentes nun 3,5% (variación do IPC entre abril de 2004 e abril de 2005). Permanecen invariables as tarifas correspondentes a vehículos de 16 ata 19.99 cabalos fiscais, vehículos de máis de 20 cabalos fiscais, motocicletas de máis de 250 cc ata 500 cc, motocicletas de máis de 500 cc ata 1000 cc e motocicletas de máis de 1000 cc xa que están no importe máximo fixado pola Lei. Realízanse correccións de procedemento de concesión de beneficios fiscais no artigo 5 da ordenanza.

A modificación axústase ó disposto no RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais) así como as restantes disposicións legais de aplicación e deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 15 a 19 do citado RDL 2/2004 e preceptos concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local."

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Por resolución do 26 de xullo, o concelleiro delegado de Economía e Facenda remite o expediente ó Tribunal Económico Administrativo do Concello para o seu dictame.

Con data 18 de agosto, a Sala do devandito Tribunal presta a súa conformidade á modificación proposta.

Igualmente con data 22 do mesmo mes o interventor xeral accidental manifesta que non formula obxección ningunha a citada proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 29 de agosto de 2005, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de setembro de 2005, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezaseis abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica:

ARTIGO 5.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS

A concesión de beneficios fiscais, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercizo seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude agás as presentadas no mes de xaneiro. Neste último caso, a concesión surtirá efectos no mesmo exercizo.

ARTIGO 6.- COTA

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	18,85 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	52,35 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	112,45 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €

A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €
B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas	127,15 €
B.2. de 21 a 50 prazas	184,60 €
B.3. de máis de 50 prazas	230,80 €
C. CAMIÓNS	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	64,80 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	127,15 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	184,60 €
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil	230,80 €
D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	24,60 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	39,35 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	117,90 €
E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA	COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	26,95 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	42,40 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	129,55 €
F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	5,70 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	5,70 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	11,30 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,15 €

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2006 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

13.- (169).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de xullo de 2005 a directora de ingresos, informa do que segue:

"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas que figura no presente expediente

No exercizo das facultades potestativas do Concello, a única modificación relevante consiste no incremento dos coeficientes de situación regulados no artigo 8 da ordenanza na mesma porcentaxe de variación do IPC entre abril de 2004 e abril de 2005 (3,5%).

O texto proposto axústase ó disposto no RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais, artigos 78 a 91), Reales decretos legislativos núms. 1175/90 do 28 de setembro e 1259/91 o 2 de agosto que conteñen as tarifas e instrución do imposto, así como Real decreto 243/1995 do 17 de febreiro que dicta normas para a xestión do IAE e restantes disposicións legais de aplicación. O expediente deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 15 a 19 da citada Lei e preceptos concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local."

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Por resolución do 26 de xullo, o concelleiro delegado de Economía e Facenda remite o expediente ó Tribunal Económico Administrativo do Concello para o seu dictame.

Con data 18 de agosto, a Sala do devandito Tribunal presta a súa conformidade á modificación proposta.

Igualmente con data 22 do mesmo mes o interventor xeral accidental manifesta que non formula obxección ningunha á citada proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 29 de agosto de 2005, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de setembro de 2005, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezaseis abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Fernández

Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas:

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

Categoría Fiscal	Coefficiente Situación
1ª	2,62
2ª	2,45
3ª	2,30
4ª	2,12
5ª	1,97
6ª	1,80

ARTIGO 12.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS

3.- As declaracións de alta haberán de se presentar no prazo dun mes, dende a data en que se produza o inicio da actividade.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2006 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

14.- (170).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de xullo de 2005 a directora de ingresos, informa do que segue:

"Segundo instruccións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos, a instancia de parte que figura no expediente.

Incrementanse as tarifas vixentes nun 3,5% (variación do IPC entre abril de 2004 e abril de 2005).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais) e, en particular, ó establecido no artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 15 a 19 do RDL 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local."

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Por resolución do 26 de xullo, o concelleiro delegado de Economía e Facenda remite o expediente ó Tribunal Económico Administrativo do Concello para o seu dictame.

Con data 18 de agosto, a Sala do devandito Tribunal presta a súa conformidade á modificación proposta.

Igualmente con data 22 do mesmo mes o interventor xeral accidental manifesta que non formula obxección ningunha á citada proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 29 de agosto de 2005, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de setembro de 2005, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezaseis abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que entenda a administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos:

ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ó Padrón Municipal de Habitantes:
 - a. De ata 5 anos de antigüidade 1,85 €
 - b. Superior a cinco anos ata dez 3,85 €
 - c. De máis de dez anos 10,20 €
 - d. Relativo ó nº de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrucción, etc:
Por cada distrito ou sección e parámetro 1,85 €
 - e. Relativo ó total de habitantes do Concello, referente a todas as seccións e distritos e clasificados por parámetros:
Por cada parámetro 34,40 €
2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:
 - a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina 8,40 €
 - b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de 1,15 €
3. Restantes certificados:
 - a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina 1,85 €
 - b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de 1,15 €
4. Copias de planos:
 - a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestructuras, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados
 - DIN A-4 1,55 €
 - DIN A-1 3,10 €
 - Por cada m2 ou fracción exceso sobre un DIN A-1, recargo 7,95 €
 - b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestructuras, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:
 - De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).
 - Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).
Por cada Plano 1,15 €
3.1. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por

tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro.

3.2. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas al 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro.

4. LEVANTAMENTO E REPOSICION DE PAVIMENTACIÓNS.

4.1. M2. De levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2 con 0,300 m3. De áridos, completamente rematada.

4.2. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de vinte (20) cm. de grosro, completamente rematado.

4.3. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de trinta (30) cm. de grosor, completamente rematado.

4.4. M2. De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor, completamente rematado.

4.5. M2. De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado.

4.6. M2. De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado.

4.7. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.

4.8. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia

característica de 20 cm. de grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.
48,4012 €

4.9. M2. De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica y 20 cm. de grosor, completamente rematado. 123,1749 €

4.10. M2. De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2, con 0,300 m3. De áridos, completamente rematado. 15,7572 €

5.- INSTALACIÓN DE TUBO DE ABASTECIMIENTO.

5.1. M1. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 60 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 14,2146 €

5.2. M1. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 80 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 18,5175 €

5.3. M1. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 100 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 21,7650 €

5.4. M1. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 125 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 28,3412 €

5.5. M1. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 150 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 30,8174 €

5.6. M1. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 175 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 34,4370 €

5.7. M1. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 200 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt. 45,8438 €

5.8. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.9. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.10. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.11. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.
€

5.12. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.
€

5.13. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.
€

5.14. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.

5.15. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.

5.16. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.

6.- VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECIMENTO.

6.1. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm.

6.2. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm.

6.3. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 100 mm.

- 6.4. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm. 365,1200 €
- 6.5. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm. 387,2706 €
- 6.6. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm. 611,0502 €
- 6.7. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm. 641,1166 €
- 6.8. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 250 mm. 1.058,1221 €
- 6.9. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 300 mm. 1.278,5053 €
- 6.10. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 350 mm. 1.708,3045 €
- 6.11. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 400 mm. 2.175,4434 €
- 6.12. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 450 mm. 4.604,4890 €
- 6.13. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 500 mm. 4.947,5733 €

7.- INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMENTO.

- 7.1. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 30 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. 25,4116 €
- 7.2. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 40 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. 35,1339 €
- 7.3. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 50 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. 42,8331 €
- 7.4. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 60 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. 49,7814 €

7.5. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 80 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.

7.6. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 100 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.

8.- REXISTROS

8.1. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm². De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm². De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.

8.2. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm². De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm². De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.

€

8.3. Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm². De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada.

8.4. Ud. De adaptación ó pozo existente, incluíndo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado.

9.- TRABALLOS ESPECIAIS.

9.1. Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluír o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude.

9.2. Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude.

10.- PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACION.

10.1. MAQUINARIA

10.1.1.	Hora de compresor	10,4393 €
10.1.2.	Hora de camión MAN	33,1989 €
10.1.3.	Hora de camión PEGASO	26,5550 €
10.1.4.	Hora de camión EBRO	21,8123 €
10.1.5.	Hora de retroescavadora TY-45.	36,0404 €
10.1.6.	Hora de retroescavadora TY-45 con martillo	90,1045 €
10.1.7.	Hora de retroescavadora LY-80.	46,4797 €
10.1.8.	Hora de carterpillar 955/950.	46,4797 €
10.1.9.	Hora de tractor grúa.	26,5550 €
10.1.10.	Hora rodete compactador.	36,9943 €
10.1.11.	Hora de bituminadora.	32,2449 €
10.1.12.	Hora de compactadora tipo ra, bandexa	6,8739 €
10.1.13.	Hora cortadora de pavimentos	20,6284 €
10.1.14.	Hora de vehículo lixeiro transporte.	13,7545 €

10.2. MAN DE OBRA

10.2.1.	Hora de xornal de PEÓN	8,8968 €
10.2.2.	Hora de xornal OFICIAL	9,3771 €

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

31.- (187).- DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DE SEIS APARCADOIROS SOTERRADOS. EXPTE. 71342/210.

ANTECEDENTES.- Con data 9 de agosto de 2005, a xefa da área de Réxime Interior, Sra. Espiño Collazo, informa do que segue:

"LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- RD Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (R.S.)

Antecedentes:

Pola área de Seguridade deste Concello e mediante asistencia técnica contratada ó efecto confeccionouse un Plan Municipal de Aparcadoiros que en principio contempla a construción de seis aparcadoiros públicos en distintos lugares da cidade (rúa Areal; rúa Policarpo Sanz; rúa Pintor Colmeiro; rúa Genaro de la Fuente; rúa Rosalía de Castro e rúa Castelao). Trátase de determinaer a forma de xestión de tal servizo público.

Informe:

O art. 85.1 da LBRL, fuxindo dun concepto restrictivo de servizo público, sinala: *"Son servizos públicos locais cantos tenden á consecución dos fins sinalados como da competencia das Entidades Locais"*.

É de destacar a relación inmediata que mantén a actividade de aparcadoiro público coa competencia que sobre *"a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas"* atribue o art. 25.2.b) da mesma Lei ós municipios, tampouco debemos esquecer que este mesmo precepto inclúe como competencias municipais a prestación de *"cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal"*, non sendo posible descoñecer, neste sentido, que entre as necesidades actuais da poboación urbana figuran en lugar destacado as de dispoñer de servizos de aparcadoiro público, así mesmo é abundante a xurisprudencia que califica especificamente como *"servizo público municipal"* a actividade de aparcadoiro público podendo citarse neste aspecto as do TS de 8 de novembro de 1990 e 11 de marzo e 12 de xuño de 1991 ademais das nelas citadas.

Sendo claro polo tanto que a actividade de aparcadoiro público é un servizo público corresponde ó Pleno Municipal determinar a súa forma de xestión tal e como sinala o art. 123.1.k) da LBRL.

O art. 85.2 da LBRL indica que os servizos públicos de competencia local poderán xestionarse directa ou indirectamente. Son modos de xestión directa os que se efectúan a través de órgano indiferenciado; a través dun organismo autónomo local; a través dunha entidade pública empresarial local ou a través de sociedade mercantil cuxo capital social pertenza integramente á entidade local. Son modos de xestión indirecta os que se prestan a través das distintas formas previstas no art. 156 do TRLCAP, é dicir, mediante concesión, xestión interesada, concerto ou sociedade de economía mixta.

Sen prexuízo da denominada xestión municipal con órgano especial de administración o que caracteriza ós restantes modos de xestión directa é a existencia dun ente instrumental ou de cobertura creado pola propia administración municipal que goza de persoalidade xurídica propia e polo tanto dunha certa potestade de autoorganización e unha certa autonomía patrimonial, non obstante é característica común de todo os modos de xestión directa o feito de que o risco económico da xestión do servizo sexa asumido pola Administración Municipal ou polos entes instrumentais por ela creados.

Nas formas de xestión indirecta o risco económico da explotación e xestión do servizo é asumido total ou parcialmente polos particulares pois debe entenderse que nos denominados *"xestión interesada"* ou na *"sociedade de economía mixta"* o risco é compartido.

Na elección dun ou outro modo de xestión as Administracións Públicas gozan dunha gran discrecionalidade en virtude da súa potestade de

autoorganización. En efecto, as leis tan só limitan esa discrecionalidade nos servizos que implican exercicio de autoridade que en todo caso, tal e como determina "in fine" o art. 85.2 da LBRL, deben prestarse a través dunha forma de xestión directa indiferenciada e por medio de persoal suxeito ó estatuto funcional, por outra banda os servizos asistenciais tan só poden ser prestados mediante xestión directa ou concerto, tal e como determina o art. 43.2 do R.S.

O que caracteriza ó servizo de aparcadoiro público que se pretende levar a cabo é que este non só consiste na mera xestión ou explotación do servizo, é dicir, no control e vixilancia da actividade e no mantemento da instalación na que se efectúa, feito que o fai susceptible de explotación económica, senón que así mesmo conleva a construción da instalación, a execución de obras, circunstancia que por si soa condiciona a discrecionalidade da Administración Municipal na súa opción de determinar a forma de xestión pois a ausencia de consignacións orzamentarias axeitadas e suficientes para facer fronte ós elevados gastos previstos (79.467.684 €) e a inconveniencia financeira de acudir ó crédito en aras ó mantemento dun equilibrio orzamentario obriga de modo indubidable a buscar financiamento privado para a realización das infraestructuras previstas o que de por si implica a existencia dun contrato de xestión de servizos públicos, é dicir, dunha xestión indirecta que neste caso só pode ser de concesión de servizos públicos con execución de obra que se caracteriza polo risco (pérdas) e ventura (beneficios) que asume o concesionario tanto na fase de execución como na súa posterior explotación, risco e ventura que se compensa e se xera mediante unha contraprestación, tarifa, que neste caso satisfarán os usuarios do servizo, tal xestión, como sabemos, non implica a perda de potestades administrativas necesarias para asegurar a boa marcha do servizo nin por tanto os seus poderes de control sobre o mesmo tal e como recoñece expresamente o art. 155.3 do TRLCAP.

De conformidade co sinalado no art. 138.2 da última norma citada, "*Nos contratos [de xestión de servizos públicos] que comprendan a execución de obras, a tramitación do expediente irá precedida da elaboración e aprobación administrativa do anteproxecto de explotación e das obras precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa realización*". Así mesmo dise que nestos supostos serán de aplicación os preceptos establecidos en tal norma para o contrato de concesión de obras públicas, o que determina que o órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local, antes de aprobar o expediente de contratación deberá someter a información pública durante un mes o anteproxecto mencionado que en todo caso conterá a suficiente documentación: Memoria de necesidades; planos de situación xerais; orzamento e réxime tarifario que rexerá na concesión.

En virtude do exposto propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo que deberá adoptarse por maioría simple:

Primeiro.- Determinar que a construción e a subseguinte xestión e explotación do servizo público de aparcadoiros subterráneos públicos a localizar nas rúas Areal; Policarpo Sanz; Pintor Colmeiro; Genaro de la Fuente; Rosalía de Castro e Castelao se efectue mediante xestión indirecta e concesión.

Segundo.- Instar ó órgano de contratación, Xunta de Goberno Local a incoacción dos expedientes de contratación necesarios para a consecución dos fins sinalados."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de setembro de 2005, dictaminou favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Traemos a aprobación a fórmula de xestión para os aparcadoiros municipais. Como todos vostedes saben agora mesmo hai en proxecto seis aparcadoiros, un en García Barbón-Policarpo Sanz con 567 prazas, na rúa Areal con 544 prazas, Rosalía de Castro con 523 prazas, Jenaro de la Fuente con 450 prazas, Pintor Colmeiro 399 prazas e rúa Castelao 366 prazas. En total estamos falando de 2.849 prazas, aproximadamente unhas 3.000 novas prazas de aparcadoiros na cidade de Vigo. Tivemos reunións na Xunta de Voceiros nas que todos os voceiros manifestaron a súa opinión. Adquirimos un compromiso de sacaren a concurso estes seis aparcadoiros e tamén facer un estudo na zona de Teis, Bouzas e Balaídos para incorporar a modiño tres novas zonas de aparcadoiros na cidade de Vigo. Agora mesmo o que traemos é o modelo de xestión, xestión indirecta con explotación e xestión similar á que se ven producindo nos últimos anos na cidade de Vigo e é o que imos votar. A partir daí teremos a Comisión de Control da Contratación cos pregos de condicións administrativas e concurso de edificación que levaremos para tentar consensuar con todos os Grupos políticos para sacaren o anteprojecto de explotación e xestión deses aparcadoiros, así coma o estudo de viabilidade económica e financeira. Polo tanto damos hoxe un paso importante que é aprobar o modelo de xestión que nós coidamos, e así nolo fan ver os técnicos, que o mellor é o réxime de xestión indirecta para a concesión e explotación destes proxectos tan importantes para a cidade de Vigo. Son proxectos importantísimos xa que se queremos seguiren humanizando e retirando os vehículos da superficie loxicamente témoslles que buscar alternativas ós veciños e veciñas para que poidan teren aparcadoiros na cidade de Vigo. Esta é a proposta que traemos ó día de hoxe e a partir daí nesas reunións de Voceiros tentaremos consensuar os pregos de condicións administrativas e técnicas para sacaren a concurso o máis axiña posible, se pode ser no mes de setembro, estes seis aparcadoiros tan importantes para a cidade de Vigo e tamén presentaren o estudo de viabilidade tanto técnica coma económica das propostas que se fixeron nesas Xuntas de Voceiros de Teis, Bouzas e Balaídos.

SR. SOTO FERREIRO: Con moita brevidade para lle dicir que nós aplaudimos, sábena xa, medidas contundentes para axudar a poñer algo de orde nas dificultades de tráfico que vive esta cidade. Dicirlle que os aparcadoiros que se programan son necesarios pero non están todos os que son.

A verdade é que me segue dando mágoa ter que facer alusións tan pretéritas pero ¿por qué se cando eu era Alcalde de Vigo, coido que no ano 90-91, se fixo un plan integral de aparcadoiros para a cidade que logo por distintos avatares, polo que fose, non se materializou nas Corporacións que seguiron, por qué non foron quen de ter a ambición mínima de tentar repetir unha operación integral de aparcadoiros na cidade e mesmo os disuasorios?

Polo tanto eu teño que estar a favor disto pero estou en contra de todo o que falta e polo tanto déixenme que me absteña, non coa vontade -nin a máis mínima- de obstruíren este expediente e aceptamos o seu ofrecemento, Sr. Figueroa, de colaborar lealmente neste proceso pero tentaremos influír en vostede e nos demais membros da Corporación para lle dar solución a outras máis cousas que hai na cidade que non só son estas, son os aparcadoiros de residentes, etc.

Polo tanto dende esas solucións máis integrais atoparíamonos moito máis a gusto. Iso non quere dicir de ningún xeito que esteamos en contra, estamos totalmente a favor do que presentan hoxe.

SR. TOBA GIRÓN: Efectivamente ó longo dos últimos meses reunímonos para discutir este plan de aparcadoiros que aínda fica incompleto en razón das reunións que tivemos. Nós propuxemos o de Baláidos que é absolutamente necesario, propuxemos o de Travesía de Vigo, tamén completamente necesario porque hai unha ausencia de prazas moi evidente naquela zona e pensamos que algún destes está pendente de estudo.

Nós fixemos unhas propostas na última reunión e dixemos a respecto do de Areal que nos preocupa o tratamento da tapa, ¿cómo vai quedar a rúa Areal unha vez rematado o aparcadoiro? Na nosa opinión a realización dese aparcadoiro, que é un dos máis grandes que se concitan precisamente no conxunto, debe traer consigo a transformación da rúa Areal agora que podemos porque entrou en funcionamento o novo túnel de conexión que está desactivando moitísimos dos problemas de tráfico que tiñamos nos anos pasados.

Diso aínda non sabemos nada, como non sabemos nada doutro aparcadoiro no que coidamos que é moi importante prestarlle atención ó tratamento da superficie como é o de Policarpo Sanz. É crucial que teñamos enriba da mesa un conxunto

de acordos para saber exactamente cómo queremos tratar esa superficie e non vale deixalo en mans dos licitadores porque a nosa experiencia é que no ano 1998 o Partido Popular, daquela gobernando con maioría absoluta, adxudicou dous aparcadoiros e non se preocupou para nada do tratamento de superficie. Logo tivemos que ir reparando esa ausencia ós poucos, non sen dificultades que agora non imos historiar, pero en todo caso o resultado que é o que nos importa coma responsables desta cidade pensamos que foi axeitado, con problemáticas pero axeitado e cun desgastamento que non se poden maximar, pero isa é outra historia.

Polo tanto na relación dos aparcadoiros que hoxe nos traen a Pleno seguemos tendo dúbidas a respecto deses dous aparcadoiros en canto ó tratamento. Non se suscitou ningunha aclaración pero son dúbidas absolutamente cruciais. Nós non queremos só un aparcadoiro en Policarpo Sanz, nós queremos renovar por completo Policarpo Sanz para logo poder ir renovando o tramo cara á Porta do Sol, cara ó Paseo de Alfonso e tamén cara ó leste porque o leste está cada vez máis perto do centro. Polo tanto falla por dilucidar algo que é esencial.

O mesmo digo a respecto do Areal, mesmo na última reunión púxenlles enriba da mesa ata onde chegaba a miña lembranza dos proxectos discutidos anos atrás.

No de Castelao a min fallábame unha aclaración moi importante que tamén puxen enriba da mesa: a súa posible incompatibilidade con algunha outra actuación moito máis importante en Coia cal é a construción do túnel por debaixo da praza de Alcampo que permita que ese conxunto se transforme no nexo de unión entre Coia norte-Coia sur e rematemos dunha vez con esa división de Coia que trae consigo un empeoramento das condicións de vida nese barrio. Todas estas dúbidas están enriba da mesa.

Segundo, seguimos coas dúbidas do plan de actuación que non se clarexan. Nós expuxemos o noso criterio pero temos unha certa prevención. Xa expresamos que baixo o noso punto de vista agora deberamos empezar polo de Pintor Colmeiro aproveitando as obras de urbanización de Vila Laura ou ¿imos agardar que rematen as obras de urbanización de Vila Laura e logo abrillo todo para facer un aparcadoiro? Ise é urxente porque as obras de urbanización están moi avanzadas. Podemos chegar tarde, mal e ter que meter máquinas unha vez feita a urbanización de Vila Laura. Sería un desastre, nós non estamos de acordo.

O mesmo en Rosalía Castro que a fin de contas non é máis cunha derivada dun proxecto de urbanización que está totalmente aprobado e para se iniciar. O

mesmo en Jenaro de la Fuente que era a actuación complementaria precisamente do tratamento de peonalización do tramo superior de rúa Urzáiz e que ademais non presenta problemas porque se vai facer baixo vial. Pero esas dúbidas están enriba da mesa, non sabemos cal vai ser o programa de actuación pero é que a partir deste acordo plenario, Sra. Presidenta, Sr. Figueroa, isto vai á Xunta de Goberno Local, o Sr. Secretario sabe que este é o último acordo plenario, só queda un acordo de tarifas pero este é o último acordo plenario que permite dispoñer de pasos continuados, posteriormente este Pleno non vai ter ningún control máis que o que queira a Xunta de Goberno Local.

O noso Grupo está preocupado porque sabemos que é imposible executar seis aparcadoiros soterrados nos vindeiros vinte meses, a nosa experiencia é que no ano 98 o Partido Popular adxudicou dous aparcadoiros, non moveu absolutamente nada pero foi a un Goberno progresista ó que lle tocou xestionalos. Nós coidamos que o Goberno do Partido Popular, o seu Goberno, Sra. Presidenta, non pode porque é absolutamente imposible a execución de seis aparcadoiros na cidade, isto sería Sarajevo, é absolutamente imposible abrir ó mesmo tempo Areal e Rosalía Castro, é imposible abrir Areal e Policarpo Sanz. O Sr. Coello mudaría inmediatamente de cor se lle puxeramos enriba da mesa esa alternativa e todos os demais tamén.

A experiencia que nós temos é que vostedes no ano 98 adxudicaron dous aparcadoiros e foi un Goberno progresista quen tivo que os executar e, por certo, houbo momentos en que vostedes fixeron unha oposición seria e rigorosa e houbo outros en que se deixaron cair pola pendente da oposición demagóxica. Independentemente diso agora estamos falando de futuro e moito tememos que vostedes adxudiquen e deixen o petate para a próxima Corporación, para un próximo goberno progresista que daquela haberá porque a dicir verdade, non perdo a esperanza de que o haxa o máis axiña posible porque Vigo merece un goberno mellor pero si teño moi claro que de cara á estratexia de futuro non queremos quedar coma quedamos no ano 99.

Polo tanto evidentemente estamos de acordo co sentido e así o discutimos na Xunta de Voceiros, estamos dispostos a votalo pero ten que haber un compromiso claro que debe ser: primeiro, adxudicar o que se poida realizar ó longo deste mandato e non me diga que si, Sr. Coello, revise a conciencia e os prazos que son de vinte meses para executar tres aparcadoiros, se non hai cambios antes. Eu tiven a responsabilidade de executar dous aparcadoiros nesta cidade en catro anos e aquí estamos falando coma mínimo de tres aparcadoiros en vinte meses e coidado que traballar un plan de obras é moi complexo e traballar a colindancia desas con outras obras que sen dúbida hai

que realizar é complexísimo, aínda que si é posible se vostedes seguen a prioridade que marcamos coma é o máis axiña posible executar o de Vila Laura coas obras de urbanización, agora mesmo, pasado mañá, canto máis tardemos será peor. Executar o de Rosalía Castro xunto co proxecto de urbanización, para diante. A execución do de Jenaro de la Fuente non presenta problemas, pódese realizar. Pero non vaian máis aló.

Se existe ese compromiso, que espero que si, imonos, pero ten que existir ese compromiso, adxudiquemos o que se poida executar. Non me digan a min que agora mesmo vostedes se van poñer a abrir Policarpo Sanz porque se están rematando as obras en Colón e na rúa Uruguay e esa zona da cidade precisa un respiro, haino que dar e dá igual o proxecto ou sistema constructivo que se sega.

Polo tanto nós estamos a favor pero quedando claro, primeiro, que as prioridades son: Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Vila Laura. Segundo, quedando claro que os anteprojectos de Policarpo Sanz, Areal e Castelao estudaranse de acordo coas previsións xa faladas na Xunta de Voceiros e polo tanto necesitaremos bastante máis que un debuxo de ocupación; necesitaremos alomenos un conxunto de ideas de tratamento en dous casos e un informe de compatibilidade no terceiro caso.

En terceiro lugar, por suposto, que os pregos de condicións administrativas e técnicas sexan aprobados, non revisados senón aprobados pola Comisión de Control da Contratación porque estamos falando de obras que poden determinar a vida da cidade durante bastantes anos.

Ben sei das limitacións xurídicas deste acordo que estou formulando porque existe unha cousa que se chama Lei de grandes cidades, señores e señoras, que, unha vez que tomemos este acordo, lles permite facer practicamente calquera cousa e iso é precisamente o que nos mete temor.

Polo tanto se se dan eses tres condicionantes que acabo de citar estamos a favor porque son os condicionantes da prudencia.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Coido que o Goberno municipal evitaría estas leccións maxistras se cumprira co que realmente quedamos nas Xuntas de Voceiros realizadas antes das vacacións do mes de agosto que foi seguir tratando ese tratamento integral do que falaba o Sr. Soto, que foi o que todos formulamos, seguir tratando novas posibilidades de máis aparcadoiros e sobre todo marcar acordos na dirección do que está apuntando o Sr. Voceiro do BNG, Sr. Toba.

É dicir, o que realmente deberíamos votar hoxe aquí é exclusivamente que aceptamos coma forma de xestión de servizos a xestión indirecta e concesión que é o primeiro punto que se lle propón ó Pleno da Corporación e para o segundo, que é onde ven o de instar ó órgano de contratación-Xunta de Goberno Local a incoacción dos expedientes de contratación necesarios para a consecución dos fins sinalados, deixalo pendente porque é obvio que temos moitísimo que falar nas Xuntas de Voceiros que por certo quedaron pendentes para este mes de setembro para tratar ese tratamento integral do que estamos a falar e tomar decisións que evidentemente sexan con responsabilidade e sentido común que coido que fai moita falla.

SR. FIGUEROA VILA: Ás veces sorpréndennos certas manifestacións porque estamos cumprindo escrupulosamente o acordo da Xunta de Voceiros que foi continuar adiante co proxecto que había enriba da mesa, traer ó Pleno de setembro o modelo de xestión e a partir daí seguer negociando, buscando o maior consenso posible para sacar a licitación dos aparcadoiros, facer os pregos de condicións técnicas e administrativas e ampliar o estudo deses tres que estaban enriba da mesa. Iso foi escrupulosamente o que acordamos, é o acordo tal e como se produciu na Xunta de Voceiros e na Comisión de seguemento dos aparcadoiros.

Por suposto que todo o que se está dicindo aquí se falou nesa Comisión e por suposto que o Grupo de Goberno o acepta porque coidamos que un proxecto desta magnitude de seis aparcadoiros ou nove no futuro, a medio prazo require un consenso de toda a Corporación. Esa é a vontade que expresou o Goberno no seu momento, a que segue mantendo neste momento.

A min de verdade que ás veces sorpréndenme certas manifestacións ou declaracións públicas. Eu tamén entendo que unha cousa é a Xunta de Voceiros ou a Comisión de seguemento que non teñen repercusión pública e outra son os Plenos da Corporación onde cada quen ten que expresar seguramente o que alí se manifestou.

Polo tanto nós estamos de acordo no das experiencias negativas que se viviron cos aparcadoiros da Praza da Independencia e Urzáiz e haino que corrixir, por iso que as tapas e as superficies vaian deseñados e polo tanto que o proxecto estea perfectamente definido e concretado. Coido que todos estamos de acordo e así o falamos, ademais tamén coido que debe ser unha das condicións primordiais para sacaren adiante estes aparcadoiros.

Tamén falamos nalgún momento que baixo ningún concepto se sacarían a licitación ou a concurso ou se adxudicarían os aparcadoiros; polo menos si

se falou de que non se farían ó mesmo tempo, mesmo de que se marcarían os prazos nos pregos de condicións de cando se ían acometer eses aparcadoiros. Coido que todas estas cuestións que saíron aquí no Pleno están perfectamente recollidas e asumidas polos catro Grupos políticos coas matizacións, por suposto, que ten que haber e o Goberno tamén se comprometeu a que nos pregos de condicións técnicas e administrativas se acadara o maior consenso posible e coido que vai ser así porque todos estamos na mesma dirección de sacar a licitación e a concurso estes seis aparcadoiros.

Hoxe o único que se trae é o modelo de xestión e a partir daí temos que seguer traballando cos técnicos municipais e coa asistencia técnica que se contratou para levar a cabo este plan de aparcadoiros que coidamos que é ambicioso, que resolve moitas das situacións e demandas que formulan os cidadáns e colectivos veciñais de zonas da nosa cidade e tamén quedamos en ter unha reunión co Equipo redactor do Plan para analizar o que di o Plan Xeral en canto a aparcadoiros porque moitos deles, moitas propostas que hai seguramente están recollidas ou alomenos algunha iniciativa importante temos dentro do Plan Xeral para levar a cabo.

Polo tanto coido que todo o que se dixo aquí está perfectamente asumido, coido que era a vontade do Goberno e a dos catro Grupos políticos que comezamos esta negociación hai uns meses e por suposto que todo o que se dixo aquí se recolla e se asuma na súa totalidade.

Coido que ó final estamos todos de acordo e por suposto que cada quen fai o seu discurso e as matizacións que cre convenientes, pero a min de todo o que se dixo aquí non me sorprende absolutamente nada e pola contra o temos totalmente asumido tanto o Goberno, coma os técnicos, coma o departamento de Seguridade e Tráfico.

Imos seguer traballando nesta liña porque pensamos que un proxecto desta magnitude e destas características só pode saír co consenso de toda a Corporación e estamos totalmente convencidos de que vai ser así.

SR. SOTO FERREIRO: A verdade é que non ia falar pero en todo caso lle vou facer unha matización á intervención do Sr. Figueroa.

Sr. Figueroa, teño que confesar que cando vostede fala comigo, correspóndese o que fala co que fai, pero de non ser así vostede ten que entender tamén algunhas reticencias coma por exemplo a de que vostedes traen isto a este Pleno, aprobámosllo e a partir daí a súa vontade de consenso pode ser daquela maneira porque a partir daí poden resolver na Xunta de Goberno Local, polo tanto entenda tamén esas reticencias.

Por último preguntar qué presa ten este acordo plenario se realmente non se está en situación de obxectivar temas coma o das superficies dalgúns aparcadoiros, etc. Ó mellor tamén ten unha presa relativa ata que non haxa aquilo que realmente é o que decide este tema que é a posibilidade obxectiva de adxudicación, nese momento si que tería que vir ó Pleno.

Polo tanto hai dúas maneiras de enfrontar isto, ou deixar o acordo plenario para cando se produza o consenso e polo tanto facer o mesmo Pleno extraordinario inmediato para non parar nada que decida sabendo o que se vai facer e que o saibamos todos e esteamos todos tranquilos e seguros, ou tirar cara adiante e confiar na súa palabra de que neste tema vai traballar todo o que poida por un consenso. Déixolle á súa elección o xeito de tirar cara adiante.

SR. TOBA GIRÓN: Tiremos cara adiante, esa é a posición do noso Grupo expresado creo que con toda claridade nas reunións que tivemos.

Sr. Figueroa, non se vexa sorprendido porque todo isto que dixen agora aquí xa o dixen na Comisión con toda claridade, con toda lealdade porque se trata dun proxecto que a nós coma Grupo tamén nos interesa e se as cousas se poden facer mellor ca ben apuntámonos a facelas así, non hai ningún problema.

Sr. Figueroa, o feito de que eu repita aquí a posición do noso Grupo ten que ver con que ata agora houbo reunións e algunha delas mesmo con carácter informal.

Vostede sabe que eu son persoa de actas e de reunións formais aínda que acepto tamén e sen ningún problema as reunións informais sempre e cando sexa para desbloquear asuntos tan importantes coma este, pero obviamente o meu deber coma responsable político é facer aquí esta intervención precisamente para precisar con xusteza os acordos políticos e que estes figuren nas actas. Non teño ningunha razón para levantar ningún muro de sospeitas, por outra banda non o fago xamais pero si teño moitas razóns para facer esta intervención hoxe aquí no Pleno para que figure na acta a posición do noso Grupo.

Entendo a súa conformidade, entendo que estea conforme coas posicións expostas, perfecto porque eu coñezo ben o que pode pasar en razón da Lei de grandes cidades pero a min váleme o acordo político e se ese acordo político suscítase nunha acta do Pleno para min ese é un acordo político e non preciso máis, o resto será a confianza dada, evidentemente. Por parte do noso Grupo efectivamente as posicións que eu expoño son as que eu lles

expuxen a vostedes, coido que non dixen nin media verba máis, non teño necesidade pero si temos necesidade coma Grupo de que figure na acta.

Polo demais o que se trae hoxe a Pleno é un acordo pactado entre os catro Grupos, coido que estabamos os catro de acordo en traer esta toma de posicións plenaria e o noso Grupo mantén a súa posición pero expresando que nos preocupa a priorización, preocúpanos empezar o máis axiña con Vila Laura, Rosalía de Castro e Jenaro de la Fuente, que ademais os plans de obras minimamente pensados con algo de sentidiño son os máis axeitados por distancia e por non interconexión de comunicacións e o Sr. Coello sabe do que estou a falar.

En segundo lugar que aprobemos os pregos de condicións na Comisión de Control da Contratación, digo aprobar.

En terceiro lugar que para o caso de Areal e Policarpo Sanz exista un anteproxecto e cando digo isto quero dicir que exista un conxunto de ideas que hoxe non hai nos documentos que temos enriba da mesa, que teñan en conta e definan o futuro tratamento da tapa deses aparcadoiros.

Con eses tres compromisos que xa lles expuxen nas reunións que tivemos o noso Grupo non ten ningún problema.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Nós imos na mesma dirección. En definitiva tratábase de que o que falamos en Comisión, Xuntas de Voceiros formalmente nalgunhas ocasións pero sen actas, ou Comisión de seguemento que seguimos tratando este tema porque é un proxecto de cidade, é de todos, no que estamos involucrados e tratábase de seguir traballando conxuntamente nesta cuestión. Ese é o obxectivo fundamental e que apareza o segundo punto precisamente semella que encargando á Xunta de Goberno que tire cara adiante sen máis, é o que dalgún xeito soaba mal logo do que falamos en todas esas reunións.

SR. FIGUEROA VILA: A nós válenos todo o que se está dicindo. A última intervención nosa foi para matizar porque a min deume a impresión nun momento determinado que semellaba que todo isto non o falamos nesas reunións. Váleme perfectamente porque se acaba de ratificar que o que eu estou dicindo é certo, é dicir, que se falara nas reunións e que cada quen loxicamente fixo as matizacións que coidou e que aquí se reproduce ese debate. Pasa que eu na primeira parte da intervención entendía coma que se o Goberno non estivese actuando consonte co que se dixera nesas Xuntas de Voceiros.

Váleme perfectamente, acábase de deixar claro e polo tanto para nós é suficiente.

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Ponte).

En virtude do manifestado polos intervintes durante o curso do debate, sométese a votación o acordo que figura na parte dispositiva.

VOTACIÓN E ACORDO: Con vintetrés votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Determinar que a construción e a subseguinte xestión e explotación do servizo público de aparcadoiros subterráneos públicos a localizar nas rúas Areal; Policarpo Sanz; Pintor Colmeiro; Genaro de la Fuente; Rosalía de Castro e Castela se efectue mediante xestión indirecta e concesión.

Segundo.- Instar ó órgano de contratación, Xunta de goberno, Local, a incoación dos expedientes de contratación necesarios que deberán contemplar a execución das obras de acordo coa orde de prioridades que manifeste nas súas reunións a Xunta de Voceiros.

Terceiro.- Remitir á Comisión de Control da Contratación os expedientes de contratación con anterioridade á súa aprobación polo órgano municipal competente.

Cuarto.- Instar ó órgano de contratación a realización de estudos que definan e concreten a compatibilidade dos aparcadoiros coas previsións sinaladas no documento de revisión do PXOM.

32.- (188).-MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 65/05 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO) PARA OBRAS DE URXENTE REALIZACIÓN.

ANTECEDENTES.- Con data 31 de agosto de 2005, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"Coa finalidade de atender ás distintas necesidades xurdidas no marco do normal funcionamento das distintas dependencias/Concellerías do Concello e en uso das atribucións que me confire a lexislación local vixente, de conformidade co artigo 177.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, e conforme ó especificado nas Bases de Execución do Orzamento,

RESOLVO:

Primeiro.- Incoar expediente de modificación orzamentaria (crédito extraordinario e suplemento de crédito) por un importe total de 18.164.900,36 euros, desglosado nas seguintes partidas e contías:

a) **FINANCIAMENTO:**

Con cargo a remanentes líquidos para gastos xerais (concepto 87000 e 87001)

b) **APLICACIONES:**

FUNCIONAL	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
VIAS Y OBRAS	Implantación carril bicicletas en Vigo	30.000,00	5110.6010001
DEPORTES	Reimplantación do céspede do Estadio Munic.Balaidos	94.272,00	4521.2100000
DEPORTES	Zona deportiva na Miñoca para uso deportivo Polígono III do Peri Florida B	2.103.542,00	4521.6010000
PARTRIMONIO HISTORICO	Monumento mariñeiros mortos no mar	60.000,00	4531.6010000
PARQUES E XARDINS	Arranxo, sinalización e limpeza dólmenes Madroa	90.000,00	4326.6110013
VIAS E OBRAS	Plan de mantemento	3.000.000,00	5110.6110056
LIMPEZA	Soterramento contedores Travesía de Vigo	600.000,00	4420.6110000
PARQUES E XARDINS	Ampliación zona recreo Parque emigrante	30.000,00	4326.6010009
Relacións Cidadáns	Remate obra Centro Cívico Saians	120.000,00	4631.
Relacións Cidadáns	Acodicionamento exterior C. Cívico Saians	104.759,26	4631.
Relacións Cidadáns	Adquisición mobiliario C. Cívico Saians	36.000,00	4631.
Relacións Cidadáns	Reparación fisuras edificio AA.VV. Navia	18.862,79	4631.
Relacións Cidadáns	Adq. mobiliario (butacas) Auditorio Valladares	30.000,00	4631.
VIAS E OBRAS	Evaluación obras necesarias para rep. Conxunto Paseo de Bouzas	400.000,00	5110.6110057
PARQUES E XARDINS	Elabor.do programa especial de mantemento e adaptación zonas de xogos infantís	500.000,00	4326.6110010
VIAS E OBRAS	Distintas actuacións nos barrios	1.000.000,00	5110.6110023
VIAS E OBRAS	Construcc. novas beirarruas dende a Pontenova ata conexión Sto Tomé Freixeiro	450.000,00	5110.6010002
VIAS E OBRAS	Reparación da rúa Doutor Corbal en Teis	1.200.000,00	5110.6110058
VIAS E OBRAS	Reparación das beirarruas en Vía Norte	1.600.000,00	5110.6110059
DEPORTES	Arranxo deficiencias da pista de fútbol sala de San Xoan Monte	73.147,31	4521.2120003
PATRIMONIO HISTORICO	Rehabilitación do muro do estanque de Castrelos	150.000,00	4531.2100003
PATRIMONIO HISTORICO	Reforzo muro parque Castrelos	317.767,00	4531.2100004
PATRIMONIO HISTORICO	Musealización Finca Mirambell	120.000,00	4531.6100000
PARQUES E XARDINS	Urbanización zona Barreiro	832.928,00	4326.6010009
PARQUES E XARDINS	Alameda de Bouzas	300.000,00	4326.6110002
PARQUES E XARDINS	Recuperación areal e Dunas do Vao	600.000,00	
ADMON. GRAL.	Rectorado	1.000.000,00	1210.6320001
COMERC. INT.E MERCAD.	Melloras en mercados	19.000,00	6220.6320000
DEPORTES	Reparación urxente eléctrica	72.000,00	4521.2130001
DEPORTES	Pagos Cidade de Vigo (2002-2003)	300.000,00	4521.4700000
DEPORTES	Outras débedas pendentes (1999-2003)	370.000,00	4521.2100006
VIAS E OBRAS	Praza pública Berbes	600.000,00	5110.6110055
VIAS E OBRAS	Mellora na Igrexa de Bouzas	121.916,00	5110.6110019

VIAS E OBRAS	Actuacións rúa Cruz Branca	250.000,00	5110.6110016
VIAS E OBRAS	Actuación travesía de Vigo	1.000.000,00	5110.6110060
RELACIONS CIDADANS	1ª fase urbaniz. accesos Centro Saians	108.706,00	4631.6010000
SEGURIDADE	Instalación cinemómetros	72.000,00	2220.6290002
SANEAM.ABASTEC. AUGA	Gastos depuradora	300.000,00	4410.2260900
BOMBEIROS	Convenio Aut. Portuaria. parque auxiliar loita contra incendios	90.000,00	2221.6230001
	TOTAL	18.164.900,36	

Segundo.- Dar conta deste decreto ás concellerías interesadas e á Intervención Xeral.

Terceiro.- Someter o expediente, previa proposta, á aprobación do Pleno da Corporación de acordo co previsto no artigo 168.4 do REL 2/2000 e 123.1.4 da Lei 7/1985."

Con data 31 de agosto de 2005, o interventor xeral accidental emite informe que se contén no expediente e remata dicindo o seguinte:

"En definitiva, as modificacións orzamentarias xa tramitadas e aprobadas, mencionadas neste informe, financiadas co remanente líquido de Tesourería para gastos xerais xa produciron un desequilibrio pola contía do remanente utilizado e tal déficit verase incrementado no financiamento previsto no expediente que se informa, polo que deberán adoptarse as medidas oportunas en orde ó cumprimento das previsións de ingresos aprobadas no orzamento vixente e o fomento de novas liñas de recursos, todo isto encamiñado a obter unha liquidación de dereitos superior ás estimacións orzamentarias, en aras de cumprir o obxectivo previsto na Lei 18/2001."

Con data 6 de setembro a Alcaldía-presidencia, advertido un erro material na redacción do seu anterior decreto, dicta nova resolución co seguinte contido:

"Advertido erro material na redacción do Decreto desta Alcaldía-Presidencia de data 31 de agosto de 2005, mediante o que se resolveu incoar expediente de modificación orzamentaria ó abeiro do artigo 177.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, ó se constatar que determinadas aplicacións orzamentarias que no dito expediente se propoñen carecen da correspondente codificación da partida a nivel económico-funcional, esta Alcaldía-Presidencia en uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación de Réxime Local

RESOLVO

1.- Os créditos extraordinarios que se recollen na mencionada modificación orzamentaria e que a continuación se indican imputaranse ás partidas cuxa clasificación funcional-económica en cada caso se sinalan:

Relacións Cidadáns	Finalización obra Centro Cívico Saians	120.000,00	4631.6220001
Relacións Cidadáns	Acondicionamento exterior Centro Cívico Saians	104.759,26	4631.6010001
Relacións Cidadáns	Adquisición mobiliario Centro Cívico Saians	36.000,00	4631.6250001
Relacións Cidadáns	Reparación fisuras edificio AA.VV. Navía	18.862,79	4631.2120000
Relacións Cidadáns	Adquisición mobiliario (butacas) Auditorio Valladares	30.000,00	4631.6250005
PARQUES E XARDÍNS	Recuperación areal e dunas do Vao	600.000,00	4533.6010001

2.- Mantén a súa plena vixencia o contido do Decreto de data 31 de agosto de 2005 coas únicas rectificacións que se explicitan no apartado precedente do presente Decreto.

3.- Do presente Decreto darase conta ás Concellerías interesadas, Intervención Xeral e Comisión Informativa, co obxecto de que poida recollerse a presente modificación no acordo que, no seu caso, adopte o Pleno da Corporación Municipal."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 6 de setembro, dictamina favorablemente o presente expediente.

Con data de entrada no Rexistro Xeral do 7 de setembro, o voceiro do Grupo municipal do BNG presenta emenda de modificación á anterior proposta.

Igualmente a voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, por escrito de data 12 de setembro presenta emenda de modificación.

Durante o transcurso da sesión plenaria os voceiros dos Grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e PG presentan unha proposta reducindo as aplicacións que figuran no expediente de modificación dictaminado ás seguintes:

Funcional	Concepto	Importe	Partida
DEPORTES	Reimplantación do céspede do Estadio Municipal de Balaidos	94.272,00	4521.2100000
PATRIMONIO HISTº	Monumento Mariñeiros Mortos no mar	60.000,00	4531.6010000
PARQUES E XARDÍNS	Arranxo, sinalización e limpeza dólmens da Madroa	90.000,00	4326.6110013
RELACIÓNS CIDADÁS	Remate obra Centro Cívico Saiáns	120.000,00	4631
RELACIÓNS CIDADÁS	Acondicionamento exterior Centro Cívico Saiáns	104.759,26	4631
RELACIÓNS CIDADÁS	Adquisición mobiliario C. Cívico Saiáns	36.000,00	4631
RELACIÓNS CIDADÁS	Reparación fisuras edificio AA.VV Navia	18.862,79	4631
RELACIÓNS CIDADÁS	Adquisición mobiliario (butacas) Auditorio Valladares	30.000,00	4631
DEPORTES	Arranxo deficiencias da pista de fútbol sala de San Xoán Monte	73.147,31	4521.2120003
PATRIMONIO HISTÓRICO	Rehabilitación do muro do estanque de Castrelos	150.000,00	4531.2100003
PATRIMONIO HISTº	Reforzo muro parque de Castrelos	317.767,00	4531.2100004
ADMON. XERAL	Rectorado	1.000.000,00	12106320001
COMERCIO INT. E MERCADO	Milloras en Mercados	19.000,00	6220.6320000
DEPORTES	Reparación urxente eléctrica	72.000,00	4521.2130001
DEPORTES*	Pagos Cidade de Vigo (2002-2003)	300.000,00	4521.2130001
DEPORTES*	Outras débedas pntes. (2000-2003)	370.000,00	4521.2100006
VIAS E OBRAS	Praza pública do Berbés	600.000,00	5110.6110055
Relacións Cidadás	1º Fase urbanización accesos Saiáns	108.706,00	4631.6010000
SEGURIDADE	Instalación Cinemómetros	72.000,00	2220.629002

SANTº ABASTº AUGA	Gastos Depuradora	300.000,00	4410.2260900
	TOTAL	3.936.514,36	

* Estes dous condicionados ao compromiso do Goberno de liquidar as débedas descontando os gastos de electricidade e auga e de presentación dun novo modelo de convenio para o uso do Estadio.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: O importe desta modificación de crédito é de 18.164.900,36€ e imos explicar os motivos polos que o equipo de Goberno toma a decisión de traer esta modificación de crédito.

Primeiro dicir algo importante: cando un equipo de goberno ten a vontade política de levar a piques unha serie de obras e de proxectos na cidade o primeiro que fai a Alcaldesa ou o responsable en cada caso dese expediente, cando se fala de consignación orzamentaria e de cartos fala loxicamente co Concelleiro de Economía e Facenda quen recaba todos os datos necesarios da Facenda pública para saberen se é posible acometer unha serie de proxectos importantes e prioritarios que demandan diversos colectivos da cidade e cando o Concelleiro de Facenda ten o informe correspondente dos servizos técnicos municipais, lévase a piques e preséntase diante do órgano que corresponda, Neste caso trátase dun acordo plenario que necesita maioría simple e polo tanto ese é o primeiro condicionante. Condicionante que loxicamente ven avaliado polos informes técnicos correspondentes nos que se nos di que é posible levar a cabo unha modificación de crédito por este importe de 18 millóns de euros que as normas establecidas dentro dos orzamentos e dos departamentos de Economía así o avalan e por iso se leva adiante.

Fixéronse moitos comentarios e moitas manifestacións públicas nas que se dicía que se podería producir un desequilibrio orzamentario. É mentira, é falso, dicímolo así de claro e se hai tempo explicarémolo.

A economía deste Concello permite perfectamente levar a cabo esta modificación de crédito por importe de 18 millóns de euros porque cando se fixo a liquidación do orzamento do ano 2004 había uns remanentes de tesourería por importe de 36.300.000 € coma así explicou o Concelleiro de Facenda; logo houbo un decreto de Alcaldía de incorporación de remanentes por importe de 5.800.000 €# para diversas obras e outro expediente de 1.830.000 €. Polo tanto nestes momentos temos un remanente líquido de tesourería de 28.688.000 €. É dicir, a facenda municipal pode permitirse nestes momentos levar a cabo esta modificación de crédito por importe de 18 millóns de euros.

Dito isto que tecnicamente é importantísimo porque tanto os informes técnicos como o responsable político de Facenda avalan esta operación, levamos a cabo a proposta.

Realmente o que a nós nos preocupa é o que leva a proposta no seu contido que é, primeiro, obras prioritarias que demandan colectivos veciñais da nosa cidade. Segundo, tan importante coma isto ou máis sobre todo cando nós sabemos que temos só dez concelleiros e estamos en minoría, que hai acordos plenarios, é dicir, hai consenso de toda a Corporación, os 27 membros desta Corporación nun momento determinado avalaron algunha destas propostas.

Terceira cuestión, que era o que falabamos ó principio de que a economía do Concello permíteo e é algo fundamental porque son investimentos, non estamos falando de gasto corrente. Agás os gastos producidos por asistencia técnicas dun proxecto que nos ten preocupados a todos que é o da depuradora, os demais son todos investimentos e isto redunda en beneficio de colectivos, de veciños e de zonas da nosa cidade.

Eu sei que de ler unha a unha todas estas modificacións de créditos podemos tardar un pouco de tempo pero o teño que facer, é a responsabilidade política deste Goberno trasladar ós cidadáns e cidadás en qué imos investir estes 18 millóns de euros para que, a través dos medios de comunicación e a través daquelas persoas que están no Pleno, saibamos a qué se van destinar estes cartos. Coido que é importante primeiro pola transparencia, segundo para que se dean conta de que o que estamos propoñendo son investimentos que necesita esta cidade e así ímolos explicar.

Implantación de carril-bici en Vigo: 30.000 €. Reimplantación do céspede do Estadio Municipal de Balaídos -que xa se fixo- 94.272 €. Zona deportiva da Miñooca para uso deportivo do polígono 3 do PERI Florida B, que é unha zona deportiva onde vai incluída unha piscina para os barrios da Florida, Coia e todos eses barrios importantes da cidade de Vigo, 2.103.000 €. Monumento ós mariñeiros mortos no mar que coido que é darlle unha resposta a moitas persoas da nosa bisbarra que se sacrifican no mar xa que se produciron diversas desgracias nos últimos tempos, 60.000 €. Arranxo, sinalización e limpeza dos dólmenes da Madroa, 90.000 €. Plan de mantemento da nosa cidade porque facemos obras, investimentos e logo queixámonos de que as beirarrúas están levantados e de que non hai un plan de mantemento; nós queremos facer un plan de mantemento integral para toda a nosa cidade para que logo de facer obras teñamos o mantemento necesario e correspondente: 3.000.000 €. Soterramento contedores Travesía de Vigo, 600.000 €. Ampliación zona lecer Parque do Emigrante, 30.000 €. Remate obras Centro Cívico Saiáns, 120.000 €.

Acondicionamento exterior Centro Cívico Saiáns, 104.000 €. Adquisición mobiliario centro cívico Saiáns, 36.000 €. Reparación fendas do edificio da Asociación de Veciños de Navia, 18.800 €. Adquisición mobiliario Auditorio de Valladares, 30.000 €. Avaliación obras necesarias conxunto paseo de Bouzas, 400.000 €. Elaboración dun programa especial de mantemento e axeitamento de zonas de xogos infantís, 500.000 €. Distintas actuacións no barrio de Coia e outros barrios da cidade de Vigo, 1.000.000 €. Construcción novas beirarrúas dende a Pontenova ata a conexión con Sto. Tomé de Freixeiro que é unha vella reivindicación desta cidade dende hai moitísimos anos, 450.000 €. Reparación da rúa Dr. Corbal en Teis, 1.200.000 €. Reparación de beirarrúas en Vía Norte, 1.600.000 €. Arranxo deficiencias pistas fútbol-sala de San Xoán do Monte, 73.000 €. Rehabilitación do muro do estanque de Castrelos, 150.000 €. Reforzamento do muro do parque de Castrelos, 317.000 €. Remate da musealización e dotación dunha partida maior á finca Mirambell, 120.000 €. Urbanización zona de Barreiro, 832.000 €. Mellora Alameda de Bouzas, 300.000 €. Recuperación do areal do Vao e todas as dunas que tamén é unha vella reivindicación dos veciños de Coruxo, 600.000 €. Adquisición Reitorado para a titularidade municipal, 1.000.000 €. Melloras en mercados correspondentes a un plan agora previsto coa Xunta de Galiza, 19.000 €. Urxente reparación eléctrica, 72.000 €. Pagamentos de trofeos "Cidade de Vigo" que quedaron pendentes correspondentes ós anos 2001, 2002 e 2003, 300.000 €. Outras débedas correspondentes ós anos 2000, 2001, 2002 e 2003, 370.000 €. Praza pública do Berbés e todo o seu contorno, mesmo mellora da terraza do pavillón que coma saben todos vostedes leva pechada 4 ou 5 anos, 600.000 €; este último xa lles digo que se aprobe ou non o Goberno vaino facer por emerxencia porque hai perigo nesa zona e polo tanto xa anunciamos que o imos faceren por emerxencia porque calquera día esa estrutura se pode vir abaixo e é urxente facelo, así o din os técnicos municipais e o Concelleiro de Vías e Obras. Mellora na igrexa de Bouzas que como todos saben toda a zona exterior está totalmente deteriorada, 121.000 €. Actuacións na rúa Cruz Blanca, 250.000 €. A segunda fase, porque a primeira xa se adxudicou e comezan as obras estes días, é un acordo plenario do ano 2001, actuacións na Travesía de Vigo, 1.000.000 €. Primeira fase da urbanización de acceso centro Saiáns, 108.000 €. Instalación de cinemómetros para a Policía, 72.000 €. Gastos depuradora 300.000 €; consiste nunha previsión, non sabemos o que vai ser pero coidamos que de momento nos vai chegar para asistencia técnica e gastos de técnicos que estamos tendo para facer os informes, etc., non é loxicamente o gasto que precisa a depuradora

porque sería esta unha cifra ridícula, estamos falando de 300.000 €. Convenio coa Autoridade Portuaria para o parque auxiliar de loita contra lumes que leva tamén 8 ou 9 anos e agora desbloquéase e mírase que é absolutamente necesario e imprescindible pola cantidade de lumes que estamos tendo na zona portuaria, 90.000 €. Isto significa un importe total de 18.164.000 €.

Como vostedes analizarán son obras de investimentos en toda a cidade de Vigo, en zonas limítrofes, do rural, etc., polo tanto coidamos que é prioritario, que son demandas de colectivos e veciños, que están formuladas con absoluto rigor, con absoluta prioridade e son demandas que non se poden aprazar. Ese é o motivo polo que o equipo de Goberno trae esta modificación de crédito que coidamos que é importante para paliar moitas deficiencias que ten a nosa cidade.

Se vostedes me din unha soa que non sexa prioritaria recoñeceríamos o noso erro, pero como coido que de todas esstas peticións non hai nin unha soa á que vostedes lle poidan negar ese investimento pensamos que esta modificación debería ser aprobada por esta Corporación e digo máis, non por maioría, senón que debería ser aprobada polos 27 membros desta Corporación.

SR. SOTO FERREIRO: De teren algunha dúbida sobre que vostedes utilizarían isto coma arma electoral quitóuseme ó escoitallle pormenorizar as obras unha a unha, só lle fallou o son da lotería para que pensáramos que estamos no mesmo acto, Sr. Figueroa.

Estamos diante dunha situación de responsabilidade con obras necesarias para a cidade, todas elas e moitas máis que non están nesta relación, por facer na cidade a lista pode ser non sei ata onde pero si moi longa.

Nós pensamos qué facer con este tema conscientes de que a nosa forza lamentablemente non ten capacidade decisoria nesta Corporación e polo tanto tentando axudar a influir positivamente nunha decisión que nos parecería disparatada, dígoo así de claro, se caésemos na trampa os que non estamos no Goberno de caer na tentación de amolar ó Goberno e entón votar en contra de todo o que veña do Goberno; é unha actuación política que se ven demostrando ó longo dos anos que o Partido Galeguista non vai facer, non a fixo, non a fai, nin a fará.

Por outra banda, analizado obxectivamente o expediente, aínda que todo o que aí din e moitas máis cousas que non son convenientes, hai unhas máis convenientes ou urxentes cas outras e empezamos a facer un exercizo de análise de que é o que nos parecía realmente o máis conveniente e vou

utilizar esa verba porque seguro que é subxectiva por máis que un queira obxectivar e a un parécelle máis prioritaria unha actuación ca outra e a outro coa mesma lexitimidade parécelle máis prioritaria outra ca de máis aló.

Á vista do que había o Bloque presentou unha emenda de modificación que nos deu a todos na Xunta de Voceiros do xoves e eu mesmo o venres tiveron unha reunión co Sr. Toba sobre este tema na que lle facía unha consideración das partidas que eles incluían nesa emenda. Por exemplo falamos da posibilidade de incluír ou non outras e dígolles algunhas que ó mellor nos gustaría incluír a algúns pero que non están aí coma por exemplo a Praza da Miñoa, sobre a que nós fixemos unha moción para facer alí unha obra deportiva e ¿qué xestións fixeron vostedes para obter os terreos? Sen terreos poden vostedes pintar o que queiran pero realmente non se pode materializar.

Hai outras cousas que tamén nos gustaría pero que ó mellor tamén hai que falar con outras administracións coma por exemplo sobre o tema do paseo marítimo de Bouzas. Eu estou farto de ver coma outras administracións do Estado, por exemplo Medio Ambiente a nivel estatal fixo praias nos tres cuartos ou no 90% das praias españolas e en Vigo cero.

Nos temas de paseos marítimos tamén Medio Ambiente, Xunta de Galiza fixeron investimentos importantísimos en vilas benqueridas para nós coma Baiona que está aí ó carón e en Vigo ren de ren. Coido que habería que tentar explorar un acordo con Medio Ambiente da Xunta de Galiza que, por certo, ó fronte dese departamento está unha persoa que coñezo e prézome de ter a súa amizade que coido que ten a sensibilidade suficiente para atender a estas cousas. Polo tanto penso que hai cousas que deben ir por outros vieiros.

En definitiva e logo de falar de cousas coma estas, hai cousas que me poden quedar atrás que me gustaría; temos un amor infinito polo tema dos carrís-bici e gustaríame ter proxectos concretos para seren quen de dicir adiante a unha actuación dese tipo, pero non os hai.

Polo tanto e resumindo, eu non vou entrar no que imos facer porque non lle vou devolver a relación tipo "lotería" do que nos gustaría que se fixera, pero lles anuncio que imos apoiar a emenda do Bloque. Esta mañá o Sr. Toba me falaba de que suscribíramos conxuntamente a emenda e eu con moito gusto aceptei. Tamén gustaríame que todos tivesemos a capacidade de ser quen de chegaren a acordos para dar alternativas neste tema.

Se son os vinteseite votos, estupendo, se non o son espero que haxa unha maioría cualificada capaz de facer unha emenda que nos permita aprobar o que nos pareza máis conveniente a esa maioría.

SR. VIÉITEZ ALONSO: A proposta que traen vostedes aquí ven reafirmar unha vez máis a posición que mantivo o BNG a respecto dos orzamentos que se aprobaron o 14 de xaneiro. Xa daquela comentabamos que, á parte doutras cuestións, había unha serie de obras que non se contemplaban, coma estamos vendo agora, e polo tanto daquela non lles podíamos votar a favor dos orzamentos. Pero xa que vostede entrou na enumeración das obras eu tamén vou facer unha análise detallada da proposta que traen vostedes porque sinceramente dá a impresión do que só así, enumerando, o tema queda ben. Efectivamente hai que coñecer as propostas que se fan pero hai que analizar. En primeiro lugar, vostedes falan dunha zona deportiva na Miñooca, no Polígo III do PERI Florida-B, e propoñen 2.103.542 €, pero sinceramente ¿poderíannos dicir qué pasa coa partida de construción de piscinas en Coia e Valladares por un importe de 989.000 € que aínda non se moveu?

Piden dúas partidas relacionadas coa Travesía de Vigo, unha para soterramento de colectores de 600.000 € e outra para unha segunda fase de 1.000.000 €, pero sinceramente a día de hoxe as obras da Travesía de Vigo están sen adxudicar, Sr. Figueroa, outra cousa é que vaia á Mesa de Contratación.

Piden 400.000 € para avaliar as obras necesarias e reparar no conxunto do paseo de Bouzas cando teñen unha partida sen executar de 30.000 € de mellora de paseo marítimo de Bouzas que se pode quitar cun contrato menor, é dicir, non son quen á día de hoxe de gastar 30.000 € nun contrato menor e piden 400.000 €.

Din que queren 500.000 € para a elaboración dun programa especial de mantemento e adaptación de zona de xogos infantís, pois acaban de aprobar a adxudicación dun contrato de zonas infantís que sinceramente coido que é un contrato invisible porque aínda hoxe non fomos quen dos ver actuar en ningunha das zonas infantís desta cidade e acaban de adxudicar un contrato de mantemento.

Falan de 1.000.000 € para distintas actuacións nos barrios cando por exemplo teñen unha partida de 30.000 € para beirarrúas no rural sen executar e tamén se pode quitar cun contrato menor xa podía estar feito. Ou mesmo de 79.697 € de substitución de tubería de fundición no Camiño da Seara que está sen executar; ou mesmo 15.000 €, 3.000.000 pesetas, da alameda de Sampaio que está sen executar cando, insisto, a meirande parte disto pódese facer cun contrato menor que consiste en memoria xustificativa, pedir tres orzamentos e adxudicar.

Piden 150.000 € para rehabilitación do muro do estanque e 317.000 € para o muro do parque de Castrelos pero evidentemente claro que coincidimos con esta petición, pero eu quero chamar a atención sobre o que teñen nestes momentos nos orzamentos sen executar e teñen un total de 284.000 € en distintos muros e ningún deles o teñen executado, é máis, están aínda discutindo qué van facer con esas partidas nese aspecto. Posiblemente contraten unha asistencia técnica para redactar o proxecto, é dicir, que en definitiva non van executar 284.000 € do orzamento corrente. Polo tanto coido sinceramente que todo isto entra un pouco en contradición.

Vostedes piden 300.000 € para a alameda de Bouzas e sen embargo teñen un proxecto valorado en 852.867 €. Sinceramente non o entendo.

Por último, piden tamén 90.000 € para o traslado do parque auxiliar da loita contra lumes á Autoridade Portuaria e sinceramente, antes de tomar esta decisión, gustaríanos que nos explicaran o que realmente significa isto. Este é un longo e vello debate que se ven arrastrando dende hai moito tempo pero eu sinceramente non sei se son conscientes da decisión que isto implica, entroutras cousas porque deixan sen cobertura á meiranda parte da cidade dunha intervención inmediata e moitas veces pode supoñer isto, permítanme que o leve ó extremo, a vida ou a morte porque ás veces unha primeira intervención de carácter inmediato, aínda que non apague o lume, o que si é certo é que é moi determinante.

Por certo, boto de menos unha modificación de crédito que coido custaría cero pesetas para xestionar a iluminación da rotonda de Prado. Sinceramente das mocións que presentamos, como dixemos no Pleno anterior, moitas delas non se executaron e sinceramente son de xestión que xa non de execución.

Cando vostedes confeccionaron o orzamento meteron inicialmente no Capítulo VI unha partida de 16.387.000 €; logo coas conseguíntes modificacións chegaron ata a cifra de 21.000.000 €, estiveron improvisando xa ó longo, xa nin tan siquera sen executar o orzamento. Trouxéronnos unha modificación de crédito, a 18/2005, por un valor de case 12.000.000 € e agora tráennos outra de 18.000.000 €, miren coma están en constante improvisación que representa unha modificación do 110% do crédito inicial que trouxeron a aprobación orzamentaria.

Isto significa en primeiro lugar que cando faltaban oito meses para executar o orzamento completo que trouxo o Partido Popular vostedes trouxéronnos unha modificación orzamentaria de 12.000.000 € e agora que fallan tres meses e medio dan un salto cara adiante e tráennos outra de 18.000.000 € aínda que non teñen executado todo o orzamento. Pero non estamos falando de tres meses

e medio porque isto ten que ir a exposición pública e levar os conseguintes trámites. En tempo real estamos falando de case dous meses.

Van ser quen vostedes de executar o que lles queda de orzamento máis estes 18.000.000 €? non. Entón ¿cal é o problema? É totalmente imposible xestionar iso e vostedes ben o saben, pasa que queren construír un discurso pero ese discurso fai auga; isto é unha pirueta política no ar, así de claro, sen fundamento e dende logo que fóra de toda obxectividade, unha fuxida cara adiante e calquera cidadán se dá conta do tema; se hai oito meses traían 12 e agora que fallan menos de tres traen 18.000.000 €, coido que a cidadanía se dá perfectamente conta deste tema.

Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito que é o que nos traen hoxe aquí, coma ben indica o artigo 177 da Lei de Facendas Locais, son para realizar algún gasto que non se poida demorar ata o exercizo seguinte ou en todo caso que non exista orzamento na Corporación ou o crédito sexa insuficiente. O que nos traen é única e exclusivamente unha modificación resultado da improvisación improvisada, única e exclusivamente porque vostedes confeccionaron un orzamento coas súas prioridades que expuxeron no seu momento no correspondente Pleno de xaneiro, logo foron modificando unha tras outra.

Por certo, vostedes cárgano contra os remanentes líquidos de Tesourería obtidos no 2004 pero non coma consecuencia de novos ou maiores ingresos, que en todo caso iso é o que se podería e debería facer e vostedes presentaríano aquí coma un logro da súa xestión. Pero fagámoslles caso ós informes de Intervención. Vostedes din que o expediente ven acompañado dos informes de Intervención. Evidentemente, claro que si e eu coido que lles hai que facer caso e hai que os ler polo miúdo.

Efectivamente liquidouse o ano 2004 con 36.397.000 €. O expediente do 5 de 2005 xa se comeu case 6.000.000 € e o expediente da modificación 18/2005 case se comeu 2.000.000, é dicir, case se comeran aproximadamente un 22% dos remanentes líquidos de Tesourería. Con este expediente o que se pretenden comer é máis da metade dos remanentes líquidos de Tesourería e quedaría única e exclusivamente menos do 30%. Isto o único que significa é que se pon en perigo a facenda local. ¿É este un discurso alarmista? Fagamos caso dos informes da Intervención, leamos eses informes e a ver que nos din.

Se a isto lle engadimos a explicación que dimos anteriormente sobre o que están facendo vostedes co tema das Ordenanzas fiscais, trasladando o buraco dun ano para outro e con plena improvisación, éntrase nunha temeridade calculada e entón voltamos de novo a retrotraernos seis anos para atrás,

para aquela época gloriosa pero nefasta do Partido Popular con maioría absoluta da que coido que coñecemos todas as consecuencias.

Tamén falaban da lei de estabilidade orzamentaria e a ver que di o informe de Intervención e tamén que é o que di a esta Lei. A lei di que calquera modificación supón o incremento dos Capítulos do I ó VII de gastos, pero o que si é certo é que non se produce un incremento correlativo dos Capítulos I ó VII de ingresos. Iso é o que di a Lei de estabilidade orzamentaria e se non se corrixe na liquidación do orzamento estamos obrigados a elaborar un plan económico-financeiro a medio prazo para a corrección deste equilibrio.

Polo tanto a nós nos parece que se lles facemos caso ós informes, que para iso se traen e é obrigado facelo, dende logo o único que implica esta modificación nesta cantidade é nin máis nin menos que un desequilibrio, pero sinceramente coido que vostedes non lles importaporque xa o trasladarán ós Exercizos seguintes.

Para remataren dicir que efectivamente nós tamén somos conscientes de que todas e máis outras obras é necesario facelas nesta cidade, agora ben unhas deben ser de orzamento ordinario e outras non deben agardar. Nese sentido así fixemos esa emenda que tamén vou ler porque nós tamén temos responsabilidade e entendemos que son estas e non outras as cousas que se deben facer neste momento. As outras contéplennas vostedes, xa miraremos cando nos traian aquí os orzamentos a ver se as contemplan.

Propoñemos evidentemente obras que nós coidamos necesarias coma son as de replantación do céspede do Estadio Municipal de Balaídos, o monumento ós mariñeiros mortos no mar, o arranxo, sinalización e limpeza dos dólmenes da Madroa, o remate da obra do Centro Cívico de Saiáns, o acondicionamento exterior do Centro Cívico de Saiáns, a adquisición de mobiliario do Centro Cívico de Saiáns, a reparación de fendas no edificio da Asociación de Veciños de Navia, a adquisición do mobiliario do Auditorio de Valladares que, por certo, ista non é a cantidade coa que se comprometeu a Alcaldesa coa propia Asociación, non chega nin tan siquiera a un tercio; arranxo de deficiencias da pista de fútbol en San Xoan do Monte, a rehabilitación do muro do estanque e tamén do do parque de Castrelos, a mellora en mercados, a merca do Rectorado, as reparacións urxentes eléctricas, os pagamentos atrasados do trofeo "Cidade de Vigo" e outras obras e débedas pendentes. O arranxo da praza pública do Berbés, a primeira fase de urbanización de accesos a Saiáns, a instalación de cinemómetros que sinceramente non estaban contemplados no orzamento e entendemos que é unha peza fundamental para corrixir a tendencia á alza que estamos tendo en canto a número de

accidentes e, como non, coma vostede comentaba, tamén os gastos da Depuradora orixinados ata este entón.

A proposta que nós facemos é unha modificación que ascende a case 4 millóns de euros e evidentemente o que si é certo é que en todo caso algúns dos temas que poñemos coma os pagamentos do trofeo "Cidade de Vigo" e outras débedas pendentes, estarán condicionados a un compromiso por parte do Goberno de liquidar as débedas descontando os gastos de electricidade e auga e tamén a presentación dun novo modelo de convenio para uso do estadio que a nós nos parece necesario traelo o máis axiña posible.

SRA. GRAÑA BARCIA: No mes de abril de 2005, dous meses logo de aprobar o orzamento, presentaron unha modificación orzamentaria de case 12 millóns de euros, agora en setembro, tres meses antes do remate do ano e un mes antes do remate do prazo para presentar o orzamento para o vindeiro Exercicio introducen esta modificación de máis de 18 millóns de euros equivalente ó 10% do orzamento global.

Esta cadea de despropósitos só nos pode conducir a unha conclusión: vostedes, señores do Goberno, xogan felizmente coas arcas municipais, vostedes elaboran un orzamento e esquecen 12 millóns de euros que lembran dous meses logo; marcan unhas supostas prioridades que van bailando ó longo do ano; teñen que estar preparando un orzamento para o ano 2006 e perden o tempo con propostas absurdas, irresponsables e inxustificadas.

Non imos participar neste insensato xogo, non nos deixaremos enganar por unha lista de actuacións que só son a desculpa que non o auténtico propósito, pois tras esa mensaxe de "coma nos sobran cartos queremos atender obras necesarias na cidade", agáchase unicamente unha operación de propaganda política porque saben que non sobran cartos, que é materialmente imposible tramitar estas actuacións antes do remate do ano e sobre todo que esta modificación poría en grave risco a facenda municipal. A realidade é moi distinta de coma vostedes a presentan e sábenno.

Razóns que demostran que a súa proposta é inaceptable: Este é o momento da elaboración do orzamento, Sr. Guerra. O instrumento de xestión e reflexo do proxecto político do Goberno é o orzamento. A modificación orzamentaria constitúe unha medida extraordinaria prevista exclusivamente para atender supostos de natureza urxente e imprevista. Xa llo dixemos en abril e repetímosllo en setembro, non coidamos necesario ler os artigos da normativa de aplicación.

A modificación orzamentaria non é un orzamento, non permite unha valoración global do proxecto do Goberno e por iso presentar unha modificación por importe de máis de 18 millóns de euros, cantidade superior ós 16 millóns en investimentos do orzamento vixente, só busca furtarlle a este Pleno e por tanto ós cidadáns o debate orzamentario.

Hoxe é 12 de setembro, antes do 31 de outubro vostedes deben presentar un orzamento. Póñanse a traballar acorten os prazos, séntense a negociar e falaremos de todo: de ingresos, de gastos, de investimentos, de endebedamento, de prioridades, de mocións, pero non pretendan utilizar portas falsas. Todos somos conscientes do grande número de necesidades que abafan esta cidade e dende logo todos desexamos darlles resposta con responsabilidade e cunha eficaz xestión, esperamos que vostedes tamén.

Pero hai máis razóns porque hai claros sinais de que a súa proposta é ficticia, irreal. Detrás de cada enunciado non hai un expediente, non foron quen de informar qué van facer nin cómo, nin do suposto carácter necesario e urxente e hai claros exemplos coma o plan de mantemento, ou distintas actuacións en barrios que non teñen máis identificación. Presentan unha modificación orzamentaria de máis de 18 millóns de euros cun expediente de 6 follas. Repítolles que esta modificación é superior ó Capítulo de investimentos do orzamento en vigor.

Son tan pouco fiables os seus actos que dende a modificación proposta en abril á actual apareceron novos gastos pero outros desapareceron, ó mellor necesidades e urxencia de abril hoxe sen resolver milagreiramente xa non o son en setembro porque ¿qué pasou coa Praza da Independencia, ou coas actuacións en Barreiro? Dende logo non eran urxentes

A porcentaxe de execución do orzamento de investimentos, dos datos que se lle facilitan á oposición do ano 2005, é dicir, deste ano, non acada nin o 22%. Este dato debería facerlles reflexionar porque non están xestionando axeitadamente o seu orzamento e teñen que elaborar o próximo, ¿cómo poderán executar esta modificación? Semella que non saben executar un orzamento, gobernan a golpe de modificación no canto de xestionar o que tiveron gracias á responsabilidade doutros.

Por último e sobre o desequilibrio financeiro dicir que a proposta de modificación non é inxenua, as súas consecuencias para a facenda municipal son graves, o risco de desequilibrio financeiro é real e así o sinalan os informes técnicos.

Ninguén está mencionando o termo "ilegal" pero é necesario facer constar que a modificación transvasa os límites da prudencia que ata agora garantiron o

cumprimento da Lei de estabilidade e que nos pode situar no curto prazo nunha situación de desequilibrio financeiro.

Non nos poderán acusar de actitudes irresponsables diante da cidade porque este Grupo permitiu a aprobación do orzamento deste ano, das Ordenanzas e mesmo de varias modificacións orzamentarias deixando constancia da súa actitude responsable coa cidadanía. Pero aprobar esta nova modificación non beneficia o interese xeral, nin ó dos colectivos directamente afectados senón que pola contra no primeiro suposto porque o interese xeral se verá danado cando este Concello precise un plan de corrección do desequilibrio ou plan de saneamento, porque se rompeu a estabilidade orzamentaria, nese momento xa non haberá obras para ninguén. No segundo porque é materialmente imposible a tramitación e execución destes investimentos antes do remate do ano. Para rematar: non só non contan co noso beneplácito, senón que merecen a nosa rotunda reprobación.

Esta proposta de modificación do orzamento presentada a un mes do orzamento de 2006, por unha contía superior ó Capítulo de investimentos, só executando ata agora un 21% do actual orzamento, cuxa aprobación podería conducir a un grave desequilibrio financeiro para a facenda municipal, dende a responsabilidade non pode ser aprobada.

En todo caso e entendendo o rigor legal e responsabilidade social de obras que si son urxentes e executables no prazo que resta para rematar o ano e que si xustifican unha modificación orzamentaria, presentamos unha emenda que achega as seguintes actuacións: Arranxo deficiencias na pista de fútbol-sala en San Xoán do Monte, rehabilitación do muro do estanque de Castrelos, reforzamento do muro do parque de Castrelos, remate obra Centro Cívico de Saiáns, acondicionamento exterior do Centro Cívico de Saiáns, adquisición mobiliario Centro Cívico de Saiáns, reparación fendas do edificio da Asociación de Veciños de Navia, adquisición mobiliario e butacas do auditorio de Valladares e gastos da Depuradora.

Anticipamos polo tanto, caso de que se producira unha votación partida por partida, que as que acabo de relatar e que se conteñen na nosa emenda si que serían votadas favorablemente.

SR. FIGUEROA VILA: Dende logo teño unha intervención que podo alongar bastante porque se están dando moitos datos inconcretos que non se axustan á realidade.

Sra. Graña, que vostede diga que só se executou o 21,33% do orzamento significa que non sabe ler os orzamentos e dígollo con todo o cariño porque

é o revés, é o que hai de dispoñibilidade. É todo o contrario do discurso que vostede está facendo nestes momentos, é dicir, executouse o 79% e hai disponible o 21,37%. Doulle este dato porque ó mellor cambia o seu discurso. Eu faría o mesmo porque se vostede destes datos entende que un 21,37% é o que se executou, eu non faría un discurso así, faríao moito máis duro porque seríamos uns incoherentes, uns insensatos, uns incapacitados e uns incompetentes.

Pola contra somos áxiles e eficaces porque executamos perto do 80%, Sra. Graña, eu non sei quen lle pasou este dato pero llo pasaron mal, analice o seu discurso que o ten escrito. Vostede dixo: porcentaxe de execución dun 21,37% e iso é o que hai dispoñible, é o que queda sen executar, é todo o contrario do que di vostede e polo tanto non me estrana que fagan ese discurso. Non sei se os compañeiros do Grupo socialista con estes datos cambian as súas posturas.

De verdade que nolo poñen faciliño de contestar, a min gustaríame facer outro tipo de discurso no que entrarei, non me esqueceréi del, pero iso é mentira, que diga que Barreiro non está metido no expediente quere dicir que non leu o expediente porque aparece: Urbanización de Barreiro, 832.000 €. En canto á Praza da Independencia dígolle que hai un acordo coa Deputación para o facer pero iso non o ten por qué saber vostede, pero si estes dous datos. Se me di vostede que só executamos o 21% e que Barreiro non está é que minte, así de claro e téño que dicir porque nestes Plenos se din tantas cousas que nós temos que saír ó paso e contestarlles. Non é que sexan inconcrecións, son dúas mentiras.

En canto ó que se falaba por parte doutro membro da Corporación, do Sr. Viéitez, dicir que é certo que hai unha partida para as piscinas de Valladares e Coia pero nós coidamos que se pode incluír unha máis na Florida e ó mellor levar a de Coia a Navia e nesa liña estase traballando. Polo tanto pensamos que sería interesante e por iso o incluimos.

En canto á Travesía de Vigo o expediente está na orde do día de hoxe da Xunta de Goberno e polo tanto está conformado e listo, vaise licitar a Indeza por 742.000 €.

Vostede fálame de partidas pequenas e evidentemente que dentro dese 21% hai partidas que aínda están sen executar pero pense que nós aprobamos o orzamento no mes de marzo e en catro meses executamos o 80% polo tanto coido que é imposible unha xestión mellor, estamos falando de 15 puntos máis que no ano 2003 a estas alturas.

¿Qué esta é unha proposta que fai auga e sen fundamentos? Eu non quería entrar pero coido que hai que perder o tempo porque os cidadáns e os medios de comunicación teñen que coñecer toda a verdade aínda que xa saben parte, pero teñen que coñecer toda porque se fagamos de demagogia non sei que será máis demagóxico: facer mocións, presentalas, aprobalas por unanimidade sabendo que teñen que ter consignación orzamentaria e logo cando se trae a consignación orzamentaria dicir que non.

O 30 de maio presentaron vostedes unha moción conxunta. Eu sempre digo que ás veces en política se dá un efecto "boomerang", hai afirmacións que se fan nun momento determinado co ánimo de criticar, de dicir que non hai coñecemento da administración, nin capacidade de mobilidade, nin para dar alternativas e vóltanse contra dun. Seguramente que a moción que vostedes presentaron o 30 de maio podía facerlle dano ó Goberno politicamente e ata tiña a súa coherencia por parte da oposición. Asinárona conxuntamente os tres Grupos e foi un erro político. Presentan unha moción onde din claramente: "Por escrito de data 23 de maio os voceiros dos Grupos municipais do Partido Galeguista, BNG e Partido Socialista, señores Soto Ferreiro, Domínguez Olveira e Pérez Mariño, respectivamente, formulan a seguinte moción..." Veñen dicir que hai acordos plenarios dende hai un ano e medio que o Goberno non cumpre.

O Goberno comprométese a informar ós Grupos do estado da xestión dos acordos plenarios. Entendemos a mensaxe que nos transmiten, entender a mensaxe é política, nós sabemos e temos claro que temos 10 concelleiros de 27, porque hai outros que por non saber que tiñan os que tiñan pasoulles o que lles pasou. Nós si o sabemos e temos que acadar consensos, maiorías e buscar os proxectos da Corporación. Resulta entón que de 18 millóns de euros 12 son para mocións presentadas por vostedes e 5 por nós e resulta que dos 5 que presentamos agora preséntannos unha emenda onde case 3 os aproban, polo tanto case o 100% ten o consenso desta Corporación.

Dos 12 que vostedes presentan voules ler un a un: Arranxo, sinalización e limpeza dos dólmenes da Madroa, moción presentada polo Partido Galeguista, votación por unanimidade. Ampliación zona lecer no Parque do Emigrante, moción presentada polo Partido Socialista, votación por unanimidade. Elaboración do programa especial de mantemento e adaptación de xogos infantís, moción presentada polo Grupo do BNG, votación por unanimidade. Gastos da Depuradora, moción presentada polo Partido Socialista, o único que vota en contra é o Partido Popular e ó final témola que aceptar porque hai unha maioría. Soterramento contedores Travesía de Vigo, moción presentada

polo Partido Socialista, pero ademais sobre isto hai xa un acordo plenario do ano 2001; vostedes tiveron o orzamento do 2002 e do 2003 e non foron quen de consignar nin unha soa partida, aínda que é certo que vostedes non levaban este departamento que o levaba o Partido Socialista. ¿Onde está ese acordo de 2001 no que se dicía que había que ampliar as beirarrúas e facer unha modificación de toda a Travesía de Vigo en mesmo estaba cuatificado o proxecto? Pasou o 2001, o 2002 e o 2003 e non fixeron ren de ren. Nós consignamos o ano pasado esa partida e agora facemos a segunda fase. Á parte de todo iso e para reafirmar teño que dicir que é moi bonito recibir ós veciños da Travesía de Vigo e dicirlles que non se preocupen que se fai unha moción, moción que sae nos xornais: "Partido Socialista interésase pola Travesía de Vigo". Pero agora cando traemos a verdade que é a consignación orzamentaria din que non a todo isto.

Reimplantación do céspede do Estadio Municipal de Balaídos, tómase unha decisión e haino que pagar. Tamén hai unha moción presentada por Democracia Progresista Galega que logo cambiou a Partido Galeguista. Zona deportiva da Miñooca, moción presentada tamén por Democracia Progresista Galega, votación por unanimidade. Arranxo deficiencias campo fútbol de San Xoán do Monte, moción do BNG votada por unanimidade. Monumento ós mariñeiros mortos no mar, moción presentada por Democracia Progresista Galega daquela e votada por unanimidade. Implantación carril-bicis, tamén de Democracia Progresista Galega. Plan de mantemento, moción presentada polo Partido Socialista, votación por unanimidade. Conxunto do Paseo de Bouzas, moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, votación por unanimidade. Beirarrúas da Pontenova-Sto. Tomé de Freixeiro, moción presentada polo BNG e votada por unanimidade. Reparación Dr. Corbal en Teis, tamén do BNG e aprobose por unanimidade. Reparacións beirarrúas Vía Norte, tamén moción do BNG pero aquí hai un tema moito máis grave porque ata buzonearon esta moción, levaron un escrito por todas as casas dos veciños dicindo que o BNG presentara unha moción, cóstanos; agora nós imos facer do revés, imos coller a acta deste Pleno e ímola buzonear tamén para lles dicir ós veciños que o BNG presentou unha moción que agora non quere aprobar.

Praza pública do Berbés, tamén moción do BNG e á moción da Travesía de Vigo que volta seren unha actuación do BNG.

Polo tanto vista a moción que presentaron todos vostedes, agora temos que facer unha do Goberno para dicir os incumprimentos da oposición, dicindo que incumpren cos seus criterios. Iso chámase insensatez, irresponsabilidade política porque se vostedes presentan todas estas mocións, criticannos

duramente nunha moción e isto é o grave do tema porque non é unha crítica a través dos medios de comunicación, é un acordo plenario. Resulta que nós retomamos iso porque escoitamos, analizamos a mensaxe e pensamos que teñen razón porque os acordos hainos que cumprir. A Sra. Alcaldesa para cumprir os acordos plenarios chama ó Sr. Concelleiro de Facenda por lle preguntar pola dispoñibilidade económica para enfrontar eses compromisos coa oposición e do Goberno porque votamos todos a favor e o Concelleiro fala cos técnicos.

Eu voules facer unha afirmación: a xestión que está facendo este Goberno, en concreto o Concelleiro de Facenda, non é impecable coma di el, é excelente e ten que estar super orgulloso o Goberno de ter un Concelleiro de Facenda coma este polo que está facendo co apoio dos servizos técnicos e polas políticas que está aplicando.

Vostedes falan do orzamento do ano pasado pero non din que dos 20 millóns de euros 13 eran de débedas de gobernos anteriores. Eu non fago afirmacións, só política. Eu non estou culpando ó BNG neste caso concreto porque moitas eran de irresponsabilidades doutros concelleiros. O Marco e o Verbum quedaron sen pagar, mesmo houbo modificados de perto de 2 millóns de euros que non pasaron nin pola Xunta de Goberno, máis do 30% do orzamento, que non tiñan expediente, ningún papel. Contésteme se é certo que dos 20 millóns, casi perto do 60% eran de vostedes e iso si que non estaba consignado nin había expediente.

É certo que no mes de setembro se presentaba un borrador de orzamento pero nós faciamos as previsións polo baixo porque o Concelleiro de Facenda así nolo dixo, que non quería baixo ningún concepto inflar os ingresos, que quería os ingresos reais. Coma foi evolucionando a liquidación démonos conta de que podíamos dispoñer de máis cartos para investimentos e así se fixo, é moi sinxelo e está moi claro para que a xente o entenda porque moitas veces nos liamos con cuestións e verbas técnicas.

No mes de setembro había unha previsión de liquidación de orzamento e con ela había uns cartos para gastar pero segundo ían avanzando os meses de outubro e novembro a liquidación de ingresos foi mellorando e por iso se fixo unha previsión maior de gastos. Ese é o único motivo, é moi sinxelo de entender polos cidadáns.

Hai unha cuestión que está clara: vostedes presentaron todas esas mocións, repito de novo que nós collemos esa mensaxe, analizámola e levámola a esta modificación de crédito e polo tanto haille que dicir claramente á cidadanía que non hai ningún risco de creba nin de ningunha cuestión técnica que poida afectar á economía deste Concello. É máis, hai moitas vantaxes porque

vostedes saben que se temos que levar isto a un orzamento temos que acudir a crédito, a financiamento externo e non se acude, aquí cero de gastos e intereses.

Vostedes sábeno pero iso non o din, non lle din á opinión pública que o Goberno está facendo unha modificación de crédito e que non ten que acudir a créditos extraordinarios nin de entidades financeiras. ¿É certo ou non que é financiamento cero? E moitas máis vantaxes porque tamén é certo que nun momento determinado se hai que facer un plan farase porque non temos problema.

Cando dentro dun mes fagamos o orzamento analizarémolo e en troques de 20 millóns de investimento ímos a 14 ou 13 porque xa temos unha previsión adiantada e vostedes sábeno perfectamente. Pregúntannos porqué adiantamos isto; pois porque se nos metemos no mes de marzo ou no de abril nunha aprobación dun orzamento coa súa exposición pública loxicamente se perden 6 ou 7 meses e ¿qué maior consenso que acordos plenarios adoptados por unanimidade? Eu escoitei algún discurso dalgún dos seus compañeiros onde se dicía que estas modificacións de crédito requiren consenso pero ¿qué máis consenso que acordos pasados polo Pleno e presentados por vostedes? ¿non se están dando conta que mesmo lles estamos dando unha baza política de poder vender vostedes as propostas que fixeron? Pois non a queren, nin iso.

Visto o buzoneo da Vía Norte, esta mañá díxenlle ós meus compañeiros que o que habería que facer é un buzoneo co acordo plenario onde se vexa que os Grupos que presentaron a moción agora rexeitan a consignación orzamentaria. Ó final o único que nós estamos facendo é recoller demandas que presentan os veciños, recoller as deficiencias que hai por todo Vigo e solucionarlas con este expediente. É certo que pode haber moitas máis pero alomenos imos paliar unha cantidade importante porque estamos falando de perto de 3.000 millóns das antigas pesetas e son investimentos importantes para a nosa cidade.

Vostedes fan a crítica de que nós non investimos no rural. Non é certo, estamos investindo tanto coma no centro e isto demostra que temos a vontade de que no suposto de que houbera algún pequeno desequilibrio, equilíbralo, porque se vostedes analizan todos estes investimentos verán que a meirande parte son para zonas do rural ou dos arredores da cidade de Vigo e repito que son temas consensuados e que teñen a unanimidade dos vinteseite membros desta Corporación.

Non me quería alongar máis pero coma fan eses discursos de que non hai fundamento, si hai todo o fundamento político e técnico e aválannos os informes técnicos.

Para que non quede ningún tipo de dúbida que no nome do Goberno, de todos os compañeiros, felicitamos ó Concelleiro de Facenda e ós servizos técnicos desta Casa, non pola impecable xestión, senón pola excelente xestión que están facendo das arcas municipais con rigor, con seriedade, con cautela, con prudencia pero ó final nós somos políticos e o que temos que facer aquí, porque estamos postos coma representantes dos cidadáns é cos cartos que nos dan eles, a través dos impostos municipais, estatais e autonómicos, investir do mellor xeito posible. O único que estamos facendo con eses 18 millóns de euros dos 28 que temos dispoñibles é investilos en melloras para os cidadáns.

Eu vexo por aquí a algúns representates veciñais. O representante veciñal de Candeán quere melloras no seu barrio e tenas que ter, os de Coia tamén, e os da Travesía de Vigo, de Alcabre, de Teis, de todo Vigo ¿por qué non as van ter? ¿Estamos cometendo algún erro de vulto? Non sei, parece que somos criminais e pola contra, Sr. Viéitez, estamos dotando á cidade de melloras e servizos, vostede sabe que aquí hai un tema importante que é o plan de mantemento de 3 millóns de euros, sábeo porque o viviu e o sufriu. Nesta cidade á parte de facer obras hainas que manter porque senón pasa o que pasa coma por exemplo coa Praza da Independencia e con outras zonas da cidade. Hai que ter cartos no Concello para poder arranxar unha beirarrúa porque ás veces é vergoñento que ós responsables de Vías e Obras lles chamen de calquera rúa desta cidade e non teñan cartos nin para repoñer unhas lousetas. Iso é que non queremos nesta cidade, queremos facer obras e melloras e logo mantelas nas debidas condicións.

Vostede sabe que agora mesmo hai moitísimas obras de humanización, de beirarrúas e de melloras nesta cidade. Claro que iso das alfombras e das macetas é un discurso demagóxico porque é mentira. É certo que se está facendo iso pero ¿vostedes analizan o feito de todas esas beirarrúas que se están facendo nesta cidade? Analicen obras importantes coma Pedro Alvarado que tamén está licitada e outras máis que queremos facer.

Ademais hai outra cuestión: este Goberno, coma dicía o Sr. Soto, tamén ten capacidade de xestión con outras administracións porque non nos quedamos só na capacidade de xestión propia cos poucos recursos que temos neste Concello, coido que estamos dando mostras de diálogo, de consenso con outras administracións, propias e non propias. Aí están moitas obras que se están

acometendo con outras administracións. Os investimentos da Deputación nesta cidade: coido que é un fito histórico nesta cidade que nos últimos anos se estean facendo plans de mantemento en todo o rural. Pregúntenlle ós veciños os camiños que se están asfaltando e levantando. Quedan moitos máis e imos seguir nesa liña.

Pero non só iso, estradas provinciais e beirarrúas de varias zonas da nosa cidade. A maiores coido que coa Xunta de Galiza, tanto se gobernara no seu momento o Partido Popular coma agora mesmo, estamos dando mostras de diálogo, de non tensionar as relacións, todo o contrario porque semella que todos queren vir a Vigo e nós encantados, cos brazos abertos.

Sobre a Depuradora: perfecto que se declare de interese xeral. Xa era hora porque levabamos 7 ou 8 meses pedíndoo e imos clarexar o tema: logo de chegar nós ó Goberno, no 2004 foi a primeira vez que se pide declarar de interese xeral a construción dunha nova depuradora, Sra. Porteiro, non o esqueza que vostedes cando estiveron no Goberno fixeron moitos discursos e xamais o solicitaron pero no 2004 foi a primeira vez porque se tomou a iniciativa política do pedir, haino que pedir e dende logo que nós si o fixemos por escrito e mediante entrevistas que solicitou a Sra. Alcaldesa mesmo na primeira visita da Ministra, Sra. Narbona, á nosa cidade.

Desbloqueouse o tema do Pazo de Congressos. O día 14, Sra. Porteiro, dentro de dous días remata a licitación do Pazo de Congressos, obra que levaba 15 anos parada e que agora é unha realidade. Pero non quero entrar no debate porque o debate é outro.

Nós temos capacidade suficiente para dialogar con outras administracións e estámolo demostrando con bo talante, xestión e con bastante talento porque hai que ter as dúas cousas: talante e talento.

Pola tanto coido, señores da oposición, que erran non votando esta modificación de crédito. Por suposto que nós imos seguir insistindo porque coidamos que son obras prioritarias para a nosa cidade, pero tamén lles adianto que se non sae esta modificación de crédito, a base do noso orzamento vai estar claramente nela. Xa llo anuncio porque non imos renunciar baixo ningún concepto a que veciños de zonas importantes da nosa cidade non poidan ver melloradas as súas infraestructuras, a súa calidade de vida e os seus barrios.

Imos seguir insistindo; é certo que presentamos hai tres meses unha modificación de 12 millóns de euros, agora de 18 e cando chegue o orzamento se podemos de 40 e se podemos de 50, o que nos dean os cartos da facenda municipal, imos ir ó máximo porque pensamos que onde se demostra a xestión,

a axilidade, a eficacia, a eficiencia dun Goberno é facendo obras que repercuten no beneficio e na mellora de todos os cidadáns.

SR. SOTO FERREIRO: Eu falo normalmente con moito apaixonamento porque son así pero o Sr. Figueroa non é así e estábame a preguntar por qué usaba hoxe esa técnica porque nel é unha técnica e non un estado natural. Entón comecei a matinar e decateime que seguramente ten medo do que acaeza neste Pleno e quere buscar titulares diferentes, pero non se preocupe porque polo que mirei polas intervencións en todo caso vanlle dar a vostedes os titulares regalados, algúns non paran e non se decatan de ren.

Empezando polos acordos non cumpridos dígolles que eu voltaría agora a asinar a moción logo do escoitar a vostede porque a día de hoxe aínda non cumpriron os acordos. ¿Non pasaron por vostedes orzamentos ordinarios para os facer? Pero se están falando de Democracia Progresista Galega nalgunhas mocións, ¿coma din que non? Traeno agora porque antes priorizaron outras cousas e non lle vou entrar no discurso de que se o que facían antes era bo ou malo. Dígolle que algúns coidamos que hai que facer certas cousas e hainas que meter nos orzamentos. Sr. Figueroa, a ver se somos agora todos menores de idade, algúns polo que vexo si pero non todos.

Sr. Figueroa, ¿ó mellor cábeme sospeitar que vostede mete nos orzamentos ordinarios o que non nos gusta ós demais e o que nos gusta nolo trae agora para que traguemos? ¿cábeme a min sospeitar que vostedes están facendo un acto de pura e dura demagogia electoral? Non paran nos últimos tempos con este tema, non houbo máis que lle escoitar a lectura. Pois claro que me cabe pensar iso e ademais dígolle así de claro que o penso.

Naturalmente coma non son parvos integrais nin o dixen, nin o penso dicir, nin o sospeito, nin o penso, non se me ocorre dicir que traen calquera tontería, traen cousas razoables e non me importa concederllo pero¿quere que lle faga unha lista de duascenas cousas máis razoables ademais das que vostede propón? O problema entón é un problema de medida, de ónde empezamos e ónde paramos e a vostede xa lle vin a medida.

Vostedes falan de que acordan con todo o mundo pero polo que eu vexo neste Pleno, non, porque eu non lle vexo dicir que por qué non acordamos os 27 para facer algo, o que parece posible facer hoxe e consensuamos arredor da proposta feita polo Bloque. Eu dixen que poría algunhas cousas máis e sen embargo estouna aceptando porque tamén é certo tamén que a limitación exacta, matemática, quimicamente pura neste tema non existe, non podemos dicir que se pode investir sen risco para a Tesourería. A min paréceme que

vostedes levan a Tesourería a certo risco se se fai a totalidade do seu investimento, pero coma todo iso é interpretable, se interpreto eu tamén que se poden mellorar radicalmente os ingresos ó mellor tampouco, se conto con iso non.

Vostedes fan uns orzamentos perfectos pero traen unha corrección tremenda porque non eran perfectos os ingresos e víronse netamente desbordados, pois eu tamén engádome á felicitación do que queiran pero os orzamentos non estaban ben feitos ou non está ben feito isto, coma queiran pero unha das dúas cousas non estaba ben.

A partir daí imos falar do fondo de tema que é se somos quen de nos poñer de acordo en qué cousas hai que facer nesta cidade. De momento vostede o que fixo foi manter un castelo, pois eu arrodeio de murallas o meu castelo que é a miña proposta e non concedo nada. Moi ben polo seu diálogo, por min pode dicir que está disposto a dialogar o que lle pete, votar mocións para logo non as cumprir dun xeito ou doutro, directa ou indirectamente, ou para non lles prestar a máis mínima atención.

Cando un fala sen ler é moi bo porque un fala e di o que sinte, pero é moi malo porque se deixa cousas atrás. Eu antes dixen que subscribía todas as propostas que facían e téñolle que dicir unha que non suscribo que ademais me parece unha xestión pésima. Eu xamais subscribiría que lle fagamos un parque de bombeiros ó Porto e o paguemos nós; subscribiría facer unha negociación co Porto e dicirlles que teñen que facer un parque de bombeiros, ademais coido que por lei o teñen que facer, ademais se se suman os esforzos e se fan un parque axeitado estou disposto a lles trasladar parte das miñas dotacións e beneficiámonos todos. ¿Non lle parece mellor unha xestión así ca de "Juan Pueblo-vigués" paga todo o que non paga o Porto? ¿Se non pagamos por qué mete vostede aquí unha cantidade para o Porto? ¿É unha aportación? Pois eu lle digo que en canto a aportación cero, que o pague todo o Porto porque se beneficia máis ca ninguén; claro está que nós encantados porque o Porto é Vigo e beneficiámonos todos pero que a unha administración coma a Portuaria, cunha economía razoablemente saneada, lle fagamos todo e eles nada non estou de acordo.

Antes de rematar déixeme corrixir algún erro. Eu antes cando felicitaba a algunha xente non felicitei ó Voceiro e Vice-Voceira do BNG e quero facer explicitamente e pedir que conste en acta. Lamento o meu lapso anterior.

Por último dicirlle que vostede fai unha intervención forte na intención, non sei se con algunha das intencións que eu lle supoñía ou con outra quere distraérmonos, pero a verdade é que algúns non nos distrae. A partir de

agora ¿qué vai pasar? Pode haber varios sistemas de votación e eu xa llo quero debuxar a todos coma se fose o Catón por se algún aínda non se decatou: a) votación simultánea, co que ó mellor non prospera ningunha das propostas, ou sabe Deus porque nós imos votar co Bloque e xa dixemos o por qué, porque negociou o venres e porque non é a proposición que nós faríamos ó 100% pero é suficientemente razoable.

Eu coñecín a emenda do PSOE esta mañá antes de comezar o Pleno e as cousas que di aí parécenme moi ben, tan ben que están incluídas tamén na moción do Bloque e polo tanto ó mellor non debera haberen problemas en facer esforzos de converxencia porque se hai 27 mellor, pero se non os hai que prospere unha emenda dunha maioría clara que permita entre a nada e o todo facer cousas razoables e posibles.

Neste intre prodúcese un cruzamento de palabras entre concelleiros que non quedou recollido na cita gravada da sesión.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, malia o seu comportamento co Partido Galeguista, que non me decato en dicir que é pouco correcto, xa saben que en todo caso imos tentar axudalos obxectivamente en función dos intereses das viguesas e dos vigueses.

SR. TOBA GIRÓN: O ton do Sr. Figueroa é o que coñecemos del cando pretende exhibir unha cortina de fume sobre unha decisión que está pensada e nacida dende a propaganda.

Esta proposta que traen vostedes a Pleno é tan desmesurada, tan ilóxica no mes de setembro, tan insensata que só pode ser unha operación de propaganda na que vostedes queren exhibir dous discursos: o da impotencia, do victimismo, de dicir que están en minoría e o Pleno da Corporación é absolutamente insensato e refractario a calquera acordo, e un discurso demagóxico exhibindo unha lista de obras que o Grupo municipal do BNG podíamos multiplicar por tres, pero estou seguro de que se nos reunimos os catro Grupos podemos elevala a 36 ou 48 porque evidentemente as necesidades son continuas, presentes e inmediatas.

Pero gobernar non é atender a todo, Sr. Figueroa, gobernar é priorizar e vostedes priorizaron no orzamento que presentaron ante este Pleno no ano 2005. ¿Sabe que non había ningunha partida para o centro de Saiáns?, Trasladamos ese edificio e todos sabiamos da necesidade da elaboración desas obras e cando digo todos digo tamén vostedes porque votamos conxuntamente.

¿Vostede cando elaborou o orzamento de 2005 non sabía do proxecto de remodelación da Praza do Berbés? ¿ou é que a urxencia naceu hai 15 días? Había un proxecto enriba da mesa. Vostede non o lembrou cando priorizou porque cando un lembra e ten Concelleiro de Facenda este coordina e pon enriba da mesa a lista de prioridades da cidade.

¿Había algunha partida no orzamento do 2005 para Barreiro? Ningunha, Sr. Figueroa, vostedes optaron por non priorizar tampouco esa partida e por iso nós votamos en contra dese orzamento e votariamos así outravolta porque era a súa lista de prioridades e non veña vostede con pasados, vaia ó orzamento do ano 2003 e mirará que esas partidas que vostede citou tiñan dotación orzamentaria. Non sei por qué non se executaron aínda que tiñan dotación orzamentaria porque por responsabilidade eu, que era Concelleiro de Facenda, púxenas. Non bote detrás a responsabilidade e asuma o que hai.

Mesmo hai partidas que aparecen neste documento coma débedas do 2002 e do 2003 que vostede sabe que no 2003 tiñan dotación orzamentaria. Non sei cal é a razón pola que non se executaron pero dende logo o que si teño claro é que as débedas son prioritarias.

Coma lle dicía, vostede cando ordena un orzamento prioriza, Sr. Figueroa e Sr. Guerra, e iso é seren Concelleiro de Facenda. Voulles dicir máis: priorizaron vostedes tan pouco que nesta modificación fallan dous proxectos que si tiñan que estar porque son proxectos que precisan dotación económica, son programas europeos, Sr. Figueroa, e vostede nin siquiera os puxo nesta modificación e eu teño coñecemento deles e vostede nin siquiera lles dá sustento orzamentario. ¿Ónde estaba o Concelleiro de Facenda para priorizar as accións do Goberno se non están aquí? Vostede sabe que para poder acudir a fondos comunitarios hai que ter dotación orzamentaria, Sr. Figueroa, hai que consignar, Sr. Guerra, eu sei moi ben o que hai que facer, ¿cando van consignar? ¿cando o concedan? ¿e cando vai ser iso? Na reunión do mes de novembro, ben deixémolo correr.

Nós sabiamos da súa intención. Discurso de vítima, discurso propagandístico e ton forte. Pero non estamos dispostos a sustentar o seu discurso de vítimas porque non o son. Este Pleno sempre é razoable coas necesidades da cidade e esta vez vai ser a oposición quen presente unha saída razoable e non a súa saída porque a que vostedes propoñen é unha barbaridade. Presentar unha modificación contra o remanente líquido de Tesourería polo 70% deste remanente é pergalle un golpe moi duro á facenda municipal. Fíxese se é así que o din os informes.

Voulle ler un informe que non está neste expediente pero que está noutro que ven ó Pleno, é un informe moi interesante e voulle ler un parágrafo: "...Por tanto do exposto dedúcese que se se quere cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria a posibilidade de acudir ó endebedamento e a realización de modificacións orzamentarias financiadas con cargo a remanente líquido de Tesourería deveñen practicamente imposibles". Os que pasamos algunha vez pola facenda local sabemos que hai recursos que deben ser utilizados con moitísima prudencia e basicamente utilizados ben en facer obras de emerxencia, ben en aboar débedas porque pagar débedas non é máis que reducir o coeficiente de endebedamento do Concello doutro xeito, non é pagar débitos, nin tipos de xuro, pero é pagar débeda tamén que doutro xeito virá contra nós con intereses de demora, polo tanto a propia lei habilita ó remanente líquido de Tesourería para realizar esa actuación.

Por iso o Bloque Nacionalista Galego presenta unha emenda pero unha emenda sensata, que permita acometer as actuacións máis importantes, máis urxentes para o Concello e a cidade de vigo pero que ó mesmo tempo mantén un remanente líquido de Tesourería arredor dos 20, 21, 22 millóns de euros que é o que precisa a facenda deste Concello; ise é o límite.

No mes de abril vostedes presentaban unha modificación de crédito que se comía o 33% do remanente líquido de Tesourería, agora pretenden cargarse o 70%. Se aquela operación non tiña sentido, mesmo pola propia cercanía á aprobación do orzamento, esta non ten ningún sentido porque vostedes non poden executar co que cairíamos no ridículo de forzar ó máximo a facenda municipal sendo conscientes de que vostedes non van executar.

Eu non vou discutir as cifras de execución do orzamento. Vostedes coñécenme, saben que son partidario de traballar con moito rigor esas cifras e agardaremos á liquidación do orzamento para emitir un xuízo no seu momento, pero me vou quedar coas súas cifras, non coas da Sra. Graña, senón coas súas, Sr. Figueroa.

Vostedes levan consumido dun plan de investimentos de 20 millóns de euros nos meses que leva vixente o orzamento o 80%, é dicir, 16 millóns de euros aproximadamente. Propóñennos agora consumir aquí a final de ano 18 millóns de euros e se eu lle digo, Sr.Figueroa, que deses 18 millóns de euros efectivamente unha boa parte eran pagamentos debidos, é dicir, que non precisaban máis instrumento administrativo que a sinxela liquidación dunha débeda, vostede dirame o que queira pero eu teño a seguridade de que a súa capacidade de xestión é francamente limitada porque se quere lle fago a conta pero me quedo coa de vostede. Di vostede que dos 20 millóns de euros

12 millóns eran débedas, quédome coas súas cifras e entón entendo que executaron os 12 millóns e 4 máis; ousexa que realmente executaron 4 millóns do orzamento de investimentos.

De todos os xeitos nós queremos que se atendan determinadas obras que sabiamos xa no debate do 2005 que eran absolutamente necesarios e por certo, que vostedes esquecían nese orzamento, acábolle de citar e podo citar máis pero vostede se esquecía delas. Cumprimos exactamente o que di a lei que contempla a modificación de crédito para aqueles gastos que non se poidan adiar cara ó orzamento seguinte. Iso é o que di a lei da modificación de crédito, a Lei de Facendas Locais non constrúe esa figura para paliar, evitar, escapar do debate orzamentario do plan de investimentos, senón que presenta esa figura co obxectivo de atender a problemas xurdidos ó longo do ano, a novas necesidades. Acepto que son novas e boas necesidades obras coma as do Pavillón do Berbés das que vostedes xa sabían moito antes do orzamento de 2005, pero por responsabilidade acéptoo porque sei cal é o estado desa praza e quero que se actúe o máis axiña.

A nosa é unha proposta que non se fixo dende a perspectiva do BNG, fíxose tendo en conta as necesidades perentorias da cidade, as que non podemos derivar cara un vindeiro orzamento e tendo en conta a situación da facenda local, poñendo o límite nun terreo que coñecemos con certa profundidade e por iso a nosa é unha proposta de responsabilidade.

Esta vez, amigos e amigas, coma noutras ocasións debe ser a oposición quen deba poñer o punto de responsabilidade ante un Goberno que actúa de xeito irresponsable, demagóxico e exclusivamente propagandístico. Tócanos a nós.

Non discrepamos en absoluto da emenda presentada polo Grupo municipal Socialista porque coincide coas partidas que nós presentamos, se ben nós imos un pouco máis aló porque si pensamos fundamentalmente que se hai débedas deben seren liquidadas, si pensamos que hai obras que si son urxentes; sen dúbida se poden discutir algunhas pero ¿qué mellor obxectivo para o remanente líquido de Tesourería que o de pagar débedas se realmente estas existen? Digo isto porque en todo caso as débedas que se paguen deben estar suxeitas a procesos de liquidación e polo tanto nese momento haberá que poñer enriba da mesa quen debe, cánto debe e a quen se debe pero en todo caso iso queda na súa man, na man do Goberno municipal e non nos toca a nós, pero coidamos que é unha boa finalidade.

Malia o que se poida dicir nós si pensamos que, por exemplo, o monumento ós mariñeiros mortos no mar si é urxente, malia que poida parecer un gasto suntuario é urxente. É moi urxente porque corremos o risco do esquecemento e

iso non é bo cando estamos a falar de persoas que se xogan a vida a cotío, ademais de persoas que queremos que segan facendo ese traballo. Logo coido que discutiremos unha moción urxente do Partido Popular que ten que ver cos caladoiros de NAFO. Permítanme ademais expresar a urxencia porque recentemente eu estiven nun acto cultural na Illa de San Simón, tiveren a oportunidade de falar co Alcalde de Redondela co que me une non amizade pero si compañeirismo e transmitíame o desacougo das persoas afectadas polas mortes do Bahía que xustamente naqueles días case se completaba o primeiro cabodano. Polo tanto para nós si é urxente e forma parte do debate de defensa da pesca e dos nosos homes do mar.

Polo demais, efectivamente o venres pasado reuníame co Sr. Soto e ofrecínlle sen ningún problema retirar a nosa emenda que está carimbada e presentada por min mesmo coma Voceiro do meu Grupo municipal e substituíla por outro documento, sen papel carimbado por suposto, co mesmo contido pero asinado por el en nome do Partido Galeguista e por min mesmo coma Voceiro do Grupo municipal nacionalista.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego estaríamos encantados de que ó final deste documento houbera unha ou dúas sinatura máis, non temos ningún inconveniente, nin temos interese en patrimonializar ren. A situación política desta cidade é a que é, non é o momento de ir cara atrás pero temos un Goberno en minoría que baixo o noso punto de vista non resposta á maioría social e que sinceramente estaríamos encantados de substituír por lexitimidade democrática. Non nos toca iniciar, somos tranquilos espectadores pero non podemos seren só isto, debemos seren quen de contribuir á boa marcha da cidade. Polo tanto a nosa é unha emenda que por suposto se formula dende máis aló dos límites partidarios do Bloque Nacionalista Galego, por outra banda perfectamente lexitimos.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: A verdade é que non por máis atorrante que sexa o ton da intervención de ningún Concelleiro neste Pleno as persoas que escoitamos imos cambiar dunha actitude de seguridade no que defendemos, a outra de medo porque todos os que estamos aquí xestionamos a política municipal, todos os Grupos aquí representados sabemos perfectamente cómo se fai un orzamento, cómo se debe xestionar e que é o que resulta norma e anormal.

O que resulta anormal é que se tente cambiar a política orzamentaria ordinaria que ten uns canles, uns momentos de debate, unha presentación de documentos, unha aprobación plenaria por outra política anormal que fai ordinario o extraordinario e que convirte as modificacións de crédito nun

orçamento bis paralelo no que se fai todo aquilo que non se é quen de facer cando é o momento, cando se ten que negociar, cando se ten efectivamente que saber que é o que quere facer no decurso dun ano nun Concello.

Coma vía extraordinaria todos sabemos que a modificación de crédito é algo legalmente establecido pero vostedes, como dixo o Sr. Voceiro do Grupo Popular, están querendo convertilo nun elemento máis democrático, máis consensuador, mellor que a propia vía orzamentaria normal e non estamos de acordo con esa filosofía, Sr. Voceiro do Partido Popular. ¿Por qué aprobar o orzamento en abril do ano que ven? ¿Por qué vostede nos leva xa a unha situación que nada semella indicar que sexa así? ¿En qué momento hai por parte do Grupo que eu represento, supoño que tampouco no de BNG, ningún tipo de atranco para que se comecen as negociacións do orzamento do ano que ven xa mesmo se vostedes queren, para que se aprobe en decembro ou en xaneiro? ¿É que no ano no que estamos houbo algún atranco, fomos nós os responsables de que o orzamento non se aprobase en tempo e forma? ¿Non lles propuxemos a vostedes nun esforzo de diálogo pola nosa parte que se fixese un esforzo en investimentos, en gasto social e que con ese compromiso do Goberno o Grupo socialista non sería un atranco para que Vigo tivese novos orzamentos este ano?

Polo tanto son argumentos que non teño máis remedio que calificar de falaces e que respostan a un estilo que vai máis pola política de cosmética ca da xestión. Estamos acostumados a que nos traian a este Pleno decisións que rebotan contra a oposición queréndonos facer culpables das súas propias incapacidades ou buscando culpables fóra para xustificar o que vostedes non saben facer.

Cando me fala do diálogo con outras administracións ¿qué quere que lle diga? Desculpe que antes o interrompise porque nin é o meu estilo, nin me gusta, pídlle desculpas polo facer pero é que realmente é unha grande provocación que vostedes nos digan agora que dialogan coas outras administracións cando son as outras administracións as que veñen cara vostedes para rectificar anos e anos de desidia en situacións complexas e graves, por decisións tomadas por gobernos nos que vostedes estaban que xamais tiveron a iniciativa de facer algo mellor; paréceme francamente demagórico porque non lle quero poñer un calificativo máis duro nin entrar no ton que vostede mesmo utilizou.

Aquí non se explicou qué mudou de abril a setembro para que vostedes nos traian agora unha nova modificación de crédito na que cousas que se consideraban imprescindibles e que se recollen na acta do Pleno do mes de

abril xa non o son, a non seren que vostedes fixeran a modificación de crédito de abril con criterio estrictamente electoral cara as eleccións autonómicas galegas para lles poder dicir ós veciños o malo que é o Partido Socialista, o malo que é o Bloque Nacionalista Galego que non nos seguen automaticamente cada vez que temos unha idea luminosa.

Dicía vostede na súa intervención do Pleno: "...adiántolles xa que a eses veciños remitirémolles unha carta da Alcaldesa co acordo plenario para lles dicir que non podemos investir en Alcabre, en Barreiro, en Bouzas, en Teis, que non se pode facer o da Travesía de Vigo, no Parque de Castrelos, que o Bernardo Alfageme se irá a pique porque non hai cartos para o facer e cando isto pase nós dirémolles que votaron en contra desta modificación de crédito". Evidentemente que iso é política pero xa lle adianto que iremos coa cara por diante do que imos facer e ver qué investimentos deses son necesarios. Seguramente das 40 relacións de obras que hai aquí poderíamos cuestionar dúas ou tres pero das demais non hai cuestión de ningún tipo.

Polo tanto entre abril e setembro a súa capacidade de argumentar nun sentido ou no contrario é absolutamente extraordinaria e sobre todo extraordinaria a tranquilidade e elegancia un pouco altisonante coa que vostede quere facer recair en nós a súa incapacidade de xestionar.

Cumprir acordos plenarios: moitas das mocións que vostedes recollen na súa modificación de crédito xa as coñecían cando se fixo o orzamento de 2004 e sabe vostede moi ben que a nosa argumentación non é en contra das actuacións verdadeiramente urxentes que aquí se presentan, que algunhas hai, senón en chamar á responsabilidade e á sensatez. Queda menos dun mes para empezar o debate orzamentario; todas aquelas obras que requiran dun proxecto, dun investimento importante, dun período de execución incorpórenas ó próximo orzamento, négocieas coa oposición, séntese de verdade a facer ese exercizo de diálogo con quen ten máis próximo que somos nós e a partir daí estaremos dentro da lóxica orzamentaria, do que a lei prevé e do que todos coidamos que se quere facer, a non seren que vostedes queiran impoñer un novo estilo, estilo Vigo de interpretación orzamentaria para facer esa política cosmética que lles permita dicir que o culpable sempre está fóra e que deixa vítimas polo camiño coma algunha esgrevia funcionaria cuxo informe recolleuse aquí polo compañeiro do BNG que me precedeu no uso da palabra.

Polo tanto non tragamos as rodas de muiño da súa argumentación, Sr. Voceiro do Partido Popular, pode vostede dicir os exabruptos que queira, pode vostede falsear os feitos tal e como queira que a nosa posición coido que queda moi clara.

De todos os xeitos en vista de cómo foi o debate non teremos ningún inconveniente en votar a favor da emenda que presentan conxuntamente o BNG e o Partido Galeguista sabendo que a nosa posición por rigor sería que todas aquelas obras que se poidan incluír no orzamento do vindeiro ano así se faga porque por un mes non se ían deixar de facer e permitiría empezar a negociación do orzamento do ano próximo coido que con seriedade, rigor e vontade de consenso pola súa parte, pero se iso non é así por nós non vai deixar de ser porque entendemos que aquelas que nós recollíamos na nosa emenda están moi ben xustificadas, importaría aproximadamente 1 millón de euros e seméllanos impropio e non sensato politicamente que polo noso voto non se deixaran de facer.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que logo das intervencións o equipo de Goberno ten que estar aínda moito máis tranquilo porque temos que nos reafirmar na nosa proposta xa que logo do que dixeron os demais Voceiros, un que xa empeza a ter olfato político, percibe que se os demais Grupos estivesen na nosa situación farían exactamente igual. Esta proposta sería ratificada e apoiada por todos eles porque estamos atendendo peticións veciñais importantes. Segundo, porque máis consenso que o que traemos hoxe nós para aprobación, que está aprobado por unanimidade de todos os Grupos, non vai haber; polo tanto eu non sei qué consenso ten que haber, non sei de que temos que dialogar, sentámonos a falar se resulta que todas as propostas que temos enriba da mesa foron presentadas neste Pleno, acordadas por unanimidade, votadas por todos os Grupos políticos. Coido que o segundo argumento é demoledor.

Terceiro, dínnos que estamos facendo victimismo pero ¿saben que nos gustaría? Que eses cidadáns que se beneficiarían por todas estas propostas resultasen complacidos nas súas peticións. Iso ó final é política e é para o que estamos, non estamos aquí para facer victimismo. Puxen un exemplo claro e dixen que algún Grupo buzoneara unha moción e é así porque nos chaman os veciños e nos din que teñen no buzón unha moción de arranxo da beirarrúa de Vía Norte; chamáronnos e nolo dixeron, temos aí a copia. A resposta nosa debería ser agora que o Goberno ten a intención de lles facer a vostedes as melloras desa beirarrúa pero non se pode facer porque non se aproba. Polo tanto coido que non dixen nada raro, estou contestando a unha acción de seu. Cuarta cuestión que saíu aquí. Dínnos que a nosa postura é demagóxica, pero ¿qué é máis demagóxico, facer cumprir os acordos plenarios que vostedes presentaron, ou presentar unha moción cando se sabe que non hai orzamento

nin consignación orzamentaria para ela? Eu déixolles ós veciños e ós medios de comunicación que o analicen. Se nós temos os cartos para poder realizala ¿por qué non imos adiantar ese traballo? ¿por qué temos que esperar a febreiro ou marzo para facer unha obra que podemos empezar agora a facer os proxectos, licitar e executar? ¿cal é o problema? É un problema, señoras e señores, puramente político, iso quere dicir que o Goberno está acertando na súa iniciativa e no que presenta, nas propostas que está facendo. Seguramente que se a oposición coidase que isto non ten unha rendabilidade na xestión ou a iniciativa non fose coherente, non se poría coma se pon. Cando a oposición tenta alarmar por unha situación que non é real nós temos unha percepción totalmente distinta.

Aquí dixéronse unha serie de cuestións porque é certo que no ano 2003 estaban consignadas unhas partidas pero ¿quen gobernaba no ano 2003? Sr. Toba, ós que vostedes queren de socios non executaron, pois teña coidado cos socios que se busca porque se durante 6 meses non foron quen de executar obras de 15, 20 ou 30 millóns de pesetas mire para outro lado sen ten posibilidade, senón quede coma está. Polo tanto non nos impute a nós esa responsabilidade do ano 2003, non a temos para nada, pola contra coido que nós entramos aquí o 13 de decembro do ano 2003 e o orzamento estaba totalmente en horas de remate.

Logo vostede nos fala do orzamento de 2005. É certo que se priorizaron unha serie de actuacións porque non había máis cartos pero tamén vostede ten que recoñecer que nós tivemos a vontade política de enfrontar totalmente esas débedas que había. Non culpo ó seu Grupo pero vostede sabe que había partidas das que nin había expediente. Coido que nós fomos sensatos e coherentes porque pensamos que se hai unha contratación, se hai contratistas, provedores que teñen unha serie de contas pendentes, hainas que enfrontar goberne quen goberne. Vostede sabe perfectamente que había algunha partida de 2 millóns de euros que non tiña aprobado nin o modificado, é dicir, díxoselle ó contratista de facer 2 millóns máis de obra que daba igual, que se aprobaría e pagaría, iso de "tire cara adiante que xa lle pagaremos".

Iso é o que non se está formulando aquí, a ver se sei coma lles explicar ós cidadáns o que se está facendo aquí. Aquí o único que se está facendo é adiantar unha previsión de obras que presentan os colectivos veciñais que son necesarias e vostede sabe perfectamente, Sr. Toba, que non imos crebar a facenda municipal porque máis creba sería atoparse con 13 millóns de euros que non sabiamos nin onde os iamos consignar. Sabe perfectamente que coma

mal maior o único que podía facer é que á hora de confeccionar os orzamentos tivesemos a prudencia, a cautela suficiente de facer menos investimentos. Pero temos unha vantaxe con respecto a iso: que os remanentes dan a vantaxe de que non temos que acudir a financiamento externo co que non hai que facer ningún tipo de pagamento de intereses e acadar un aforro importante. Se logo no orzamento do vindeiro ano temos a posibilidade de aprobalo, ó mellor en troques de 25 millóns poderían ir 20 pero as obras están en marcha e executadas que ó final é do que se trata.

Xa dixen antes e repito que nós aquí o que estamos facendo é administrar do mellor xeito posible os recursos que poñen os cidadáns nas nosas mans. O único que lles estamos dicindo a vostedes é que aproben isto porque imos adiantar os prazos de execución, imos tentar que a eses veciños e colectivos cos que hai compromisos de toda a Corporación lles podamos facer melloras nos seus barrios, é o único que estamos dicindo.

Ademais se aproban esta modificación de crédito, comprometémonos claramente a detraer na elaboración do orzamento todas estas partidas para que non exista ningún tipo de risco. Estou poñendo un compromiso enriba da mesa, o que vostede está denunciando eu estou llo poñendo enriba da mesa ó revés. O Goberno da cidade adquire agora mesmo aquí o compromiso de que na elaboración do orzamento, no Capítulo VI, imos consignar as partidas necesarias por se se pode producir algún tipo de desequilibrio. Se vostede ten tanto medo de que poida suceder iso, adquire ese compromiso que sabe que é un compromiso formal que se pode facer; facemos un acordo se quere fóra do Pleno e ratificámolo coma queira vostede. Máis fácil, imposible.

Polo tanto sabe vostede que a cuestión técnica está totalmente salvada e esa é a tranquilidade nosa, saber que non poñemos en risco a facenda municipal e por iso iniciaba o discurso dicindo que cando un ten a iniciativa ou proxectos políticos enriba da mesa, o primeiro que ten que facer é falar co Concelleiro de Facenda e cos servizos técnicos que nos din o que lles estamos propoñendo agora a vostedes. Acepten ese compromiso; se teñen tanto medo a que poida haber algún risco para a facenda local, dígnanos agora mesmo que aceptan ese compromiso e redactámolo coma queiran vostedes. Dámoslles o tempo suficiente e adquirimos o compromiso que vostedes queiran do Capítulo VI. Estamos poñéndollo clarísimo, coido que non o podemos poñer mellor. Se vostedes teñen algunha dúbida de que poida haber algún risco na situación económica, se aproban esta modificación de crédito, adquirimos o compromiso e queda salvada a situación.

Pero coido que ese non é o problema porque agora aquí se delata unha situación de que algún ou algunha Voceiro ou Voceira di que íse é un orzamento bis. Non o é, é axiliar. Temos recursos e o que temos que facer é investir o máis axiña posible para poder cubrir as demandas que formulan os veciños e iso, alomenos a min, paréceme que se chama boa xestión; boa non, magnífica. ¿Por qué non imos tentar facer unha obra agora no mes de setembro e non ter que esperar ós meses de marzo-abril? ¿Por qué se hai demandas formuladas aquí das que vostede sabe e nas que coincidimos plenamente? Ademais cunha vantaxe, e ese foi o erro político que cometeron vostedes: isto está consensuado. Ninguén nos pode dicir a nós que isto non estea dialogado, consensuado, que non ten o acordo de todos os Grupos porque está aprobado por todos.

Coido que maior proxecto dunha Corporación que un mandato dun acordo plenario aprobado por unanimidade non existe, porque mesmo ás veces temos disentimentos nas reunións das Xuntas de Goberno, igual algún coida que pode haber matizacións nalgúns temas pero todos cedemos e xa o demostramos no tema dos aparcadoiros. Iste non é un problema de ceder porque vostedes presentan por Rexistro unha moción que logo levan ó Pleno onde hai acordo por unanimidade dos vinteseite membros da Corporación, agás nunha moción.

Polo tanto temos os cartos, non temos dificultades nin se vai producir unha creba na facenda local porque adquirimos ese compromiso con vostedes aínda que non se vai producir e non era necesario ese compromiso, pero se vostedes teñen algunha dúbida de que poida suceder aceptámolo.

O terceiro tema que é a condición que nos poñen enriba da mesa: consenso. Maior consenso, imposible. Non sei qué estamos discutindo porque nós non estamos tolos, non estamos sendo irresponsables neste tema, o único que estamos dicindo é ¿por qué non adiantamos eses investimentos por eses cidadáns que os precisan? ¿por qué en Barreiro, que vostede sabe que se vai poñer en funcionamento unha residencia, non a podemos dotar e facer a urbanización? ¿por qué en Coia, en toda a zona de Coruxo, de Alcabre non podemos ir arranxando beirarrúas? ¿por qué non podemos levar a cabo ese plan de mantemento no que estamos todos de acordo e sabemos que é necesario?

Vostede sabe igual ca nós que se as beirarrúas que se están humanizando agora non teñen un plan demantemento ó cabo de 5 ou 6 meses estarán deterioradas e o custo diso vai ser moito maior. Sábeno porque gobernaron, porque sufriron esas consecuencias. Nós o único que estamos facendo é tomar a iniciativa de poñer enriba da mesa proxectos importantes para a nosa cidade.

Se neste proxecto houberse gasto corrente, que non o hai, ou outros gastos que ó mellor non fosen rendibles en canto a investimento ou beneficios para os cidadáns, ó mellor poderíámolo discutir, pero coido que están perfectamente seleccionados. Por suposto que hai máis prioridades pero é que teño que seguer recalcando este argumento porque non me pode dicir ningún Grupo político, Sr. Soto, que hai moitas prioridades porque cando vostedes presentan e votan as mocións están priorizando, polo menos nós coidamos que cando a este Pleno se trae unha iniciativa ou unha moción presentada por un Grupo político é algo prioritario, pensamos que son denuncias, demandas que vostedes formulan. Polo tanto, cando ven aquí unha moción é que xa se está ó límite, ¿qué máis prioridade pode haber?

Todos estes argumentos que me dan son demoledores ó noso favor, non vexo ningún argumento en contra. Se me din que o de Barreiro non é necesario e me dan os argumentos, eu calaría; ¿que os arranxos en Coia ou na Travesía de Vigo non son necesarios? Sobre a Travesía de Vigo hai un acordo plenario do ano 2001, non gobernabamos nós e non houbo consignación nin no 2001, nin no 2002, nin no 2003.

Polo tanto estamos tomando decisións en base a acordos plenarios e facemos isto porque, repito novamente porque é a raíz do problema e ó mellor lles pasou a outros pero a nós non nos vai pasar, entendemos perfectamente que de 27 temos 10 Concelleiros e só estamos buscando sacar propostas consensuadas, que a base de diálogo ou por iniciativas da oposición ou do propio Goberno poidamos sacar cara adiante nesta cidade. Pero, ¿cal ten que ser a vontade política do noso Goberno se no somos quen de aprobar esta modificación de crédito? Evidentemente que a primeira iniciativa ten que ser que estas teñen que ser obras prioritarias para incluír no orzamento do ano 2006, pero chegará o 2006 e seguramente vostedes farán outro discurso totalmente distinto, dirán que se estas obras non están consensuadas, que se non son prioritarias... Iso non o poden dicir agora porque son iniciativas que están aprobadas por este Pleno.

Eu fágolles agora unha pregunta: Se mañá presentamos un orzamento do ano 2006, do Capítulo VI de investimentos ¿estas obras serían prioritarias ou non? ¿terían ou non o consenso da Corporación? ¿aprobaríanas, ou non? Non, Sr. Guerra, dirían que o Capítulo II está inflado, ou que no Capítulo I de persoal non hai a oferta que queren. Sempre hai argumentos. Vostede non se preocupe que non van dicir que si, van dicir que non.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, só lle quero respostar a dúas cousas. Primeiro, contradicirlle unha afirmación que é a de “os demais farían o mesmo” porque o Partido Galeguista non, rotundamente non, nin nisto, nin en moitísimas cousas.

Entendo que vostede, que lle está a ver as orellas ó lobo, estea buscando xa non acordos para isto, senón que para os orzamentos do ano que ven. A min non me parece mal, paréceme comprensible, é parte do seu traballo e polo tanto o entendo.

Eu anticipolle xa o que lle dixen antes: o Partido Galeguista non vai aceptar, nin axudar a construír muros nin o seu, nin tampouco o do discurso da Sra. Porteiro, dáme igual que a Sra. Porteiro sume ou reste coma lle pete.

En todo caso esta Corporación vai durar o que vai durar e logo virá outra e entón xa veremos qué opinan os cidadáns vigueses. Ó mellor o Partido Socialista inventa outra operación francamente desventurada e poderemos volver falar. Coma queiran, nós imos estar falando con vostede, que representa hoxe ó Partido Socialista ou con quen o represente, tentando chegar a acordos, Sra. Porteiro, para contradicir o seu discurso canto na lista da parte de alá, e para llo dicir claro: recibo a mensaxe, tómoa e explico en voz alta.

Logo volvo con vostede, Sr. Figueroa, para lle dicir dentro dese discurso que sempre o viron vostedes, é absolutamente coherente. Lamentablemente erramos en máis dunha cousa pero logo dicimos o que pensamos e sentimos, dicímolos con corazón e traballamos detrás das propostas que nos parecen obxectivamente boas, governe o Partido Popular, o desventurado, ou governe quen governe e ímolos seguir facendo. Polo tanto se vostede me formula hoxe se imos ter prexuízos para lle votar en contra sen máis, é que o está dicindo dun xeito descarado, non fale vostede polo Partido Galeguista que tentará coma sempre obxectivar as mellores cousas para Vigo.

Se vostede me pregunta se me parecen boas para Vigo estas cousas que están aquí, eu résposto rotunda e claramente que si, pero tamén anticipolle outras moitas que non están aquí, díxenllo moitas veces; se vostede non sabe delas o Partido Galeguista tamén llas vai poñer enriba da mesa, non crendo en emendas, que xa veremos coma quedan as que fixemos no seu día, permítanme aí que meta de novo a paréntese de ver o que pasa. Sr. Figueroa, eu non teño por qué non lle crer que estea executado o 80% dos orzamentos, peor mo pon cara ó Partido Galeguista, porque restando só o 20% que queda por executar, do Partido Galeguista cero total.

¿Por qué vou crer eu en vostede, Sr. Figueroa? ¿qué credibilidade me pide para o futuro con respecto á atención que coido que lle debería prestar a algunhas, non digo a todas, das nosas proposicións no tempo. En todo caso quérome acoller ás verbas do Sr. Concelleiro de Facenda de que lle vai prestar unha atención e que realmente ese tema se resolva. Polo tanto, aínda que non lle presten atención, anticipolle xa a colaboración leal, en función de ideas e de cousas concretas que facer por Vigo, a vostedes e ó resto da Corporación. Cantonanismos segan a facelos vostedes ou os outros, alá vostedes.

SR. TOBA GIRÓN: Xa non vou intervir sobre o fondo da cuestión, sinxelamente para dicir que ten o Sr. Secretario a moción presentada polo BNG e só quero substituíla por esta que está asinada polo Sr. Soto, por min mesmo e pola Sra. Porteiro. Nada máis.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Pido a palabra por unha alusión persoal que se me fixo, non para entrar no fondo do debate. Se se me permite gustariame poder contestala.

Non falo no nome do Grupo Socialista neste caso, senón no meu persoal porque fun aludida por un membro desta Corporación. A este membro desta Corporación, para evitaren un retruque de alusións, sinxelamente lle quero pedir un favor: coma asesor do que debe facer esta persoa que agora lle fala, ou coma persoa experta en lides políticas do partido no que eu milito, pediríalle que deixara de me facer recomendacións porque para min hai unha acción na súa historia política que me fai imposible seguir calquera consello que vostede me dea con respecto ó meu partido.

Vostede foi o candidato con máis votos no ano 91 nas siglas do Partido que eu defendo e vostede non quixo estar ó fronte desta Corporación coma xefe da oposición que ó mellor tería cambiado moito a historia do Partido Socialista na cidade e da propia cidade.

Prégolle por favor, co cariño que malia todo vostede sabe que lle teño, que non me dea máis consellos neste sentido porque todos na nosa vida política podemos cometer erros ou acertos pero non temos ningunha capacidade de lles dicir ós demais que é o que teñen que facer e menos pontificando. Moitas grazas.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Porteiro, malia todo eu téñolle un franco e absoluto cariño pero iso non o quere dicir que eu non teña opinións políticas do que

fai o Partido Socialista e que non as vaia dicir con absoluta liberdade, sexa vostede, o partido, ou sexa quen sexa.

Digo máis, deséxolle a vostede e máis ó Partido Socialista todo tipo de éxitos, ogallá porque sería bo para a cidade e para que iso poida suceder a seguir vou calar o que eu penso.

SR. FIGUEROA VILA: Só unha matización para lle dicir ó Sr. Soto que nós temos a mellor intención de que todas as propostas que el presentou nos orzamentos se leven a cabo.

Acábanme de pasar agora os datos porque semella que non lle queremos contestar ou que non somos sensibles ás propostas que vostedes fan.

No orzamento acordáronse con vostede unha serie de partidas coma a de supresión de barreiras arquitectónicas por 30.000 € que se están executando; as pistas de atletismo, 80.000 € que coido que mesmo é máis do que vostede propoñía; dime a Concelleira de Deportes que 212.000 €.

Só hai un tema, o do Grupo Escultórico Xaime Quesada, que ten un problema puramente xurídico de decisión porque a outra parte coida que o hai que facer dun xeito, os técnicos municipais falan de que precisan un informe por veren cómo se leva a cabo esta proposta, pero repito que a intención é do facer pero o único que falla é poñerse de acordo coa outra parte para o levar a cabo.

Sobre o do Consello Social da Língua dicir que é certo que se reuniu só unha vez pero se están facendo aportacións. De todos os xeitos a Sra. Alcaldesa vai falar co Concelleiro de Cultura para que se reuna inmediatamente e poida dar resposta á súa petición.

En canto ó das axudas humanitarias internacionais non só hai 60.000, senón que neste momento xa están en marcha compromisos por importe de 72.000 €.

Polo tanto, dos temas que vostede presentou é certo que hai un que nin se iniciou por un problema puramente xurídico, outro que está en marcha aínda que seguramente non lle convence a vostede na situación en que está e os demais podemos asegurarlle que están a un ritmo elevado ou rematado.

Quérolle contestarlle iso porque senón parecería que non lle damos resposta ó discurso que fixo vostede durante toda a mañá. Moitas gracias.

Aquí hai unha emenda do Partido que maior parte das cousas están incluídas, dígo para que saibamos o que imos votar.

A PRESIDENCIA: A Sra. Porteiro retira a súa emenda e asinan de xeito conxunto os tres Grupos e isto é o que imos votar.

VOTACIÓN DA PROPOSTA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE, BNG E PG DURANTE O CURSO DO DEBATE: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constituen de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria número 65/05, por un importe de 3.936.514,35 euros, desglosado nas seguintes partidas e contías:

A) FINANCIAMENTO:

Con cargo a remanentes líquidos de Tesourería.

B) APLICACIÓNS:

Funcional	Concepto	Importe	Partida
DEPORTES	Reimplantación do céspede do Estadio Municipal de Balaidos	94.272,00	4521.2100006
PATRIMONIO HISTº	Monumento Mariñeiros Mortos no mar	60.000,00	4531.6010000
PARQUES E XARDÍNS	Arranxo, sinalización e limpeza dólmenes da Madroa	90.000,00	4326.6110013
RELACIÓNS CIDADÁS	Remate obra Centro Cívico Saiáns	120.000,00	4631.6220001
RELACIÓNS CIDADÁS	Acondicionamento exterior Centro Cívico Saiáns	104.759,26	4631.6010001
RELACIÓNS CIDADÁS	Adquisición mobiliario C. Cívico Saiáns	36.000,00	4631.6250001
RELACIÓNS CIDADÁS	Reparación fisuras edificio AA.VV Navia	18.862,79	4631.2120000
RELACIÓNS CIDADÁS	Adquisición mobiliario (butacas) Auditorio Valladares	30.000,00	4631.6250005
DEPORTES	Arranxo deficiencias da pista de fútbol sala de San Xoán Monte	73.147,31	4521.2120003
PATRIMONIO HISTÓRICO	Rehabilitación do muro do estanque de Castrelos	150.000,00	4531.2100003
PATRIMONIO HISTº	Reforzo muro parque de Castrelos	317.767,00	4531.2100004
ADMON. XERAL	Rectorado	1.000.000,00	1210.6320002
COMERCIO INT. E MERCADO	Milloras en Mercados	19.000,00	6220.6320000
DEPORTES	Reparación urxente eléctrica	72.000,00	4521.2130001
DEPORTES*	Pagos Cidade de Vigo (2002-2003)	300.000,00	4521.4700000
DEPORTES*	Outras débedas pntes. (2000-2003)	370.000,00	4521.2100006
VIAS E OBRAS	Praza pública do Berbés	600.000,00	5110.6110055
Relacións Cidadás	1º Fase urbanización accesos Saiáns	108.706,00	4631.6010000
SEGURIDADE	Instalación Cinemómetros	72.000,00	2220.6290002
SANTº ABASTº AUGA	Gastos Depuradora	300.000,00	4410.2260900
	TOTAL	3.936.514,36	

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do RD Lexislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

LOGO DA VOTACIÓN DA ANTERIOR EMENDA, PRODÚXOSE O SEGUINTE DEBATE:

SR. TOBA GIRÓN: Formalmene teñen que indicar a retirada da súa proposta.

A PRESIDENCIA: Non, é que non a retiramos.

SR. TOBA GIRÓN: Ben, non pasa ren.

A PRESIDENCIA: É que están todos os temas incluídos nela e entón imos votar a nosa proposta, ¿non lle parece lóxico? Imos votar a nosa proposta.

SR. SOTO FERREIRO: Cuestión de orde, Sra. Alcaldesa. Eu pídlle un pouco de reflexión para que non fagamos un Pleno esperpéntico e quedemos todos non sei de qué xeito.

Coido que vostedes poden aceptar ou non a emenda pero ista contradí absolutamente o fondo da súa proposta e vostedes non poden poñer as dúas cousas a votación, teñan un pouquiño de coherencia.

SR. FIGUEROA VILA: Nós votamos a favor desa emenda e o resto da proposta votámola, ¿cómo non o imos facer? Aquí hai unha emenda dunha parte da nosa proposta que se acepta, pero loxicamente temos que manter as demais propostas, non ten ningunha incoherencia.

SR. TOBA GIRÓN: Sra. Presidenta, dende o noso punto de vista non hai dúbida, a emenda é de substitución, é evidente; non hai novas aportacións, é unha emenda de substitución tal e coma di o texto redactado, por outra banda.

A PRESIDENCIA: Que é unha emenda de substitución está claro. Entón nós imos volver votar. Non estaba claro que fora unha emenda de substitución, unha emenda "sen troques de...", pola nosa banda non o tiñamos claro.

SR. TOBA GIRÓN: Sr. Secretario, ¿podemos volver votar?

SR. SECRETARIO ACCTAL.: Penso que podemos dicir que en principio había tres propostas, unha sobre o conxunto dunha serie de obras, outra que as recortaba e outra que recortaba un pouco máis. Coido que máis que unha emenda de substitución é unha emenda que recolle parte da proposta. Entón

coido que non é contradictorio votar si a unha parte e votar si ás demais partes.

SR. TOBA GIRÓN: Non estamos de acordo coa interpretación do Sr. Secretario pero é a que vale porque é o Secretario do Pleno.

A PRESIDENCIA: É o Secretario do Pleno quen está actuando e nós imos votar a totalidade da proposta.

SR. TOBA GIRÓN: Adiante.

SR. FIGUEROA VILA: Votamos agora o resto da proposta non aprobado.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Non imos poñer obstáculos a que saia adiante esta emenda que consensuamos tres Grupos políticos da Corporación, pero que conste na acta a nosa protesta por cómo se está levando esta votación que é absolutamente irregular.

A PRESIDENCIA: Dende o momento que se definiu o Secretario do Pleno, imos votar tal e coma di.

SR. TOBA GIRÓN: Eu si quero que conste en acta que o Grupo propoñente, o Grupo de Goberno votou a emenda e polo tanto mostrou a súa conformidade a substituír as partidas que eles presentaban ó Pleno polas partidas presentadas polos outros Grupos. Fágase pero que conste que isto é manifestamente irregular. Iso ten un obxectivo e é que vostedes votan a favor da emenda, votan a favor da totalidade e votan a favor da totalidade multiplicada por catro. Sra. Presidenta, isto é practicamente burlarse do Pleno.

A PRESIDENCIA: O Secretario do Pleno informou e coa súa información nós imos votar porque, coma dixo, esta emenda era parte da outra emenda. Imos votala tal e coma dixo o Secretario do Pleno.

SR. SOTO FERREIRO: Imos votar o que vostede queira pero eu lle pedín unha cuestión de orde, é unha cuestión xusto da orde do debate.

Sra. Alcaldesa, encárazolle por favor que reconduza o tema polo ben de todos, polo ben deste Concello e deste Pleno. Créame que coido que logo do

longuísimo debate, seguramente excesivamente longo, que fixemos todos, non hai ninguén que non estea enterado de que a proposición que asinamos tres Grupos políticos conxuntamente substituía e era excluínte absolutamente coa que vostedes facían, ¿Non se enteraron vostedes? Que mal falamos todos. Ou sexa que vostedes pensaban que estabamos a propoñer unha emenda e que ademais desa emenda iamos votar tamén o que vostedes propoñían. De verdade, están levando este esperpento a un nivel de absoluta irracionalidade.

Estou falando por unha cuestión de orde de paso pediríalle ó Sr. Secretario que reanalice o seu pensamento, que en ningún sentido digo que sexa malo porque nun momento determinado todos podemos dicir calquera cousa sexa a que sexa.

Sra. Alcaldesa, se vostedes votan a favor da emenda a seguer non poden nos facer votar o fondo do tema porque evidentemente a emenda substitúe absolutamente ó que vostedes propoñen, pero fagan o que queiran.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, nós non renunciámos á totalidade. Non renunciámos pero non podemos votar en contra dalgo que propoñemos nós e que está recollido na súa emenda.

SR. FIGUEROA VILA: Non sei qué medo teñen vostedes en se non estar de acordo en votar iso, votar non ó resto da proposta.

Imos seren rigorosos. Aquí hai vintetantos temas e deles vostedes queren votar 8 ou 9, se votan estes temas loxicamente nós estamos a favor e hainos que votar, pero ós dezaoito e pico restantes haberá que dicir si ou non. ¿Qué queren, que lles fagamos unha moción fóra da orde do día?

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, a nosa emenda propón unhas partidas e consecuentemente o decaimento de todas as demais, non pode interpretar só unha parte da nosa emenda.

SR. FIGUEROA VILA: Pero xa decae no momento no que vostedes voten que non.

SR. SOTO FERREIRO: Pero non poden votar a emenda e votar outra vez. Dígolles que vostedes poden votar ou non a emenda, o que non poden facer é votar a favor da emenda e a favor da súa proposición.

SR. FIGUEROA VILA: Non sei qué medo teñen.

SR. SOTO FERREIRO: É legalidade, razoabilidade e coherencia do Pleno.

A PRESIDENCIA: O Secretario avalounos a votación, nós non podemos votar que non a favor dunha proposta nosa. Imos votar esa segunda parte.

A Presidencia somete a votación o dictame de comisión informativa de Xestión Municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia e dezaseis votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso,

ACÓRDASE:

Rexeitar o expediente de modificación de crédito incoado pola Alcaldía por resolución do 31 de agosto de 2005, por importe de 18.164.900,36 €.

Explicación de voto do Sr. Toba Girón, polo Grupo municipal do BNG:

Votamos en contra porque esa operación estaba mal pensada. Somos conscientes de que vostedes querían forzar esta operación e esta votación final sinxelamente para que votáramos en contra e para que non aparecera o que nós si queríamos representar: a posición constructiva do conxunto da oposición. Somos conscientes da súa operación, Sra. Presidenta, e quero que saiba que o Grupo municipal do BNG toma nota.

Explicación de voto do Sr. Soto Ferreiro polo Grupo municipal do PG:

Tome nota tamén do que vai facer o Partido Galeguista no futuro. Sra. Alcaldesa, acúsoa publicamente dunha xogarreta política de baixo perfil, acúsoa a vostede persoalmente dunha manipulación intolerable do Pleno apoiándose nun erro do Sr. Secretario e, insisto, eu cometo máis erros ca el seguramente, dáme igual, doulle a miña opinión e ademais vostede sábeo e está a facelo a mantenta. Polo tanto están vostedes garantindo a aqueles que lles dicían "votan a favor do que lles parece para facer o que lles peta". Tomarei nota tamén para o futuro. Que conste en acta.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Insisto na petición de constancia na acta que coidamos o que acaba de acontecer agora coma unha manipulación intolerable das normas do xogo do Pleno e unha burla á Corporación.

SR. FIGUEROA VILA: Pedimos un informe do Secretario, o informe foi bastante claro e parécenos lamentable que se poida dicir que o Sr. Secretario erra, se é así faino para todos. Nós o que estamos facendo non é ningún tipo de manipulación senón que é votar cun informe do Sr. Secretario, votar o que el nos di.

Coido que é o máis correcto do mundo, vostedes presentan unha emenda que se vota, nós votámola a favor e está o resto de peticións e argumentos que vostedes non poñen a votación, sábese perfectamente que queda aprobado o que vostedes dixeron e nada máis.

Polo tanto rexeitamos calquera tipo de manifestacións en canto a manipulacións de ningún tipo.

33.-(189).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 75/05 PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO E OBRAS NO CEMITERIO DE PEREIRÓ. EXPTE. 12901/301.

ANTECEDENTES.- Con data 11 de agosto de 2005, a xefa do negociado de Cemiterios, Sra. Iglesias Leirós, coa conformidade do concelleiro delegado de Asuntos Sociais, informa a necesidade de mercar un vehículo e realización de obras no Cemiterio de Pereiró e formula proposta de modificación de crédito.

Por decreto de data 29 de agosto a Alcaldía accidental resolve de conformidade co anterior proposta.

Con data 31 do mesmo mes o interventor xeral accidental emite informe favorable á modificación solicitada coa seguinte aplicación:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
4430.6220001 (05244302)	servizos hixiénicos	20.000,00 €
4430.6240000 (05244304)	Adquisición de furgoneta:	12.600,00 €

ORIXE PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
4430.6260000	Adquisición sistema informático	32.600, 00 €

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 6 de setembro, dictamina na forma que se expresa na parte dispositiva deste acordo.

S.Ordinaria 12.09.05

(No momento da votación están ausentes os Sres. Ruiz Ceniceros e Toba Girón e a Sra. Sío Lourido).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 75/05, relativa ó gasto que se relaciona no Decreto de incoación, por un importe de 32.600 euros.

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do RD 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

34.- (190).-REGULAMENTO MUNICIPAL DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 11329/444.

ANTECEDENTES.- Polo Departamento de Electro-Mecánicos redáctase o texto dun regulamento co fin de regular as instalacións de alumeado público no termo municipal de Vigo.

Con data 7 de xullo de 2005 o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, Sr. Rodríguez García, manifesta que o texto presentado se axusta á legalidade vixente.

Visto o anterior, con data 8 de xullo, o enxeñeiro industrial municipal, Sr. Crespo Casal, propón a aprobación do devandito texto.

En sesión de data 8 de agosto, a Xunta de Goberno Local presta a súa aprobación ó proxecto de regulamento.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 5 de setembro, dictamina favorablemente.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Intervirei conxuntamente para os puntos 34 e 35 porque sinceramente coido que o fondo da cuestión é o mesmo aínda que estean en distintos apartados da actividade municipal.

En primeiro lugar o que quero propoñer ó Pleno da Corporación é que conste o agradecemento ás persoas que foron as que realmente facilitaron a

elaboración destes dous regulamentos. En concreto, por parte do servizo de Electromecánicos: Alvaro Crespo Casal e Elvira Casas Murás. Por parte do servizo de Montes, Parques e Xardíns a Rafael Lage Veiga, Gilberto Moldes Crespo e Marina Davila Crespo; tamén a unha persoa que nestes momentos non está traballando no Concello que participou dun xeito moi activo: Concepción González Costas.

As dúas propostas de regulamento municipal que traen vostedes, tanto de instalacións de alumado público coma de xardineiría, teñen detrás un traballo profundo, abondoso onde participamos unha morea de persoas e non só as que nomeei, senón tamén aqueloutras que tiveron algo que ver ben pola súa profesión, pola súa actividade empresarial, ben a través dos correspondentes colexios profesionais que participaron na elaboración destes dous regulamentos e que dende logo tamén pola nosa parte lles queremos transmitir a felicitación por ese traballo que fixeron.

Só dous detalles máis. En primeiro lugar, dicirlles que tanto un coma o outro regulamento, veñen a encher un baleiro que ate o de agora tiñamos. Nas obras de urbanización, permítanme a expresión, os parentes pobres eran sempre o alumado, o apartado de xardineiría e sempre se priorizou e se tivo en conta a construción do sólido pero o contorno que deba ser igual coma mínimo, da mesma importancia que a construción de sólido non se tiña en conta e así viñan coma viñan algunhas urbanizacións que obrigaban a unha intervención de carácter inmediato mesmo por parte do Concello.

Nese sentido estes dous regulamentos conteñen tres aspectos importantes. Por un lado un criterio de sostibilidade no sentido que pretende ser tremendamente conservador co contorno e en todo caso, se hai que modificar o contorno, que se xustifiquen as razóns pero sempre tentando conservar o máximo posible.

Por outra banda pretende tamén incluír un criterio de razoabilidade tanto nas instalacións de alumado público coma de xardineiría.

Introduce tamén criterios de carácter técnico que non por iso deixan de ser tamén políticos, para que as urbanizacións que se reciban coma consecuencia da iniciativa tanto pública coma privada estean nas debidas condicións.

Por último quero chamar a atención a este Goberno porque sinceramente coido que estes dous regulamentos atopáronnos nun caixón cando o abriron pero que sinceramente non os cumpre. Iso preocúpame moitísimo porque en primeiro lugar é desprezar o traballo dunha morea de persoas que mesmo dedicaron unha parte importante do seu tempo libre a este tema. Digo porque nas últimas actuacións deste Goberno, mesmo algunhas que supoñen un cargo para as arcas

municipais, como foron as obras de reforma da Alameda, non cumpren o criterio que agora traen para aprobar.

Polo tanto o que lles pido é que aproveiten a ocasión, que se apunten dous tantos pero que tamén respecten e crean no que agora traen a aprobar.

SR. IGLESIAS CARRERA: Sr. Viéitez, sinxelamente agradecer no nome dos funcionarios a súa felicitación. Non sei se os regulamentos estaban aparcados nun caixón ou non, levamos o tempo que levamos, pero ten que recoñecer que este Goberno deulle toda a confianza ó enxeñeiro, D. Álvaro Crespo, a Elvira, a Rafael Lage e a todos os que vostede tan ben coñece e tanto visita. E cánto me custou a min ordear aquilo que estaba bastante desordenado e sego ordeando porque non había nin siquiera un grupo para facer e supervisar proxectos.

Iso moitas veces leva un custo porque saben que non todos somos iguais e moitas veces hai persoas que non están polo labor.

Eu non tomo a felicitación para mín, senón para eses funcionarios ós que se lles deu toda a confianza. Tanto é así que dende que estamos nós Alvaro Crespo é o coordinador de todas as áreas e o director da obra da Alameda.

(No momento da votación está ausente a Sra. Graña Barcia).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar inicialmente o regulamento municipal regulador das instalacións de alumado público no termo municipal de Vigo, co texto que se transcribe deseguido, debéndose someter a información pública por un prazo de trinta días mediante anuncio que se publicará no BOP, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

REGULAMENTO MUNICIPAL REGULADOR DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

CAPITULO 1: NORMAS XERAIS

Artigo 1.- OBXECTO

Artigo 2.- REQUISITOS XERAIS DAS INSTALACIÓNS

- 1.- Valores luminotécnicos
- 2.- Potencia instalada
- 3.- Centros de mando
- 4.- Redes de alimentación

- 5.- Soportes
- 6.- Luminarias
- 7.- Lámpadas

Artigo 3.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

CAPITULO 2: INSTALACIONES

- Artigo 4.- ACOMETIDA
- Artigo 5.- CENTRO DE MANDO

- 1.- Con carácter xeral
- 2.- Baseamento
- 3.- Fabricación
- 4.- Módulo de entrada e medida
- 5.- Módulo de mando e protección
- 6.- Módulo estabilizador-reductor
- 7.- Módulo de comunicacións

Artigo 6.- REDES SOTERRADAS

- 1.- Gabias
- 2.- Canalizacións e entubado
- 3.- Dados
- 4.- Porlóns, porcas e arandelas
 - a) Porlóns
 - b) Porcas
 - c) Arandelas
- 5.- Arquetas
- 6.- Conductores
- 7.- Acometida ás luminarias
- 8.- Caixas de derivación
- 9.- Columnas soporte
 - a) Columnas rectas troncocónicas
 - b) Columnas rectas especiais
 - c) Columnas de gran altura
 - d) Columnas ornamentais
 - e) Xeral

Artigo 7.- REDES SOBRE FACHADA

- 1.- Conductores
- 2.- Condicións da instalación

Artigo 8.- REDES AÉREAS

- 1.- Conductores
- 2.- Apoios
- 3.- Illadores, tirantes e tornapuntas
- 4.- Cimentacións

Artigo 9.- FONTES DE LUZ

- 1.- Luminarias
 - a) Luminarias empregadas en viais
 - b) Luminarias empregadas en prazas, parques, xardíns e rúas peonís
 - c) Limitación do fluxo luminoso
- 2.- Lámpadas
- 3.- Equipos
 - a) Arrancadores
 - b) Reactancias

c) Condensadores

Artigo 10.- POSTA A TERRA DA INSTALACIÓN

Artigo 11.- ALUMEADOS ORNAMENTAIS

- 1.- Materiais a utilizar
- 2.- Tipoloxía das instalacións
- 3.- Altura das instalacións
- 4.- Fixación dos elementos
- 5.- Liñas de subministro de enerxía eléctrica
- 6.- Proteccións
- 7.- Control horario
- 8.- Tramitación e control (presentación de solicitudes)
- 9.- Instaladores autorizados
- 10.- Documentación necesaria para a posta en marcha da instalación
- 11.- Datas de montaxe e desmontaxe das instalacións
- 12.- Cobertura de riscos
- 13.- Fianza
- 14.- Execución dos traballos de acometida e instalación
- 15.- Retirada de autorización ó instalador

CAPITULO 3: CONTROL DE CALIDADE

Artigo 12.- OBXECTO

Artigo 13.- UNIDADES DE OBRA

CAPITULO 4: RECEPCIÓN DAS INSTALACIÓNS

Artigo 14.- DOCUMENTACIÓN

- 1.- Proxecto técnico
- 2.- Certificado de instalación
- 3.- Certificado de dirección de obra
- 4.- Certificados de garantía de calidade
- 5.- Certificado de inspección

Artigo 15.- ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO

Artigo 16.- MEDICIÓNS

Artigo 17.- RECEPCIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE GARANTÍA

ANEXO : FIGURAS E ESQUEMAS

Figura	Descrición
1	Gabias en cruzamento de rúa
2	Gabias en parques e xardíns
3	Gabias en beirarrúas, medianas e beirarrúas
4	Elementos de ancoraxe
5	Elementos de fixación
6	Sistema de fixación do soporte. Detalle entrada entubado.
7	Arqueta tipo cambios de dirección
8	Arqueta tipo crucamentos de rúa
9	Detalles arqueta a pé do centro de mando
10	Planta base centro de mando
11	Detalles cimentación apoio
12	Instalación aérea: Detalle acometida-saídas

- 13 Esquema unifilar tipo
- 14 Disposición tipo limitadores de sobretensión
- 15 Centro de mando
- 16 Cálculo da superficie afectada por cada elemento decorativo

CAPITULO 1.- NORMAS XERAIS

Artigo 1.- OBXECTO

O obxecto do presente regulamento é establecer as condicións mínimas que deberán cumprir as instalacións de iluminación pública tanto de promoción privada como as executadas directamente polo Concello de Vigo, para poder ser recibidas posteriormente polo Servizo Técnico Municipal, para a súa explotación e mantemento.

Artigo 2.- REQUISITOS XERAIS DAS INSTALACIÓNS

1.- Valores luminotécnicos: No proxecto deberán terse en conta os parámetros seguintes:

- Iluminación media en servizo.
- Uniformidades media e extrema.
- Deslumbramento perturbador.

Os anteditos valores fixaranse segundo os seguintes criterios:

Zona a iluminar	Ilum. Media	Unif. Media	Unif. Extrema	Deslumbra.
Rúas Principais	20 a 30 lux	0'6	0'3	10 %
Rúas Secundarias	15 a 20 lux	0'45	0'2	10 %
Rúas Menor entidade	10 a 15 lux	0'4	0'2	10 %
Patios e Xardíns	10 lux	-	-	15 %
Rotondas	40 a 60 lux	0'6	0'3	10 %

Nas vías a iluminar deberanse poder reducir os niveis luminosos a certas horas da noite, sempre que quede garantida a seguridade dos usuarios. En ningún caso a redución descenderá por debaixo do nivel de iluminación aconsellable para a seguridade do tráfico nin para o tránsito peonil.

En xeral, deberán cumprir a máis as recomendacións ou normas de iluminación editadas en cada momento polo Comité Español de Iluminación.

2.- Potencia instalada: As instalacións de iluminación pública proxectaranse de tal forma que a potencia instalada das mesmas sexa sempre inferior a un vatio por metro cadrado (<1 W/m²), salvo naqueles casos nos que quede suficientemente xustificado por motivos de seguridade (túneles, rotondas...) ou calquera outros que precisen de uns niveis de iluminación elevados.

3.- Centros de mando: O número de centros de mando de cada instalación será o mínimo posible, facendo compatible esta esixencia cos cálculos da sección dos condutores.

O armario do centro de mando deberá estar fabricado en chapa de aceiro inoxidable de 2 mm de espesor mínimo segundo norma AISI-304 ou calidade superior, construído con materiais de primeira calidade e dispoñendo de marcado CE. Estará capacitado para unha potencia de 30 kVA.

Estes centros de mando serán de fabricantes homologados, cumprindo todas as normativas establecidas para este tipo de compoñentes e facilitar o correcto e fácil mantemento posterior.

4.- Redes de alimentación: As instalacións de iluminación pública realizaranse mediante redes de alimentación en baixa tensión soterradas.

Con carácter excepcional e por razóns técnicas debidamente xustificadas poderá autorizarse a instalación de redes sobre fachadas ou aéreas, polo dito orden de prioridade para instalacións provisionais ou cando por causas xustificadas, non sexa viable a alimentación con liñas soterradas ou sobre fachada. Nestes casos ditas redes executaranse unicamente con condutores illados a 0,6/1 kV. de tensión de servizo.

Os condutores serán como máximo de 25 mm² en cobre (tipo RV-K) para instalacións soterradas, de 10 mm² en cobre (tipo RZ) para instalacións sobre fachada, e de 50 mm² en aluminio (tipo RZ) para instalacións aéreas sobre apoios de formigón, xustificando o seu emprego.

En todo caso queda prohibida calquera instalación mediante condutores espidos ao aire.

5.- Soportes: Como norma xeral, evitarase a colocación de soportes de puntos de luz nas medianas dos viais de tráfico moi intenso.

Os soportes de iluminación a instalar en prazas, parques, xardíns e rúas peonís terán unha altura mínima de 4 m.

Os soportes empregados nas instalacións soterradas serán do tipo columna recta.

Deberán ter marcado CE.

6.- Luminarias: As luminarias a instalar en prazas, parques, xardíns e rúas peonís serán do tipo antivandálico.

7.- Lámpadas

En xeral utilizaranse lámpadas de vapor de sodio alta presión libres de Hg para a iluminación dos viais, prazas, xardíns e zonas peonís.

A utilización de lámpadas de vapor de mercurio e/ou haloxenuros metálicos deberán ser xustificadas convenientemente polo proxectista, quedando a súa aceptación ou rexeitamento ao criterio do Servizo Técnico Mmunicipal.

Artigo 3.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Ademais do especificado neste regulamento, será de aplicación a normativa vixente, representada na actualidade polas seguintes disposicións:

- R.E.B.T.
Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión e Instruccións Técnicas Complementarias.
Resolución do 5 de setembro de 1997, da Dirección Xeral de Industria, pola que se fixan os criterios técnicos para a aplicación de determinadas instruccións técnicas complementarias do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.
- Normas UNE de aplicación.
- Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.
- Real Decreto 2661/1998, do 11 de decembro, polo que se aproba a "Instrucción de Formigón Estructural" (EHE).
- Regulamentación Técnico Sanitaria de Aplicación:
Accesibilidade e barreiras arquitectónicas:
 - Lei 8/1997, do 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Candelabros metálicos. Especificacións técnicas:
Real Decreto 401/1989 do 14 de abril (Industria e Enerxía), polo que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos candelabros metálicos (báculos e columnas de alumado exterior e sinalización de tráfico) e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.
 - Disposicións complementarias da Consellería de Industria:
Resolución do 5 de setembro, de 1997, DOGA da Dirección Xeral de Industria, pola que se fixan os Criterios Técnicos para determinadas instruccións técnicas complementarias do REBT.
 - Regulamento de actividades molestas, insalubre, nocivas e perigosas:
Decreto da Presidencia de Goberno, do 30 de novembro de 1961 e actualizacións posteriores.
 - Normas de Seguridade e Hixiene de aplicación xeral ós distintos sectores da actividade
Actualizacións posteriores e Ordenanza xeral de Seguridade e Hixiene no traballo, Orde do 9 de marzo de 1991.
 - Policía e Espectáculos públicos e actividades recreativas:
Decreto 2816/1982, do 27 de agosto de 1982
 - Normas Tecnolóxicas da Edificación.
 - Plan Director de Iluminación do Concello de Vigo.

- Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo e Ordenanzas Municipais en vigor.
- Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas Obras de Construcción:
Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro do 1997 (BOE núm. 256 de 25 de outubro de 1997).
- Procedemento para a execución e posta en servizo das Instalacións Eléctricas de Baixa Tensión:
Orde do 7 de xullo de 1997, DOGA Núm. 145
- Disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ó risco eléctrico.
Real Decreto 614-2001 do 6 de xuño

CAPITULO 2.- INSTALACIÓNS

Artigo 4.- ACOMETIDA

Para as acometidas soterradas terase en conta o previsto no artigo 6 deste regulamento, relativo a redes soterradas.

No paso da acometida aérea á acometida soterrada protexeranse os conductores mediante un tubo de aceiro galvanizado de 40 mm. de diámetro mínimo ata unha altura mínima de 2,50 m., segundo se indica na figura 12.

En todo caso, a acometida realizarase de acordo co Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e as normas particulares aprobadas da compañía subministradora de enerxía eléctrica, segundo o previsto para este tipo de instalacións.

Artigo 5.- CENTRO DE MANDO

1.- Con carácter xeral, deberá existir un só armario xeral por cada centro de mando con estanquidade mínima IP 55 segundo UNE 20.324 (EN 60529) e IK 10 segundo UNE-EN 50.102 o cal deberá ir situado no centro de cargas ou o máis próximo posible a este. Estará formado por:

- Unidade de medida en módulo independente
- Unidade de protección e mando
- Unidade estabilizadora-reductora de tensión
- Unidade de comunicacións

Podese ver a disposición do centro de mando na fig. 15.

2.- Basamento: Os centros de mando instalaranse sobre unha bancada de formigón H-200, a cal irá acondicionada nas superficies vistas de acordo co entorno (forrada de pedra, pintada, etc.) a unha altura mínima sobre a rasante do chan de 40 cm., a altura máxima da base irá condicionada á altura máxima dos contadores de 1'20 m. ata o bordo inferior, de acordo coas normas de enlace da compañía subministradora.

Podese ver as características e dimensións do basamento na fig. 10.

No replanteo terase en conta a non existencia nin temporal nin permanente, de obstáculos que poidan impedir o acceso, apertura de portas, montaxe e desmontaxe do centro de mando cos medios habituais do mantemento.

3.- Fabricación: Estará construído por fabricantes homologados en chapa de aceiro inoxidable de 2mm de espesor segundo norma AISI 304 ou calidade superior, pintado con pintura normalizada antiadherente e antigraffiti no RAL 6.005 para a zona rural, e no RAL 5.003 para a zona urbana, en acabado mate ou outras especificacións segundo o servizo técnico municipal.

A estrutura que forma a envolvente, proporcionará un grao de protección mínimo IP44, segundo UNE 20.324 e IK10 segundo UNE 50.102.

En todo caso estarase ao disposto polo Servizo Técnico Municipal.

As características xerais serán as seguintes:

- Tratamento con imprimación, posterior pintado ao forno e lacado. O espesor mínimo será de 100 micras.
- Deberá levar chapa identificativa no interior da envolvente na cal irán reflectidos como mínimo os seguintes datos de instalación:
 - Data de instalación (a rotular polo instalador)
 - Data de fabricación
 - Nome do fabricante
 - Tensión de traballo
 - Potencia nominal
 - Número de fabricación
 - Norma de construción
 - Marcado CE
- Levará na parte superior, tellado para protección contra a choiva. As pechaduras serán de triple acción con varña de aceiro inoxidable e maneta metálica provista de chave normalizada polo Concello de Vigo e soporte para posible colocación de cadeado.
- Levarán reixas de ventilación laterais superiores e inferiores mecanizadas na propia chapa para a ventilación natural, non permitindo a entrada directa de auga.
- Estarán dotados de cáncamos de transporte M-12 desmontables para colocación de parafuso enrasado unha vez instalado o cadro na base.
- O rodapé irá cun mínimo de 4 ancoraxes reforzados con furado de diámetro 20 mm para porlóns de M16 mm.
- As portas poderán ser dúas ou tres e irán pregadas en todo o seu perímetro para maior rixidez e levarán espárragos roscados M4 para conexión do conductor de terra.
- Todo os accesorios e tornillería serán de inox en calidade AISI 316 ou superior.

4.- Módulo de entrada e medida, será trifásico e conterá no seu interior, como mínimo, os seguintes elementos:

- Caixa xeral de protección, con bases portafusibles antifraude con cartucho de 22 x 58 mm. 80 A. e barra neutro seccionable.
- Bornes bimetálicos para o conxionamento de cable ata 500 mm² de sección.
- Os elementos de conexión na entrada quedarán cubertos por un velo que impida o acceso e contacto directo.

- Contador electrónico que permita realizar medicións de enerxía activa dobre tarifa e enerxía reactiva.

5.- Módulo de mando e protección: estará preparado para acometida segundo as normas da compañía subministradora.

Estará dimensionado para unha potencia de 30 kVA e 230/400 V., cunha capacidade de seis liñas trifásicas de saída; debendo en todo caso quedar sempre unha liña de saída de reserva.

Levará caixas de dobre illamento para protección dos aparellos eléctricos. Instalación de cables e contactor auxiliar para tomas de tensión e alarmas para comunicacións. Contactor de alarma que detecta a apertura das portas.

Borne de terra seccionable para verificación e medicións da mesma.

Posibilidade de montaxe de antena de comunicacións no interior do armario.

Estará provisto de iluminación interior por medio dun portalámpadas estanco e toma de corrente monofásica con toma de terra lateral (tipo schuco) de ata 16 A. para uso do servizo de mantemento. A potencia da lámpada será de 60 W.

Levará ademais os seguintes dispositivos:

- Relé para o control dinámico do illamento con saída 4-20 mA.
- Interruptores magnetotérmicos con poder de corte de 10 kA a 400 V segundo norma UNE 60947 de corte omnipolar con as intensidades nominais segundo potencia prevista. Levará un interruptor magnetotérmico xeral omnipolar e tantos outros omnipolares como fases de saída teña.
- Interruptor manual de potencia para o puenteo do contactor principal.
- Conmutador de seis polos para garantir o by-pass total na entrada e saída do equipo reductor-estabilizador de forma que poida quedar totalmente libre de tensión o regulador-estabilizador tanto á entrada coma á saída.
- Interruptores diferenciais antitormenta, de 2 x 40 A para os circuitos de manobra e comunicacións e de 4 x 40 A para os circuitos de potencia cun interruptor por cada liña de saída e coas seguintes características:
 - Sensibilidade 300 mA
 - Inmunity contra disparos intempestivos 5kA.
 - Inmunity contra os efectos provocados polas lámpadas de descarga.
 - Inmunity contra os transitorios, harmónicos, altas frecuencias e correntes continuas (díodos, tiristores, triacs, etc.).
 - Resposta selectiva cun retardo medio de 100 milisegundos.

No caso de ter que iluminar prazas, parques ou xardíns con lámpadas de vapor de mercurio ou haloxenuros metálicos (previa xustificación adecuada do proxectista) a alimentación a istas, farase mediante unha liña independente, a cal levará as proteccións tanto magnetotérmicas como diferencias axeitadas de acordo coas potencias instaladas.

Así mesmo deberá reservarse sempre unha liña de saída coas súas proteccións independentes para alimentación dun posible sistema de rego das árbores e zonas de xardíns.

A iluminación de xardíns e sistemas de rego serán alimentadas mediante circuítos independentes os que irán sen redución.

O armario deberá levar no frontal da porta do módulo correspondente, polo lado interior da mesma o esquema unifilar (figura 13) protexido mediante un plastificado do mesmo.

6.- Módulo estabilizador-reductor: Os equipos a instalar, deberán reunir a lo menos os seguintes requisitos:

- * Tecnoloxía de funcionamento na versión Estáticos.
- * Capacidade mínima 30 kVA.
- * Redución independente por fase do fluxo luminoso e simultaneamente en todos os puntos de luz de ata o 50%, mantendo as uniformidades da iluminación e proporcionando un aforro enerxético de alomenos un 40% na redución máxima. Dita redución do fluxo efectuarase cunha rampla suave de variación de tensión, con saltos de 5 voltios por minuto como máximo, co fin de non alterar a inercia das lámpadas.
- * Estabilización da tensión de saída tanto en réxime nominal como no reducido para unha tensión de entrada comprendida entre os valores de 210 a 250 voltios, cunha tolerancia do $\pm 2\%$ de forma independente para cada fase e unha resposta de estabilización máxima de 100 milisegundos.
- * Protección adecuada, con interruptores magnetotérmicos monofásicos (un por fase), os cales levarán un contactor para que no caso de activación de dita protección, quede puenteadada a fase correspondente.
- * Protección térmica contra sobrecargas, para que no caso de non se activar os interruptores magnetotérmicos descritos con anterioridade, actúe dita protección térmica evitando a avaría por quecemento dos transformadores.
- * Protección contra descargas atmosféricas mediante descargadores de gas e descargadores directos de raio instalados entre as fases e terra segundo a disposición indicada no esquema correspondente (figura 14). Estes descargadores seleccionaranse segundo sexa de localización urbano ou rural, dependendo da sección dos conductores de alimentación os descargadores deberán ser como mínimo a do conductor da alimentación interior do centro de mando.
- * Emprazamento urbano:
Descargadores de gas "clase C" para protexer receptores de categoría III () sendo as súas características as seguintes:
 - Varistor óxido metálico con contacto auxiliar e enchufable:
 - Conexión fase-neutro (3 unidades)
 - Conexión neutro-terra (1 unidade)
 - Intensidade máxima admisible de descarga $I_{Smáx}$ (8/20 μ S): 40 kA.
 - Intensidade asinada de descarga I_{Sn} (8/20 μ S): 15 kA.
 - Tempo de resposta t_a : 25 nS (nanosegundos)
 - Tensión máxima residual U_p :
 - ≤ 1 kV para $I_{Sn} = 5$ kA.
 - $\leq 1,5$ kV para $I_{Sn} = 10$ kA.
 - Intensidade de cortocircuíto con fusibles 50 kA.
 - Módulos: 1.Estes descargadores irán instalados augas abaixo do interruptor xeral e antes do contactor.
- * Emprazamento rural:
 - a) Descargadores directos de raio "clase B" para protexer receptores de categoría IV, sendo as súas características a seguintes:

- Conexión fase-neutro (3 unidades)
 - Conexión neutro-terra 1 unidade)
 - Intensidade de choque de raio I_{imp} (onda 10 / 350 μ S):
 - 75 kA. (1 polo)
 - 100 kA. (multipolar)
 - 100 kA. (toda-las versións)
 - Tempo de resposta t_a : ≤ 100 nS
 - Tensión máxima residual U_p
 - $\leq 3,5$ kV. (conexión fase-neutro)
 - $\leq 1,5$ kV. (conexión neutro-tierra)
 - Intensidade de cortocircuito con fusibles 50 kA.
 - Módulos: 2.
- Iran instalados augas abaixo do interruptor xeral e antes do contactor.

b) Descargadores de gas "clase C" para protexer receptores de categoría III () sendo as súas características as seguintes:

- Varistor óxido metálico con contacto auxiliar e enchufable:
- Conexión fase-neutro (3 unidades)
- Conexión neutro-terra (1 unidade)
- Intensidade máxima admisible de descarga $I_{Smáx}$ (8/20 μ S): 40 kA.
- Intensidade asinada de descarga I_{Sn} (8/20 μ S): 15 kA.
- Tempo de resposta t_a : 25 nS (nanosegundos)
- Tensión máxima residual U_p :
 - ≤ 1 kV para $I_{SN} = 5$ kA.
 - $\leq 1,5$ kV para $I_{SN} = 10$ kA.
- Intensidade de cortocircuito con fusibles 50 kA.
- Módulos: 1.

Estes descargadores irán instalados augas abaixo do interruptor xeral e antes do contactor.

- * Sistema de By-Pass automático por cada fase, de maneira que no caso de fallo por avaría do equipo ou activación dos sistemas de protección descritos con anterioridade, quede sempre garantido o funcionamento da iluminación pública.
- * Rearme automático independente por cada fase, con inicialización do programa de encendido no arranque diario.
- * Ventilación natural.
- * Certificado de Laboratorio Oficial avalando os requisitos descritos con anterioridade.

7.- Módulo de comunicacións: Os equipos de comunicacións a instalar deberán ser compatibles co sistema establecido de comunicación co Centro de Control. Os requisitos a cumprir por tales equipos deberán ser os seguintes:

- * Soporte de comunicacións por Canal Radio na frecuencia operativa a tal efecto no Concello de Vigo ou por outro medio que estea implantado dependendo da evolución das comunicacións en cada momento.
- * Reloxo astronómico con cálculo diario do orto e o ocaso e troco automático da hora de inverno/verán. Posibilidade de corrección mínima de 60 minutos sobre as horas de orto e ocaso. Reserva de marcha 10 anos.
- * 3 Relés de saída programables independentemente segundo o reloxo astronómico ou a horas fixas:
 - Saída nº 1: Relé de saída astronómico.
 - Saída nº 2 Relé de saída para aforro enerxético.

- Saída nº 3 Relé de saída especial, astronómico ou programable.
- * Entradas de tensión e intensidade trifásica para medida de tensión, intensidade, potencia activa e reactiva, factor de potencia e contadores de enerxía activa e reactiva e de horas de funcionamento.
- * Entradas dixitais por contactos libres de tensión para rexistro das alarmas a controlar.
- * 1 Entrada analóxica 4 - 20 mA libre.
- * Rexistros: Memoria RAM para almacenar históricos durante alomenos 1 mes de:
 - Rexistros de medidas eléctricas.
 - Alarmas e eventos.
- * 1 Canal de comunicación RS232 optoillado para conexión a modem telefónico ou radio.
- * 1 Canal de comunicación RS485 optoillado para conexión a outros elementos do sistema de control.
- * Montaxe en rail DIN 35 mm.
- * Capacidade de envío de alarmas en tempo real de forma automática dende todo-los cadros de mando o Centro de Control e Centro de Operacións do persoal de mantemento, con posibilidade de programación e direccións alternativas. As alarmas a controlar deberán ser as seguintes:
 - Apertura da porta do Centro de Mando.
 - Variación (aumento ou diminución) no consumo de enerxía eléctrica a partires de 100 Wh.
 - Disparo protección diferencial manobra.
 - Fallo de subministro na rede eléctrica xeral (fases: R, S, T)
 - Control independente para cada fase do equipo Reductor-Estabilizador:
 - Fallo da estabilización no funcionamento nominal
 - Fallo na rampla de redución-subida
 - Fallo da estabilización no funcionamento reducido
 - Disparo de interruptor magnetotérmico xeral.
 - Disparo dos interruptores diferenciais ata un máximo de 6.
 - Control do illamento regulamentario entre fases, co neutro e coa terra.
 - Disparo dos térmicos de saída (capacidade para 6 liñas de saída).
 - Activación dos By-Pass do equipo reductor-estabilizador.
 - Control da batería do autómeta (activación e estado da mesma).
 - Encendido manual fóra do horario astronómico.
 - Control do estado dos descargadores de gas.
 - Subida ou baixada da tensión nominal da rede xeral nun $\pm 7\%$.
 - Control do factor de potencia:
 - * $< 0,8$ para a tarifa 2.0
 - * $< 0,9$ para a tarifa B.0
 - Adianto/atraso do reloxo astronómico respecto do horario establecido.
 - Control do estado das liñas xerais de alimentación con aviso de falta de continuidade nas mesmas.
- * O software necesario para o control e a xestión do sistema deberá ser totalmente compatible cos programas existentes a tal efecto no Concello de Vigo.
- * O sistema de comunicación dos autómetas do Centro de Control deberá ser aberto e compatible co existente.

Artigo 6.- REDES SOTERRADAS

1.- Gabias: A gabia (fig.2 e 3) baixo beiravía, medianas, beirarrúa e xardíns, ben sexan pavimentadas, de chan de terra ou de céspede terán unha profundidade adecuada, de maneira que a xeratriz superior dos tubos de polietileno se atope a unha distancia como mínimo de 40 cm por debaixo da rasante do pavimento, chan de terra ou céspede, e unha anchura de 40 cm, podéndose admitir que a mesma sexa de 30 cm cando existan outras canalizacións ou servizos que dificulten a execución da gabia de alumeadado público. No caso de gabia en xardíns terá unha anchura de 30 cm, admitíndose neste caso un único tubo de polietileno de 63 mm. de diámetro.

Unha vez limpo o fondo da gabia de pedras e cascotes, instalaranse separadores de tubos cada 80 cm e colocaranse os tubos de polietileno sobre ditos separadores, reenchendo o fondo da gabia e recubriendo os tubos con formigón H-250 cun espesor de 10 cm por enriba dos mesmos. O resto da gabia reencherase con zahorra ou xabre seleccionados ata o seu recheo total, compactándoo mecanicamente por tongadas non superiores a 20 cm. As densidades de compactación esixidas serán do 95% do proctor modificado.

Deberá colocarse unha cinta de sinalización que advirta da existencia da canalización da iluminación pública o cal terá un ancho de 30 cm. en gabia de 40 cm. de anchura, e de 20 cm. en gabia de 30 cm., dita cinta estará situada a unha distancia mínima da rasante do chan de 10 cm. A terminación da gabia executarase repoñendo o tipo de pavimento, chan de terra ou céspede existente inicialmente ou proxectado.

A gabia en cruzamento de calzada (fig.1) terá unha profundidade de aproximadamente 80 cm, de maneira que a superficie superior dos tubos de polietileno máis próximos a calzada se atope a unha profundidade mínima de 50 cm por debaixo do pavimento da mesma, e unha anchura de 40 cm. O fondo da gabia deixarase limpo de pedras e cascotes preparando un leito de formigón de resistencia característica H-250 de 10 cm de espesor, colocando os tubos de polietileno de 11 cm de diámetro, instalando sobre ditos tubos, apoiados no leito de formigón, separadores de PVC cada 80 cm. Colocando catro tubos de polietileno de idénticas características aos anteriores sobre os citados separadores, reenchendo e cubrindo os catro tubos con formigón H-250 e un espesor mínimo de 15 cm. por riba dos mesmos e polos lados ≥ 10 cm. Nos cruzamentos das rúas coidarase, especialmente, o formigonado exterior dos tubos co fin de conseguir un perfecto macizado dos mesmos.

O resto da gabia reencherase con zahorra ou xabre seleccionados, ao obxecto e evitar posibles asentamentos. A 10 cm. da parte superior do dado de formigón, onde se atopan os tubos, colocarase unha malla de sinalización de 30 cm. de ancho.

En todos os casos de gabias entre dúas arquetas consecutivas as canalizacións non serán horizontais senón lixeiramente convexas de tal maneira ca auga almacenada por condensación ou filtrado circule sempre cara as arquetas.

Cruzamento con outras canalizacións

Nos cruzamentos con canalizacións eléctricas ou de outra natureza (auga, rede de sumidoiros, gas, teléfonos, etc.) os tubos de polietileno irán macizados dunha capa de formigón de resistencia característica H-250 de 10 cm de espesor. A lonxitude do tubo formigonado será como mínimo de 50 cm a

cada lado da canalización existente, debendo ser a distancia entre esta e a parede exterior do tubo de polietileno de 15 cm. polo menos.

Nos seguintes cadros recóllense as distancias en cm. A conservar entre os diferentes servizos, tanto dispostos paralelamente, como nos seus posibles cruces, dispoñendo os elementos de protección específicos. No caso de que por insuficiencia de espazo houbera de rebaixarse estas distancias, colocaranse os elementos de especial protección, xustificándoos tecnicamente ou ben que a respectiva regulamentación estableza para tales casos.

DISPOSICIÓN EN PARALELO									
	S	AB	RS	BTeMT	AT	TF	COM	GAP	GM-BP
AP	50	25	20	25	25	25	25	40	20

DISPOSICIÓN EN CRUZAMENTO									
	S	AB	RS	BTeMT	AT	TF	COM	GAP	GM-BP
AP	25	25	25	25	25	20	20	20	20

Sendo:

AP: Alumeado Público
S: Saneamento
AB: Abastecemento de auga
RS: Rede semaforica
BT: Liña eléctrica de baixa tensión
MT: Liña eléctrica de media tensión
AT: Liña eléctrica de alta tensión
TF: Telecomunicacións
COM: Comunicación por cable
GAP: Gas alta presión
GBP: Gas baixa presión

2.- Canalizacións e entubado

As canalizacións discorrerán a unha profundidade mínima de 40 cm., pegadas á rúa pola beira interior da beirarrúa e ao atravesar os rexistros de recollida de augas pluviais realizarase un encofrado de formigón, para a protección do entubado, a unha profundidade mínima de 40 cm.

Os tubos serán de polietileno con dobre parede (corrugada exterior e lisa interior), segundo norma UNE EN 50086.2.4. O diámetro dos mesmos será de 110 mm. para os viais e 63 mm. para prazas, parques e xardíns.

A entrada aos centros de mando deberase facer con accesorios adecuados que garantan o curvado dos mesmos. A entrada aos soportes de iluminación deberase facer co accesorio en "Y" segundo a fig.6.

As canalizacións do alumeado non poderán ser modificadas pola interferencia con outras canalizacións, salvo autorización expresa do Servizo Técnico Municipal.

O tendido dos tubos efectuarase coidadosamente, asegurándose que na unión o solapamento sexa de polo menos 8 cm. Os tubos colocaranse completamente limpos por dentro e durante a execución da obra coidarase de que non entren materiais estraños, polo que deberán taparse, de forma provisional, as embocaduras dende as arquetas e as bases dos soportes.

Así mesmo os tubos, tanto nas arquetas como no centro de mando, unha vez instalados neles os conductores de maneira definitiva, deberán ser selados con poliuretano inxectado, para evitar a entrada de ratos.

3.- Datos

As dimensións das bases de formigón, soporte das columnas quedan determinadas segundo o indicado nas Normas Tecnolóxicas de la Edificación (NTE), do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente. Como mínimo serán as seguintes:

DADOS	
H en m	A x A x B en m
≤ 7	0,50 x 0,50 x 0,70
8	0,65 x 0,65 x 0,80
9	0,80 x 0,80 x 1,00
10	0,80 x 0,80 x 1,00
12	0,80 x 0,80 x 1,20
14	1,00 x 1,00 x 1,40

Sendo A x A a sección da base e B a altura da mesma.

Os datos deberán sobresaír 25 mm. sobre o nivel da beirarrúa. A distancia entre centros de porlóns defínese no apartado 2.3.4.1 e deberán sobresaír como máximo 110 mm. do dado. O formigón a utilizar será de tipo H-250.

4.- Porlóns, porcas e arandelas

a) Porlóns: Para as cimentacións dos puntos de luz implantaranse como mínimo catro porlóns de ancoraxe que serán de aceiro en calidade mínima F-III segundo norma UNE-33.051 DIN 934, dobrados en forma de cachaba e galvanizados, con roscado métrico na parte superior realizado con ferramentas de tallado e non por extrusión do material, e que levarán dobre zunchado con redondo continuo de 8 mm de diámetro en calidade F-III ou superior e soldado aos catro porlóns, tal e como se indica na fig. 4.

En función da altura «H» do soporte da luminarias as dimensións mínimas recomendadas dos porlóns axustaranse ao cadro que se inclúe a continuación:

PORLÓNS							
	H≤ 6	H=7	H=8	H=9	H=10	H=12	H=14
L	600	700	700	700	700	900	1000
φ	16	22	22	22	22	24	24
r	100	110	110	110	130	130	150
b	100	150	150	150	200	200	250
c	250	350	350	350	450	450	450
d	215	285	285	285	285	285	285
e	544	623	623	623	616	816	916

Nota: Salvo «H» que se expresa en metros, as demais magnitudes consignáronse en milímetros.

Sendo:

- L = lonxitude do porlón.
- ϕ = diámetro do porlón.
- r = lonxitude do roscado do porlón.
- b = distancia dende a parte baixa do porlón ao zunchado inferior.
- c = distancia do zunchado inferior ao superior.
- d = distancia entre centros dos porlóns.
- e = distancia da parte superior ao centro de curvado.

b) Porcas: As dimensións mínimas que se recomentan das porcas métricas cincadas establécense en función da altura "H" do soporte, conforme ao determinado na norma DIN 934, no cadro seguinte e de acordo coa nomenclatura da fig. 5:

PORCAS MÉTRICAS			
H	$H \leq 6$	$7 \leq H \leq 9$	$10 \leq H \leq 14$
s	30	35	40
m	18'5	18'5	18'5

Nota: A excepción de «H» que se expresa en metros, as demais magnitudes especificáronse en milímetros.

onde:

- s = distancia entre caras da porca métrica
- m = altura da porca métrica

c) Arandelas: Respecto ás arandelas que serán cadradas, de aceiro e galvanizadas, as súas dimensións recomendadas determínanse en función da altura "H" do soporte da luminaria.

En consonancia coa nomenclatura da fig. 5 e de conformidade co cadro que se inclúe seguidamente:

ARANDELAS			
H	$H \leq 6$	$7 \leq H \leq 9$	$10 \leq H \leq 14$
A_1	40	50	60
a_1	5	5	8
ϕ_1	21'5	24'5	27'5

Nota: Excepto "H" que se indica en metros, as demais magnitudes sinaláronse en milímetros.

sendo:

- A_1 = lado da arandela.
- a_1 = espesor da arandela.
- ϕ_1 = diámetro do buraco da arandela.

O montaxe dos anteriores elementos fázase da seguinte forma: finalizada a escavación executarase a cimentación situando a plantilla cos catro porlóns con dobre zunchado nivelados e fixos, así coma o tubo de polietileno de 11cm de diámetro para o paso dos condutores eléctricos, procedendo a verter o formigón. Unha vez fraguada a cimentación instalaranse as porcas inferiores

nos porlóns. Izarase o soporte apoiando a base sobre as arandelas, poranse as arandelas e porcas superiores de suxeición, procedendo á nivelación do soporte manipulando as porcas inferiores. Posteriormente, axustaranse convenientemente as porcas superiores. O esquema da situación final podese ver na fig. 6.

O control dos materiais e da execución das cimentacións, así como os ensaios a realizar, axustaranse ao disposto na Instrucción de formigón estrutural EHE ou normativa que a substitúa.

5.- Arquetas: Estarán realizadas con ladrillo colocado a media asta ou formigón de espesor equivalente. Se o material empregado é formigón, e a construción se realiza "in situ", dotaranse as paredes laterais de lixeiro afundimento para facilitar a retirada do encofrado. Se as arquetas se constrúen de fábrica de ladrillo enfoscaranse as paredes laterais interiores. Podense ver esquemas dos diferentes tipos de arquetas nas fig.7, fig.8 e fig.9.

Deberán existir arquetas sempre nos cambios de dirección pronunciados, cruzamentos de rúas, a pé do centro de mando e en finais de liña. As dimensións serán de 0,50 x 0,50 x 0,60 m. para cambios de dirección e para toma de terra, e de 0,60 x 0,60 x 1,00 m. para os cruzamentos de rúa e 0,60 x 0,60 x 0,60 a pé do centro de mando. As tapas e marcos serán de fundición gris, salvo en prazas, parques e xardíns nos que se admitirán por motivo de decoración tapas e marcos fabricados en poliamida reforzada con fibra de vidro de alta resistencia ao impacto e tratada contra o envellecemento por radiación ultravioleta e capacitadas para soportar unha carga mínima de 5 Tm. Deberán ir rotuladas co texto: "CONCELLO DE VIGO. ALUMEADO PÚBLICO". Deberán ter peche do tipo antivandálico e estarán capacitadas para soportar unha carga mínima de 12 Tm. en beirarrúas e 20 Tm. nas rúas.

No fondo da arqueta, formado polo propio terreo e libre de calquera pegote de formigón, deixarase un leito de grava groso (tamaño da grava 25-50 mm.) de 15 cm de profundidade para facilitar a drenaxe. A terminación da arqueta na súa parte superior enrasarase co pavimento existente ou proxectado, dándolle unha pendente dun 2% para evitar a entrada de auga. A reposición do chan no contorno da arqueta efectuarase repoñendo o pavimento, chan de terra ou xardín, existente ou proxectado.

Sempre que sexa posible adosaránse a cimentación do soporte ás arquetas de paso ou derivación.

A distancia máxima entre arquetas consecutivas será de 50 m, salvo que existan puntos intermedios de iluminación.

6.- Condutores: Os condutores empregados nas redes soterradas serán de cobre, unipolares, flexibles, con illamento de polietileno reticulado con cuberta exterior de neopreno de 0,6/1 kV de tensión de servizo, deberán cumprir a norma UNE 21.123 e irán entubados.

A sección mínima a empregar será de 6 mm² incluído o neutro, segundo o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión ITC-BT-09 e sección máxima de 25 mm² salvo requirimentos específicos e xustificadas. Recoméndase a subdivisión das redes, cando os resultados dos cálculos obriguen á instalación de condutores de maior sección.

Non se admitirán condutores que presenten defectos na cuberta, nin sinais de que foran usados con anterioridade ou que non sexan subministrados na súa bobina de orixe.

Deberán conectarse todos os condutores (fases, neutro e toma de terra) en todas e cada unha das caixas de derivación das columnas soportes, e a unha altura mínima de 0,3 m sobre o nivel do chan.

Os cambios de sección nos condutores faranse no interior dos soportes. Cando existen cambios nas seccións dos condutores, deberán empregarse as debidas proteccións para protexer a liña.

Os condutores de alimentación aos puntos de luz que van polo interior dos soportes deberán ser flexibles e aptos para traballar en réxime permanente, a temperaturas ambiente de ata 70 °C. Estes condutores deberán ser soportados mecanicamente na parte superior do soporte ou na luminaria e non se admitirá que colguen directamente do portalámpadas.

Os condutores de cada liña que parte do cadro de mando non poderán ser utilizados por ningún outro circuíto que non pertenza á propia iluminación pública, salvo o destinado ao sistema de rega das zonas axardinadas.

Os distintos condutores de cada circuíto sinalaranse de tal forma, ao longo de todo o circuíto nas zonas de acceso aos mesmos (arquetas, caixas de derivación, centros de mando), que sexa posible identificar as diferentes fases e o neutro da instalación. As conexións ao longo da rede faranse de xeito que sexa respectada a identificación en todo o seu percorrido.

7.- Acometida ás luminarias: Realizarase dende a caixa de derivación a pé da columna, mediante conductor flexible de 3x2'5 mm² de sección que inclúe fase, neutro e conductor de protección para a posta a terra da luminaria. Será de 0'6/1 kV de tensión de servizo con illamento de polietileno reticulado e cuberta exterior de PVC.

Non existirán empalmes no interior das columnas. Nos sitios de entrada dos cables ao interior dos soportes, os cables deberán ter unha protección suplementaria de material illante mediante a prolongación do tubo ou outro sistema co garante. A conexión dos terminais estará feita de tal xeito que non faga sobre os condutores ningún esforzo de tracción.

8.- Caixas de derivación: Serán de poliéster reforzado con fibra de vidro, material aislante, autoextinguible, con catro bornes para a conexión de cable cunha sección ata 25 mm², protexidas con cartucho fusible de cápsula cilíndrica tamaño UTE 10x38 mm para unha intensidade ata 20A e grao de estanquidade IP-44, segundo norma DIN 40.050.

Estarán dotadas dun fusible que permitan o corte da fase e a súa apertura desconectarán automaticamente o punto de luz.

Os fusibles instalados serán de Alto Poder de Ruptura (APR) perfectamente calibrados para protexer a liña.

A conexión será pola parte inferior e a saída de alimentación, a luminaria, será pola parte superior co que se evitará o forzado dos condutores na saída.

A tapa deberá ser practicable e estará preparada para poder ser precintada mediante un parafuso de peche.

Os empalmes e derivacións deberán realizarse sempre nestas caixas, sitas dentro dos soportes das luminarias e a unha altura mínima de 0'3 m sobre a rasante do chan; deberá quedar sempre garantida a continuidade, o illamento e a estanquidade do conductor.

En ningún caso poderán facerse empalmes dentro das canalizacións, arquetas ou dos soportes.

Os distintos conductores de cada circuíto sinalaranse de tal forma que sexa posible identificar as diferentes fases e o neutro. As conexións ao longo da rede faranse de xeito que sexa respectada a identificación en todo o seu percorrido.

9.- Columnas soporte

Poderán instalarse as seguintes:

- a) Columnas rectas troncocónicas: Serán subministradas por empresas de recoñecida solvencia no mercado e deberán cumprir co Real Decreto 2531/1985 do 18 de decembro en canto as especificacións técnicas dos recubrimentos galvanizados en quente.

Os soportes das luminarias de alumeado exterior se axustarán á normativa vixente (no caso de que sexan de aceiro deberán cumprir o RD 2642/85, RD 401/89, UNE-EN 40-5:2003, e OM do 16/5/89).

As columnas metálicas serán troncocónicas con conicidade do 1'2 ao 1'4 % e diámetro en punta de 60 mm. Terán un espesor mínimo de 3 mm ata 12 m de altura e 4 mm para alturas superiores.

Os soportes se dimensionarán cun coeficiente de seguridade non inferior ao 2,5.

O tronco do cono obterase en prensa hidráulica a partir de prancha de aceiro A37b, dunha soa peza ata alturas de 12 m, soldada seguindo unha xeratriz; dita soldadura realizarase con electrodo continuo e en atmosfera controlada. Deberá achegarse un certificado do tipo de prancha.

Nas soldaduras transversais deberase reforzar a sección de unión para asegurar a resistencia aos esforzos horizontais e deberase pulir, co fin de acadar un acabado exterior de boa aparencia.

Levarán soldados á base, unha placa de fixación de forma cadrada (do tipo con cartelas ou reforzo equivalente) cunha apertura central de 100 mm de diámetro, para o paso de cables e catro furados para o paso doutros tantos porlóns, que irán roscados por un extremo coa rosca correspondente e dobrado polo outro extremo para mellor agarre ao formigón, entregándose cada porlón provisto de tres porcas e dúas arandelas.

Nos fustes, e á altura mínima de 300 mm da placa base, efectuarase unha apertura rectangular de ángulos redondeados, cun grao de protección mínimo IP-44 segundo UNE 20.324/1M:2000 e IK-10 segundo UNE-EN 50.012, e cos reforzos internos correspondentes para cumprir a lexislación vixente sobre

candelabros metálicos (báculos e columnas de alumeado exterior e sinalización de tráfico), Real Decreto 401/1989 do 14 de abril.

Pola súa parte interior levará soldados dous travesaños para a substentación da caixa portafusibles e por debaixo da porta unha orella de prancha de ferro de 3 mm. de espesor con furado central de 10 mm de diámetro para a conexión de toma de terra. Todos os soportes deberán levar en lugar visible unha placa troquelada con indicación do nome do fabricante, dimensións e numeración co fin de identificalos.

Todas as soldaduras excepto a vertical do tronco serán como mínimo de calidade 2 segundo Norma UNE 12517/A1:2003 con características mecánicas superiores ás do material de base.

A superficie exterior dos báculos e columnas non presentarán defectos (manchas, raias, abolladuras...) e as soldaduras puliranse debidamente co fin de acadar un acabado exterior de boa aparencia e regularidade.

Instalaranse con cada columna ademais de 4 porlóns con 3 porcas e dúas arandelas por cada un, unha placa de toma de terra, de aceiro galvanizado de 500 x 500 x 3mm., e toma de contacto lateral coas correspondentes pezas de empalme adecuadas, de forma que se asegure o perfecto contacto desta co correspondente cable de cobre, de forma que a conexión sexa efectiva, por medio de parafusos, elementos de compresión, remaches ou soldadura de alto punto de fusión.

Todas as columnas entregaranse galvanizadas en toda a súa lonxitude, mediante mergullo, en baño quente. O baño de galvanizado deberá conter un mínimo do 98,5% de zinc puro en peso e obterase un depósito mínimo de 600 gr/m² sobre a superficie, ou espesor mínimo de galvanizado de 70 micras. Tal característica e as de adherencia, continuidade e aspecto superficial, adaptaranse ao establecido na Norma UNE-EN ISO 1461:1999 e cumprirán o Real Decreto 2531/1985 do 18 de decembro. Deberá achegarse un certificado de garantía do galvanizado igual ou superior a 10 anos contra a corrosión.

Deberán ir pintadas con pintura antiadherente e antigraffiti no RAL a determinar polo Servizo Técnico Municipal.

Proceso de pintado:

- 1.- Desengrase - Fosfatado.
- 2.- Lavado.
- 3.- Pasivado.
- 4.- Lavado con auga desmineralizada.
- 5.- Secado.
- 6.- Pintado.
- 7.- Polimerización.

Espesor mínimo do recubrimento: 60/80 μ

Probas de adherencia da pintura segundo norma UNE-EN ISO 2409:1996.

Co obxecto de non prexudicar o servizo de mantemento, non está permitida a montaxe de soportes cunha altura superior a 14 m., salvo autorización expresa (previamente xustificada) do Servizo Técnico Municipal.

No caso de que fose necesaria a montaxe de soportes de altura superior a 14 metros, ou que substenten máis de dúas luminarias con independencia da súa altura, deberanse realizar os cálculos pertinentes xustificando as dimensións segundo cada caso concreto.

Nos lugares en que non sexa posible acceder con vehículos-guindastre ou estea limitada a capacidade de carga (<2.000 kg/m²) para as tarefas de mantemento, tales coma xardíns, prazas sobre garaxe soterrado, etc., a altura das columnas nunca superará os 5 m.

No caso de instalacións con columnas superiores aos 5 m disporá dun acceso cun ancho mínimo de 2 m. para facilitar as tarefas de mantemento.

c) Columnas rectas especiais: Naquelas zonas nas que o Servizo Técnico Municipal o considere necesario requiriranse columnas de deseño, que combinarán unha base de fundición gris con fuste en aceiro inoxidable, pulido a espello en calidade AISI 316 ou superior. As bases irán pintadas con pintura antiadherente e antigraffiti no RAL a determinar polo Servizo Técnico Municipal, e levarán solapado o escudo en bronce do Concello de Vigo con boa calidade de definición.

d)

As características da fundición gris serán:

- Composición química:

% C	% Si	% Mn	% S	% P
3	1'8	0'8	<0'05	<0'13

- Características mecánicas:

Resistencia mínima á tracción	20 kp/mm ²
Dureza Brinell	190-240 HB

Disporán dunha porta de rexistro a unha altura tal que unha vez instaladas queden a unha altura mínima sobre o rasante de 300 mm.

A dita porta disporá da pechadura normalizada e só poderá accionarse mediante as ferramentas especiais para tal fin e cun grao de protección mínimo IP-44 segundo UNE 20.324/1M:2000 e IK-10 segundo UNE-EN 50.012.

A distancia entre centros dos furados deberá coincidir coa das columnas rectas troncocónicas para facilitar a súa intercambiabilidade; deberán ser accesibles dende o exterior ás porcas superiores de fixación da base.

c) Columnas de gran altura: Todos os soportes que superen os 14 m de altura disporán dun dispositivo automático que permita o ascenso e descenso das luminarias para o seu mantemento.

As coroas ou partes deslizantes disporán dun sistema mecánico de ancoraxe na súa posición de funcionamento e dun sistema de freado automático en caso de rotura ou fallo do sistema elevador.

O sistema elevador estará constituído por un motor e un sistema de cables e poleas no interior da columna, protexido contra contactos directos e indirectos e contra sobreintensidades e cortocircuitos.

Os conductores de alimentación aos proxectores, un por cada proxector, deberán ser flexibles segundo o indicado no punto 2.3.7 e a súa instalación debe facerse de modo que impida que se retorza no interior das columnas nas operacións de ascenso e descenso da coroa móbil.

Os conductores eléctricos non estarán sometidos a esforzos de tracción.

As portas de acceso ao compartimento do motor estarán situadas como mínimo a 30 cm. de altura da rasante do pavimento unha vez instalada a columna, dita porta disporá da pechadura normalizada e só poderá accionarse mediante as ferramentas especiais para tal fin e cun grao de protección mínimo IP-44 segundo UNE 20.324/1M:2000 e IK-10 segundo UNE-EN 50.012.

Irán pintadas con pintura antiaderente e antigraffiti no RAL a determinar polo Servizo Técnico Municipal.

Disporá igual que o resto dos soportes dunha orella en lugar accesible para embornar o cable de posta a terra.

Poderá admitirse o uso dun só motor para varias columnas cando o Servizo Técnico Municipal, en función da distancia entre columnas e as condicións de conservación así o estime conveniente.

Coas columnas subministraranse todos os elementos para o seu funcionamento, tanto en condicións de servizo como de mantemento e conservación.

d) Columnas ornamentais: Serán subministradas por empresas de recoñecida solvencia no mercado, e cumprirán a norma UNE-EN 1561 E a norma UNE-EN 1559.

Disporán dunha base de furados de fixación accesibles dende o seu exterior.

Estarán dotadas dunha porta de rexistro a unha altura tal que unha vez instaladas queden a unha altura mínima sobre o rasante de 300 mm. (aprox. 550 mm. dende a parte inferior da placa base). A porta disporá da pechadura normalizada e só poderá accionarse mediante as ferramentas especiais para tal fin e cun grao de protección mínimo IP-44 segundo UNE 20.324/1M:2000 e IK-10 segundo UNE-EN 50.012.

Pola súa parte interior levará soldados dous traveseiros para a substentación da caixa portafusibles e por debaixo da porta unha orella de prancha de aceiro galvanizado de 3 mm. de espesor cun furado central de 10 mm. de diámetro para a conexión da toma de terra.

Os debuxos e gravados da columna presentarán cantos nítidos e uniformes en toda a súa lonxitude e perímetro. Os mecanizados deixaranse completamente pulidos e sen rebarbas.

As unións das pezas realizaranse mediante parafusos inoxidables en calidade AISI 316 ou superior que asegure a súa correcta fixación e quede embutida totalmente na columna.

Serán de fundición de ferro gris FG-22 segundo norma UNE-EN 1561 e UNE-EN 1559. A composición química da fundición será a seguinte:

% C	% Si	% Mn	% S	% P
3'2	1'6	0'6		
3'6	2'0	0'8	<0'14	<0'15

As características mecánicas da fundición serán as seguintes:

Resistencia mínima á tracción	22 kp/mm ²
Dureza Brinell	180-240 HB

Con cada columna subministrada achegárase un certificado de peso.

Deberán ir pintadas con pintura antiadherente e antigraffiti no RAL 6.005 ou en todo caso segundo o indicado polo Servizo Técnico Municipal. Para conseguir unha boa adherencia da pintura, as pezas de fundición someteranse previamente a un decapado por proxección de chorro de area e de seguido daraselles unha man de imprimación antioxidante de clorocaucho pigmentado con óxido de ferro micáceo e o seu espesor mínimo da película seca será de 30 µm. O proceso de pintado rematarase cunha capa de acabado de 40 µm de espesor de película seca.

A altura mínima será de 4 m. Poderán combinar base de fundición e fuste de Inox en calidade mínima AISI 316 e acabado pulido ao espello.

En prazas, parques e xardíns, onde existe un maior risco de electrocución, no caso de instalación de columnas de aceiro galvanizado con espesor de 3 mm mínimo, deberán levar un recubrimento de poliamida reforzada con fibra de vidro de alta resistencia ao envellecemento por radiación ultravioleta e tratada contra o ácido úrico. Deberá garantir a imposibilidade do risco de electrocución (Clase II - dobre illamento cunha rixidez dieléctrica superior a 40.000 V).

Características deste recubrimento:

- Poliuretano en base a resinas acrílicas con poliisocianatos alifáticos, ceras fluoradas e aditivos absorbentes de ultravioletas.
- Impide a adherencia de pó, etiquetas adhesivas, etc. e permite a fácil limpeza de graffitis, marcadores indelebles, etc. sin alterar ningunha das súas propiedades.
- Totalmente resistente á oxidación.
- Resistencia ultravioleta en cámara QUV segundo norma UNE 48-251-92 (exposición do recubrimento á luz e auga) con lámpada UV-B 313 nm. Non degradándose tras 2.000 h de ensaio en continuo. Ciclos:
- Ciclo 1. 4 horas a 60°C e 100% de humidade, lámpadas encendidas.
- Ciclo 2. 4 horas a 40°C e 100% de humidade, lámpadas apagadas.
- Resistencia á brétema salina en cámara saturada ao 5% en NaCl e ao 100% de humidade a 40°C durante 2.000 horas, segundo UNE 112-017-92. Non degradándose tras 2.000 h de ensaio continuo.
- Resistencia aos produtos químicos, gasolinas e disolventes.
- Espesor da película seca 30-50 micras.
- Brillo da película seca 6-8% a 60° Beaumé.
- Adherencia da película seca GT 0 segundo EN-ISO-2409.

Proceso de pintado:

- Método de aplicación aerográfico.
- Secado a 100°C durante 30 minutos.

Os elementos de suxeición da placa base, pernos, porcas e arandelas deberán ser de aceiro inoxidable en calidade AISI 304 ou superior.

En todas as instalacións deberá garantirse a accesibilidade a estas para o seu mantemento.

No proxecto deberán quedar xustificadas tanto a altura das columnas ornamentais como a distancia entre estas e as árbores tendo en conta o tipo de arborado da zona considerada.

e) Xeral: En canto ao marcado CE dos anteriores soportes será o fabricante ou o seu representante autorizado establecido dentro da UE o responsable da realización do marcado CE. O símbolo CE debe ser conforme á Directiva 93/68/CEE, e os soportes contendrán marcas ou indicacións de acordo coa norma UNE-EN 40-5:2003. O marcado CE e a información co acompaña deberá de colocarse no propio produto, nunha etiqueta adherida ao mesmo, no seu embalaxe ou nunha documentación comercial adxunta.

Está terminantemente prohibida a substentación de elementos tales como pancartas de publicidade, sinais, anuncios, alumeado do nadal, etc. sobre os soportes da iluminación pública indicados con anterioridade.

Artigo 7.- REDES SOBRE FACHADA

1.- Condutores: Os condutores serán de cobre, con illamento de 0,6/1 kV de tensión de servizo, de sección mínima de 4 mm² e non superior a 10 mm², preferiblemente multipolares.

Os condutores cumprirán as prescricións contidas nas normas UNE 21.022, UNE 20.448, UNE 21.030 e UNE 21.117.

2.- Condições de instalación: Os condutores deberán ir grampados na fachada a unha altura mínima de 3 m e aproveitarán as posibilidades de ocultación que brinden as fachadas, de modo que destaquen o menos posible.

Para a súa fixación empregaranse grampas metálicas plastificadas cunha interdistancia non superior ao medio metro (0,5 m.) resistentes ás accións da intemperie.

Os condutores protexeranse adecuadamente naqueles lugares en que se poidan sufrir deterioro mecánico de calqueira índole.

Os empalmes, cambios de dirección ou derivacións aos puntos de luz só se permitirán nas caixas de derivación.

Evitarase a instalación dos condutores por zonas de posibles cerramentos posteriores como terrazas ou balcóns. Nas proximidades de aberturas en fachadas deberán respetarse as distancias mínimas esixidas no REBT.

Nos cruzamentos de rúas pavimentadas os condutores deberán de ir soterrados e serán das características sinaladas no apartado de instalacións soterradas. No caso de non ser viable o Servizo Técnico Municipal determinará a solución a empregar en cada caso. No caso de se adoptar cruzamentos aéreos, a liña aérea situarase a unha altura mínima do chan de 5 m.

Artigo 8.- REDES AÉREAS

1.- Condutores: Os condutores serán de cobre ou aluminio, con illamento de 0,6/1 kV. de tensión de servizo. A sección mínima será de 10 mm² en cobre, e 16 mm² en aluminio, a sección máxima de 25 mm² en cobre, e 50 mm² en aluminio e preferiblemente multipolares. Poderánse adoptar outras seccións superiores baixo o consentimento dos Servizos Técnicos Municipais.

Os condutores cumprirán as prescricións contidas nas normas UNE 21.030, UNE 21.080, UNE 20.448, UNE 21.030 e UNE-EN 60.811.

Os condutores irán tensados directamente ou sobre neutro fiador, segundo sexa a súa sección. En vans de ata 40 m e seccións de ata 3x25 mm² en aluminio os condutores poderánse instalar directamente tensados, cunha tensión máxima de 70 daN a 80 daN, mediante accesorios adecuados. Para seccións de 50 mm² en aluminio, os condutores serán autoportantes con neutro fiador de Almelec de 54,6 mm², os condutores tenderanse tensados sobre o citado neutro mediante accesorios adecuados.

Os empalmes de condutores ou trocos de sección só se admitirán nas caixas de derivación ao punto de luz.

A liña aérea situarase nos cruzamentos de rúa a unha altura mínima da rasante de 6 metros.

Igualmente que no paso da conexión aérea á conexión soterrada protexeranse os condutores mediante un tubo de aceiro galvanizado de 36 mm de diámetro mínimo ata unha altura mínima de 2,50 m, segundo se indica na fig. 12.

2.- Apoios: Os apoios serán de formigón, cumprirán a recomendación UNESA 6703 e a súa resistencia mínima será de 160 daN. Así mesmo, os apoios de formigón cumprirán as prescricións contidas na norma UNE 21.080, "Apoios de formigón armado no pretensado. Fabricación e ensaios".

Nas liñas aéreas non se empregarán apoios metálicos.

Para a fabricación dos apoios de formigón utilizarase cemento P-450, cascallo e area, cunha adecuada relación auga-cemento. A resistencia característica obtida será superior a 450 kP/cm² en probeta cilíndrica aos vinteoito días. O aceiro da armadura será de alta adherencia e límite elástico mínimo de 4.100 gr/cm² e carga de rotura superior a 5.300 kg/cm².

Os apoios de formigón serán do tipo armado vibrado, e as súas principais características serán as seguintes:

Profundidade de empotramento :	(Altura/10) + 0,5 m.
Tolerancia de fabricación :	± 5 % (max. 15 mm.)
Conicidade na cara estreita :	(13 ± 2) mm./m.
Conicidade na cara ancha :	(21 ± 2) mm./m.
Diámetro orificios pasantes :	18 ± 0,7 mm.

Os buratos para a fixación do brazo mural e soporte dos condutores indicaranse nos planos do proxecto e terán unha tolerancia no diámetro, en máis ou menos, de 5 mm. (±5 mm.) e a separación entre eles, en máis ou menos, do 5 % (±5%).

Os ensaios de rutina consistirán en realizar, como mínimo e na orde seguinte, as comprobacións que se citan a continuación:

- Comprobación visual de acabados.
- Control dimensional.
- Verificación de puntos de fixación.

3.- Tirantes e tornapuntas: Cando exista un cambio de dirección importante na liña aérea, ou no seu derradeiro apoio, poderán empregarse tirantes e tornapuntas que deberán cumprir o indicado no REBT.

Os tirantes serán de cabo de aceiro galvanizado, de diámetro non inferior a 10 mm, e irán ancorados a un dado de formigón das mesmas dimensións cá cimentación do apoio.

Protexerase a parte máis próxima á cimentación ata unha altura de 2 m, cun tubo de aceiro galvanizado de 36 mm. de diámetro.

Serán fixados sobre os apoios no mesmo punto no que se instale o cabo fiador da liña.

Só no caso en que non sexa posible a instalación de tirantes poderase empregar tornapuntas de igual material que o apoio e fixados a el no punto máis próximo posible ao de aplicación da resultante dos esforzos actuantes sobre el.

4.- Cimentacións: As cimentacións para os apoios de formigón fig. 11, cumpriran o indicado no REBT, Instrucción ITC-BT-06 (Instalación de apoios), e terán as dimensións que se indican na táboa seguinte:

F en daN	H-h	CLASE DE TERREO					
		Frouxo (K=8)		Normal (K=12)		Rochoso (K=16)	
		a (m)	h (m)	a (m)	h (m)	a (m)	h (m)
160	9	0,50	1,50	0,50	1,40	0,50	1,30
	11	0,60	1,60	0,50	1,50	0,50	1,40
250	9	0,60	1,60	0,60	1,50	0,60	1,40
	11	0,60	1,70	0,60	1,50	0,60	1,40
	13	0,70	1,70	0,60	1,60	0,60	1,50
400	9	0,70	1,70	0,60	1,60	0,60	1,50
	11	0,70	1,80	0,60	1,70	0,60	1,60
	13	0,70	1,90	0,70	1,70	0,60	1,70
	15	0,80	1,90	0,70	1,80	0,70	1,70

Artigo 9.- FONTES DE LUZ

1.- Luminarias: As luminarias e proxectores utilizados en alumeados exterior serán conformes á norma UNE-EN 60.598.

Poderán ser das seguintes clases:

- a) Luminarias empregadas en viais
Cumpriran os seguintes requisitos xerais mínimos:

- Carcasa de aluminio inxectado con acabado en pintura acrílica, con compartimento independente para auxiliares eléctricos e irá provista de toma de terra.
- Auxiliares eléctricos montados sobre placa desmontable, separados do bloque óptico e cun grao de estanquidade mínima IP-54 e IK-8.
- Sistema óptico con dispositivo de reglaxe e estanco con grao de estanquidade mínimo IP-65.
- Reflector asimétrico dunha soa peza de aluminio de elevado grao de pureza (99,99%), electro-abrilantado, anodizado e selado.
- Posición da lámpada axustable segundo condicións de implantación.
- Peche de vidro plano ou lenticular termo-resistentes e elevada transmisión e cunha resistencia ó impacto mínimo de 6 J.
- Sistema de fixación a columna, do tipo mixto (lateral e vertical).
- Rendemento luminoso mínimo dun 70%. Cumprirán co mercado CE de compatibilidade electromagnética.
- Serán das de primeira calidade dentro dos principais fabricantes existentes no mercado.

b) Luminarias empregadas en prazas, parques, xardíns e rúas peonís
Cumprirán as seguintes características:

- Carcasa. Poliamida reforzada con fibra de vidro.
- Difusores. Policarbonato transparente estabilizado contra raios U.V. Altamente resistente aos impactos.
- Sistema óptico. Grao de estanquidade mínimo IP-65.
- Reflector. Dunha soa peza de aluminio de elevado grao de pureza, electro-abrilantado, anodizado e selado.
- Peche de vidro termo-resistente e elevada transmisión $\geq 90\%$.
- Rendemento luminoso superior ao 50%.
- Antivandálicas.

c) Limitación do fluxo luminoso: As luminarias en xeneral non deberán dirixir o fluxo luminoso por enriba do plano paralelo ao horizonte. Se chama ao fluxo que sobrepasa este plano con as siglas FHS (fluxo hemisferio superior). Os límites de tolerancia deberán ser:

- Luminarias de uso vial FHS menor o igual ao 0,2%
- Luminarias de uso vial-peoníl FHS menor o igual ao 1,5%
- Luminarias en zonas peonís FHS menor o igual ao 2%
- Luminarias de tipo ornamental FHS menor o igual ao 5%

2.- Lámpadas: En xeral utilizaranse lámpadas de vapor de sodio alta presión libres de Hg para a iluminación dos viais, prazas, parques e zonas peonís. A potencia máxima instalable nunca será superior a 1 W/m².

O tipo de lámpada utilizable (tubular ou ovoide) quedará determinada pola xeometría do reflector da luminaria de acordo coas especificacións de cada fabricante.

A utilización de lámpadas de vapor de mercurio e/ou haloxenuros metálicos deberán ser xustificadas convenientemente polo proxectista, quedando a súa aceptación ou rexeitamento ao criterio do Servizo Técnico Municipal.

As lámpadas para instalar axustaranse os seguintes requisitos mínimos:

	Eficacia en lum/w	Vida útil (horas)	Contido en Hg (mg)
--	-------------------	-------------------	--------------------

VSAP	≥ 100	≥ 16.000	= 0
VMCC	≥ 50	≥ 12.000	≤ 20
HM	≥ 80	≥ 10.000	≤ 70

3.- Equipos: Irán aloxados no interior da luminaria e serán de alto factor de potencia. Cun valor nunca inferior a 0'9, estarán constituídos por elementos independentes para así facilitar o mantemento, a súa reposición e para asegurar o correcto funcionamento e será garantido este mediante certificado específico pola dirección de obra.

Serán de primeira calidade e irán aloxados no interior da luminaria.

Inclúense os seguintes:

- a) Arrancadores: Serán do tipo independente e de superposición con transformador de impulsos incorporado, e irán aloxados no interior da luminaria.
Cumprirán as normas CEI-926, CEI 927, UNE-EN 60.922, 60923, 60926, 60.927, 60.928 e 61.347 ou normas que as substitúan, ademais irán sinalados co mercado CE.
- b) Reactancias: Cumprirán as normas UNE-EN 60922, 60923, 60926 e 60927 ou normas que as substitúan, ademais irán sinaladas co mercado CE.
- c) Condensadores: Serán da capacidade adecuada de modo que o factor de potencia final da instalación sexa como mínimo 0,90.

Axustaranse ao esixido no REBT, ás instruccións ITC-BT-44 e 48, ás normas UNE de aplicación e ademais irán co mercado CE.

Artigo 10.- POSTA A TERRA DA INSTALACIÓN

- O sistema de posta a terra da instalación deberá ter unha resistencia inferior a 20 ohmios e disporá dun rexistro próximo (arqueta a pé de centro de mando) ao cadro de mando para efectuar as medicións pertinentes.
- Todas as liñas de distribución que parten do cadro irán achegadas do seu correspondente conductor de protección, ao que irán conectadas todas as partes metálicas da instalación.
- A liña de enlace de cada soporte co electrodo ou coa rede do sistema de posta a terra da instalación será de cable de cobre unipolar illado de tensión nominal 750 V con cor do illante amarela-verde e unha sección mínima de 16 mm².
- Os conductores que unen a rede de terra cos electrodos ou picas deberán ser illados mediante cables de cobre unipolares de tensión nominal 750 V con cor de illamento amarelo-verde e sección mínima 16 mm².
- Aproveitaranse as arquetas existentes para instalar unha pica de toma de terra á que se conectará o conductor de protección. En calquera caso instalárase un electrodo como mínimo cada cinco soportes de luminarias e sempre no primeiro e no derradeiro soporte de cada liña.

- Todas as conexións dos circuítos de terra faranse mediante terminais, grampas, soldadura ou elementos apropiados que garantan un bo contacto permanente e protexido contra a corrosión.
- O conductor de protección non poderá ser utilizado por ningún circuítos que non pertenza á instalación propia da iluminación pública.
- As partes metálicas dos quioscos, marquesiñas, cabinas telefónicas, etc., que estean a unha distancia inferior a 2 m. das partes metálicas da instalación de alumeado exterior e que sexan susceptibles de ser tocadas simultaneamente, deberán estar postas a terra.
- Cumprirá o indicado no REBT, instrucción ITC-BT-18.

Artigo 11.- ALUMEADOS ORNAMENTAIS

1.- Materiais a utilizar: Utilizaranse lámpadas de baixo consumo, así como fío luminoso con microlámpadas e fibra óptica.

Queda prohibida a instalación de lámpadas de incandescencia de potencia superior a 15 vatios.

2.- Tipoloxía das instalacións: Co obxecto de adecuar as características das instalacións ás rúas, sinálanse os seguintes ratios máximos de instalación:

Anchura da rúa entre fachadas	Potencia máxima instalada (W/m ²)
Ata 8 metros	10
Entre 8 e 12 metros	8
Entre 12 e 18 metros	6
Máis de 18 metros	5

O cálculo da superficie afectada por cada elemento decorativo, fárase segundo o indicado na fig. 16.

Estes ratios poderán ser adaptados ás características especiais nos casos singulares que se consideren, sempre previa xustificación dos mesmos ao Servizo Técnico Municipal.

É libre o deseño artístico dos elementos de iluminación, sempre e cando se adapten ao evento da celebración.

3.- Altura das instalacións: A altura mínima das instalacións, será de 4,80 metros medidos dente a rasante da beirarrúa.

4.- Fixación dos elementos: Os elementos ornamentais, irán ancorados ás paredes das fachadas dos edificios, excluindo polo tanto os balcóns, varandas, etc.).

As fixacións ás fachadas serán especiais, para a fácil recuperación do aspecto inicial.

O tendido do soporte, será en fío de aceiro con tensores nos extremos.

Queda prohibido terminantemente a utilización como soporte dos elementos do mobiliario urbano como semáforos, soportes de iluminación pública, soportes de sinalización, etc.

Os instaladores autorizados, serán os responsables directos de calquera desperfecto orixinado como consecuencia da súa actuación.

5.- Liñas de subministro de enerxía eléctrica: Os conductores a utilizar tanto para as acometidas de enerxía eléctrica ao centro de mando e protección, coma para alimentación aos puntos de luz, serán dos tipos:

RV-K 0,6/1kV ou RZ 0,6/1kV

dependendo de si ésta é soterrada ou aérea respectivamente.

A liña de subministro de enerxía eléctrica, deberá ser soportada polos elementos propios da instalación.

Cando a liña sexa soportada nas fachadas dos edificios, a fixación, será resistente, tanto dende o punto de vista mecánico coma do illamento eléctrico correspondente.

Os portalámpadas a utilizar, serán do tipo estanco.

6.- Proteccións: As liñas de saída dende o Centro de Mando e Protección, estarán protexidas con interruptores diferenciais de 300 mA. de sensibilidade e interruptores magnetotérmicos calculados de acordo coa intensidade máxima admisible dos conductores.

7.- Control horario: Cada instalación estará regulada por un Centro de Mando e Protección, que incorporará as proteccións regulamentarias segundo cada liña de saída, dispoñendo ademais dun interruptor de manobra e un reloxo mecánico ou astronómico regulado de acordo co horario establecido para o encendido e apagado da iluminación.

8.- Tramitación e control (presentación de solicitudes): As asociacións ou organismos solicitantes, deberán presentar no Concello, no Departamento de Turismo, dous meses antes do evento, a solicitude de autorización coa seguinte documentación:

- Proxecto técnico ou carpetaña segundo corresponda da instalación a realizar de acordo coa potencia a instalar.
- Descrición dos elementos de iluminación a instalar, especificando os tipos de elementos e de cada unidade luminotécnica que conforma o elemento.
- Potencia a contratar.
- Situación da conexión coa rede de subministro de enerxía eléctrica.
- Compañía eléctrica subministradora da enerxía.
- Instalador autorizado contratado para a instalación.

9.- Instaladores autorizados: Os instaladores autorizados, deberán presentar no departamento de Turismo a seguinte documentación:

- Póliza de responsabilidade civil.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias correspondentes.
- Fotocopia compulsada do carné en vigor de instalador autorizado pola Delegación da Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

10.- Documentación necesaria para a posta en marcha da instalación: Antes da posta en marcha da instalación deberá presentarse a seguinte documentación:

- Boletín da instalación eléctrica, selado pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia e conformado pola compañía eléctrica subministradora de enerxía.
- Certificado de dirección de obra, asinado por técnico competente e visado polo Colexio Oficial correspondente.

11.- Datas de montaxe e desmontaxe das instalacións: A montaxe das instalacións, poderá facerse como máximo 1 mes antes da data de posta en servizo.

A desmontaxe da instalación e retirada dos elementos, deberá realizarse como máximo 1 mes dende a finalización das festas.

Deberán retirarse obrigatoriamente todos os elementos de fixación utilizados.

O departamento de Servizos Electro-Mecánicos poderá autorizar a permanencia de anclaxes especiais nas fachadas utilizadas para a iluminación ornamental, se as súas características así o aconsellan, debendo ser a autorización de forma expresa a través de documento oficial do Concello.

12.- Cobertura de riscos: Os instaladores autorizados, deberán ter constituída cunha compañía de seguros unha póliza de responsabilidade civil por un valor mínimo de seicentos mil euros (600.000 Euros), en previsión dos danos que poidan ser ocasionados a terceiros ou ao patrimonio municipal.

13.- Fianza: Depositárase unha fianza do 4% do importe total das instalacións realizadas por cada instalador autorizado para facer fronte a posibles danos nas instalacións municipais ou particulares.

14.- Execución dos traballos de acometida e instalación: Se os traballos de acometida ou as condicións da instalación ou a desmontaxe da mesma, non cumpriran as indicacións anteriores, poderase sancionar aos instaladores ou aos titulares da instalación con multas de ata trescentos (300 Euros) por acometida e día, contando dende o día da detección da anomalía ata o día da súa corrección.

Se o incumprimento fora nas prescricións sinaladas no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión ou nas súas instrucións técnicas complementarias, á parte da sanción sinalada anteriormente, procederase á desconexión inmediata da instalación e notificarase á Delegación Provincial da Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

O incumprimento no que se refire ás datas de montaxe e retirada da instalación, será sancionada con sesenta (60 Euros) por acometida e día, sendo obxecto da sanción aos instaladores ou no seu caso aos titulares da instalación.

15.- Retirada de autorización ao instalador: A reiteración de incumprimentos dos requisitos indicados, poderá ocasionar ao instalador a retirada de autorización para a instalación de iluminación ornamental no termo municipal do Concello de Vigo.

CAPÍTULO 3.- Control de calidade

Artigo 12.- OBXECTO.

Co obxecto do cumprimento das diversas normativas establécense os mínimos controis que debera efectuar un Organismo de Certificación Autorizado (OCA) nas instalacións de alumeadado público no Concello de Vigo.

Debendo emitir tal organismo un certificado no que se contemplan as diversas descrições das inspeccións así coma o seu resultado e valoración.

Artigo 13.- UNIDADES DE OBRA.

Na seguinte táboa expóñense as diversas unidades de obra que se teñen que inspeccionar por parte de unha OCA. Cada unidade de obra contén os diferentes controis nos que se ten que actuar.

UD. OBRA		ARQUETAS		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO ENSAIO	
Comprobación de dimensións e emprazamento das arquetas.	Segundo Ordenanza.	100% das arquetas.	UT	
Comprobación do sistema de drenaxe das arquetas.	Segundo Ordenanza.	100% das arquetas.	UT	
Comprobación do tipo de peche, carga admisible e rotulación das tapas das arquetas.	Segundo Ordenanza.	100% das arquetas.	AM	
UD. OBRA		FORMIGÓN ESTRUCTURAL DAS CIMENTACIÓNS DOS BÁCULOS OU COLUMNAS.		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO ENSAIO	
Resistencia a compresión a 28 días.	UNE 83300/84, 83301/91, 83303/84 e 83304/84.	5% das cimentacións	E	
Asentamento no cono de Abrams.	UNE 83313/90.	5% das cimentacións.	E	
Comprobación da altura das bases das cimentacións de báculos ou columnas sobre a rasante da beirarrúa.	Segundo Ordenanza.	100% das cimentacións.	UT	
Comprobación do sellado con formigón das bases despois da nivelación de columnas ou báculos	Segundo Ordenanza.	100 % das bases.	UT	
UD. OBRA		GABIAS DE CANALIZACIÓN DE ALUMEADO.		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO ENSAIO	
Verificación de dimensións e características das gabias.	Segundo Ordenanza.	100% das gabias.	E	
Comprobación do número, diámetro e tipo de tubos nas gabias.	Segundo Ordenanza.	100% das arquetas.	UT	

UD. OBRA	ARQUETAS		
UD. OBRA	REDE ELÉCTRICA DE ALUMEADO		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO ENSAIO
Medición de niveis de illamento da instalación no conductor neutro e fases con relación a terra e entre conductores.	Segundo o REBT.	100% dos circuitos.	UT
Medida da resistencia de terra dos puntos de luz e comprobación do conxicionado de terra mediante terminais dos báculos ou columnas.	Segundo o REBT e Ordenanza.	100 % dos puntos de luz situados nos extremos dos circuitos e 20 % dos demais.	UT
Medida da caída de tensión realizada con tódolos puntos de luz funcionando. Medirase de maneira simultánea a tensión na acometida ó centro de mando e en cada un dos extremos máis desfavorables dos diversos ramais existentes nos circuitos.	Segundo o REBT e Ordenanza.	100% dos circuitos.	UT
Comprobación da sección de tódolos conductores. e a súa conformidade co indicado no Proxecto ou modificacións aprobadas.	Conformidade co indicado no Proxecto ou modificacións aprobadas, axustándose o REBT e a Ordenanza.	100% dos circuitos.	AM
Comprobación do tipo e calibre dos fusibles de protección das derivacións ás luminarias.	Segundo o REBT e Ordenanza.	100% dos fusibles.	UT
Comprobación do correcto funcionamento da liña de alimentación e da derivación.		10% de puntos.	UT
Comprobación do conductor de terra pica-cadro con borna conexión seccionable.	Segundo a Ordenanza.	100 %	UT
Comprobación do tipo de conductor empregado (características, illamento,..)	Segundo o REBT e Ordenanza.	100% dos circuitos.	AM
Comprobación de que os tubos estean libres de obstrucións.	Segundo a Ordenanza.	10% dos circuitos.	UT
UD. OBRA	PUNTOS DE LUZ		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO ENSAIO
Comprobación do número de puntos de luz.	Segundo o indicado no Proxecto ou modificacións aprobadas.	100% dos puntos.	AM
Comprobación do tipo de	Segundo a Ordenanza.	100%	AM

UD. OBRA	ARQUETAS		
lámpadas.		puntos.	
Comprobación da homologación dos báculos ou columnas e verificación do espesor de chapa.	Segundo a Ordenanza.	100% dos soportes.	UT
Verificación da verticalidade das unións montadas, así como a horizontalidade ou ángulo adecuado da luminaria e comprobación de interdistancias.	Segundo a Ordenanza.	10% dos soportes.	UT
Comprobación das luminarias xa instaladas, marca e modelo, características de condensadores, reactancias, arrancadores e lámpadas.	Segundo a Ordenanza.	10% das luminarias	UT
Comprobación das especificacións de pintado.	Segundo a Ordenanza.	100% dos soportes.	UT
Comprobación da fixación e características das caixas de conexión na columna ou báculo.	Segundo a Ordenanza.	10% das caixas.	UT
Medida das iluminancias, co método dos nove puntos, máxima, mínima e media, así coma as uniformidades media, extrema e deslumbramento.	Segundo a Ordenanza.	En cada vial.	UT
Verificación da distancia entre centros de pernos de suxeición.	Segundo a Ordenanza.	100% soportes.	UT
Comprobación do diámetro dos pernos.	Segundo a Ordenanza.	100% soportes.	UT
Posibilidade de acceso da carroceta aos puntos de luz.	Segundo a Ordenanza.	100% puntos.	E
UD. OBRA	CENTROS DE MANDO DE ALUMEADO		
CONTROL	ESPECIFICACIONES	FRECUENCIA	TIPO DE ENSAIO
Comprobación das características e funcionamento de tódolos elementos de protección e mando.	Adecuación ás prescricións do REBT, Proxecto e relación de materiais aprobados.	100% dos centros.	UT
Comprobación das características e funcionamento do equipo reductor de fluxo na cabeceira ou por puntos.	Segundo a Ordenanza.	100% dos centros.	UT
Medida das potencias activa, reactiva e determinación do factor de potencia real, ó 100% de potencia, con tensión monofásica a 230 V.	Segundo o REBT.	100% dos centros.	UT
Medida das potencias activa, reactiva e determinación do factor de potencia real, con	Segundo o REBT.	100% dos centros.	UT

UD. OBRA	ARQUETAS		
tensión monofásica en réxime de máximo aforro de enerxía segundo o tipo de lámpada.			
Comprobación do equilibrio de fases, para o cal, con toda a carga conectada mediranse as intensidades das tres fases e do neutro (3F+N) tanto na entrada do cadro coma en cada un dos circuítos de saída.	Segundo o REBT.	100% dos circuítos	UT
Medición da posta a terra.	Segundo o REBT e Ordenanza.	100% dos centros.	UT
Comprobación da corrente de fuga (ensaio de diferenciais: sensibilidade e tempo de disparo).	Segundo o REBT e Ordenanza.	100% dos centros.	UT
Verificación do contador electrónico que permita realizar medicións de enerxía activa dobre tarifa e enerxía reactiva.	Segundo Ordenanza.	100% dos centros.	UT
Comprobación do certificado de garantía do centro de mando.	Segundo a Ordenanza.	100% dos centros.	UT
Verificación da homologación das características do centro de mando.	Segundo a Ordenanza.	100% dos centros.	AM
Medida das tensións no cadro de mando: R-N, S-N, T-N, N-T ₀ .	Segundo o REBT.	100% dos centros.	UT
Comprobación de comunicacións e alarmas.	Segundo a Ordenanza.	100% dos centros.	UT
Comprobación das especificacións do diferencial.	Segundo o REBT e Ordenanza.	100% dos centros.	UT
Comprobación do tipo e características dos descargadores de protección contra descargas atmosféricas.	Segundo a Ordenanza.	100% dos centros.	UT
Comprobación do sellado das entradas e saídas no centro de mando.	Segundo a Ordenanza.	100% dos centros.	UT
UD. OBRA			
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.			
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	CONTROL	ESPECIFICACIÓNS
Comprobación do certificado de garantía de calidade de: Columnas, Arrancadores, Reactancias, Condensadores, Caixas de conexións, Condutores, Lámpadas, Armario, Diferenciais, Térmicos e Contactores.		100% dos elementos.	AM
Comprobación do visado de Proxecto polo Colexio Ofi-		100% dos Proxectos e	AM

UD. OBRA	ARQUETAS		
cial.		modificacións aprobadas.	
Comprobación de que a instalación axustase ao Proxecto.	Adecuación ás prescricións do Proxecto ou modificacións aprobadas.	100%	UT
Comprobación do Certificado de dirección de obra e boletíns selados por Industria.		100%	UT
Comprobación do impreso conforme están pagas as taxas á empresa suministradora de enerxía eléctrica.		100%	UT
Comprobación do informe de conformidade das instalacións pola compañía eléctrica subministradora.	O informe incluírá medidas de tensións, intensidades e factor de potencia (>0,9) por fases.	100%	UT
Verificación da cumprimento do Proxecto.	Segundo o REBT e Ordenanza.	100%	AM

Sendo:

- AM: Ensaio de aceptación de materiais.
- UT: Ensaio de unidade de execución.
- E: Ensaio de execución.

CAPÍTULO 4.- RECEPCIÓN DAS INSTALACIÓNS

Artigo 14.- DOCUMENTACIÓN.

Para a recepción das instalacións de iluminación pública como mínimo será imprescindible a presentación da seguinte documentación.

1.- Proxecto técnico: O cal deberá estar asinado por un técnico competente e visado polo Colexio Oficial correspondente.

Tal proxecto deberá conter como mínimo os seguintes apartados:

a) Memoria das instalacións, co seguinte contido:

- Obxecto do proxecto con indicación clara das zonas que iluminar, rúas (indicando a súa categoría), paseos, prazas, tuneis, parques, xardíns, etc.
- Criterios luminotécnicos, con atención á zona a iluminar:
 - Niveis de iluminación fixados.
 - Uniformidades.
 - Niveis de deslumbramiento máximos.
 - Factor de mantemento das luminarias.
 - Niveis de reflexión do chan.
 - Dispersión do fluxo.
 - Outros.

- Xustificación do tipo de iluminación proposto, tendo en conta a arquitectura do contorno:
 - Iluminación directa ou indirecta.
 - Disposición dos puntos de luz (unilateral, bilateral, pareada, tresbolillo, central, etc.)
 - Tipo de lámpadas: duración, potencia, fluxo luminoso, rendemento luminotécnico, etc.
 - Tipo de luminaria, detallando características: grao de estanqueidade, material, equipos asociados, bloque óptico, diagrama fotométrico, etc.
 - Tipo de soportes, indicando:
 - Dimensións.
 - Material (composición química e características mecánicas).
 - Acabado superficial, detallarase o procedemento da súa obtención (pintado, galvanizado, etc.).
- Prazo de execución da instalación, detallando as distintas fases graficamente mediante diagrama de barras ou similar.
- Medición detallada de todos os elementos que compoñen a instalación proposta.
- Orzamento detallado por unidades de obra e total.
- Balance económico da explotación, con indicación dos gastos anuais previstos, tanto polo consumo de enerxía eléctrica como polos propios do mantemento das instalacións; terase en conta, o aforro previsto co equipo de aforro enerxético (pola redución e pola estabilización).

b) Cálculos eléctricos. Axustaranse ao estipulado no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, xustificando seccións dos condutores, caídas de tensión, etc. cumprindo simultaneamente os criterios de intensidade máxima admisible, de caída de tensión e de intensidade de cortocircuíto.

Establecerase o tipo de condutores a empregar nas distintas partes da instalación.

Para o cálculo da caída de tensión, suporase a marcha en monofásico e sobre o punto de luz máis desfavorable non se superará o 3%, sendo o orixe da instalación o cadro de medida, mando e protección.

As liñas de alimentación a puntos de luz con lámpadas de descarga, estarán previstas para transportar a carga debida aos propios receptores, aos elementos asociados, ás correntes harmónicas, de arranque e de desequilibrio. Como consecuencia, a potencia aparente mínima en VA, se considerará 1,8 veces a potencia en vatios das lámpadas de descarga.

c) Cálculos luminotécnicos. Xustificaranse os cálculos luminotécnicos axustándose aos seguintes niveis medios de iluminación e uniformidade:

Zona a iluminar	Iluminación media	Unif. Media	Unif. Extrema
Rúas principais	20 a 30 lux	0'6	0'3
Rúas secundarias	15 a 20 lux	0'45	0'2
Rúas menor entidade	10 a 15lux	0'4	0'2
Patios e Xardíns	10 lux	-	-
Rotondas	40 a 60 lux	0'6	0'3

Deberán cumprir a máis as recomendacións ou normas de iluminación editadas en cada momento polo Comité Español de Iluminación.

d) Planos.

- Esquema eléctrico unifilar da instalación, o cal deberá axustarse ao esquema tipo homologado en cada momento polo Concello de Vigo fig.13.
- Planos de detalle de:
 - Soportes.
 - Arquetas.
 - Centro de mando.
 - Luminarias.
 - Canalizacións.
 - Bases de formigón.
 - Pernos, porcas, arandelas.
 - Esquema de acceso da tubería ás bases dos soportes.
- Plano de planta da rede de iluminación no que figurará:
 - Percorrido completo.
 - Número de conductores por cada tramo.
 - Reparto e sección dos conductores por fases.
 - Localización dos puntos de luz.
 - Localización das arquetas.
 - Localización do centro de mando.
 - Localización das picas de terra.

e) Estudio básico de seguridade e saúde.

2.- Certificado de instalación: Selado pola Delegación de Industria e conformado pola compañía eléctrica.

3.- Certificado de dirección de obra: Deberá estar asinado por técnico competente e visado polo Colexio Oficial correspondente. O director de obra será sempre diferente o director do proxecto e será sempre independente da empresa instaladora.

4.- Certificados de garantía de calidade: Presentaranse certificados de garantía de calidade expedidos por entidades acreditadas pola administración de todos os equipamentos e aparellos instalados tales como: luminarias e equipos asociados, soportes, conductores, entubados, armario, equipo reductor-estabilizador, equipo de comunicacións, aparellos de protección, etc.

5.- Certificado de inspección: Emitido por un Organismo de Certificación Autorizado (OCA), onde se verificaran as unidades de obra reflectidas no capítulo 3.

Artigo 15.- ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO.

Levantarase en presenza do representante do Concello de Vigo (Servizos Electro-Mecánicos) e o da empresa xunto co director das obras que deberán subscribir a mesma.

Artigo 16.- MEDICIÓNS.

Unha vez rematada a instalación, o instalador autorizado conxuntamente co director de obra e en presenza dos técnicos do Concello efectuará como mínimo a medición dos seguintes parámetros eléctricos:

- Resistencia do sistema de posta a terra. Non poderá superar os 20 ohmios.
- Illamentos. O estipulado no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión en cada momento.
- Caídas de tensión. A máxima caída de tensión entre a orixe da instalación e calquera punto da mesma será menor o igual ao 3%.
- Equilibrado de fases. Non se admitirá que a intensidade do neutro sexa superior á de calquera das fases activas, nin que entre fases activas algunha delas sexa superior a dúas veces a intensidade de calquera das outras. Para isto deberanse repartir os puntos de luz entre as tres fases da forma máis equilibrada posible, conectándose alternativamente a cada fase.
- Factor de potencia. O seu valor será como mínimo 0'9 medido para cada unha das fases activas, en caso contrario deberá corrixirse en cada punto de luz ata acadar tal valor. Non se permite a colocación de condensadores para compensación da enerxía reactiva nos centros de mando.
- Niveis de iluminación e uniformidades. Axustaranse aos valores esixidos no apartado 1.2.1, con atención ó tipo de vial e zona considerados.

Artigo 17.- RECEPCIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE GARANTÍA.

En canto á recepción das obras e o prazo de garantía estárase ao previsto na lexislación de contratos das administracións públicas representada na actualidade polos artigos 142, 143, 145, 146, 147 e 148 do RDL 2/2000, do 16 de xuño que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e polos artigos 163 a 169 do RD 1098/2001 do 12 de outubro que aproba o seu regulamento.

En todo caso será requisito imprescindible para a recepción a presentación da Acta de Reformulación asinada polo Técnico Municipal responsable.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

No que non se opoña ao presente regulamento ou sexa incompatible con este tipo de obras, será de aplicación a Ordenanza Xeral reguladora das obras e conseguintes ocupacións necesarias para implantación de servizos na vía pública, publicada no BOP do 25 de xaneiro de 2002.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

O presente regulamento entrará en vigor transcorrido 1 mes dende a súa publicación íntegra no BOP de conformidade co previsto no artigo 70 en relación co artigo 65.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local 7/85, coa nova redacción dada ao último deles pola Lei 11/1999 de 21 de abril.

Na data da súa entrada en vigor, quedará derogado calquera regulamento ou ordenanza municipal, así como os acordos e resolucións que se lle opoñan.

35.- (191).-REGULAMENTO TÉCNICO MUNICIPAL DAS OBRAS DE XARDINERÍA NO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 3158/446.

ANTECEDENTES.- Polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns preséntase para a súa aprobación texto do regulamento técnico municipal regulador das obras de xardinería no termo municipal de Vigo.

Con data 14 de xullo de 2005, o asesor xurídico da Area de Servizos Xerais informa que o texto presentado axústase á legalidade vixente.

Con data 15 de xullo o enxeñeiro xefe de Montes, Sr. Lage Veiga, propón a súa aprobación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 8 de agosto, acordou aprobar o proxecto do devandito regulamento.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 5 de setembro, dictamina favorablemente.

(No momento da votación están ausentes as Sras. Graña Barcia e Méndez Piñeiro e o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar inicialmente o regulamento municipal regulador das obras de xardinería no termo municipal de Vigo, co texto que se transcribe deseguido, debéndose someter a información pública por un prazo de trinta días mediante anuncio que se publicará no BOP, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

REGULAMENTO TÉCNICO MUNICIPAL REGULADOR DAS OBRAS DE XARDINERÍA NO TERMO MUNICIPAL

CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

Artigo 2.- Conservación elementos naturais

Artigo 3.- Proxecto

a) Memoria

b) Planos

c) Prego de prescricións técnicas e condicións administrativas particulares

d) Orzamento

Artigo 4.- Comprobación de replanteo

Artigo 5.- Normas xerais.

Artigo 6.- Recepción das obras e prazo de garantía

CAPÍTULO II. NORMAS SOBRE TERRAS E MODIFICACIÓNS DE SOLOS.

Artigo 7.- Normas Xerais

- Artigo 8.- Determinación das modificacións necesarias
- Artigo 9.- Análise das terras
 - a) Composición
 - b) Granulometría
 - c) Fertilizados
- Artigo 10.- Augas
- Artigo 11.- Fertilizantes
 - 1.- Fertilizantes orgánicos
 - 2.- Fertilizantes inorgánicos
- Artigo 12.- Emendas
- Artigo 13.- Demolicións
- Artigo 14.- Roza
- Artigo 15.- Escavacións
- Artigo 16.- Extracción e amoreamento de terra vexetal
- Artigo 17.- Terrapléns e recheos
- Artigo 18.- Estendido de terra vexetal
- Artigo 19.- Operacións de refinamento
- Artigo 20.- Preparación do terreo
 - 1.- Desfondamento
 - 2.- Laboreo
 - 3.- Incorporación de emendas e fertilizantes

CAPÍTULO III. NORMAS SOBRE ELEMENTOS VEXETAIS

- Artigo 21.- Definicións
- Artigo 22.- Normas xerais
- Artigo 23.- Árbores
 - 1.- Condicións específicas
 - 2.- Condicións de plantación
 - a) Normas xerais
 - b) Plantación de árbores a raíz espida
 - c) Plantación de árbores en cepellón
 - d) Plantación de árbores en aliñacións
- Artigo 24.- Arbustos
 - 1.- Condicións específicas
 - 2.- Condicións de plantación
- Artigo 25.- Vivaces
 - 1.- Condicións específicas
 - 2.- Condicións de plantación
- Artigo 26.- Plantas de tempada.
 - 1.- Condicións específicas
 - 2.- Condicións de plantación
- Artigo 27.- Bulbos e tubérculos
 - 1.- Condicións específicas
 - 2.- Condicións de plantación
- Artigo 28.- Palmeiras
 - 1.- Condicións específicas
 - 2.- Condicións de plantación
- Artigo 29.- Tepes
 - 1.- Condicións específicas
 - 2.- Condicións de plantación
- Artigo 30.- Sementes.
 - 1.- Condicións
 - 2.- Sementeiras
 - 3.- Época de sementar
 - 4.- Dosificación
- Artigo 31.- Abastecemento e amoreamento do material vexetal
- Artigo 32.- Épocas de plantación.
- Artigo 33.- Apertura e recheo de foxos e gabias de plantación.
- Artigo 34.- Plantacións no interior da auga.
- Artigo 35.- Titores e elementos de soporte.
- Artigo 36.- Transplantes.

CAPÍTULO IV. NORMAS SOBRE CAMIÑOS E ZONAS DE ESTAR

- Artigo 37.- Normas xerais
- Artigo 38.- Perfil lonxitudinal
- Artigo 39.- Perfil transversal

CAPÍTULO V. NORMAS SOBRE REGO

- Artigo 40.- Normas xerais
- Artigo 41.- Bocas de rego
- Artigo 42.- Gabias.
- Artigo 43.- Emisores de rego.
 - 1.- Aspersores
 - 2.- Difusores
 - 3.- Goteo
- Artigo 44.- Tubaxes
- Artigo 45.- Automatismos.
 - 1.- Programador de rego
 - 2.- Electroválvulas.
- Artigo 46.- Válvulas
- Artigo 47.- Arquetas.

CAPÍTULO VI. NORMAS SOBRE MOBILIARIO

- Artigo 48.- Normas xerais.
- Artigo 49.- Papeleiras.
- Artigo 50.- Bancos
- Artigo 51.- Bebedoiros

CAPÍTULO VII. NORMAS SOBRE ZONAS DE XOGO

- Artigo 52.- Xogos infantís.
- Artigo 53.- Pavimentos.

CAPÍTULO VIII. NORMAS SOBRE DRENAXE E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS

- Artigo 54.- Normas xerais
- Artigo 55.- Tubos
 - 1.- Colocación dos tubos
 - 2.- Recheo da gabia
- Artigo 56.- Material de filtro
- Artigo 57.- Capa filtrante
- Artigo 58.- Recollida de augas pluviais

CAPÍTULO IX. CONTROL DAS OBRAS

- DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA
- DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

CAPÍTULO I - NORMAS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

Esta normativa ten como obxecto regular as obras de xardinería que, como consecuencia da execución do planeamento, deban realizarse, por iniciativa pública ou privada, no termo municipal de Vigo, para a súa posterior cesión ao Concello.

Artigo 2.- Conservación de elementos naturais

As novas zonas verdes manterán aqueles elementos naturais, como a vexetación orixinal existente, cursos de auga ou zonas húmidas, configuracións topográficas do terreo e calquera outro que conformen as características ecolóxicas da zona. Estes elementos naturais servirán de soporte aos novos

usos, e poderán converterse, en casos específicos, en condicionantes do deseño.

No proxecto especificaranse as características dos elementos vexetais existentes. Cando unha obra poida afectar a algún exemplar arbóreo público ou privado, indícarase na solicitude da licenza, situándoo nos planos topográficos de estado actual que se acheguen, tendo en conta o Catálogo das Árbores Singulares do Concello de Vigo.

Nestes casos garantirase que durante o transcurso das obras se protexerán os troncos e raíces das árbores, cun adecuado recubrimento que impida a súa lesión ou deterioro.

Cando algún elemento vexetal non se poida manter na súa localización, procederase ao seu transplante dentro do propio axardinamento, de non ser posible trasladarase ó lugar que se lle indique por parte do Concello.

Artigo 3.- Proxecto.

1.- Os promotores de proxectos de urbanización que executen o planeamento deben, sen excepción, incluír neles un proxecto de axardinamento asinado por un/unha técnico/a competente e visado polo colexio profesional correspondente no que se describirán, deseñarán e valorarán polo miúdo todas as obras, instalacións e plantacións que integren as zonas verdes ou axardinadas previstas e a vexetación preexistente.

O Concello informará ós promotores que o soliciten e ós técnicos competentes sobre os condicionantes específicos para o axardinamento de cada zona.

O proxecto contará cos seguintes documentos:

- a) Memoria.
 - b) Planos
 - c) Prego de prescricións técnicas e condicións administrativas particulares.
 - d) Orzamento
-
- a) Memoria

Neste documento describiranse, cando menos, os seguintes apartados:

- Obxecto do proxecto con indicación clara da zona para axardinar.
- Situación actual, con indicación das características do solo, vexetación, orientación, etc.
- Xustificación do criterio de axardinamento no que se terán en conta:
 - Criterios paisaxísticos.
 - Condicionantes específicos:
 - Minimización dos custos de mantemento.
 - Vexetación existente.
- Descrición do tipo de axardinamento proposto no que se describa:
 - Elementos vexetais que se van a introducir.
 - Material ornamental non vexetal
- Movementos de terra. Describiranse os movementos de terra que se van realizar, con indicación volumes de desmonte e de recheo.
- Sistema de rega no que se acheguen os cálculos e unha descrición completa do sistema de rega que se vai utilizar así como das características dos elementos e automatismos que o compoñan (tubaxes,

- aspersores, difusores, microdifusores, goteiros, válvulas, electroválvulas, programador, etc.).
- Obras de albanelería. No caso no que sexa necesaria a construción dalgún elemento de albanelería (pérgolas, muros, gabias, arquetas, sumidoiros, camiños) farase unha descrición das características constructivas de cada elemento.
- Mobiliario. Detallarse cada elemento de mobiliario urbano presente no axardinamento e a súa localización.
- Calquera outro que a/o proxectista considere oportuno para unha mellor comprensión e descrición dos traballos ou elementos do axardinamento.

b) Planos

O proxecto contará cos seguintes:

- Situación: coa a localización da zona para axardinar.
- Topográfico: Un plano da superficie con curvas de nivel.
- Perfís: plano de perfís correspondente no que queden claramente reflectidos os distintos niveis do terreo e as pendentes.
- Distribución: das distintas zonas do axardinamento: xogos, plantacións camiños, etc.
- Vexetación existente: na zona para axardinar antes de actuar sobre ela, con indicación da que se elimina e da que se respecta.
- Plantación: Será reflectida con claridade a situación das novas plantacións diferenciando as distintas zonas (sementeiras, arboredos, noiros tapizados, rocallas, etc.) e cada unha das especies utilizadas.
- Rega: planos de rega necesarios para que quede claramente reflectida a distribución dos distintos emisores de rega a cobertura e o solape; a distribución da tubaxe sinalando os diámetros de cada tramo, a situación de arquetas, programador/es, etc.
- Mobiliario: Incluirá a distribución dos distintos elementos do mobiliario que vai estar presente no axardinamento. Así mesmo, detallaranse as ancoraxes de cada elemento ao chan.
- Albanelería, co detalle dos distintos elementos de albanelería do axardinamento.
- Saneamento. Onde figure distribución da rede de saneamento (drenaxes, canalización de augas pluviais, etc).

Os anteriores planos poderán refundirse sempre que as determinacións propias de cada unha delas queden claramente definidas.

c) Prego de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares técnicas e condicións co contido previsto na lexislación de Contratos das Administracións Públicas.

No proxecto deberá incluírse o prego de condicións particulares.

d) Orzamento.

Incluirase orzamento detallado por unidades de obra e orzamento de execución material e por contrata, con arranxo tamén ó previsto na lexislación de contratos das administracións públicas.

Se se formularan reservas polo contratista ou o director da obra estarase ó previsto nos artigos 139, 140 e 141 do Regulamento das Administracións Públicas.

Artigo 4.- Comprobación de replanteo.

Constitúe o comezo da execución do contrato de obra e será realizado por persoal facultativo do departamento de Montes, Parques e Xardíns en presenza do contratista e do director da obra para acreditar a dispoñibilidade dos terreos e a viabilidade do proxecto.

Artigo 5.- Acta de comprobación do replanteo

A acta de comprobación do replanteo que se formalizará ó finalizar aquela reflectirá a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos do proxecto, con especial referencia ás características xeométricas da obra, especialmente a de fábrica, accesos, desenvolvemento de viais, etc.; o perímetro total da superficie é parcial das distintas zonas e a autorización para a ocupación dos terreos necesarios.

A acta será asinada polo representante do Concello, o contratista ou o seu representante e o director da obra.

Artigo 6.- Recepción das obras e prazo de garantía-

En canto á recepción das obras e prazo de garantía estarase ó previsto na lexislación de contratos das administracións públicas, representada na actualidade polos artigos 142, 143, 145, 146, 147 e 148 do Real Decreto lexislativo 2/2000, 16 de xuño, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e polos artigos 163 ó 169 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro que aproba o seu Regulamento.

CAPÍTULO II. NORMAS SOBRE TERRAS E MODIFICACIÓN DE SOLOS.

Artigo 7.- Normas Xerais.

As zonas previstas para o axardinamento dentro da urbanización deberán ser protexidas dos labores de construción dos edificios, quedando prohibido o verquido ou almacenamento sobre elas de calquera tipo de materiais (cementos, cales, pinturas, etc.), lixo ou entullos.

Artigo 8.- Determinación das modificacións necesarias

A capa superior do solo recibirá un tratamento específico en función do uso ao que se destine, das súas condicións intrínsecas e dos problemas que poida ocasionar a erosión.

Neste sentido consideraranse as superficies:

- Destinadas a plantacións e sementeiras.
- Destinadas a uso en continuidade (camiños, paseos, etc.)
- Destinadas a uso periódico intenso (campos de xogo)
- En pendente, suxeitas a erosión (noiros en xeral).

De todos os xeitos, a condición física e química do terreo, aínda que estea definida no proxecto, pode quedar modificada polos movementos de terras e pola compactación orixinada polo emprego de maquinaria pesada.

Por isto unha vez terminados os movementos de terra e que quede establecido o solo real, pode resultar necesario tendo en conta o volume da obra, coñecer as modificacións producidas.

Neste caso a Inspección de obra poderá esixir a realización de análises e probas para obter os seguintes datos:

- Permeabilidade do solo e do subsolo en todas as superficies que non van ser revestidas con material impermeable.
- Análise química con expresión de carencias de elementos fertilizantes e pH.
- Contido en materia orgánica.
- Composición granulométrica.

Coñecidos estes datos a inspección de obra poderá decidir sobre a necesidade de:

- Incorporar materia orgánica en determinada cantidade e forma.
- Efectuar achegas de terra vexetal.
- Realizar emendas.
- Establecer un sistema de drenaxe para algunhas plantacións e superficies.

Artigo 9.- Análise de terras.

Todos os proxectos de xardinería contarán coa análise do solo onde se instalarán as plantacións no que se determine:

- Textura (% de area, % de limo e % de arxila).
- pH.
- Materia orgánica (%).
- Nitróxeno total (%):
- Carbono (%).
- Relación Carbono Nitróxeno (C/N).
- Fósforo (mg P_2O_5 /100gr de solo).
- Calcio (mg Ca/100 gr de solo).
- Potasio (mg K_2O /100 gr de solo).
- Magnesio (mg MgO/100 gr de solo).
- Conductividade Eléctrica (CE)(mmhos/cm).

Á vista da análise faranse e presentaranse os cálculos das necesidades de fertilizantes e emendas para corrixir carencias e deficiencias texturais ou estruturais e acadar os niveis óptimos de nutrientes no solo, que, en termos xerais, se estiman os seguintes:

- a) Composición:
 - Arxila: menos do 20%.
 - Area: ao redor do 50%.
 - Limo: ao redor do 30%.
- b) Granulometría:
 - Para céspedes, macizos de flor e tapizantes, ningún elemento maior de 1 cm e do 20-25% de elementos de entre 2 e 10 mm.
 - Para plantacións de árbores e arbustos, ningún elemento de máis de 5 cm e menos de 3% entre 1 e 5 cm.
- c) Fertilizados:
 - Materia orgánica : mínimo un 5%.
 - Nitróxeno 37mgr/100 gr de solo.
 - Relación C/N igual a 10.
 - Fósforo asimilable entre 6 e 12 mgr de P_2O_5 /100 gr de solo.

- Potasio asimilable entre 10 e 20 mgr de K₂O/100 gr de solo.
- Calcio asimilable entre 100 e 200 mgr Ca/100 gr de solo.
- Magnesio asimilable entre 8 e 14 mg MgO/100 gr de solo.
- Conductividade Eléctrica:
CE inferior a 2 mmhos/cm.
- pH:
En termos xerais as terras para plantación deberán ter un pH entre o 6,5 e o 7.

Esta relación poderá variar dependendo das plantas introducidas no axardinamento, o que se xustificará no proxecto.

Artigo 10.- Auga.

As árbores e áreas de vexetación non se regarán con augas residuais da construción.

As augas de rego deberán ter pH entre 5,5 e 7,5.
Desbotaranse sempre as augas salinas

Artigo 11.- Fertilizantes.

1.- Fertilizantes orgánicos:

Consideraranse como fertilizantes orgánicos aquelas substancias que pola súa descomposición, causada polos microorganismos do solo, produza un achegamento de humus e unha mellora na textura e estrutura do solo.

Deberán estar exentos de elementos estraños e de sementes de malas herbas.

2.- Fertilizantes inorgánicos:

Os fertilizantes inorgánicos ou minerais son aqueles produtos carentes de materia orgánica que achegarán ao solo unha ou máis substancias fertilizantes.

Artigo 12.- Emendas.

Considérase emenda a achega de substancias para mellorar as condicións físicas do solo.

As emendas húmicas faranse con fertilizantes orgánicos ou turba.

Para as emendas calcarias utilizaranse CaO, preferentemente como calcarias magnesianas, podendo utilizarse os recursos locais acostumados.

As areas utilizadas como emenda para diminuír a compactabilidade do solo deberán carecer de arestas vivas; utilizarase preferentemente area de río pouco fina e desbotaranse as areas procedentes de machucamentos.

Artigo 13.- Demolicións.

Cando dentro da zona de obras existan construcións ou elementos constructivos que obstaculicen a súa realización procederase ao seu derrubamento ou demolición.

O método de demolición será de libre elección polo contratista previa aprobación polo director de obra.

Artigo 14.- Roza.

Cando o terreo que se vai axardinar se atope con vexetación espontánea que non se vaia incluír dentro do axardinamento, procederase a quitala da superficie e do interior do solo, eliminando todas as raíces de máis de dous centímetros de diámetro, ata unha profundidade dun metro.

No proxecto indicárase a terminación dos traballos no que se refire ao xeito de deixar a superficie obxecto destas operacións.

Respecto das madeiras, leñas e restos vexetais procedentes da execución destas operacións procederase da seguinte maneira:

Nos solos que van ser revestidos ou compactados deben eliminarse en toda a súa totalidade.

Quedarán ou non de propiedade do contratista, segundo se indique nas condicións particulares que se dicten para a execución do Proxecto.

Inclúese neste apartado a limpeza da superficie que se vai axardinar dos posibles restos de materiais procedente das obras de construción.

Artigo 15.- Escavacións.

As escavacións deben axustarse estrictamente ás indicacións do proxecto. Calquera modificación posterior do terreo que poida xustificarse en orde á maior facilidade, rapidez e economía dos traballos deberá ser autorizada con anterioridade pola dirección de obra.

Escavarase en primeiro lugar a capa superficial de terra vexetal, a unha profundidade de 25 cm, amoreándoa para a súa posterior utilización dentro da obra nas zonas de plantación.

A escavación levarase a cabo coas precaucións oportunas para non dar lugar a desprendementos ou correntamentos. Evitarase no posible o acceso de auga, e no caso de se producir iste tomaranse as medidas necesarias de acordo coa dirección de obra. Do mesmo xeito coidarase de non causar danos ás conducións eléctricas, telefónicas, etc.

Cando o material apto para recheos ou terrapléns non se poida obter en cantidade suficiente nas escavacións da obra, recorrerase a escavación en préstamos.

As zonas de préstamos virán fixadas no proxecto ou quedará a elección do contratista. Neste caso os materiais obtidos terán mellor ou igual calidade cos previstos no proxecto.

O destino dos materiais escavados en exceso será a utilización en terrapléns ou recheos na mesma obra, ou ben levaranse a vertedoiro xunto cos que o inspector de obra considere inadecuados para o seu uso na obra.

Os materiais aproveitables empregaranse, sempre que sexa posible, dentro da obra en formación de terrapléns, recheos ou en calquera outra finalidade que sinale a dirección de obra.

Os materiais que eventualmente aparecesen e puideran destinarse a fins ou usos máis nobres cos previstos no proxecto, depositaranse ata que o inspector de obra indique o seu destino.

Cando as terras extraídas podan presentar problemas sanitarios, procederáse a súa desinfección e manteranse expostas ao aire durante dous días, como mínimo, antes de levalas a vertedoiro. Este transporte verificarase de xeito que non poidan producirse derramamentos de terra durante o traxecto.

Artigo 16. Extracción e amoreamento de terra vexetal.

A extracción e amoreamento de terra vexetal consiste na escavación, transporte e apiado da capa superior do solo dentro da área da obra para o posterior emprego dentro dela.

A escavación efectuarase ata a profundidade e nas zonas sinaladas no proxecto. Antes de comezar os traballos someterase á aprobación da dirección de obra a elección das zonas de amoreamento e, no seu caso, un plan no que figuren as zonas e profundidades de extracción.

Durante a execución das operacións coidarase de evitar a compactación da terra vexetal, para iso empregaranse técnicas nas que non sexa necesario o paso de maquinaria pesada sobre os amoreamentos.

Os amoreamentos levaranse a cabo nos lugares elixidos de xeito que non interfiran no normal desenvolvemento das obras. A altura máxima dos amoreamentos de terra será de dous metros (2m).

Se os amoreamentos tivesen que se facer fóra da obra, serán de conta do contratista os gastos que ocasione a dispoñibilidade do terreo.

Artigo 17.- Terrapléns e recheos.

As terras que se empreguen en terrapléns e recheos serán os solos locais obtidos nas escavacións realizadas na obra e nos préstamos que se definen nos planos ou se autoricen pola dirección de obra.

Queda totalmente excluída a utilización para recheos dos cascallos, entullos e restos de materiais procedentes das obras de construción.

O aterraplenado efectuarase por capas, que non excederán os trinta centímetros (30 cm) de espesor trala preparación do solo de asentado. A distribución do material farase compactando en cada capa.

Artigo 18.- Estendido de terra vexetal.

Unha vez realizados os traballos de desmonte e terraplén poderase estender a terra vexetal sobre as zonas e nas cantidades previstas no proxecto.

As superficies sobre as que se estenderá a terra vexetal escarificaranse lixeiramente con anterioridade.

Evitarase o paso sobre a terra de maquinaria pesada que poida ocasionar compactación, especialmente se a terra está húmida.

Nos noiros de gran pendente ou de gran dimensión transversal, adoptaranse as medidas correctoras que se consideren oportunas (mallas, gabias, ou calquera outra técnica de estabilización de cembas) para evitar o corremento da terra estendida ou erosións producidas por impacto de gotas de chuvia ou escorrentias.

O contratista estará obrigado a estender unha nova capa de terra vexetal se ista se correra do seu emprazamento por non tomar as medidas necesarias para impedir as erosións previsibles polos riscos de precipitacións normais.

Artigo 19.- Operacións de refinamento.

Terminadas as operacións sinaladas anteriormente, procederase á comprobación das dimensións resultantes e a efectuar o refinamento de explanacións e noiros.

Artigo 20.- Preparación do terreo.

Unha vez terminados todo os traballos de construción do xardín (movementos de terra, apertura de gabias, etc.) e con anterioridade ás plantacións, realizaranse todas as labores de preparación do solo, necesarios para a instalación dos elementos vexetais.

1.- Desfondamento

Consistirá en romper o solo a unha profundidade mínima de cincuenta centímetros (50 cm), co fin de eliminar a compactabilidade deste sen voltealo. Esta operación realizarase mediante un subsolador de potencia adecuada á profundidade establecida no proxecto, e sobre solo seco.

2.- Laboreo

Esta operación realizarase para mulir o solo alterando a disposición dos horizontes ata unha profundidade entre vintecinco e trinta centímetros (25-30 cm).

O/a contratista poderá escoller o procedemento que considere máis adecuado para efectuar esta operación, sempre que na memoria non se indique outra cousa.

Realizarase en condicións de humidade baixa para evitar a compactación do solo. Complementariamente ao laboreo e para as zonas de sementeiras, procederase á eliminación de pedras, raíces, bulbos, restos de plantas e de malas herbas, etc.

3.- Incorporación de emendas e fertilizantes.

As emendas e fertilizantes incorporaranse ao solo co laboreo, estendéndoo sobre a superficie antes de empezar a labrar.

As emendas húmicas faranse uns días antes da plantación e enterraranse inmediatamente para evitar perdas de nitróxeno.

As emendas calcarias poderán facerse en calquera momento cunha antelación mínima dun mes sobre as plantacións. Non se aproveitará esta operación para incorporar outro material (fertilizante orgánico, etc).

Os fertilizamentos locais, como os que corresponden a plantacións individualizadas, faranse directamente no foxo no momento da plantación.

CAPÍTULO III. NORMAS SOBRE ELEMENTOS VEXETAIS.

Artigo 21.- Definicións.

As dimensións e características que se sinalan neste artigo son as que posuirán as plantas unha vez chegada a súa madurez e non necesariamente no momento da plantación.

Árbore: defínese como o vexetal leñoso que acada, como mínimo, seis metros (6 m) de altura e posúe un tallo principal definido ou tronco.

Arbusto: vexetal leñoso que, como norma xeral, se ramifica dende a base e non acada os seis metros (6 m) de altura.

Vivaz: vexetal non leñoso que dura varios anos; e tamén, planta cunha parte subterránea que vive varios anos.

Anual: planta que completa nun ano o seu ciclo vexetativo.

Bienal ou bianual: que vive dous períodos vexetativos; en xeral, plantas que xerminan e dan follas no primeiro ano e florecen e fructifican no segundo.

Tapizante: Vexetal de pequena altura, que plantado a certa densidade, cobre o solo completamente cos seus tallos e coas follas.

Gallo: anaco de calquera parte dun vexetal que se planta para que emita raíces e se creza.

Tepe: porción de terra cuberta de céspede, moi trabada polas raíces, que se corta en forma xeralmente rectangular para colocala noutro sitio.

Artigo 22.- Normas xerais.

Aínda sen desbotar o abano de posibilidades que o noso clima permite, procurarase a utilización de especies arbóreas autóctonas que na maioría dos casos se adaptan perfectamente aos condicionantes que definen o criterio do axardinamento.

Evitaranse as especies espiñosas ou de follas punzantes nas zonas de tránsito e nas zonas de xogos infantís.

No proxecto incluírase unha relación dos elementos vexetais que se van introducir no xardín indicando a altura, calibre, tamaño do testo ou contedor, composición e características das sementes, etc.

Os elementos vexetais en xeral, deberán cumprir as seguintes condicións:

- As plantas pertencerán ás especies, variedades ou cultivares sinaladas na memoria e planos do proxecto, e reunirán as condicións de idade,

- tamaño, desenvolvemento, forma de cultivo e de transplante que así mesmo se indiquen.
- As plantas estarán sas e ben formadas; non mostrarán defectos causados por enfermidades, pragas ou medidas de cultivo que reduzan o seu valor, nin presentarán feridas na cortiza salvo os cortes de poda. En todas as plantas a relación entre a altura e o tronco será proporcional.
 - A altura, anchura da copa, lonxitude das ramas, ramificacións e follas corresponderán á idade do exemplar, segundo a especie ou variedade en proporcións equilibradas unhas coas outras.
 - O cepellón será proporcional á especie ou variedade e ao tamaño da planta; terá un bo sistema radicular e estará libre de malas herbas.
 - Non se aceptarán como plantas cultivadas en contedor aquelas que non leven postas no recipiente o tempo necesario para que o sistema radical puidera ter un crecemento suficiente e suxeite o volume de terra. Tampouco se aceptaran as plantas que leven excesivo tempo no contedor e presenten o sistema radicular espiralado
 - O inspector de obra poderá esixir un certificado que garanta todos os requisitos e rexeitar as plantas que non os reúnan. O contratista estará obrigado a substituír todas as plantas rexeitadas e correrán á súa costa todos os gastos ocasionados polas substitucións, sen que o posible atraso producido poida repercutir no prazo de execución da obra.

Artigo 23.- Árbores

1.- Condicións específicas

As dimensións dos troncos das árbores non será inferior a 16-18 cm. de perímetro, medido a un metro trinta (1,30) de altura de tronco; a altura, anchura, lonxitude das polas, será proporcionada e equilibrada.

As árbores destinadas a ser plantadas en aliñación terán o tronco recto e a altura do tronco non será inferior a dous metros (2 m).

As árbores de folla caediza poderán presentar a raíz espida, cun sistema radical ben ramificado, non excesivamente podado, sen síntomas de deshidratación e coa copa aclarada, mantendo o equilibrio entre a parte aérea e a parte subterránea.

As coníferas estarán totalmente ramificadas dende a base segundo o costume da especie-variedade.

As follas das coníferas terán a cor típica da especie-variedade segundo a época.

As coníferas presentaranse sempre en contedor.

2.- Condicións de plantación.

a) Normas xerais.

- Se o subsolo é de baixa calidade e difícil de drenar ou é pavimento (aparcadoiros soterrados) habilitarase unha capa drenante illada do subsolo e da terra fértil cunha malla antirraíces.
- As árbores enxertadas plantaranse de xeito que a zona de enxerto non quede cuberta pola terra.

- b) Plantación de árbores coa raíz espida.
- A plantación coa raíz espida efectuarase, como norma xeral, coas árbores e arbustos de folla caediza que non presenten especiais dificultades para o seu posterior enraizamento. Con anterioridade procederase a eliminar as raíces danadas mediante poda.
 - A planta presentarase dentro do foxo de xeito que as raíces non sufran flexións e encherase o foxo con terra adecuada en cantidade suficiente para que o asentamento posterior non orixine diferencias de nivel.
 - Plantarase á mesma profundidade que estaba orixinariamente en viveiro.
- c) Plantación de árbores en cepellón.
- A plantación con cepellón é obrigada para as coníferas e para as especies de folla persistente.
 - Para as plantas en contedor ou cepellón, a superficie da terra quedará ao mesmo nivel.
 - Ao encher o foxo irase apertando a terra de xeito que non se desfaga o cepellón que rodea as raíces e asegurando o contacto entre as raíces e a terra. Evitaranse as bolsas de aire provocadas por unha mala compactación.
 - O cepellón estará suxeito de forma adecuada. No caso de exemplares de gran tamaño ou crecemento, será a inspección de obra a que decida se as envolturas poden quedar no interior do foxo ou deben ser retiradas. En todo caso a envoltura se separará unha vez colocada a planta no interior do foxo.
- d) Plantación de árbores en aliñacións.
- Para as plantacións en aliñacións deberanse elixir árbores de porte adecuado ás dimensións das beirarrúas e á distribución dos farois da iluminación pública, co fin de que as copas crezan con troncos rectos e simétricas, sen que as ramas interfiran nas fachadas e poidan producir, polo seu tamaño ou porte, unha perda de iluminación ou soleamento naquelas, danos nas infraestructuras ou levantamento de pavimentos e beirarrúas. Así, plantaranse:
 - Árbores de porte pequeno en beirarrúas de 2,5m. de ancho como mínimo, plantados en gabias de 0,6 x 0,6 m.
 - Árbores de porte medio en beirarrúas de 3 m de ancho como mínimo, plantadas en gabias de 0,6 x 0,6 m.
 - Árbores de porte grande en beirarrúas de 4 m de ancho coma mínimo, en gabias de 0.8 x 0,8 m.
 - Como alternativa, intercalar arborado entre prazas de estacionamento en rúas que dispoñan de estacionamento en liña paralelo aos bordos, nas que as beirarrúas non teñan anchura suficiente para dispoñer as plantacións anteriormente descritas.
 - A profundidade do foxo de plantación non será nunca menor a 1 m.
 - Todas as árbores serán titoradas mediante paos de madeira tratada ou outro material de diámetro maior ou igual ao da árbore e nunca inferior a cm. de diámetro e de altura igual ao tronco da árbore ata a cruz.
 - A gabia irá protexida mediante reixas abisagradas.

Artigo 24.- Arbustos.

1.- Condicións específicas.

- a) Os arbustos deberán estar correctamente formados, ben estruturados e ramificados. Os de folla perenne presentarán un volume de follaxe san e proporcionado.

- b) A altura, envergadura, compactidade e densidade da follaxe, así coma o número, distribución, diámetro e lonxitude dos talos principais, deberán corresponder ás características de crecemento e estéticas da especie ou cultivar á que pertencen, a formación que se lles teña querido dar e a idade do individuo en proporcións ben equilibradas.
- c) Arbustos para sebes.
 - Para a formación de sebes as plantas serán:
Da mesma cor e tonalidade.
Ramificadas e gornecidas dende a base, e capaces de conservar estes caracteres coa idade.
Da mesma altura.

2.- Condicións de plantación.

A densidade de plantación para os arbustos pode ser variable segundo o crecemento de cada especie e en base aos criterios de axardinamento.

Unha vez terminadas as plantacións de arbustos e vivaces cubrirase o terreo cunha capa de "mulch", (casca de piñeiro ou semellante), de espesor mínimo de cinco centímetros (5 cm), para evitar o nacemento das malas herbas.

As pendentes superiores ó 30% cubriranse mediante plantacións de vivaces cubresolos (trepadoras, tapizantes, semiarbustivas, arbustivas ananas, etc.)

Artigo 25.- Vivaces

1.- Condicións específicas.

A dimensión mínima do testo no que se presentarán as plantas vivaces e tapizantes será M10.

As plantas rubideiras estarán titoradas. Os titores terán como mínimo a medida da planta. As fixacións non provocarán feridas nin estrangulamentos.

2.- Condicións de plantación.

As plantas tapizantes plantaranse coa densidade suficiente para asegurar unha rápida cobertura, estimándose non inferior a 12 pés/m².

Artigo 26.- Plantas de tempada.

1.- Condicións específicas

As plantas de tempada utilizadas presentarán un crecemento adecuado e as de flor estarán en floración ou próximas a ela e subministraranse en M10.

2.- Condicións de plantación.

As plantas de tempada plantaranse cunha densidade tal que presente unha cobertura completa.

Artigo 27.- Bulbos e tubérculos.

1.- Condicións específicas.

Os bulbos e tubérculos estarán sans, non presentarán cortes ou feridas nin síntoma de enfermidade. Terán o calibre adecuado a especie ou variedade.

2.- Condicións de plantación

Plantaranse na posición correcta de acordo coa especie ou variedade sen deixar bolsas de aire baixo a base e cubriranse cunha altura de terra, en termos xerais, do dobre do diámetro maior do bulbo ou tubérculo.

Artigo 28.- Palmeiras.

1.- Condicións específicas

Deberán estar sas, maduras e aclimatadas para que non perigue o enraizamento e o seu crecemento futuro. Non deberán mostrar signos de etiolación, é dicir, con troncos (estipes) demasiado delgados e follas alongadas, síntomas de seren cultivadas nun marco de plantación demasiado estreito, nin síntomas de ter sufrido deficiencias hídricas nin nutricionais.

As palmeiras de estipe único deberán ter este perfectamente recto e vertical. As de estipe múltiple deberán ter cada un deles orientado adecuadamente á especie.

Non deberán presentar feridas, meladuras ou buratos no tronco, nin externas nin internas. Tampouco deberán presentar estrangulamentos do estipe.

2.- Condicións de plantación.

Presentarán as palmas ligadas e recubertas de canizo ou outro elemento de protección.

O foxo de plantación non será demasiado grande para evitar que o vento sacuda a palmeira e dane as raíces novas. Deixaranse entre vinte (20) e trinta (30) centímetros a cada lado e cincuenta centímetros máis de profundidade co cepellón.

Antes da plantación regarase o foxo de plantación asegurando unha boa drenaxe.

Na base do foxo de plantación estenderase, como mínimo, unha capa de vinte (20) centímetros de material drenante de tamaño superior a cinco (5) centímetros.

Enterraranse uns vintecinco (25) centímetros do estipe para favorecer a emisión de novas raíces dos gromos situados na base.

O recheo do foxo de plantación farase maioritariamente con area lavada, incorporando terra fértil e fertilizante orgánico nos últimos trinta centímetros (30 cm).

Para asegurar unha humidade constante e adecuada en todo o substrato que rodea ao cepellón, colocaranse tubos de drenaxe recheos de grava lavada e situados a cada lado.

As palmas iranse desatando a medida que vaian medrando as follas interiores.

Artigo 29.- Tepes.

1.- Condicións específicas.

Cando se utilicen tepes para o recubrimento do solo istes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Espesor uniforme, non inferior a dous centímetros e medio (2,5 cm)
- A anchura mínima do tepe será de trinta centímetros (30 cm) e a súa lonxitude mínima será superior a un metro (1 m).
- Deberán ter sido segados regularmente durante dous meses antes de ser cortados.
- Non deberán recibir tratamento herbicida nos trinta días precedentes.
- Deberán ser cortados dentro das vinte e catro horas anteriores a súa posta en obra, en tempo fresco e húmido. Este prazo pode ampliarse ata dous ou tres días.
- A temperatura media no centro do bloque que formen antes de ser descargados, será inferior aos corenta graos (40° C).

2.- Condicións de plantación.

A plantación de tepes realizarase de xeito que:

- Non sexa necesario pisar os tepes acabados de poñer.
- Non queden fendas entre eles e o chan ou entre si. Unha vez colocados espallárase area para encher as xunturas.
- As terminacións de cada peza non queden aliñadas.
- Regarase ata saturar o tepe e uns centímetros de solo. A operación repetirase ata o enraizamento do tepe, cada vez que a dirección de obra o considere oportuno.

Artigo 30.- Sementes

1.- Condicións

As sementes utilizadas na construción de áreas encespadas deben cumprir as condicións seguintes:

- Cumprirán as prescricións establecidas no Instituto Nacional de sementes e plantas de viveiros.
- Non estarán contaminadas por patóxenos nin insectos. Non poden presentar sinais de ter sufrido algunha enfermidade nin ataques de insectos ou de animais roedores. Terán unha potencia xerminativa superior ao noventa e cinco por cen (95%).
- Estarán limpas de materiais inertes, de sementes de malas herbas e de sementes doutras plantas cultivadas, dentro dos límites establecidos polo Regulamento Técnico. Presentarán unha pureza igual ou superior ao noventa por cen (90%).
- Subministraranse no envase orixinal precintado.
- Estas condicións estarán garantidas suficientemente, a xuízo da inspección de obra; en caso contrario poderá dispoñer a realización de análises segundo as "Regras Internacionais para a análise de sementes", con gastos a cargo do contratista.

2.- Sementeiras.

A sementeira pode facerse ao chou, o que require persoal cualificado capaz de facer unha distribución uniforme da semente, ou por medio de sementadora.

Para facilitar a distribución das sementes finas poden mesturarse con area ou terra moi fina en proporción 1:4 en volume. Tomaranse ademais as seguintes precaucións:

- En noiros sementarase en sentido ascendente e distribuirase máis semente na parte elevada.
- Aumentará a cantidade de semente nos límites das zonas para sementar.
- Estenderase a sementeira uns centímetros máis alá da súa localización definitiva para recortar despois o céspede sobranse e definir así un bordo neto.

3.- Época de sementar

Os momentos máis apropiados para sementar son o outono e a primavera, en días sen vento e co chan pouco ou nada húmido. Estas épocas son susceptibles de ampliación cando así o permita a marcha da obra e poidan asegurarse uns coidados posteriores suficientes.

4.- Dosificación:

As cantidades de semente a empregar por unidade de superficie axustaranse ao que indica o proxecto; pero se non se indica expresamente, a dirección de obra poderá fixalas entre trinta e cinco (35) e corenta gramos por metro cadrado (40 gr/m²) segundo a porcentaxe de sementes grosas e dependendo do perfil do terreo.

As cantidades aumentaranse cando se tema unha diminución da xerminación por insuficiente preparación do terreo, abundancia de paxaros ou de formigas, etc.

Artigo 31.- Abastecemento e amoreamento do material vexetal.

No momento da recepción do material estará presente o inspector de obra designado polo Concello, quen constatará que se cumpran as seguintes normas:

- Todas as árbores, arbustos e plantas herbáceas cumprarán os requisitos especificados no capítulo III da presente normativa.
- Cada planta verificará as descrições da súa etiqueta identificativa. Ademais presentará boas condicións fitosanitarias e correctas condicións de abastecemento, polo que se poderá esixir os correspondentes certificados e guías que garantan estas condicións.
- O transporte realizarse o máis rápido posible para diminuír os efectos que esta operación puidera producir nas plantas.
- As plantas subministraranse á obra en vehículos abertos, debidamente inmobilizadas e recubertas cun material de protección para evitar posibles golpes, deshidratacións, feridas, etc.

Se unha vez descargadas as plantas na obra non se puidesen plantar o mesmo día, tomaranse as seguintes medidas de protección:

- Habilitarase unha zona para amorear o material vexetal na obra, que terá un solo con textura areosa ou franco-areosa, protexida contra da insolación e dos ventos fortes.
- As árbores e arbustos subministrados coa raíz espida colocaranse un a un na gabia aberta para tal fin. Cubriranse as raíces con terra, procurando que estas queden en contacto e regaranse a continuación.
- As árbores e arbustos subministrados en cepellón sen protección situaranse nun lugar á sombra, tocándose os cepellóns e cubríndoos con

terra ou cun acolchado. Evitarase estragar a estrutura do cepellón, humedecendo con rego moi fino ata que a humidade penetre no interior do cepellón.

- As plantas subministradas con contedor ou cepellón protexido con malla metálica e escaiola manteranse dentro do recipiente correspondente ata a súa plantación. Regaranse individualmente.
- En inverno as árbores e arbustos leñosos cubriranse cun acolchado. As plantas sensibles ao frío protexeranse colocándoas dentro dun invernadoiro ou dunha zona preparada para este fin.
- Evitarase o desecamento de calquera parte da planta, así como o exceso e acumulación de auga.
- Durante o tempo que as plantas estean almacenadas teranse cubertas as súas necesidades hídricas e nutricionais. As pragas e/ou enfermidades combateranse inmediatamente, tan pronto aparezan.
- As plantas amorearanse segundo o tipo, especie e/ou variedade e tamaño, facendo posible un control e unha verificación constante das existencias no amoreamento.
- As plantas non poderán estar máis de tres días nestas condicións.

Artigo 32.- Épocas de plantación.

Para elixir o período de plantación terase en conta a zona de plantación, a orixe da planta, o tipo de folla e o tipo de abastecemento. Así:

Para as zonas de plantación de clima tépedo farase o seguinte:

- As plantas de orixe tépeda ou fría, de folla caediza, presentadas coa raíz espida plantaranse de novembro a marzo; se veñen en cepellón poderán plantarse dende setembro a maio e as presentadas en contedor poderanse plantar ao longo de todo o ano.
- As plantas de orixe templado ou frío, de folla persistente, presentadas en cepellón plantaranse dende marzo ata xuño e as presentadas en contedor poderán plantarse durante todo o ano.
- As plantas procedentes de zonas cálidas, tanto de folla caediza coma de folla persistente, subministradas con cepellón ou en contenedor, plantaranse dende marzo a maio.

Para as zonas de plantación de clima frío farase o seguinte:

- A procedencia das plantas será de lugares de condicións climáticas semellantes ou menos favorables que o da zona de plantación .
- As plantas de folla caediza plantaranse de novembro a marzo, e as de folla persistente entre febreiro e marzo.

Con carácter xeral:

- O período de plantación máis favorable é aquel no que a seiva está parada.
- A mellor época de plantación das palmáceas é a máis calorosa, dende o mes de xuño ao de setembro.
- As plantas de flor (anuais e bianuais), os bulbos e tubérculos pódense plantar ao longo de todo o ano, en función das variedades e as condicións climáticas.
- As plantas acuáticas plantaranse entre os meses de abril e xullo.
- Non se plantará nunca en solo xeadado ou excesivamente mollado, nin en condicións climáticas moi desfavorables.

Artigo 33.- Apertura e recheo de foxos e gabias de plantación.

A apertura de foxos e gabias de plantación farase escavando o terreo nun volume proporcional ás esixencias da plantación para realizar.

As dimensións mínimas dos foxos de plantación para árbores será 2 veces o diámetro das raíces ou cepellón en sentido horizontal e 1'5 a súa profundidade en sentido vertical, nunca inferior a un metro (1 m). Para as árbores aliñadas farase un desfondamento proporcionado a toda a superficie do foxo.

Os foxos para a plantación de arbustos terán como mínimo quince centímetros máis de ancho que as raíces ou o cepellón.

Antes da escavación definitiva consideraranse as características do subsolo e as redes de condución con vistas a unha posible replantación.

Para as plantacións en pendentes, o foxo de plantación estará completamente dentro do terreo natural e habilitarase unha gabia onde caiba a auga de rego ou da chuvia modificando a superficie segundo a pendente.

Os foxos e gabias para a plantación definitiva abriranse coa máxima antelación para favorecer a meteorización do solo. No caso de terras non areosas, as paredes e fondo dos foxos e gabias desprenderanse para favorecer a acción dos axentes atmosféricos.

Ao facer a escavación separaranse os horizontes do terreo, aproveitando a primeira capa de terra fértil para utilizala como recheo. Os horizontes máis profundos poderán ser utilizados, se son adecuados para o crecemento do sistema radicular, mesturados con terra fértil e fertilizante.

O recheo dos foxos e gabias de plantación faise tras asentarse as plantas, debendo prestar atención á calidade dos diferentes materiais de recheo en relación co futuro crecemento radicular. Así:

- Se o material é homoxéneo e adecuado para o crecemento radicular pódese utilizar directamente. Se é medianamente adecuado mesturase con terra fértil e deberase abonar.
- Se o material é homoxéneo e inadecuado para o crecemento radicular, substituirase por terra fértil e o escavado retirarase a un vertedoiro.
- Se o material é heteroxéneo no sentido da súa influencia sobre o futuro crecemento do sistema radicular, durante a escavación intentarase separar os diferentes materiais de xeito que os que sexan aproveitables se usen de recheo e o resto levaranse a un vertedoiro.
- Se hai dilación no momento da plantación, é preciso dispoñer os materiais de xeito que non queden expostos a erosións e desprendementos por augas de chuvia.

Artigo 34.- Plantacións no interior da auga.

As plantacións realizaranse en recipientes de 30 cm de profundidade como mínimo en estanques artificiais, seguindo as seguintes normas:

- A terra achegada será arxilosa.
- Non se farán fertilizamentos orgánicos xa que a súa descomposición favorece o crecemento de plantas non desexables e algas.

- A plantación, no posible, farase antes de encher de auga. Doutro xeito cubrirase a terra do recipiente cunha capa de grava para evitar que se perda ou que se ensucie a auga.
- O nivel da auga deberá manterse constante.
- A plantación efectuarase, preferentemente, entre os meses de abril e xullo con plantas próximas ao crecemento adulto.

Artigo 35.- Titores e elementos de soporte.

Os titores, ventos e outras medidas de soporte serán necesarios para ancorar e manter en posición vertical as árbores acabadas de plantar.

A altura do titor será como mínimo a da árbore ata a cruz e o espesor será maior ou igual ao diámetro da árbore, nunca menor de sete centímetros de diámetro (7 cm) e estará feito, preferentemente, de rollizo de madeira, con tratamentos para resistir a intemperie e as pragas e enfermidades; aínda que non se descartan outros materiais que poidan ofrecer as mesmas ou mellores garantías de sustentación ou protección da árbore.

O titor cravarase como mínimo 0,5 m por debaixo do foxo de plantación.

Quedará en posición vertical, centrado co tronco e a unha distancia de 20 cm con respecto a este. Usaranse unha ou dúas fixacións segundo o volume e envergadura da copa. Cando se utilicen dúas, unha irá no extremo do titor e a outra a 2/3 deste.

O titor simple colocarse no lado de onde sopra o vento dominante. Para situacións adversas utilizaranse dous ou mesmo tres titores.

As fixacións dos titores e dos ventos ao talo da árbore faranse cun material elástico e non abrasivo para a cortiza e resistente aos raios uva. A súa disposición non pode en ningún momento orixinar feridas as plantas. Manteranse como mínimo durante dous períodos vexetativos.

Cando a colocación de titores non é apropiada ou suficiente, recorrerase a fixación por medio de ventos. Estes estarán constituídos por tres tirantes de cable galvanizado, equidistantes 120 graos en planta e 45 graos en alzado.

Os cables e as ancoraxes irán provistos de tubos ou platinas sinalizadoras para advertir da súa presenza.

Artigo 36.- Transplantes.

1.- Cando sexa necesario mover do seu emprazamento algún elemento vexetal, procederase ao seu transplante.

Para iso escavarase unha gabiá ao redor da planta a unha distancia e en profundidade suficientes para que quede incluído o cepellón, cortando con coidado as raíces que poidan aparecer.

Nos casos nos que a planta sexa grande ou teña que ser transportada lonxe asegurase a inmovilidade do cepellón rodeándoo dunha envoltura adecuada (escaiola, malla, doelas de madeira, etc.) ou mediante a utilización de maquinaria especializada.

2.- En canto a época de transplante con carácter xeral seguiranse os seguintes criterios:

- As árbores e arbustos exemplares de folla caediza poderanse transplantar entre novembro e marzo.
- As árbores e arbustos exemplares de folla persistente transplantaranse de setembro a outubro e de febreiro a marzo.
- As coníferas transplantaranse dende setembro ata febreiro ou marzo.
- As palmeiras e afíns e as árbores e arbustos subtropicais poderanse transplantar dende maio a setembro.
- As camelias e árbores de floración outonal transplantaranse entre marzo e xullo.

CAPÍTULO IV.- NORMAS SOBRE CAMIÑOS E ZONAS DE ESTAR.

Artigo 37.- Normas xerais

As zonas axardinadas teñen que ser accesibles para persoas con discapacidade para o que se terá en conta o Regulamento da Lei 8/1997 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro).

Artigo 38.- Perfil lonxitudinal.

As superficies que figuren nos planos como horizontais deberán executarse en obra cunha pendente lonxitudinal non inferior ao un por cento (1%), para permitir a evacuación de auga de chuvia ou de rego.

Cando as pendentes que presenta o terreo ou as que foran proxectadas sexan superiores ao oito por cen (8%), será necesario pavimentar as superficies dos camiños por algún dos procedementos acostumados (pedra, lastro, formigón lavado) excluindo o asfaltado e os áridos.

Cando as pendentes sexan inferiores ao oito por cen (8%) os camiños poderán recubrirse ademais, con áridos ou materiais que ofrezan as garantías suficientes de cohesión para evitar problemas de erosión (xabre compactado, lodos procedentes de pedra serrada, formigón triturado, etc.)

Artigo 39.- Perfil transversal.

Agás especificación expresa no proxecto, o perfil transversal dos camiños será convexo e trazado de xeito que a pendente se faga maior ao se afastar do eixo lonxitudinal.

Para os camiños e superficies revestidas, a pendente transversal será próxima ao un por cento (1%). Para os camiños non revestidos, a pendente transversal media oscilará entre o un e medio por cento (1,5%) e o dous por cento (2%). Canto máis forte sexa a pendente lonxitudinal, tanto máis pode diminuírse a convexidade do perfil transversal.

CAPÍTULO V.- NORMAS SOBRE REGO

Artigo 40.- Normas xerais.

Todos os proxectos de xardinería contarán cun anexo de rego onde se describa, calcule e xustifique o sistema de rego adoptado. En termos xerais

utilizarase a aspersión para as zonas amplas, os difusores para as zonas estreitas e o goteo para os noiros moi pendentes e para xardineiras.

Non poderán ir nunca no mesmo sector de rego emisores de distintas características.

Nel constará tamén, o deseño hidráulico no que se detalle:

- Características da rede de acometida.
- Características dos elementos de rega.

O sistema de rego estará automatizado e os programadores de rego electrónicos irán conectados ao cadro da iluminación pública.

O cabezal de rego coas electroválvulas e válvulas correspondentes, xunto co programador, irán no cadro de distribución construído a tal fin coas dimensións apropiadas para permitir a súa accesibilidade e manexo. Dito cadro situarase por riba do nivel do terreo, de xeito que non corra riscos de encharcamento e dispoña de boa ventilación.

Artigo 41.- Bocas de rego.

Nas superficies axardinadas, incluídas superficies duras, deixarase, alomenos, unha boca de rego e nas superficies grandes distribuirase unha por cada mil seiscentos metros cadrados (1.600 m²), de xeito que a distancia entre dúas bocas de rego non sexa superior a corenta metros (40 m).

Ademais, nas proximidades das zonas de xogos infantís e deportivas deixarase instalada unha boca de rego.


Empregaranse bocas de rego, con válvula de paso incorporada e tapa con chave.

As bocas de rego terán a saída un diámetro de corenta milímetros (40 mm) e a tubería de abastecemento irá conectada a rede xeral de abastecemento de auga, independente do sistema de rego e terá, así mesmo, o mesmo diámetro mínimo.

Artigo 42.- Gabias.

A profundidade da gabia para aterrar as tuberías de rego será tal que a xeratriz superior dos tubos se atope a unha distancia como mínimo de 40 cm. por debaixo da rasante do terreo.

Unha vez aberta a gabia limparase o fondo de pedras e botarase unha capa de 15 cm de area fina sobre a que se instalará a tubería. Posteriormente se cubrirá con terra exenta de áridos > 4 mm, compactándoa por tongadas de 15 cm, ata o recheo total. Deberá colocarse unha fita de sinalización, que advirta da existencia da canalización de rego, situada a unha distancia mínima da rasante do solo de 20 cm.



Gabia para a colocación de tubaxe de rega

Artigo 43.- Emisores de rega.

1.- Aspersores.

Deberán contar coas seguintes características:

- Serán emerxentes de turbina lubricada por auga.
- Disporán dun sistema antivandálico.
- As boquillas serán intercambiabes, permitirán axustar a pluviometría e o radio de cobertura de forma manual.
- Deberán dispoñer dun sistema de memoria do arco de rego preestablecido de xeito que se manteña en caso de ser forzado violentamente.
- A distribución dos aspersores será tal que as coberturas se solapen nun 100% admitíndose un erro do 5% en máis ou en menos. O alcance e o radio de cobertura axustaranse de xeito que non queden zonas sen regar.

2.- Difusores.

Serán emerxentes e contarán con sistema antivandálico. En canto a cobertura, alcance e altura de emerxencia serán os adecuados a superficie a regar.

A distribución dos difusores farase de tal xeito que as coberturas se solapen un 100% admitíndose un erro en máis ou en menos do 5% do radio de cobertura.

3.- Goteo.

Os goteiros serán autocompensantes, integrados na tubería e cun sistema antiherbas que permita que vaian totalmente aterrados.

Artigo 44.- Tuberías.

Presentaranse xustificación dos diámetros de tuberías en base á presión e ao caudal circulante.

Como norma xeral empregárase, preferentemente, tubería de PE baixa densidade de 10 at, tendo en conta que para a distribución das bocas de rego será de uso alimentario e para as acometidas da rede xeral poderán utilizarse ademais PVC.

Artigo 45.- Automatismos.

1.- Programador de rego.

O programador será electrónico, a 220v e conectarase ao cadro xeral de alumado público.

O programador contará con tantas estacións coma sectores de rego máis unha (polo menos) e terá dous ou máis programas independentes.

Estará localizado nun cadro ben ventilado e drenado, protexido por un sistema antivandálico.

2.- Electroválvulas.

Estarán fabricadas con elementos resistentes á humidade; o corpo da válvula será de fibra de vidro con poliéster ou material plástico de similares condicións.

Os compoñentes internos serán de aceiro inoxidable ou plástico inalterable e estarán dispostos de xeito que se realice un autolavado da propia válvula.

O solenoide, que actuará baixo unha tensión de 24v, estará totalmente encapsulado e será resistente á corrosión e a penetración da auga. A disposición do solenoide na válvula será tal que permita a súa substitución en caso de avaría, con facilidade.

As electroválvulas estarán adecuadas á presión de traballo indicada no proxecto, tendo unha marxe de traballo admisible do 50% da presión anterior en máis ou en menos.

Artigo 46.- Válvulas.

Instalarase unha válvula manual de bóla antes de cada boca de rego e antes de cada electroválvula para permitir o peche do sector en caso de avaría da electroválvula

Artigo 47.- Arquetas.

Cando excepcionalmente as electroválvulas non poidan ir nun único cabezal de rego xunto co programador no cadro de distribución, xustificárase no proxecto e distribuíranse dentro do axardinamento en arquetas que cumpran as seguintes condicións:

- Terán as dimensións adecuadas para permitir o acceso o seu interior con comodidade.
- Serán de obra, fabricadas "in situ" de dimensións 30 x 30 cm ou múltiplos destas, con fondo drenante de vinte centímetros de grava (20 cm).
- As tapas das arquetas serán de fundición rotuladas con "Rego" e "Concello de Vigo" e disporán de peches antivandálicos.

- En virtude do deseño de rego, se non se puidesen axustar a estas dimensións, xustificárase debidamente no proxecto.

CAPÍTULO VI.- NORMAS SOBRE MOBILIARIO.

Artigo 48.- Normas xerais.

Estarán construídos cos materiais que se especifiquen no proxecto.

Os elementos metálicos estarán debidamente protexidos contra a corrosión.

Esixirase un mobiliario de construción robusta e o emprego de seccións e perfís adecuados ao peso e esforzo que teñan que soportar.

Presentarase unha relación dos provedores de cada un dos elementos de mobiliario utilizado no axardinamento.

Artigo 49.- Papeleiras.

Empregaranse, preferentemente, papeleiras de aceiro inoxidable ou chapa metálica cincada, cunha capacidade de corenta ou sesenta litros.

Artigo 50.- Bancos.

Os bancos contarán preferentemente con patas de fundición, con imprimación anticorrosión e rematadas en pintura oxirón. O asento e respaldos serán de tablón de madeira tratada, dunha densidade mínima de seiscentos (600) quilos por metro cúbico. Así mesmo non presentará ningún tipo de pudrición, enfermidades ou ataques de xilófagos, nin nós saltadizos. Estará perfectamente secada, en xeral, sen ningún defecto que poida afectar á duración e bo aspecto dos bancos.

Cando os bancos sexan de pedra carecerán de arestas vivas. Estas terán que estar achafranadas ou redondeadas.

Artigo 51.- Bebedeiros.

Instalaranse bebedeiros en todas as zonas de xogos infantís e deportivas. Para a súa colocación buscarase a proximidade da canalización da rede de abastecemento de auga e a de evacuación de pluviais.

Os bebedeiros deberán ser, preferentemente, de aceiro inoxidable ou de pedra e disporán de pulsador.

CAPÍTULO VII.- NORMAS SOBRE ZONAS DE XOGOS.

Artigo 52.- Xogos infantís.

Os xogos infantís deberán adaptarse en canto a deseño, distancias de seguridade, etc, ás normativas europeas vixentes.

Artigo 53.- Pavimentos.

As zonas adicadas aos xogos infantís irán recubertas dunha capa de area gorda de trinta centímetros (30 cm).

Cando a zona de xogo vaia instalada sobre pavimento recubrírse o chan con solo de seguridade. En todos os casos cumprirán a normativa vixente (EN1177)

CAPÍTULO VIII. NORMAS SOBRE DRENAXE E RECOLLIDA DE PLUVIAIS

Artigo 54.- Normas xerais.

Sempre que sexa de esperar un empozamento nalgún punto da zona axardinada, dispórse un sistema de drenaxe que evacúe o exceso de auga ata os sumidoiros.

A escavación das gabias para a colocación dos tubos de drenaxe executarase de acordo coas dimensións indicadas no proxecto ou a que sinale a dirección de obra ata obter unha superficie firme.

Terase en conta que os tubos quedarán colocados cunha pendente lonxitudinal comprendida entre o dous por mil (2 ‰) e o un por cento (1%). Sempre que sexa posible esta pendente coincidirá coa da superficie do solo.

A separación das gabias medra coa permeabilidade do terreo e decrece coa intensidade de uso, podendo variar entre tres e dez metros.

Artigo 55.- Tubaxe.


As tubaxes para drenaxe estarán construídas de plástico ranurado ou perforado ou doutro material acreditado pola experiencia e que cumpra as seguintes condicións:

1.- Colocación dos tubos

- A súa forma e dimensións serán as sinaladas no proxecto. Cando non conste, o diámetro será superior a once centímetros (11 cm) na tubaxe de plástico e variará entre dezaseis (16) e vinte centímetros (20 cm) na doutro material.
- As xeratrices da tubaxe serán rectas perpendiculares á sección transversal; nos cóbados e noutras pezas especiais, terán a curvatura correspondente. A frecha máxima tolerable será do un por cento (1%) da lonxitude, medida na concavidade.
- A tubaxe será forte, duradeira e libre de defectos, fendas e deformacións e coa superficie interior razoablemente lisa.
- O fondo da gabiá compactarase ata lograr unha base de apoio firme e verificarase que estea de acordo coa rasante definida nos planos.
- A tubaxe tenderanse sobre un leito de dez centímetros (10 cm) de material filtrante, comezando dende o punto máis alto, en sentido descendente. As xuntas e unións realizaranse seguindo as instrucións da dirección de obra e as recomendacións do fabricante.
- Coidarase tapar a entrada do primeiro tubo, de xeito que só poida pasar a auga. Así mesmo, cando se interrompan os traballos, debe taparse tamén o último tubo para impedir a entrada de pequenos animais.
- As tubaxes abocarán aos colectores formando un ángulo de corenta e cinco graos (45°) aproximadamente, nunca superior aos sesenta graos (60°).

A gabiá para colocación de tubaxes de drenaxe colocarase tal como consta no seguinte gráfico:

ZANXA PARA COLOCACIÓN DE TUBERÍA DE DRENAXE



Gabia para a colocación de tubaxe de drenaxe

2.- Recheo da gabia.

Non se comezará o recheo ata que as unións estean en condicións de soportar as cargas que van actuar sobre elas. Efectuarase con material de filtro adecuado, colocado en capas de espesor inferior a dez centímetros ata achegar a altura indicada; a compactación, cando sexa necesaria, levarase a cabo con elementos apropiados para non danar nin alterar a posición dos tubos.

Unha vez rematada a colocación do material de filtro, procederase ao recheo por ámbolos dous lados da gabia para evitar posibles desprazamentos da tubaxe.

O material empregado para o recheo da gabia pode ser o procedente da escavación sempre que non conteña elementos que poidan danar a tubaxe.

Durante as obras evitaranse cargas perigosas sobre a tubaxe recuberta, como as que puideran resultar do paso de vehículos ou de maquinaria pesada.

Artigo 56.- Material de filtro.

Consideraranse material de filtro aos áridos naturais ou procedentes de machaqueo e trituración de pedra ou grava, de granulometría entre un (1) e catro centímetros (4 cm); escouras, solos seleccionados ou calquera outro

material filtrante. Estes estarán exentos de margas, arxilas e outras materias inadecuadas.

Artigo 57.- Capa filtrante

En moitos casos, pode ser necesaria a colocación dunha capa dentro cinco e quince centímetros de espesor, constituída por area, escouras, grava fina ou outro material filtrante de granulometría semellante.

Esta capa filtrante colócase entre o material filtro e a terra vexetal cando se trata dunha superficie encespada. Nalgúns casos, como campos de xogo, poden estenderse baixo toda a superficie. Noutros, cando a permeabilidade do terreo o permita, pode substituír ao sistema de desaugamento.

Artigo 58.- Recollida de pluviais.

A recollida da auga de chuvia e as escorrentías superficiais poderán efectuarse mediante foxos a ceo aberto, realizada "in situ" con pedra, lastro, formigón ou materiais prefabricados; ou mediante tuberías de vinte centímetros (20 cm), coas correspondentes recollidas transversais en arquetas-areeiro de dimensións 20 x 20 cm., con reixas, sendo necesario que as reixas teñan un sistema de bisagra que facilite a limpeza ao tempo que evite o seu roubo.

CAPITULO IX.- CONTROL DAS OBRAS

Artigo 59.- Medidas de control

Serán as que se especifican no seguinte cadro:

UNIDADE DE OBRA	PREPARACIÓN DO TERREO		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO DE ENSAIO
Análise de terras	Segundo ordenanza	5% do volume	AM
Verificacións das características da auga	Segundo ordenanza	5% do volume	AM
Comprobación das realizacións das labores preparatorias	Segundo ordenanza	100% das labores	E

UNIDADE DE OBRA	REDE DE REGA		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO ENSAIO
Comprobación da existencia de bocas de rego	Segundo ordenanza	100% das bocas	UT
Verificación de dimensións e características das gabias	Segundo ordenanza	100% das gabias	E
Verificación de dimensións e características das tuberías de rega	Segundo ordenanza	100% tuberías	E
Verificación de dimensións e características automatismos	Segundo ordenanza	100% automatismos	UT

Comprobación de dimensións e emprazamento das arquetas	Segundo ordenanza	100% arquetas	UT
--	-------------------	---------------	----

UNIDADE DE OBRA	PLANTACIÓN E SEMENTEIRA		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO ENSAIO
Verificación de dimensións e características das gabias de plantación	Segundo ordenanza	100% das arquetas	UT
Verificación de dimensións e características dos elementos vexetais	Segundo ordenanza	100% das unidades	AM
Verificacións das características dos abonos	Segundo lexislación	100% das unidades	AM

UNIDADE DE OBRA	DRENAXE E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO ENSAIO
Comprobación de dimensións e emprazamento das tuberías	Segundo lexislación	100% das unidades	UT

UNIDADE DE OBRA	CAMIÑOS E ZONAS DE ESTAR		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO ENSAIO
Comprobación e verificación dos perfís	Segundo ordenanza	100% das unidades	UT
Verificación de dimensións e características dos materiais	Segundo lexislación	100% das unidades	AM

UNIDADE DE OBRA	MOBILIARIO URBANO		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO DE ENSAIO
Comprobación das características e emprazamento de papeleiras	Segundo ordenanza	100% das unidades	AM
Comprobación das características e emprazamento de bancos	Segundo ordenanza	100% das unidades	AM
Comprobación das características e emprazamento de bebedoiros	Segundo lexislación	100% das unidades	AM

UNIDADE DE OBRA	XOGOS INFANTÍS		
CONTROL	ESPECIFICACIÓNS	FRECUENCIA	TIPO DE ENSAIO
Comprobación das dimensións e características do chan de seguridade	Segundo lexislación	100% das unidades	AM
Comprobación das características e emprazamento dos xogos infantís	Segundo lexislación	100% das unidades	AM

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

No que non se opoña ou sexa incompatible coa natureza deste tipo de obras será de aplicación A Ordenanza Xeral Reguladora das obras e conseguintes ocupacións necesarias para implantación de servizos na vía pública publicada no BOP o 25 de xaneiro de 2002.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

O presente Regulamento entrará en vigor transcorrido 1 mes desde a súa publicación íntegra no BOP, de conformidade co previsto no artigo 70 en relación o artigo 65.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, coa nova redacción dada este último precepto pola Lei 11/1999 de 21 de abril.

36.- (192).-DENOMINACIÓN DE RÚAS DO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 9127/331.

ANTECEDENTES.- Con data 9 de agosto de 2005, o concelleiro delegado da Área de Asuntos sociais formula o seguinte informe-proposta:

"O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 29 de novembro de 2004, acordara diversas denominacións de nomes para as rúas do plan parcial de Navia; na súa sesión do 25 de abril de 2005 o Pleno acordou sobre este asunto que "cos informes técnicos pertinentes, pase previamente a estudo da comisión informativa de Asuntos Sociais para que emita informe".

A Asociación Veciñal "Emilio Crespo" de San Paio de navia, con datas 24 de febreiro e 14 de marzo de 2005 presentou propostas e solicitudes sobre este asunto polo que se lle deu trámite de audiencia por parte desta concellería delegada.

Entre as atribucións do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, en materia de cultura, entre outras, figura a de *"elevar ó Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais".*

Tras o trámite de audiencia á Asociación Veciñal "Emilio Crespo" de Navia e de remisión da proposta ó Servizo de Estatística, en virtude da citada atribución..."

A seguir o Concelleiro delegado de Cultura formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 5 de setembro de 2005, dictamina favorablemente a devandita proposta.

INTERVENCIÓN DA SRA. MARTÍNS VILANOVA: Quería facer unha intervención en dous sentidos opostos, por un lado de satisfacción e por outro de censura.

En primeiro lugar quero mostrar a miña satisfacción de que por fin nas rúas de Navia se cumpra o acordo do Pleno do mes de outubro do pasado ano sobre toponimia. Por outra parte está a censura porque o Goberno municipal do PP tardou nada máis e nada menos que un ano en caer na conta de que tiña que cumprir ese acordo, acordo que contemplaba as demandas non só feitas polo noso grupo, senón tamén pola Universidade de Vigo, a Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, polo Instituto de Estudos Vigueses, pola Asociación Galega de Onomástica e pola Federación de Asociacións Veciñais.

Todo un ano para algo para o que non se precisaba desembolso económico de ningún tipo, tendo en conta ademais que se contaba co traballo do censo de microtoponimia previamente feito no ano 2002 polos departamentos de Estatística, Medio Ambiente, Urbanismo e Normalización Lingüística. Paréceme que iste é todo un síntoma do seu xeito de funcionar, da xestión "áxil" da que antes falaba o Sr. Figueroa e un exemplo de que este caso é outro exemplo máis de que nin talante nin talento para facer ben as cousas no seu momento.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Puente e Vieitez Alonso e a Sra. Graña Barcia).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito acórdase:

Primeiro.-- Asignar o nome de "As teixugueiras" ó novo vial do Polígono de Navia que figura con número 1 no plano incluído no expediente.

Segundo.- Asignar o nome de "Ufas" ó novo vial do Polígono de Navia que figura con número 2 no plano incluído no expediente.

Terceiro.- Asignar o nome de "Pedra Seixa" ó novo vial do Polígono de Navia que figura con número 3 no plano incluído no expediente.

Cuarto.- Asignar o nome de "Lamelas" ó novo vial do Polígono de Navia que figura con número 4 no plano incluído no expediente.

Quinto.- Asignar o nome de "Limpiño" ó novo vial do Polígono de Navia que figura con número 5 no plano incluído no expediente.

Sexto.- Asignar o nome de "Pozo Cabalo" ó novo vial do Polígono de Navia que figura con número 6 no plano incluído no expediente.

37.- (193).-MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A REPOSICIÓN DA SEGUNDA UNIDADE DO 061 QUE TIÑAMOS EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 29 de xullo, o concelleiro do grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"Despois dun longo camiño de reivindicacións, chegamos por fin a ter en Vigo dúas unidades do 061. Pero agora veñen de quitarnos unha, dun día pra outro, e déixannos soamente coa outra unidade ¡Outra vez estamos só con unha!

Parece unha broma pesada que na Coruña teñan dúas unidades pra cidade e nós só unha, cando en Vigo temos douscentos noventa e tantos mil habitantes contra os douscentos corenta e tantos mil da Coruña. E ademais temos unha poboación moito máis espallada, o que dificulta o traballo destas unidades especializadas. En Ourense, con menos da metade de poboación de Vigo, teñen unha unidade do 061 máis un helicóptero. E cando non pode funcionar este polo mal tempo, a súa dotación pasa a traballar en terra nunha ambulancia. É dicir, que contan con dúas unidades móbiles do 061 fixas. Alegrámonos da calidade asistencial que teñen esas dúas cidades irmáns, pero... ¿non é unha aberración que nos deixen só cunha unidade en Vigo?

Parece que esa segunda unidade destinouse pra a nosa área metropolitana e quizabes aló a necesiten tamén. Pero nós seguimos a precisar dúas. Porque compre dicir que en Vigo estanse a facer sete ou oito servizos por día con cada coche. E que non sería a primeira vez que as unidades teñen que ir simultaneamente a Ourense e Pontevedra, deixando a Vigo temporalmente sen UVIS móbiles.

¿Quen foi o cerebro da Consellería de Sanidade que tomou esta decisión tan estúpida e inxusta? Que a cambie xa ou obrigarannos de novo a poñernos en loita...

Consonte co antedito propoñemos:

Dirixirnos á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia pra lle pedir que repoña de xeito inmediato o servizo da segunda unidade do 061 que tiñamos en Vigo, sen prexuízo doutras dotacións que se poidan precisar na nosa Área Metropolitana."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 5 de setembro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Antes de nada felicitar ó Sr. Caballero, benvido a bordo como che dirían nun barco.

Eu case que proporía ó Pleno que retirase as mocións porque de pouco vale que estas a traballar e ir cos veciños a ver beirarrúas e cousas que están mal se logo non se fan. Case proporía suspender as mocións ata que se fagan todas as que están presentandas porque senón é poñer papel por riba de papel e istas tardarán catro ou cinco anos se é que se fan.

Os que levamos aquí pouco tempo miramos isto un pouco raro. Eu non entendo de política pero isto non é facer política; aquí todos temos que traballar pola cidade e non están a mirar quen é mellor ou peor ou quen vai estar ou quen vai vir. A cidadanía será quen decida e espero que nos pase suspenso a uns ou a outros.

O oitenta por cento das mocións que eu presento non repercuten en cartos para as arcas municipais, son peticións que hai que facer a outros gobernos e que afortunadamente se van facendo pouco a pouco.

O Sr. Alonso Vázquez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Como é ben sabido por esta Corporación a moción sobre a segunda ambulancia medicalizada precisamente presentouna o BNG hai exactamente ano e medio, pedindo que se puxera en uso a ambulancia e tamén pedindo que se utilizasen as outras ambulancias durante as vinte e catro horas porque había unha redución de tempo.

Se non me trabuco no Pleno de maio ou abril se fixo un rogo a esta Corporación para que se transmitise á Xunta de Galicia que esa segunda ambulancia concedida á área, porque as ambulancias son por área que no por cidade, se utilizase adecuadamente.

Sorpréndeme un pouco a súa moción porque do que se trataba era de que non se utilizase a ambulancia medicalizada do 061 para usos que son unicamente hospitalarios como sería o traslado dos pacientes para facer anxioplastias de Ourense ou de Pontevedra. Do que se trataría non era de que concederan unha segunda ambulancia, senón que esta segunda ambulancia xa concedida e que eu saiba xa se está a utilizar, se utilizase única e exclusivamente para o traslado de pacientes non hospitalizados e que se utilizase para pacientes hospitalizados ou que precisan dun traslado urxente as ambulancias habituais.

Quería clarexarllo ó Sr. Alonso porque penso que habería que facer unha matización, non pedir unha ambulancia senón clarexar que eses usos que se están facendo non se fagan coa ambulancia que hai co que teriamos unha ambulancia para a área. Que se utilice axeitadamente esa ambulancia concedida e que os traslados que haxa que facer para anxioplastias de Ourense ou Pontevedra se utilicen outro tipo de ambulancias.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Estes datos déronnos xente que traballan en ambulancias; remítome a que Vigo necesita outra ambulancia e loxicamente os transportes deberían facelos nas outras, pero cos datos que me deron deixo a moción tal coma está.

A PRESIDENCIA: Quero informar que o rogo trasladouse, Sra. Concelleira.

SR. IGLESIAS CARRERA: Se me permite o meu compañeiro xa que son da profesión aínda que non estou nela, cónstame que o rogo trasladouse pero eu pediría algo máis. Neste enxendro que temos que é o CHUVI, polo menos para min, coma médico, as hemodinámicas, os stens e as desobstruccións das coronarias fanse no Meixoeiro; os ingresos de infartos segundo lles toque entran no Xeral que ten unha unidade coronaria; entón hai que poñer un autobús permanente que se chama ambulancia medicalizada cotinua máis alá da área porque senón voltamos falar, coma di o Sr. Alonso, dende hai vinte anos e damos unha imaxe de que non somos nin representantes do pobo nin nada.

Aquí hai que dicir a verdade: non sei se no teu hospital existe unha unidade coronaria pero non é o mesmo un PAC, unha unidade de asistencia primaria que dous hospitais que teñen dúas coronarias e por riba un deles ten unha actuación hemodinámica e moitos enfermos teñen morto dende o Xeral ata que se lles fai unha hemodinámica no Meixoeiro.

Por tanto, eses dous hospitais teñen que ter permanentemente unha ambulancia medicalizada para trasladar un infarto en evolución ata que se lle fai a hemodinámica.

Quero dicir isto para que, se vote ou non, quede claro aquí porque niso non me vou calar, só faltaría.

A PRESIDENCIA: Quere contemplar dentro da súa moción o clarexamento do Sr. Iglesias para máis abondamento?

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Deixamos aí a nosa proposta e se hai que engadir algo máis non teño ningún inconveniente, ó contrario, e tampouco temos inconveniente en engadir o que dixo a Sra. Méndez, pero pedindo unha ambulancia máis para a área.

Engadido proposto pola concelleira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, durante o curso do debate:

Que as ambulancias medicalizadas se utilizen unicamente para o uso que están concebidas e non para o sinxelo traslado de pacientes.

Engadido proposto polo concelleir do Grupo do PP, Sr. Iglesias Carrera, durante o curso do debate:

Que haxa unha ambulancia medicalizada para o uso permante de traslado de pacientes entre o Hospital Xeral e o Hospital do Meixoeiro.

A Presidencia somete a votación a moción do Sr. Alonso Vázquez xuntamente cos engadidos propostos pola Sra. Méndez Piñeiro e máis polo Sr. Iglesias Carrera transcritos anteriormente.

(No momento da votación está ausente a Sra. Martíns Vilanova).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito, acórdase:

Primeiro.- Solicitar da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia que repoña de xeito inmediato o servizo da segunda unidade do 061 que tiñamos en Vigo, sen prexuízo doutras dotacións que se poidan precisar na nosa Área Metropolitana

Segundo.- Que as ambulancias medicalizadas se utilizen unicamente para o uso que están concebidas e non para o sinxelo traslado de pacientes.

Terceiro.- Que haxa unha ambulancia medicalizada para o uso permante de traslado de pacientes entre o Hospital Xeral e o Hospital do Meixoeiro.

38.- (194).-MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA ÁS CARACTERÍSTICAS DA NOVA AUTOVÍA VIGO-PORRIÑO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 1 de agosto, o voceiro do grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"As reiteradas reclamacións feitas pola Corporación viguesa e todas as institucións cidadáns, pra que se constrúa unha alternativa á chamada por algúns "autovía da morte", a autovía Vigo-Porriño actual, tivo por fin eco no Ministerio de Fomento, que ten presentado algunhas alternativas ó respecto.

Vigo está moi prexudicado pola actual situación, pois ó pésimo trazado actual desa autovía, que obrigou a reducir a velocidade permitida a 80 km./h., únese o feito de que temos a principal entrada e saída de Vigo, a Avenida de Madrid, con atascos que se repiten a cotío e varias veces cada día, unhas veces pra entrar e outras veces pra saír da cidade, segundo certos horarios que implican relacións laborais e sociais coa nosa contorna. E amais do dito, un día festivo en Portugal converte esa avenida nunha infernal trampa de tráfico da que non se da saída. Por iso a Corporación aprobou por unanimidade a moción que presentamos o 4 de Maio pasado instando á Fomento a remodelar de xeito inmediato esa avenida.

A necesidade dunha nova autovía Vigo-Porriño integral, un proxecto substancial pra o noso presente cando máis pra o noso futuro, é tan evidente como as diarias comunicacións por estrada de Vigo con boa parte da súa Área Metropolitana real, coa meseta e máis con Portugal. ¡Nada menos!

Precisamos pois unha nova autovía con tres carrís por sentido, que traballe de xeito complementario coa actual Avenida de Madrid e que teña un túnel de 2'5 ou 3 km. na súa traza pra podermos evitar Puxeiros e un ringleira de curvas sen conto, de xeito que poidamos circular a 120 km./h. en todo o seu percorrido.

Queda un derradeiro escollo, importantísimo, por salvar: o Ministerio de Fomento ven de presentar dúas alternativas que deixan o proxecto absolutamente coxo, pois iso é o que significa iniciar esa vía nos arredores da nosa cidade (na altura do seminario máis concretamente).

Vigo está a pedir unha nova entrada que nos permita vivir con certa dignidade. E hai un razoamento que é obvio: se Fomento decidiu facer un novo tramo de autovía en función da súa necesidade obxectiva, témo-la mesma necesidade de atender os tráfico de entrada na cidade ou ¿a onde van e a onde veñen?

Tamén compre ter en conta que as necesidades de comunicacións do porto de Vigo co Porto Seco de Salvaterra e mais o que se anuncia no norte de Portugal, mesmo con independencia das mercadorías que poidan circular por vía férrea, traduciranse nun tráfico adicional ó que xa padecemos. Un tráfico que precisará atravesar a cidade pois nacerá ou morrerá no mesmo porto de Vigo.

En Fomento non se respecta debidamente a Vigo: ¿terá algo que ver o feito de que a súa delegación pra Galicia estea na cidade da Coruña? E xa que falamos diso ¿por qué non está en Santiago?

Ou quizabes non nos atendan debidamente porque nos xulgan en base a estatísticas enganosas, porque se ben somos a cidade número 14 de España en número de habitantes, se medimos os habitantes nun radio de 40 km. pasamos a ser a cidade número 9, con 930.000 habitantes.

En efecto: a cidade de Córdoba ten 319.000 habitantes por 770.000 coa contorna. Valladolid ten 321.000 habitantes por 508.000 coa contorna. Palma de Mallorca ten 368.000 habitantes e 758.000 na illa de Mallorca. As Palmas de Gran Canaria ten 376.000 habitantes e 790.000 na illa de Gran Canaria. E Zaragoza ten 640.000 habitantes, por 880.000 coa contorna. Temos pois máis densidade de poboación ca todas esas cidades se contamos coa contorna, e

moitísima máis necesidade de vías de comunicación (e por iso de entradas e saídas) polo enorme peso específico da nosa contorna.

E tamén hai moitas cidades ben máis pequenas ca Vigo que teñen estupendas entradas feitas por Fomento. Por citar algúns exemplos, temos Granada con 230.000 habitantes, Santa Cruz de Tenerife con 219.000 ou A Coruña con 242.000. E ademais neste último caso coa agravante de que temos unha densidade de vehículos (vehículos/km²), que case dobra ós da Coruña.

Xa que logo: ¿Que vara de medir usa o Ministerio de Fomento? ¿E que argumentos usa o Goberno Municipal vigués pra facer prevalecer as nosas teses, as nosas necesidades? Dámosllos servidos. A ver se os sabe usar...

Porque precisamos que por riba de calquera tentación de solucións mediocres (tanto por un aforro mal entendido coma por defendermos intereses especulativos), prevalezan os intereses obxectivos de todos. Os intereses de Vigo que non parecen defender neste caso nin o Ministerio de Fomento, nin o Goberno Municipal vigués.

O Partido Galeguista presentou no seu día un proxecto de xeito que esa nova vía partise e chegase á Gran Vía (como por certo fai a Avenida de Madrid, cuxo tráfico temos que paliar). Nin do seminario nin de Arquitecto Palacios.

Por último dicir que nos tempos que corren compre pedir que unha autovía de trazado semiurbano estea iluminada en todo o seu percorrido. E con repetidores de sinais telefónicas e de radio no túnel a construír.

Fomos pioneiros nestas teses, necesarias, e por iso proclamamos que non avaliaremos ningunha proposta se non contempla as necesidades obxectivas que temos, pois non lle servirían ó presente da nosa cidade, nin á súa contorna, e menos aínda ó futuro de todos...

Consonte co antedito propoñemos:

Pedirlle ó Ministerio de Fomento que a nova autovía entre Vigo e Porriño, a construír coa máxima urxencia posíbel, teña entre outras características as seguintes:

- 1.- Que parta da Gran Vía, en Vigo, ata enlazar coa A-52 en Porriño cos cruzamentos precisos que permitan enlaces en todo os sentidos cara a Madrid, Portugal e Porriño.
- 2.- Que teña tres carrís por sentido.
- 3.- Que se poida circular por ela a 120 km./hora, o que fai necesario a construción dun túnel, que deberá estar dotado con repetidores de liñas telefónicas e máis de radio.
- 4.- Que a autovía estea iluminada en todo o seu traxecto."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 5 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Ten habido nos medios de comunicacións informacións de Fomento e o Concello de Vigo ten documentos que parecen deixar os estudos previos do que podería ser a nova autovía Vigo-Porriño máis ou menos á altura do Seminario nun caso e noutro un pouco máis aló.

Tamén ten habido opinións aparecidas dende o Goberno municipal no sentido de que esa autovía debería rematar en Arquitecto Palacios, no chamado primeiro cinto de circunvalación ou na vía de penetración ó porto de Vigo que foi como no seu día se concebíu.

En definitiva coido que na moción algúns argumentos que están claros, en primeiro lugar algúns estatísticos que sería ben conveniente que o Goberno utilizara para ista e outras cousas porque Vigo é a cidade número trece de España en número de habitantes pero pasa ser a nove se contemplamos a contorna e a relación diaria que ten con esta cidade, Porriño, Ponteareas, Baiona, Gondomar e un longo etc. e pasamos por diante de cidades como Palma de Mallorca, As Palmas de Gran Canaria, Córdoba, mesmo Zaragoza que é unha cidade moito máis grande que Vigo pero sumándolle a contorna ten máis habitantes que tratar e moitísimos temas, de comunicacións obviamente, Vigo que estas grandes cidades.

Ademais neste caso hai algunhas outras con entradas nas cidades, como A Coruña que a temos preto pero tamén Granada ou Tenerife ou outras moitas máis, con entradas magníficas feitas por Fomento e Vigo nada.

O que non se nos pode anunciar por Fomento a estas alturas é unha solución peor que a que había porque se a que había era que a solución nace da Gran Vía de Vigo, hoxendía propoñer unha solución que non contemple alomenos ese tipo de servizo non lle ía dar solución ó problema.

O outro día o xerente de Urbanismo, en todo caso quero ser sensible a ese argumento, falaba da posibilidade de que Fomento asumira o compromiso ata Arquitecto Palacios, asumindo en paralelo o Concello a responsabilidade de urbanizar unha comunicación entre Arquitecto Palacios e a Gran Vía. Váleme a proposta do xerente aínda que prefería que a pagara Fomento, tamén o digo claro, pero a solución do xerente é plausible dentro dos desenvolvementos urbanísticos desa zona.

Tamén se fala dunha comunicación en función de necesidades, fálase de tres carrís por sentido, de que se poida circular a 120 Km por hora e iso condiciona o trazado e polo tanto que teña que haber un túnel de aproximadamente tres quilómetros e tamén se piden algunhas outras cousas destes tempos, que temos que pedir e pediremos noutra moción para A Madroa, etc., e é que nos vaiamos de repente como se nos meteramos nunha viaxe ó

fondo da terra que se vas falando por teléfono, por suposto de mans libres, ou escoitando a radio como pasa en calquera túnel doutro lugar medianamente civilizado, de repente se cortan todas as comunicacións. Hoxe iso é relativamente fácil tecnicamente de solucionar, non é moi custoso e por tanto pedimos que se inclua nese proxecto e que a autovía estea iluminada en todo o seu percorrido. Tanto no túnel como no resto porque é practicamente zona urbana, tamén requiriría un tratamento dese tipo.

Isa é a nosa proposición coa modificación que veño de facer in voce porque aínda foi nunha reunión de voceiros o outro día na Xerencia na que o xerente falou dunha proposta deste tipo e non temos ningún inconveniente en deixar as dúas solucións presentadas se é que lle parecen ben ós demais.

SR. FIGUEROA VILA: Ó Goberno parécelle ben; o outro día tivemos unha Xunta de Voceiros na Xerencia e é certo o que di o Sr. Soto; o xerente fixo esa proposta que el di pero só quero dicir unha cuestión ó Sr. Soto.

Vostede sabe que había que facer unha alegación ó tema da autovía Vigo-Porriño. Díxonos o secretario que era competencia da Xunta de Goberno aínda que hoxe fóra da orde do día imos rectificar.

Nós estamos de acordo co que vostede propón pero agora o que manifestamos é a disconformidade e, en base ó que falamos os voceiros no verán, un segundo acordo que di "Comunicar á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia a vontade da Corporación de lograr unha solución consensuada entre o Ministerio de Fomento e os tres concellos afectados".

Isto quere dicir que xa se enviou a disconformidade e podemos empezar e montar unha comisión, alomenos nós no propio Concello, para que esas propostas que está a facer vostede e que parecen coherentes se lle trasladen ó Ministerio coas alternativas que nós propoñemos, á parte do que xa está reflectido no Plan Xeral, e que se poida contemplar o que vostede agora está expoñendo.

Estamos de acordo co que vostede propón porque nos parece que é o correcto e só dicirlle que xa se enviou isto e agora imos traballar na proposta que temos que defender todos.

SR. SOTO FERREIRO: Non só non son contrario senón que me parece moi ben o seu matiz de falar cos demais concellos e se somos quen todos nós de lle dar unha proposta conxunta mellor que mellor, gañaríamos moito tempo e camiño para que, por se acaso houbera algunha tentación nese sentido, Fomento non tivera a desculpa de que cada quen lle pide unha cousa.

Recollo a súa proposición porque me parece positiva e nese sentido podemos incluír dirixírmonos antes ó resto dos Concellos para estudar unha traza conveniente para esa autovía.

SR. TOBA GIRÓN: Independentemente de que hai aspectos que pon enriba da mesa a moción do Sr. Soto e que seguramente aínda non se debatiron co coidado que requiren, para nós neste momento o fundamental é que o Pleno se manifeste a respecto do estudo informativo que agora temos enriba da mesa. Logo poderemos entrar a discutir esta modificación pero agora mesmo pensamos que o urxente é que a Corporación lle diga a Fomento que ese estudo informativo non.

Se nos ven dubidar a respecto do que é fundamental podemos acumular os problemas. Demasiadas veces temos acumulado problemas sobre grandes infraestruturas por razón de entrar en matiz en momentos nos que hai que o facer no substancial como hai que facer agora. Que non nos pase como lamentablemente aconteceu co tema do segundo cinto que os máis vellos do lugar lembran, eu non estaba naquel intre na Corporación pero coñecino por papel.

Coido que iste é o momento e por iso precisamente instamos naquela xuntanza á Sra. Alcaldesa para que trouxera ese acordo de Xunta de Goberno co que estamos todos de acordo, para o subscribir colectivamente, coma Pleno da Corporación porque neste momento é o útil.

Hai aspectos concretos e aspectos que están na súa moción que coidamos que é necesario discutir cos outros Concellos que están afectados polo trazado porque non basta só con mirar para as nosas necesidades, hai que mirar tamén para as dos demais, a fin de contas Vigo non é máis que un área metropolitana e neste caso se trata da infraestructura de conexión cunha parte desa área, tamén coa meseta.

Hai outra infraestructura tamén moi importante que supoño que será a futura autovía Vigo-Pontevedra que tamén ten ese obxectivo de conexión da zona de Fornelos e mesmo Redondela, que está mal conectada agora mesmo.

Nós pensamos que agora o mellor sería pronunciarse sobre o estudo informativo. A respecto da moción que vostede presenta realmente hai aspectos que cremos que deben ser estudados cun pouco de coidade, non basta só a vontade, polo dicir dalgún xeito.

Preferiríamos tratar a súa moción nunha Xunta de Voceiros na que discutiramos con coidado eses extremos que matizan o estudo informativo que agora hai.

SR. RUIZ CENICEROS: Só para saber exactamente o que imos votar conforme ó que decida o propoñente da moción. É certo que no verán, antes da aprobación da Xunta de Goberno, o concelleiro de Urbanismo trasladounos por urxencia o informe do estudo informativo que en principio nós, en canto a que se adapta ó que propón o Plan Xeral, aceptámolo e se o ratifica o Pleno dende logo que o apoiaremos.

Dende ese intre prodúcense dúas novidades: unha a moción que vostede propón e outra o que comunicou o outro día o xerente e que ía máis aló porque polo que hoxe contou hai conversas directas entre a Xerencia de Urbanismo e os técnicos do Ministerio de Fomento para concretar cómo vai ser ese enlace.

Sen prexuízo de que se someta a votación o informe que nós imos ratificar, quizais o que entendo da proposta do BNG é que o que conviría máis sería, unha vez ratificado, constituir a comisión para concretar cal vai ser a petición formal das características da autovía ou dese enlace que vai facer a Corporación ó Ministerio de Fomento, sobre todo cando nos poña ó día o xerente de cómo se están a concretar esas conversas porque o outro día houbo aspectos que dicía que o estudo informativo en realidade era o que era porque non se podía modificar pero que estaban pensando nunha ampliación. Temas que se espuxeron pero que non se concretaron.

SR. SOTO FERREIRO: Que eu saiba e como dixo o Sr. Figueroa o Goberno municipal xa fixo dialecticamente a emenda sobre o proposto por Fomento. Se vostedes queren que ratifiquemos iso no Pleno non teño ningún problema.

Outra cousa é ver se falamos cos Concellos de ó redor para ver se somos quen de facer proposicións conxuntas que resposten a trazados conxuntos, tampouco hai ningún problema, xa o dixeran antes.

Pero aquí hai cousas que non hai que estudar para ver que esta moción, coa emenda que eu mesmo veño de facer in voce, onde digo que parta da Gran vía engadir unha paréntese que diga "sen prexuízo de que sexa Fomento quen construa ata a propia Gran Vía ou que o Concello se encargue da urbanización dende Arquitecto Palacios ata a Gran Vía" e polo tanto ata Arquitecto Palacios coma mínimo.

Que teña tres carrís por sentido porque non é unha autovía normal, é unha autovía cara á meseta e cara á Portugal e cunha carga de tráfico tremenda obviamente no presente e futuro.

Pídese algo tan lóxico como que teña un trazado de 120 Km/h que é o que teñen o 99% das autovías do Estado Español. Ademais diso, pídese que teña

elementos técnicos que me parece que nas autovías medianamente modernas están.

En qué pode condicionar isto ó que poida dicir Porriño ou Mos, por dicir algo? Para nada, aquí non se condiciona se vai máis torta ou máis dereita. Se vostedes me din de tentar de falar cos demais, encantados para intentar avanzar e axudar, non porque haxa nada contradictorio con esta moción que propoñemos.

Nós vimos propoñendo o tema desta autovía en distintos aspectos incluído un que para nós era definitivo e unha das condicións básicas que puxemos enriba da mesa para poder aprobar o Plan Xeral. Por tanto tiñamos ideas claras e seguimos a telas sobre este tema que queremos que se concreten tecnicamente. A partir daí que o túnel teña 3 Km. ou 3,7, que vai a 100 m. de profundidade ou a 32, como enlace con Mos... non di nada disto, non se condiciona nada. O que si se condiciona é onde empeza e onde remata, di que dun xeito ou doutro ten que ir dende a Gran Vía de Vigo ata Porriño e a partir daí discutimos o que queiran pero a nosa moción está presentada e pedimos por favor que a poñan a votación.

SR. FIGUEROA VILA: Só unha matización no espírito do que dixemos ó principio. Nós estamos de acordo en que o que vostede propón pode servir como base para ese traballo cos tres Concellos e daí sairá a proposta definitiva que presentemos. Non remitir esta moción ó Ministerio de Fomento porque senón si que poderíamos caer en que esta moción eles a poidan entender coma unha proposta consensuada da Corporación e ó final outras peticións que fagan outros Concellos ou outros grupos políticos non as recollamos.

Coido que deberíamos pasar esta moción á Xunta de Voceiros ou a comisión de seguimento da autovía Vigo-Porriño que hai no Concello e que a constituimos os voceiros de Urbanismo e que se fagan uns contactos cos demais Concellos para que serva de base de traballo para redactar o documento definitivo.

SR. SOTO FERREIRO: Non me vale porque hai un matiz que é dicir que no Concello de Vigo, sen prexuízo de aceptar a súa recomendación de que falemos cos demais Concellos, temos algúns criterios e os poñemos enriba da mesa e poñémolos coma Corporación. Se vostede me di que logo houbo unha negociación e que para cambiar o trazado en Mos, en vez de a 120 por hora ten que ser a 117, pois eu voulle dicir que si. Pero como me propoñan unha autovía a 80

km/h como está a actual, dígolle que non vou votar iso a favor de ningún xeito.

Aquí márcanse algunhas condicións que queren marcar pautas e non falo de absolutismos, pautas moi claras de comportamento do que debe ser esa autovía.

Emenda "in voce" formulada á súa moción polo Sr. Soto Ferreiro durante o curso do debate:

Engadir ó apartado primeiro "...sen prexuízo de que sexa o Concello quen se encargue da urbanización dende a rúa Arquitecto Palacios ata a rúa Gran Vía".

Emenda formulada polo Sr. Toba Girón, do grupo municipal do BNG durante o curso do debate:

"Trasladar o presente acordo ós demais Concellos afectados polo trazado da autovía (Mos, Porriño e Redondela), ó obxecto de constituir unha comisión conxunta de seguimento referida á infraestrutura citada."

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constituen de feito, acórdase:

Primeiro.- Que parta da Gran Vía, en Vigo, ata enlazar coa A-52 en Porriño cos cruzamentos precisos que permitan enlaces en todo os sentidos cara a Madrid, Portugal e Porriño, sen prexuízo de que sexa o Concello quen se encargue da urbanización dende a rúa Arquitecto Palacios ata a rúa Gran Vía.

Segundo.- Que teña tres carrís por sentido.

Terceiro.- Que se poida circular por ela a 120 km./hora, o que fai necesario a construción dun túnel, que deberá estar dotado con repetidores de liñas telefónicas e máis de radio.

Cuarto.- Que a autovía estea iluminada en todo o seu traxecto.

Quinto.- Trasladar o presente acordo ós demais Concellos afectados polo trazado da autovía (Mos, Porriño e Redondela), ó obxecto de constituir unha comisión conxunta para definir o trazado da infraestrutura citada.

39.- (195).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO O ARRANXO DO PARQUE LIÑAL DO LAGARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 3 de setembro, o concelleiro do grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"Era Alcalde de Vigo Manoel Soto cando se comezou a construír o que debería ser un importante parque da nosa cidade: o Parque Liñal do Lagares. Dende entón ben pouco se fixo polo mellorar e nos últimos tempos está bastante degradado.

O PXOM En elaboración contempla un substancial aumento dese parque, cousa que a nós nos parece moi ben pero ¿cómo pretendemos que os vigueses crean nese gran proxecto futuro se aínda non somos quen de manter o que temos?

Moitas viguesas e vigueses utilizan ese parque para pasear, para facer deporte ou para ir en bici ata a praia de Samil, pero hoxe en día os poucos bancos que quedan están deteriorados e boa parte das lousetas da súa parte central están afundidas, o que xa ten causado máis dunha torcedura de nocello. Esperemos chegar a tempo para que non ocorra algo máis grave.

E tamén salientamos o feito de que moitos usuarios está a reclamar fontes nas que poder beberen e se refrescar, xa que hoxe só temos dúas fontes nese parque: unha que non funciona e outra que funciona mal.

Consonte o antedito propoñemos:

Que o Goberno municipal tome as decisións oportunas para que o Parque Liñal do Lagares sexa arranxado de xeito adecuado co obxectivo de que lles poida prestar un servizo digno a todas as viguesas e a todos os vigueses."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 5 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

O concelleiro Sr. Alonso Vázquez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: O Sr. Alonso non coñece ben o paseo liñal do Lagares porque este paseo non comeza en Balaídos e remata en Samil. Empeza moito antes e créame que o tramo anterior tocoulle ó Sr. Fernández poñelo en marcha. Dígoo polo que dixó de que non se moveu nada dende non sei qué época. Teña memoria dos cambios que teñen lugar na cidade. Imos votar a favor.

SR. IGLESIAS CARRERA: Eu fun testemuña co Sr. Fernández de cando se arranxou ese paseo e logo degradouse. Á vista diso e buscando máis usos a prol de crear a comisión da bicicleta, na que tamén está a Sra. Sío, encargouse ó director xeral de Augas de Galicia un proxecto que xa está feito. Como é lóxico pedíronnos os terreos que xa están postos e ultimamente falei coa

Sra. Sío para tentar de falar co novo director xeral e parece ser que non hai ningún problema en licitar ese paseo, trasladándome que Vigo era unha cidade obxectivo un para eles.

Iso está totalmente en marcha e posiblemente pendente de licitar.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Sr. Toba, eu paseo de cando en vez, non moito porque non teño tempo pero ese paseo percorrino todo co Sr. Iglesias, coa Sra. Sío e con outra xente non hai moito tempo en todo o seu percorrido. Iso non quere dicir que non vexa o que alí hai e a peor parte é de Balaídos a Samil porque nin hai losetas, hai fochas, etc. Ó mellor é que non lle gusta a vostede o xeito que eu teño de expoñer as cousas, pero qué quere que lle diga, ó mellor é recíproca a intención.

(No momento da votación está ausente o Sr. Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, instando o arranxo do Parque Liñal do Lagares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

40.- (196).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA QUE REALICE OBRAS NECESARIAS NAS INSTALACIÓNS DO XIMNASIO BEADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de agosto, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"Sabida é a importancia que para as Administracións Públicas debe ter o ensino, xa que del depende a formación dos futuros cidadáns e cidadás, e nomeadamente o ensino público por ser o único que garante a igualdade de oportunidades. Entre as cuestións que teñen que formar parte das nosas preocupacións está o coidado e perfecto estado das instalacións dos centros educativos.

O colexio público Coutadas-Beades ten pendente unha vella reivindicación relacionada coas instalacións do ximnasio, entre as que a dirección do centro prioriza as relacionadas co chan do mesmo que se atopa nunha

situación de deterioro que impide o normal desenvolvemento das actividades de Educación Física co risco de lesións que o seu uso leva aparelado

PROPOSTA:

Que o goberno municipal apoie as reivindicacións da dirección do colexio e medie ante a Consellería de Educación co fin de que se realicen as obras necesarias para que se resolva o problema do ximnasio e esta instalación poida funcionar a pleno rendemento."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 5 de setembro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: Hoxe comeza o curso escolar para os alumnos de primaria e esta moción ten coma protagonista a un deses centros que hoxe inauguran o curso.

Á vista das noticias que aparecen na prensa ó redor deste tema e das deficiencias nos centros educativos, tería que ser máis ampla e contemplar máis centros pero iste se refire ó colexio Coutadas-Beadé que ten unha reivindicación pendente que está relacionada co estado das instalacións do ximnasio e o Concello, coma administración que ten ó seu cargo o coidado e o mantemento das instalacións dos centros de primaria, debe preocuparse de que se lle dea solución a estes problemas xa que sempre hai coma un rebote cando se negocian estes temas; por exemplo neste caso, a teor da información ofrecida pola dirección do centro, parece ser que se trata dunha obra nova e polo tanto competencia da Consellería de Educación, pero sempre hai unha dúbida de se é obra nova ou se é reposición ou mantemento do que xa estaba, polo tanto é moi importante a mediación e o apoio do Concello nas reivindicacións do centro e para que se defina claramente de quen é a competencia.

A proposta que vai nesta moción é que o goberno municipal apoie as reivindicacións da dirección do colexio e medie ante a Consellería de Educación co fin de que se realicen as obras necesarias para que se resolva o problema do ximnasio e esta instalación poida funcionar a pleno rendemento.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: É certo que existe esta reclamación, trasladámola en varias ocasións á Consellería e estamos tentando de que se arranxe este tema porque é certo que ás veces se discute se é obra nova ou se se trata dun mantemento. Certo que o Concello investiu case 60.000 euros nos últimos dous anos no mantemento do colexio Coutadas-Beadé, á parte do programa

municipal de xestión que son case 9.000 euros, pero dende logo os técnicos municipais falan de que isto é unha obra de investimento que é competencia da Consellería e mesmo tivemos varias xuntanzas na delegación para que se arranxe esta deficiencia no propio centro que ademais foi obra da Consellería da Xunta.

Imos trasladar o acordo plenario pero xa estabamos traballando nese sentido.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Figueroa Vila, Guerra Fernández e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova instando o apoio do Goberno municipal ante a Consellería de Educación para que se realicen as obras necesarias no ximnasio do colexio público de Coutadas-Beade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

41.- (197).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR NOVAMENTE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE A SEDE DAS OFICINAS DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de agosto, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

“Dende a súa declaración (Lei 15/2002 do 1 de xullo, BOE nº 157 do 02/0702) o Parque Nacional das Illas Atlánticas ten avanzado excesivamente lento na súa consolidación e mellora, sendo no noso criterio necesario darlle un novo pulo que permita mellorar e explotar o valor do inmenso patrimonio do Parque.

Na pasada lexislatura aprobouse en sesión plenaria unha moción na que se solicitaba a sede do Parque Nacional na nosa cidade. Cremos necesario retomar dito acordo e por iso facemos a seguinte proposta de acordo:

1.- Dirixir unha nova petición solicitando a sede e oficinas do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia ao Ministerio de Medio Ambiente e á Consellería de Medio Ambiente.

2.- Solicitar o apoio do Padroado do Parque para a sede e Centro de Interpretación.

3.- Facer unha proposta de colaboración do Concello para conseguir acurtar ao máximo os prazos de ambas propostas."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 5 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción:

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Quero manter esta moción porque coido que é moi axeitada e que estamos nun momento político moi favorable. Todos temos que pensar que o Parque Nacional das Illas Atlánticas hai máis de tres anos que se nomeou e nese tempo semella que se fixo pouco, alomenos para revitalizalo como algúns cremos que se merece e sentímonos orgullosos de ter unha parte importante deste parque dentro da cidade de Vigo.

Esta fin de semana vin con moita satisfacción e agrado que dende a Xunta tamén o apoian; pois máis se acerta cando se pide algo se todo o mundo o vai apoiar, durante tres anos non foi iste o caso. Parece que os cambios políticos empezan a mirarse cunha axilidade que é agradable, alomenos en política ós que cremos en facer e non en falar nos agrada moito máis. Manteño a miña moción e con moita máis satisfacción.

Hai uns erros que ó mellor nos se interpreta ben porque no primeiro punto da proposta é dirixir unha nova petición solicitando a sede e oficinas do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia ao Ministerio de Medio Ambiente e á Consellería de Medio Ambiente.

No punto dous digo solicitar o apoio do Padroado do Parque para a sede e Centro de Interpretación, precisamente aí é onde está a importancia porque coido que Vigo é o punto neurálxico, daí a necesidade dese Centro de Interpretación porque a cidade sempre apoiou dun xeito claro esta reivindicación.

En terceiro lugar facer unha proposta de colaboración do Concello para conseguir acurtar ao máximo os prazos de ambas propostas.

Como lín que a nosa Alcaldesa se propón que en 48 horas poñer os terreos a disposición, ó mellor facilitarlle o traslado inmediato das oficinas é menos custoso que poñer os terreos polo que lle podo afirmar que estou convencido que se se fai esta proposta en 48 horas pode estar en Vigo a sede, por suposto provisional, das oficinas do Parque Nacional que hoxe lamentablemente están nun punto de Pontevedra, preto de onde estaba a Parda, que é complicadísimo e difícilísimo que alguén chegue alí e coido que se

merece un trato distinto posto que ata o de agora, aquelas propostas que dicían de levala a Lourizán, etc., pódolle asegurar que a pesar do esforzo que os directores actual e anterior fixeron, non foron quen de que ninguén asinara un documento de cesión provisional para o arranxar. Non se fixo nin nas Cíes, nin en Ons, nin en Pontevedra ningunha axilización nestas tramitacións tan necesarias e xa sabemos como funcionan as administracións. En Vigo hai capacidade para o facer e se se fai co apoio da Alcaldesa mellor e coido que a Corporación tamén vai facelo porque espero que voten a moción nestes termos.

A PRESIDENCIA: Van ter toda a colaboración por parte deste Concello.

SR. PORTEIRO GARCIA: Normalmente cando estamos a favor dunha moción a ser posible evitamos o debate para non facer máis farragoso o Pleno. Só queríamos propoñer ó BNG unha engádega no seu terceiro punto para que, cando este documento chegue á Consellería de Medio Ambiente, o faga cunha proposta máis pechada dadas as noticias que todos coñecemos onte nos medios de comunicación.

Fago este proposta in voce porque loxicamente non deu tempo da facer cando coñecemos a moción. Sería en lugar dun punto e á parte, poñer unha coma e engadir "...nomeadamente no que se refire á proposta para o seu emprazamento", de tal xeito que a vontade clara desta Corporación quedaría manifestada cando este documento chegue á Consellería.

Unha consideración que ó noso grupo lle gustaría facer: loxicamente por razón de sentido común e do uso que terá esta nova instalación para a cidade, sería moi importante que estivese próxima á franxa litoral e sobre todo ó lugar en que as persoas embarcan para ir ás Cíes.

Non sei se é tanto unha cuestión de terreos, é unha cuestión que someto a súa consideración, Sra. Alcaldesa, como ó mellor tentar aproveitar algún edificio xa existente porque parece que a instalación non ten que ser excesivamente grande. Supoño que vostede, cando comece as conversas co Ministerio e a Consellería, así o poderá constatar. Polo tanto sería importante que dende aquí se lle puidera facer un ofrecemento dalgún local ou edificio nas proximidades da ría que puidera ser apto para esta instalación.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Aceptamos a engádega.

Engádega proposta pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Porteiro García, durante o curso do debate:

Engadir ó final do apartado terceiro "...nomeadamente no que se refire á proposta para o seu emprazamento".

A Presidencia somete a votación a moción do Sr. Fernández Fernández coa engádega proposta pola concelleira Sra. Porteiro García).

(No momento da votación está ausente o Sr. Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito, acórdase:

Primeiro.- Dirixir unha nova petición solicitando a sede e oficinas do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia ao Ministerio de Medio Ambiente e á Consellería de Medio Ambiente.

Segundo.- Solicitar o apoio do Padroado do Parque para a sede e Centro de Interpretación.

Terceiro.- Facer unha proposta de colaboración do Concello para conseguir acurtar ao máximo os prazos de ambas propostas, nomeadamente no que se refire á proposta para o seu emprazamento.

42.- (198).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DE TRÁFICO NA ESTRADA PROVINCIAL

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 30 de agosto, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

"A Estrada Provincial é coñecida como un vial cunha elevada carga de tráfico, debido á alta densidade de habitantes que concentra actualmente e a que é tamén usado en moitas ocasións como vía alternativa á Avd. Madrid. A isto temos que engadir que dende que se construíu un novo colexio que, sumado ao que estaba e ás novas edificacións en construción, ven incrementando a presión de tráfico sobre esta vía, xerando moitas veces auténticos conflitos coas conseguíntes molestias para as persoas que circulan como para as que residen tanto na beira como nas rúas limítrofes.

Tamén debemos resaltar que é unha vía con moi pouca permeabilidade con outras de maior capacidade e cunha actividade empresarial importante (nomeadamente o mercado de froitas), xerando tamén un fluxo de vehículos pesados importante.

As incidencias do aparcamento e do mal aparcamento no tramo entre a R/Loureiro e, de xeito sobresaínte, entre a Baixada á Salgueira e a Gran Vía e, sobre todo, os xiros para enfocar a rúa Loureiro son continuos, xerando enormes colas e maiores retencións, nomeadamente naqueles días de actividade escolar.

Mentres non se habiliten outras fórmulas que aínda tardaran o seu tempo en implantarse, cremos que debemos actuar para intentar minimizar, na medida do posíbel, o impacto antes descrito e posibilitar un tráfico máis fluído rebaixando as molestias á cidadanía en xeral, e aos veciños e veciñas que residen no entorno en particular.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

1.- Que o Goberno Municipal proceda a realizar un estudo, e a conseguinte posta en práctica, de ordenación do tráfico, aparcadoiro e carga e descarga ao longo de toda a Estrada Provincial e o seu contorno

2.- Que se teña en especial consideración a incidencia do tráfico e os xiros nos cruzamentos de Quiros-Arquitecto Palácios-Estrada Provincial, Loureiro-Estrada Provincial e no tramo comprendido entre a Baixada á Salgueira e a Gran Vía."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 5 de setembro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIEITEZ ALONSO: Coido que todo mundo coñece a Estrada Provincial e a súa evolución, pasou de ser un vial case interurbano a ser urbano e sobre todo densamente poboado nas súas dúas beiras.

Á parte da actividade industrial que se desenvolve nos seus dous extremos, nestes momentos está a sufrir unha presión moi grande xa non só pola ampliación de outro colexio máis que xa ven funcionando xa hai algún tempo, senón tamén pola construción aínda en marcha pero que pronto será efectiva da unidade urbanística de Quirós.

Pensamos que este estudo e a súa posterior posta en práctica é tremendamente necesario porque cunha reordenación en función do que digan os técnicos poderíanse evitar parte dos problemas que nestes momentos hai e máximo dado que é un vial moi impermeable na medida de que non ten transversais e por tanto non permite diversificar os usos de tráfico cara outros viais.

O que propoñemos é que se faga o estudo, que se implante, o que por certo é unha demanda dende hai ano e medio por parte da asociación de veciños de Salgueira e logo que se teña en especial consideración o tema dos cruzamentos porque é onde están incidindo os usos do tráfico.

SR. COELLO BUFILL: Voume referir moi brevemente ó estudo técnico, como xa vostede coñece, do enxeñeiro municipal de Tráfico que di: "O ancho da calzada é de 9 metros ó longo de toda a súa extensión chegando nalgún punto concreto ós 9,20 m. O deseño actual da marca vial establece un eixo central que divide a calzada en dous carris, un en cada sentido de 4,5 metros de ancho cada un agás no cruzamento coa rúa Gran Vía, onde se sinalizan tres carrís, dous de saída e un de entrada en torno ós tres metros cada un. Non existe ningunha outra marca vial que regule o aparcadoiro. Con estas condicións a situación real do tráfico na rúa é de aparcadoiro de vehículos ó longo das súas marxes, agás nos tramos inicial e final nos que non se dai tal circunstancia. Por iste motivo resulta un ancho útil de circulación en cada sentido de 2,7 metros aproximadamente, medida totalmente insuficiente". Pois ben, normalmente os técnicos aconsellan, como se fixo nas rúas Vilagarcía de Arousa, Estrada, Tomás Alonso, o ancho de calzada de 9 metros; non aconsellan un deseño de marca vial con eixo central e prohibición de aparcadoiros en ambas marxes con carris de 4,5 metros. O deseño máis axeitado ó criterio do enxeñeiro municipal sería de dous carrís de circulación de 3,5 metros cada un e un de aparcadoiro nunha das súas marxes de 2 de ancho, así se eliminarían en torno a 1.000 metros de aparcadoiro o que supón uns 200 vehículos de turismo.

A outra alternativa que vostede xa coñece, é moito máis severa e sería a circulación nun só sentido. Esta alternativa permite a circulación segura de vehículos por un carril de ancho mínimo de 4 metros e dúas liñas de aparcadoiro nas marxes.

Eu propoño que sexa a primeira alternativa porque é moito máis rápida de acometer porque, como vostede dixo, ese contorno da Estrada Provincial ten unha permeabilidade tremendamente dificultosa.

Estamos de acordo con esa proposta, o estudo está feito e trataremos de axilizalo o máis posible.

(No momento da votación están ausentes os Sres. López-Chaves Castro e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, instando a realización dun estudo de tráfico na Estrada Provincial, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

43.- (199).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á ZONA DE SEGURIDADE DA COMISARÍA DE POLICÍA NA RÚA LUIS TABOADA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de agosto, a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"Dentro do denominado *Proxecto de humanización* das rúas do entorno da Praza de Compostela, contemplábase a dotación de dez prazas de aparcadoiro para a Comisaría de Policía que ocupa o número 3 da rúa Luis Taboada.

Esta é unha das dúas comisarías de Distrito de Vigo con que conta a Policía Nacional, cunha oficina de denuncias, unha brigada de estranxería e outra de documentación, catro grupos de seguridade cidadá e outros servizos que implican a atención a múltiples cidadáns e a utilización de vehículos oficiais que requiren dun estacionamento reservado.

O número de prazas de aparcadoiro que determinaba o citado proxecto viña xustificado por estimacións dos servizos técnicos e expertos en seguridade da propia Comisaría, que estimaban que para un eficaz funcionamento da mesma se precisan un número mínimo de dez espazos reservados. A isto hai que engadir as necesarias medidas de protección e seguridade que rexen para os edificios policiais.

Unha vez rematadas as obras de construcións das dársenas para os aparcadoiros, o goberno municipal decide -unilateralmente- facer unha obra nova para eliminalos e reducir o número adicado ao servizo da Comisaría e así llo comunica ao Subdelegado do Goberno na provincia e aos responsables da Policía Nacional, xustificándoo en base a necesidades doutros establecementos comerciais privados da zona.

Entendemos que para o goberno municipal debe ser prioritaria a defensa dos intereses xerais por riba dos privados, tanto polo número de usuarios deste servizo público como pola garantía dunha mellor seguridade cidadá. Así mesmo, o goberno municipal debe procurar a mellor xestión posible dos recursos públicos o que se contradí coa demolición dunha obra xa realizada e a construción doutra que, como se ten exposto, non está debidamente xustificada.

Por estas razóns, presentamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Manter a obra executada para dotación dunha hárea de seguridade e estacionamento da Comisaría de Luis Taboada."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 5 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Como todos sabemos na remodelación que se está a facer nas rúas do contorno da Praza de Compostela realizáronse unhas obras que en principio, en función das peticións da Comisaría de Policía de Luis Taboada, disporía dunha dársena para aparcadoiro de dez vehículos e tamén por razóns propias de seguridade do traballo que corresponde a unha Comisaría de Policía.

Esta mesma mañá, antes do Pleno, estiven vendo a situación na que están neste intre esas obras e coido que é a solución máis axeitada na medida de que en efecto, tal como están agora, cunha sinalización de "Reservado Policía", en efecto hai esas dez prazas na propia Luis Taboada e con dúas prazas na rúa García Olloqui.

Tamén esta mesma mañá, despois de ver in situ a situación, falei co comisario xefe accidental e parece que isa é a solución que eles preveran dende un primeiro momento e coido que o sentir da moción fundamentalmente é que, se isa é a disposición do Goberno municipal mantela para non entrar en escritos e contradicións entre algunha concellería e outra. Se isa é a solución definitiva coidamos que evitaríamos a discusión da propia moción porque iso estaría totalmente en coherencia co que se pide que é manter a dotación dunha área de seguridade e estacionamento na Comisaría de Luis Taboada, precisamente das dez prazas das que estamos a falar.

Parece que isa é a solución axeitada e evitaríamos entrar en discusións, escritos da Comisaría, da Subdelegación de Goberno coa Alcaldía e demais porque de verdade coido que é a mellor solución por moitas razóns e sobre todo porque todos somos conscientes da seguridade dunha instalación coma unha Comisaría.

SR. COELLO BUFILL: O Goberno colaborou, colabora e colaborará coas forzas e corpos de seguridade do Estado, non teña a menor dúbida.

As competencias de tráfico na cidade son exclusivas do Goberno municipal. Para unha mellor eficacia da prestación dos servizos públicos de interese social en aras a unha mellor seguridade cidadá vanse manter as dársenas sitas na rúa de Luis Taboada e puntualmente, como xa se falou co Comisario, na zona máis alonxada da fachada, na rúa García Olloqui, cando teñan calquera problema de emerxencia e puntual dende logo poderán aparcar. Refírome ás dársenas que se están a autorizar na rúa Luis Taboada e

puntualmente a posibilidade de que poidan aparcarse nas prazas máis alonxadas.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Graña Barcia e os Sres. López-Chaves Castro e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, relativa á zona de seguridade da comisaría de Policía da rúa Luis Taboada, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

44.- (200).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE DE ACCIÓNS ENCAMIÑADAS A FOMENTAR Ó AFORRO ENERXÉTICO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 25 de agosto, a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, formula a seguinte moción:

"O ano 2005 é para o Protocolo de Kioto un ano clave. A súa entrada en vigor produciuse o 16 de febreiro. Coa súa ratificación por unanimidade no Congreso dos Deputados, España adquiriu, entre outros, o compromiso internacional de adoptar como obxectivo estratéxico o aforro e a eficiencia no consumo de enerxía.

Ademais, España ten un potencial só parcialmente explotado para o desenvolvemento das enerxías renovables, que non só permiten diversificar o abastecemento enerxético con recursos autóctonos, senón que ademais o fan con tecnoloxías non contaminantes cuxo desenvolvemento deixa un notable valor engadido no tecido industrial.

É por tanto preciso establecer, dende todo os ámbitos das decisións políticas e da xestión administrativa, un compromiso real a traveso do fomento de políticas de aforro e eficiencia enerxética, o pulo das enerxías renovables, da mobilidade sostible, en suma, a incorporación dos criterios de sostibilidade en toda as políticas municipais.

Na nosa cidade contamos dende o ano 2004 coa Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, con sede neste Concello, que ten entre as súas funcións a de fomentar as políticas de aforro e eficiencia enerxética e de promoción das enerxías a nivel local e ven de traballar xunto coa Concellería de Medio Ambiente na "Ordenanza municipal sobre captación e

aproveitamento da enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo". A aprobación desta ordenanza supón un avance cualitativo importante nestas cuestións.

É por isto que consideramos que debemos apostar claramente dende a nosa cidade por modelos de desenvolvemento que supoñan un compromiso claro coa sostibilidade tal e como se trata na ordenanza o fomento do uso da enerxía solar dando exemplo dende os propios edificios municipais.

ACORDOS:

1.- Que o Concello se comprometa a apoiar e fomentar todas aquelas accións e actividades, tanto públicas como privadas, que se constitúan co obxectivo de establecer políticas sostibles, o fomento da eficiencia e o aforro enerxético, o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables e o pulo da mobilidade sostible.

2.- Que o Concello estudee a implantación de enerxía solar nas edificacións municipais e facelo progresivamente como exemplo a seguir en todo os edificios públicos da cidade.

3.- Que o Concello se comprometa ó máis alto nivel institucional, a impulsar decididamente e difundir os traballos da Axenda 21 Local como instrumento que debe implicar a toda as políticas do municipio no desenvolvemento sostible do noso entorno, dende a área de Medio Ambiente, pero con especial atención nas políticas urbanísticas, de mobilidade, de accesibilidade, educativas, etc."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 5 de setembro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. SÍO LOURIDO: Trátase do aforro enerxético e sobre todo do medio ambiente, tanto a nivel xeral coma en cuestións particulares. A exposición de motivos fai referencia a que neste ano aprobouse o protocolo de Kyoto e tamén é clave porque se aprobou no Congreso dos Deputados. Fai referencia tamén ó compromiso que debemos ter coma representantes das institucións públicas en cuestións medioambientais.

Coido que todo o que está a pasar a nivel mundial no cambio climático debería facermonos parar un pouco e reflexionar sobre estes asuntos e cantos graos de area podemos aportar, tanto dende á nosa responsabilidade pública como particular.

O compromiso realízase a través de políticas de aforro enerxético, de eficiencia, de pulo das enerxías renovables e da mobilidade sostible. Na nosa cidade hai pouco prodúxose nun Pleno a aprobación inicial dunha ordenanza que se titula "Ordenanza municipal sobre captación e aproveitamento da enerxía solar para usos térmicos en edificacións e instalacións no termo municipal de Vigo". Esta ordenanza elaborouse pola concellería de Medio

Ambiente e a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo que ten a súa sede neste Concello e que leva traballado neste municipio e en toda a Mancomunidade de Vigo dende a súa creación no ano 2004, Axencia que se propuxo polo anterior concelleiro e compañeiro de Corporación don Henrique Vieitez e que está a funcionar sobre este tema quizas de xeito pouco visible na miña opinión.

O primeiro punto solicita o compromiso do Concello para apoiar e fomentar todas aquelas accións e actividades, tanto públicas como privadas, que se constitúan co obxectivo de establecer políticas sostibles, o fomento da eficiencia e o aforro enerxético, o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables e o pulo da mobilidade sostible.

O segundo punto refírese a esa ordenanza que se aprobou inicialmente no Pleno do mes pasado pero fai fincapé en que como acción exemplarizante se estude realmente a implantación da enerxía solar en todas as edificacións municipais e que como exemplo a seguir se faga a súa instalación progresiva en todos os edificios públicos da cidade.

O terceiro punto que se comprometa o Concello coa Axencia Local 21 decididamente porque eu teño novas de que se estaba a facer un estudo diagnóstico que os técnicos reprobaron e aínda non temos novas se xa se elaborou, se se rematou e se nos van xuntar outra vez as persoas dos grupos que participabamos na Axenda Local 21.

Gustariame facer tamén fincapé neste termo para que se teñan en conta as políticas que se poidan derivar da Axenda Local 21 cando estea elaborada xa que noutros Concellos xa se está facendo e tamén se está a traballar en temas educativos. Por exemplo no Concello de A Coruña estase a traballar no que se chaman Ecoescolas ou Axendas Local 21 Escolar; aquí non o estamos a facer e coido que estamos perdendo un tempo precioso.

SR. IGLESIAS CARRERA: Alegreime moito de que felicitara ó Sr. Vieitez porque en Electromecánicos creouse e o que antes era a Axencia transformouse como ben saben na Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía. A partir daí os primeiros pasos sempre son complexos pero coido que está a funcionar moi ben porque ten un director que o considero moi competente e proba diso é que xa nos puxemos inmediatamente a enganchármolos a calquera Interreg que existise e diso naceu o proxecto que presentamos a Europa para a reforma do Zondal, facer alí un parque divulgativo que poida ser visitado polos colexios e outras institucións e persoas e ademais adecentalo porque a zona do Zondal está moi deteriorada.

Ese proxecto xa existe, xa se presentou e por iso queriamos que estivesen consignados os cartos que teriamos que poñer que serán uns 266.000 euros se é que nolo dan, porque xa xabemos que de Europa cada vez van vir menos cartos. Temos dous proxectos, iste e máis outro na Guía, e non sei se nos darán os dous.

Temos a intención de aportar unha normativa dando exemplo nos propios edificios do Concello, todos os edificios institucionais, hai un grande interese por parte de todos os que conforman a Fundación, empezando pola Universidade. Temos un enorme interese e se este ano non recibimos o de Europa coido que o ano que ven deberiamos meter nos orzamentos ese millón de euros que é o que custa rehabilitar o Zondal porque vai ser algo realmente importante igual que estamos co Monte Cepudo, etc.

(No momento da votación están ausentes os Sres. López-Chaves Castro e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, de accións encamiñadas a fomentar o aforro enerxético, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO APOIO Á FLOTA CONXELADORA VIGUESA QUE OPERA NAS AUGAS DA NAFO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de setembro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PP, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

"É ben coñecida a problemática suscitada nos últimos tempos na pesquería do fletán negro e na flota que opera en augas da NAFO, fundamentalmente no que se refire á redución de cotas, ás discrepancias nas valoracións dos científicos e máis recentemente á decisión da Comisión Europea de adiantar o peche da pesquería ó pasado 31 de agosto.

Concretamente, esta última decisión de adiantar un mes o peche da pesquería ten collido por sorpresa ó sector que non foi consultado e ten provocado que buques que non tiñan completada a súa cota de capturas abandonen igualmente estas augas coas conseguíntes pérdas económicas.

Esta decisión supón un importante quebranto económico para a flota galega que faena nesas augas posto que obrigará a unha trintena de barcos a renunciar a máis dun 20% das súas cotas asignadas de pesca, poidendo chegar a un 50% no caso dalgúns buques.

A esta merma nas capturas, calificada polo sector como "intolerable", súmase o rexeitamento da UE á petición de España para poder faenar ata decembro, acordándose entón que o prazo rematara a finais de setembro. Agora, este recorte de 30 días pon novamente a esta pesquería contra as cordas.

O malestar no sector pesqueiro é aínda maior porque non foi consultado nin informado e máis por non se ter constituído o Comité Consultivo de augas lonxanas para poder pronunciarse sobre esta grave situación.

No fondo do problema mantéñense as fortes discrepancias nos datos das capturas e máis nos informes científicos sobre a evolución e recuperación do fletán negro nesas augas.

Finalmente, cómpre suliñar as conclusións dun informe científico da Universidade de Vigo realizado en 2004 por encargo do sector no que se puxo de manifesto que un hipotético peche da pesquería do fletán negro conlevaría para a economía de Galicia unha posible perda de 6.000 empregos e que tería unha repercusión negativa de 310 millóns de euros no Produto Interior Bruto da nosa Comunidade Autónoma. As consecuencias deste feito na economía e o emprego vigués resultan evidentes.

Por último e á vista da reunión da Comisión da NAFO prevista para os próximos días 19-23 de setembro en Tallín (Estonia), onde se regulará a actividade do caladoiro para o ano 2006, considérase que é unha ocasión irrepitible para despexar incertidumes e para trasladar unha postura consensuada previamente co sector que permita atopar solucións á crise aberta.

PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Instar ó Goberno da Xunta de Galicia a que reclame do Goberno Español a promoción, en colaboración coa flota conxeladora que opera en augas da NAFO, de novas campañas científicas, ampliando a área xeográfica a outras zonas aínda non exploradas na NAFO.

2.- Instar ó Goberno da Xunta de Galicia a consensuar unha posición co sector e darlle traslado ó Goberno Español para que a defenda diante da reunión a realizar en Tallín. A proposta deberá observar, como reclama o sector, que se teñan presentes as consecuencias económicas e sociais que conleva a redución dos TAC's fixados cada ano.

3.- Elaborar e aprobar antes de xaneiro do próximo ano un plan de pesca para o 2006, consensuado co sector, que evite os graves prexuízos que ocasionan as modificacións unilaterais nos programas anuais."

A Xunta de Voceiros, na súa sesión do día 8 de setembro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Como todos vostedes saben houbo unha serie de recortes nas últimas semanas. Do 19 ó 23 de setembro vaise realizar na capital de Estonia unha reunión da Organización de Pesquerías do Atlántico Noroccidental e pensamos que sería importante trasladar un acordo en defensa deste sector, tanto á Xunta de Galicia como ó Goberno central.

O Sr. Figueroa Vila procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

(No momento da votación da urxencia están ausentes os Sres. López-Chaves Castro e Soto Ferreiro e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SR. ALONSO VAZQUEZ: Iste é un tema moi grave e xa o outro día que estiven en conversas coa nova delegada de Pesca quedeime un pouco inquieto por unhas declaracións que fixo ó respecto. Estou totalmente de acordo coa moción pero onde pon instar ó Goberno da Xunta para que iste inste ó Goberno central, eu iría máis aló e gustaríame se é legal que nós intáramos directamente ó Goberno de España ou se realmente temos que pasar polo Goberno da Xunta.

O outro día en Santiago coa nova conselleira, sinceramente, non me gusto a forma en que se expresou sobre este tema e preocúpame porque hai que pensar que por cada mariñeiro que traballa directamente do mar son sete empregos directos que se perden en terra e xa falamos de moitísimos postos de traballos que se poden perder.

Se pode ser, gustaríame que fose directamente ó Goberno central.

A PRESIDENCIA: Non hai ningún problema.

SR. VIEITEZ ALONSO: Iste é un tema que xa viña anunciado e sinceramente creo, Sres. do Partido Popular, que tardaron un pouquiño en traer esta moción. Isto non é produto da casualidade, ó mellor é que hai que se remontar un pouquiño atrás e ver a qué é debido esta situación que está vivindo a flota, sobre todo a maior parte que ten a base na ría de Vigo.

Isto é produto dun acordo que os Sres. do Partido Popular asinaron en Halifax en outubro do ano 2003, un plan de recuperación do fletán negro e vostedes, e entre outras cousas, aceptaron unha redución das capturas entre os anos 2003 e 2007 de ata un 65%. Vostedes gobernaban tanto na Xunta como no Goberno Español.

Precisamente istas son as consecuencias diso. ¿Porque hai unha xuntanza en Tallin acordámonos agora da gravidade daqueles acordos?

O problema de fondo é que basicamente unha parte moi importante da flota comunitaria e sobre todo a flota do Estado Español e eminentemente galega e no caso da NAFO o 95% da flota é galega e non lles importa, así se asinan este tipo de acordos e agora botámonos as mans á cabeza. Sexan vostedes consecuentes e non aproveiten a oportunidade para facer campaña electoral.

Nese sentido o que traemos aquí é unha proposta distinta. Por certo que non nos movemos nin tan siquiera un ápice do que vostedes aprobaron no Parlamento Galego. Propoñemos unha emenda á súa moción e perdoe que non lla pasara porque isto nolo entregaron hoxe pola mañá e non tiveron oportunidade de escribir antes.

A proposta de acordo vai no seguinte sentido:

- 1.- Incentivar financeiramente as campañas de pesca experimental e de pesca piloto que sexan necesarias para buscar novas posibilidades de pesca.
- 2.- Aproveitamento pleno de todas as posibilidades de pesca infrautilizadas na Unión Europea en acordos con terceiros países, así como en augas reguladas por outras organizacións rexionais de pesca.
- 3.- Diversificación da actividade da flota e outras especies non explotadas ou reguladas.
- 4.- Acadar a presenza directa de Galicia na Comisión de Pesquerías da NAFO.
- 5.- Realizar unha política propia de investigación científica na zona de regulación da NAFO que sustente á flota galega a longo prazo e contribua a revisar as TACs, establecendo planes cuatrienais de campañas dirixidas ó fletán negro e ás especies planas existentes na zona de meirande interese comercial.

SR. BARROS PUENTE: O Grupo municipal Socialista estima tamén que para non dispersar os esforzos institucionais que se fan para acudir alomenos en apoio político dunha actividade que é estratéxica para Galicia, entendemos que o que abunda non dana pero probablemente o xeito de integrar o apoio político de todas as forzas a través de todas as institucións tería mellor encaixe nos acordos parlamentarios.

Dicimos isto porque aquí hai unha redundancia, é moi difícil atopar orixinalidade nas propostas que hai que facer, alternativas en canto ós aspectos de investigación científica na que ten que participar tamén obviamente a Comunidade Galega, na presenza de Galicia en todas as institucións que afecten no tema pesqueiro e repercutan nesta flota porque efectivamente os 28 barcos teñen en Vigo a súa base e nos nosos portos pero cómpre significar que a pesar de todo parte da posición xa ten sido xestionada cos interesados e obviamente a postura a tomar en Tallín nos próximos días e que tivo xa como precedente a presenza en Vigo, na Cooperativa de Armadores, da Secretaria Xeral de Pesca Marítima á parte da propia Conselleira.

Parécenos máis sensato este apoio, sen cuestionar en modo ningún a boa vontade do Partido Popular, que nós utilizasemos os bastidor que nos da o acordo do Parlamento de Galicia para que a postura da Corporación Municipal de Vigo atopase en torno a ese acordo os puntos que permitisen hoxe aprobar por unanimidade esta moción.

SR. FIGUEROA VILA: Nós entregamos esta moción o xoves na Xunta de Voceiros, Sr. Vieitez, por tanto faga a proposta que considere oportuna pero non faga esa matización porque a moción está presentada dende o xoves e acordamos na Xunta de Voceiros traela fóra da orde do día porque temos o acordo de non incluír dentro na orde do día as propostas que non estean dictaminadas por comisión informativa.

En segundo lugar a nós non nos preocupa votar o que vostede engade porque esa moción ou similar (falo de memoria) xa está votada neste Pleno, coido que a finais do ano 2003, prodúxose tamén un debate e votouse nos mesmos termos que vostede propón. Falo de memoria pero me atrevería a dicir que é a mesma moción que se aprobou por unanimidade, por tanto o Partido Popular non é sospeitoso porque naquel intre gobernaba na Xunta e no Goberno Central e tamén votou nesta Corporación por unanimidade a defensa dos intereses do sector pesqueiro de Vigo e de Galicia.

A PRESIDENCIA: Imos votala engandido a emenda.

Emenda formulada polo concelleiro Sr. Alonso Vázquez, do Grupo do PG, durante o curso do debate:

Que o Goberno municipal inste directamente ó Goberno Central.

Proposta de acordo formulada polo concelleiro do Grupo do BNG, Sr. Vieitez Alonso durante o curso do debate:

- 1.- Incentivar financeiramente as campañas de pesca experimental e de pesca piloto que sexan necesarias para buscar novas posibilidades de pesca.
- 2.- Aproveitamento pleno de todas as posibilidades de pesca infrautilizadas na Unión Europea en acordos con terceiros países así como en augas reguladas por outras organizacións rexionais de pesca.
- 3.- Diversificación da actividade da flota e outras especies non explotadas ou reguladas.
- 4.- Acadar a presenza directa de Galicia na Comisión de Pesquerías da NAFO.
- 5.- Realizar unha política propia de investigación científica na zona de regulación da NAFO que sustente á flota galega a longo prazo e contribua a revisar as TACs, establecendo planes catrienais de campañas dirixidas ó fletán negro e ás especies planas existentes na zona de meirande interese comercial.

A presidencia somete a votación a moción do Sr. Figueroa Vila coa emenda formulada polo Sr. Alonso Vázquez, xuntamente coa proposta de acordo formulada polo Sr. Vieitez Alonso.

(No momento da votación están ausentes os Sres. López-Chaves Castro e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito, acórdase:

Primeiro.- Instar ó Goberno da Xunta de Galicia e ó Goberno Español a promoción, en colaboración coa flota conxeladora que opera en augas da NAFO, de novas campañas científicas, ampliando a área xeográfica a outras zonas aínda non exploradas na NAFO.

Segundo.- Instar ó Goberno da Xunta de Galicia a consensuar unha posición co sector e darlle traslado ó Goberno Español para que a defenda diante da reunión a realizar en Tallín. A proposta deberá observar, como reclama o

sector, que se teñan presentes as consecuencias económicas e sociais que conleva a redución dos TAC's fixados cada ano.

Terceiro.- Elaborar e aprobar antes de xaneiro do próximo ano un plan de pesca para o 2006, consensado co sector, que evite os graves prexuízos que ocasionan as modificacións unilaterais nos programas anuais.

Cuarto.- Incentivar financeiramente as campañas de pesca experimental e de pesca piloto que sexan necesarias para buscar novas posibilidades de pesca.

Quinto.- Aproveitamento pleno de todas as posibilidades de pesca infrautilizadas na Unión Europea en acordos con terceiros países así como en augas reguladas por outras organizacións rexionais de pesca.

Sexto.- Diversificación da actividade da flota e outras especies non explotadas ou reguladas.

Sétimo.- Acadar a presenza directa de Galicia na Comisión de Pesquerías da NAFO.

Oitavo.- Realizar unha política propia de investigación científica na zona de regulación da NAFO que sustente á flota galega a longo prazo e contribua a revisar as TACs, establecendo planes catrienais de campañas dirixidas ó fletán negro e ás especies planas existentes na zona de meirande interese comercial.

B.- RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29.09.05 RELATIVO A "INFORME SOBRE O ESTUDO INFORMATIVO DA VARIANTE DO TRAZADO PORRIÑO-VIGO (CLAVE EI.4-PO-19). EXPTE. 875.400.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 29 de agosto de 2005, adoptou o seguinte acordo:

"60. INFORME SOBRE O ESTUDO INFORMATIVO DA VARIANTE DO TRAZADO PORRIÑO-VIGO (CLAVE EI.4-PO-19). EXPTE. 975/400.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe sobre o "Estudo informativo da variante do trazado Porriño-Vigo (Clave EI.4-PO-19)" redactado polo director dos servizos técnicos, D. Emilio García Rodríguez, que di o seguinte:

INFORME SOBRE EL ESTUDO INFORMATIVO DE LA VARIANTE DEL TRAZADO: PORRIÑO-VIGO (CLAVE EI.4-PO-19)

Ó obxecto de dar cumprimento ó especificado no artigo 10-1 da Lei de Estradas e 33-1 do seu Regulamento, emítase o presente informe que, así

S.Ordinaria 12.09.05

mesmo de acordo co exposto no artigo 10-4 da dita Lei "...deberá versar sobre las circunstancias que justifiquen su declaración de interés general de la carretera y sobre la concepción global de su trazado".

Polo que se refire á primeira daquelas circunstancias nada hai que alegar dada a súa evidencia. En relación coa "concepción global do seu trazado" redáctase o presente informe que consta de dúas partes ben diferenciadas.

A primeira delas recolle as características físicas máis sobresaíntes do vial que nos ocupa e a segunda as obxeccións que daquel se consideran por parte dos servizos técnicos desta Xerencia de Urbanismo.

Seguindo pois, a pauta citada, pasamos a efectua-lo informe de ámbolos dous aspectos e a tal fin denominaremos Corredor Norte ás alternativas 1, 2 e 3 do documento e Corredor Sur ás alternativas 4 a 10 do mesmo.

A) 1º Corredor Norte. Alternativas 1, 2 e 3.

A velocidade de proxecto de 80 km/h, parece como punto de partida moi limitativo, aconsellado pola horquilla do orzamento, dentre 90 e 130 millóns de euros.

Acceso dende a glorieta do Seminario ata o arranque do túnel, debe contar con tres carrís.

Acceso no enlace de Baruxáns, dende a A-55 sentido descendente de enorme complexidade para o carril esquerdo descendente.

Incide no Plan Parcial de Recaré.

Dentro dos municipios de Mos e Porriño, a sección debería tamén ter tres carrís por sentido, tendo en conta que o Ministerio xa estaba estudando implantalo, polo menos en sentido ascendente.

Alternativas 1 e 2, enlaces en Baruxáns (norte), Mos e Porriño e alternativa 3, enlaces en Baruxáns (norte), Mos e Sanguñeda. Emprega aproximadamente 1000 metros da actual A-55 entre os enlaces de Mos e Sanguñeda. Este último enlace é en exceso complexo.

Variante A

Secuencia de pendentes. 4% - 5% (900,-m) - 1% - Túnel 0,5% - Saída en transición ó 4% - 4% →

Lonxitude do túnel = 3.265,-m

Variante B

Secuencia de pendentes. 4% - 6% (1.600,-m) - 2% - Túnel 2% - 6% - →

Lonxitude do Túnel = 1.885, -m. Leito de freado P.K. 6+200 sentido Porriño.

Variante C

Secuencia de pendentes. 4% - 6% (900,-m) - 4%. Túnel 2% - 6% - →

Lonxitude del Túnel = 2.105,-m. Leito de freado ídem anterior.

2º Corredor Sur. Alternativas 4-10

A velocidade de proxecto de 80 km/h, parece como punto de partida moi limitativo, aconsellado pola horquilla do orzamento, de entre 90 e 130 millóns de euros.

Acceso dende a glorieta do Seminario ata o arranque do túnel, debe contar con tres carrís.

Acceso no enlace de Baruxáns, dende a A-55 sentido descendente, de difícil uso polo carril esquerdo descendente.

Impide o Plan Parcial de Baruxáns.

Estas alternativas encaixarían mellor co proposto no PXOM, para conexión deste corredor coa cidade no primeiro cinto.

Dentro dos municipios de Mos e Porriño, a sección debería tamén ter tres carrís por sentido, tendo en conta que o Ministerio xa estaba estudando implantalo, polo menos en sentido ascendente, xa a alternativa 10, se inclúe esa sección transversal e as alternativas 4, 5, 7 e 8 enlaces en Baruxáns (sur), Mos e Porriño.

Alternativas 6 e 9 enlaces en Baruxáns (sur), Mos e Sanguñeda. Empregan aproximadamente 1000 metros da actual A-55 entre os enlaces de Mos e Sanguñeda. Este último enlace é en exceso complexo, ou merece outro estudo.

Alternativa 10 enlaces en Baruxáns (sur) e Sanguñeda.

Variante A

Secuencia de pendentes. 4% - 0,75% - 5% (1.400 m) - Túnel - 0,5% - 4% →

Lonxitude do túnel (alternativas 4, 5 y 6) = 3.225 m. Pendente = 0,5%.

Lonxitude do túnel (alternativas 7, 8 y 9) = 3.360 m. Pendente = 0,9%.

Lonxitude do túnel (alternativa 10) = 3.460 m. Pendente = 1,3%.

A alternativa 10 A ocupa o quinto lugar como de menor impacto ambiental.

Variante B

Secuencia de pendentes. 4% - 0,75% - 6% (2.000 m / 1.900 m / 1.900 m) - Túnel - 1,3% - 5% - →

Lonxitude do túnel (alternativas 4, 5 e 6) = 2.865 m.

Pendente = Entrada transición 6% ó -1,3%, resto ó -1,3%.

Lonxitude do túnel (alternativas 7, 8 e 9) = 2.910 m.

Pendente = Entrada transición 6% ó -1,6%, resto ó -1,6%.

Lonxitude do túnel (alternativa 10) = 3.080 m.

Pendente = Entrada transición 6% ó -2,6%, resto ó -2,6%.

Leito de freado en PK 1 + 650 sentido Vigo.

B) Durante a elaboración do presente documento, o Concello de Vigo remitiu informe-contestación ó trámite de consultas previas relativas á Memoria

Resume de impacto ambiental (novembro 2004), así como veu mantendo contactos coa Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e co equipo redactor do estudo informativo, con obxecto de advertir e poñer en coñecemento do Ministerio todas as variables e características territoriais da zona obxecto de estudo dentro do municipio de Vigo.

Análise - Resume estudo informativo

Na aprobación provisional recoméndase como alternativas máis favorables as denominadas como "2c" e "5b" das desenvoltas no estudo informativo.

A alternativa "2c" conecta sobre a A-55 na zoa de Baruxáns-Bembrive. Discorre polo denominado corredor norte, ó norte do núcleo de Mosteiro-Bembrive, por detrás do Cemiterio.

Entra en túnel no pk 2+250 (1 quilómetro antes ca 5b). Desenvolve un túnel de 2105 ml de lonxitude.

A "5b" conecta sobre a A-55 na zona de Baruxáns-Bembrive ó sur da anterior, e máis perto do Seminario. Discorre por, e aproveita unha zona moi comprometida e extensa, o actual curso do río Eifonso ata o pk 3+250 aproximadamente, onde entra en túnel. Desenvolve un túnel de 2865 ml de lonxitude.

Ambas as dúas alternativas conflúen na súa parte final, conformando a variante norte interior de Porriño e enlazando coa A-52.

No estudo informativo (cap8 Memoria, e apéndice 2 do Estudo de impacto ambiental) faise mención á redacción e revisión do planeamento xeral da cidade de Vigo (PXOM) e das previsións viarias que a este respecto se concretaron (en todo caso anótase que o PXOM aprobouse inicialmente en decembro de 2004 -aínda que incorrectamente faise mención a que o foi o Avance, enténdese que por erro-).

O sistema xeral viario que se recolle do PXOM resúmese na consideración do trazado na Ronda de Vigo, que ten previsto enlazar coa actual A-55 na zoa do Seminario, así como a previsión dunha nova vía de penetración que serviría de enlace entre Vigo-Porriño, a Ronda de Vigo e o primeiro cinto e Gran Vía, á altura de Finca do Conde; a este respecto sinálase en grandes liñas:

Coméntase que respecto á vía de penetración reflectida no PXOM estudáronse as conectividades das alternativas propostas "2c" e "5b" a dita vía

Respecto á Ronda de Vigo, reséñase tanto a previsión dunha orde de estudo para a reforma da intersección do Seminario, como a conveniencia de que esta se resolva a tres niveis; factor que, segundo se comenta, tívose en conta á hora de prediseñar os enlaces entre a variante de trazado e a actual A-55

Os criterios ambientais marcados na Memoria son a súa vez concretos; a este respecto se sinala (cap9 Memoria) para a alternativa "2c" que se trata dunha das máis favorables dende o punto de vista medioambiental, e na "5b", que é a de menor afección sonora, non presenta incidencias ambientais considerables, pero "non se trata dunha das alternativas máis favorables",

ó destacar a súa importante incidencia sobre ríos e ribeiras. Parece curioso, por iso mantense como referencia literal, entrecomillada, a forma de expresar as conclusións sobre ditas incidencias nesta alternativa.

En todo caso, os estudos de tráfico realizados sinalan para as dúas alternativas unhas IMDs de 37-38.000 veh/día (2009) e de 63-66.000 veh/día (2029), o cal sen dúbida manifesta a relevancia e necesidade da obra obxecto de estudo informativo.

Obsérvanse certas diferencias de trazado entre o plano de escala xeral OP-1 e os planos de detalle Op-2.1., polo menos na zoa da variante norte interior de Porriño, que se supón serán un erro na edición do documento en pdf.

Na tramitación deste Estudo informativo o Concello de Vigo redactou un informe á Memoria resume de impacto ambiental, enviada ó Concello con obxecto de consultas previas pola Dirección xeral de calidade e avaliación ambiental, en setembro de 2004.

No dito informe (nov 2004) o Concello de Vigo, fai as seguintes consideracións, baseándose no PXOM en fase de redacción (aprobado inicialmente en decembro de 2004), que en liñas xerais expoñe:

Considérense as proteccións e reservas previstas no PXOM en fase de revisión, tanto dende o punto de vista de ocupación e reserva de corredores, como de crecemento do solo ordenado e a vertebración da estrutura viaria da cidade.

Co obxecto de posibilitar un esquema estruturado da rede viaria dentro do municipio de Vigo, así como mellorar a distribución de tráfico entre os distintos corredores e mellorar a diversificación dos actuais corredores, faise unha proposta de corredor para o acceso dende Porriño e propónse a súa vez un novo enlace viario entre dito acceso e o vial de Ronda, fóra do ámbito inmediato ó Seminario, e polo tanto á Avda. de Madrid.

Para potenciar a funcionalidade do novo acceso a Porriño, propónse a prolongación do acceso Vigo-Porriño cara ó interior consolidado da cidade, máis alá do distribuidor de Ronda, e establécese no PXOM unha reserva viaria en Sárdoma, que finaliza no entorno de Finca do Conde, enlazando có primeiro cinto (Avda. de Antonio Palacios) e reservando seccións viarias amplas para o engarce con Gran Vía e Hispanidade.

Sinálase que a diversificación de percorridos, xera oportunidades evidentes tanto dende o punto de vista de niveis de servizo e seguridade vial, como dende a propia operativa da rede, eliminación de retencións e beneficio social.

CONSIDERACIÓNS Ó ESTUDO INFORMATIVO

Establécense só as consideracións relativas directamente ó planeamento xeral da cidade-PXOM, tanto vixente (1993) como o que se encontra en trámite de información pública, con aprobación inicial de decembro de 2004.

O Ministerio de Fomento debe ser consciente (dado que foi advertido en varias ocasións sobre o dito particular) que establece os enlaces sobre a

A-55 ocupando polo menos parcial ou totalmente solos clasificados como urbanizables no PXOM do 93 (polo tanto en vigor). Estes sectores teñen ademais instrumentos de desenvolvemento urbanístico consolidados e aprobados, nalgúns casos con licenza administrativa concedida. De feito o estado de ditos sectores concretáronse no extremo de que figuran como sectores urbanizables no novo PXOM en fase de aprobación, correspondendo a zona de enlace na alternativa "2c" ó solo delimitado como APR A-7-02 RECARÉ, e no caso da "5b" como SPI-02 03-23 BARUXÁNS B. As afeccións que se provocarían no caso de se confirmar os trazados propostos na zoa de enlace, poderían derivar en peticións de indemnización ou de expropiación axustada ó desenvolvemento avanzado da transformación urbanística, posibilidade que debería ser considerada e avaliada polo Ministerio, tanto dende o punto de vista administrativo como económico.

A alternativa "2c" non parece compatible, polo menos de forma directa, coa nova vía de penetración (tramo urbano de Vigo-Porriño) deseñada no PXOM (aprobación inicial de decembro de 2004), a pesar de que se asegura o contrario no estudo informativo. Isto é así porque a dita alternativa desenvólvese moi ó norte da que se establece no PXOM como novo acceso Vigo-Porriño, e ambas están separadas por núcleos poboacionais consolidados. Das dúas alternativas propostas é a que establece unha conexión máis afastada do consolidado de Vigo, e desligada do Sistema Xeral Viario da cidade.

As afeccións sobre a canle do Eifonso da alternativa "5b" son moi importantes, liñais e non puntuais. O dito leito é un espazo que se clasifica dentro do PXOM en trámite como rústico de protección de espazos naturais, polas súas especiais condicións ambientais. Non se entende cómo o estudo ambiental do estudo informativo fai mención a este problema dunha forma un tanto indirecta: "non presenta incidencias ambientais considerables, pero non se trata dunha das alternativas máis favorables". Ademais, sinala que a incidencia sonora desta alternativa é a mínima respecto de todas as alternativas: non o debe ser no caso do municipio de Vigo, xa que esta alternativa discorre polo fondo do val do Eifonso, un val que serve de apoio a un entramado residencial bastante consolidado, situado a unha cota superior respecto da dita traza e polo tanto aparentemente bastante exposto ás ditas influencias.

O planteamento do acceso a Vigo queda manifestamente curto e desligado do Sistema Xeral Viario da cidade, xa que conecta coa Avenida de Madrid á altura das curvas de Segade, pero non resolve a limitación da capacidade do dito acceso dadas as sucesivas interseccións semaforizadas da Avda. de Madrid e a configuración do tramo de acceso da Avda. de Madrid, dende o punto de enlace ata Praza España, que permanece fóra do tramo de estudo. Unicamente a Ronda de Vigo pode influír na distribución parcial do tráfico deste acceso en torno ós distintos eixos do sistema xeral viario da cidade, aínda que no ano horizonte e cos datos do estudo de tráfico do estudo informativo, isto puidera ser insuficiente. É, por isto, polo que o Concello de Vigo reserva dentro do PXOM en redacción un novo acceso viario Vigo-Porriño que penetra cara o interior consolidado da cidade, ata o primeiro cinto (aínda dependente do Ministerio de Fomento); de forma que se garante a continuidade dos fluxos e o correcto reparto da circulación rodada no interior da cidade, e garántase unha correcta funcionalidade e nivel de servizo no tramo máis comprometido de todo o trazado. O Ministerio financiou, está financiando e financiará a cargo do seu capítulo de actuacións no medio urbano proxectos similares en medios máis consolidados mesmo que os que se están considerando. Existen claros exemplos deste tipo

de intervencións, e mesmo de intervencións interiores e máis complexas noutras cidades similares, ademais de casos concretos de obras deste tipo na propia Comunidade Autónoma.

CONCLUSIÓNS

A alternativa norte, a "2c", non parece factibilizar unha correcta inserción dentro do sistema xeral viario da cidade de Vigo; é moi periférica ó consolidado urbano e ó sistema xeral viario da cidade e o seu enlace co mesmo é indirecto e dificultoso. De forma obxectiva pódese dicir que non conecta coa cidade de Vigo, agás a través dun viario de insuficiente capacidade: a Avda. de Madrid, cuxa mellora non se inclúe no estudo informativo.

A alternativa "5c" debería mellorarse nun dobre senso: evitando a afección directa á canle do Eifonso e prolongando o túnel previsto co obxecto de minimizar a dita afección, diminuindo as ocupacións de forma drástica no curso do Eifonso; de feito só desta maneira parecería asumible dende o punto de vista ambiental.

Os enlaces co sistema xeral viario da nova variante en Vigo non se deben reducir á conexión coa Avda. de Madrid, xa que se trata dun viario colapsado; na actualidade con un inadecuado nivel de servizo. A Ronda de Vigo mellorará o reparto do tráfico de acceso, pero as consideracións que o estudo informativo verte sobre a absorción futura do tráfico por parte da nova variante, implican a necesidade de abordar a prolongación do novo acceso cara o centro da cidade, mellorando a distribución do tráfico no dito sistema xeral viario. O Concello de Vigo preveu dita necesidade no novo PXOM e reservou para este fin un corredor de acceso ou penetración da Vigo-Porriño, acceso encaixado e insertado sobre e en correspondencia co sistema xeral viario da zona sureste da cidade. O Ministerio debe abordar o dito planeamento e concretar, tal e como se comprometeu, unha solución da Vigo-Porriño, técnica e funcionalmente factible e complementaria con dita reserva do PXOM.

As zonas de enlace que aparecen no estudo informativo coa A-55 son obxecto na actualidade, co PXOM en vigor, de intervencións e desenvolvementos urbanísticos, a ter en conta co obxecto de validar custos e afeccións e concretar as zonas de enlace de forma suficiente e rigorosa.

En conclusión, ó noso xuízo, preséntanse unhas alternativas que poden considerarse incompletas, pois non é racional manter como única penetración en Vigo a Avda. de Madrid, sen que polo menos se ofrezca unha solución ó nó do Seminario e ó tramo entre ese nó e a Praza de España. É máis, non hai máis que observar os planos esquemáticos das dúas alternativas no ámbito do Concello de Vigo (planos AN-B5.04.05.01/02) para darse conta do racional da solución proposta no PXOM en tramitación (xa concluída a información pública). Mesmo así parece desprenderse das propostas estudadas ó suplementar a variante coa vía de conexión co 2º cinto de Vigo, a través da Estrada da Universidade.

Na nosa opinión, debe chegarse a unha solución consensuada entre o Ministerio de Fomento e os tres concellos afectados e moi especialmente co noso a fin de dar solución administrativa para levar a cabo una alternativa parella á exposta no PXOM en tramite, toda vez que, das conversacións que

mantivemos cos responsables da Demarcación do Ministerio en Galicia, cabe estimar que serían, cando menos, proveitosas.

Calquera solución de conectar a variante que se propón como máis adecuada (a "5b") soamente coa Avda. de Madrid como penetración no centro, aínda no caso da súa adecuación futura (nó do Seminario e tramo ata a Praza de España) no noso criterio, habería de se considerar como provisional, cousa que racionalmente non sería de recibo. É imprescindible diversificar a entrada na cidade do tráfico rodado, transferindo ó Concello de Vigo a titularidade do tramo Seminario-Praza España da Avda. de Madrid (xa solicitado por iste) para a súa transformación en vía urbana, condición que xa ten de feito na actualidade e non con carácter de penetración.

Este informe non pretende abranguer aspectos medio-ambientais agás as breves consideracións que nel se expoñen con carácter somero. Iso deberá ser obxecto doutro tipo de informe máis específico."

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Manifestar a súa disconformidade co estudo informativo da variante do trazado Porriño-Vigo (Clave EI.4-PO-19), polos motivos expostos no informe do Director dos Servizos Técnicos, D. Emilio García Rodríguez, aos efectos previstos no artigo 10 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de Estradas.

2º.- Comunicar á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia a vontade da Corporación de lograr unha solución consencuada entre o Ministerio de Fomento e os tres concellos afectados."

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Trátase de ratificar o acordo da Xunta de Goberno dun tema que xa falamos no punto anterior, por tanto no vou facer ningún tipo de exposición porque estamos todos os grupos na mesma dirección.

(No momento das votacións están ausentes os Sres. López-Chaves Castro e Soto Ferreiro.)

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da votación, dos vinteseis que a constituen de feito, apróbbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da votación, dos vinteseis que a constituen de feito,

ACÓRDASE:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión do 29 de agosto de 2005, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

C.- ACORDO DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DO 2º CINTO DE VIGO DE DATA 08.09.05 RELATIVO A PETICIÓNS DE VECIÑOS AFECTADOS.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Seguimento das obras do segundo cinto de Vigo, na xuntanza que tivo lugar o día 8 de setembro de 2005, acordou o seguinte: "Remitir á Demarcación Xeral de Estradas na Coruña, ó Sr. Secretario do Estado de Infraestructuras e á Excm. Ministra de Fomento, as peticións municipais e veciñais referidas á reposición de servizos afectados como consecuencia das obras que se están a realizar para a construción do segundo cinto de Vigo, peticións que se remiten opas seguintes parroquias afectadas: Beade, Valladares, Matamá e San Andrés de Comesaña.

Asemade achégase a aprobación do acordo plenario de data 26 de xullo de 2005 referido á moción dos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE, BNG e PG relativa ás obras do segundo cinto."

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: O día 8 de setembro xuntámonos coa comisión de afectados do segundo cinto; estabamos o representante da Federación Asociación de Veciños, representantes dos afectados do segundo cinto e máis eu. Remitíronnos unha serie de propostas que todos coñecemos de melloras de servizos, de regadíos, mellora da traza, etc., todas as propostas que fixeron os veciños están recollidas e o que hoxe propoñemos é remitilas á Demarcación de Estradas de Fomento, ó Secretario de Estado de Infraestructuras e á propia Ministra para que teñan coñecemento destas peticións.

Así mesmo engadir a proposta que se aprobou neste Pleno o 26 de xuño que xa se remitiu pero que imos incluír neste mesmo documento a moción presentada polos grupos políticos de apoio a obras de mellora e mesmo dunha proposta que viu alternativa a través do Plan Xeral da posible construción deses falsos túneles no futuro.

Xa falei cos voceiros dos grupos, estamos de acordo e trátase do remitir para que teñan coñecemento en Madrid da situación e das propostas que facemos dende o Concello e os propios veciños. É para lle dar máis forza ás peticións veciñais cun acordo da Corporación.

Proposta formulada "in voce" polo Sr. Figueroa Vila, do Grupo municipal do PP, durante o curso do debate:

Remitir á Demarcación de Estradas de Fomento, ó Secretario de Estado de Infraestructuras e á ministra de Fomento as propostas feitas polos veciños que se transcriben máis abaixo.

Incluir no mesmo documento o acordo plenario do 26.07.05 polo que se aprobou moción dos grupos políticos municipais de apoio ás obras de mellora e redacción de proxectos dos falsos túneles.

(No momento das votacións están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, López-Chaves Castro e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de feito, acórdase:

Primeiro.- Remitir á Demarcación de Estradas de Fomento, ó Secretario de Estado de Infraestructuras e á ministra de Fomento as propostas feitas polos veciños que se transcriben máis abaixo.

Segundo.- Incluir no mesmo documento o acordo plenario do 26.07.05 polo que se aprobou moción dos grupos políticos municipais de apoio ás obras de mellora e redacción de proxectos dos falsos túneles.

OBRAS PENDENTES DE REPOSICIÓN COMO CONSECUENCIA DA CONSTRUCCIÓN DO 2º CINTO

PARROQUIA DE BEADE:

Folla 13 de 15 - Plano 3.3.1

1.- Reposición e acondicionamento do camiño da Fraga entre Presas e a Estrada Forestal de Bembrive-Beadé.

2.- Estrada de servizo entre Estrada de Presas e ponte sobre autopista do Val-Miñor, ancho insuficiente (+-4 metros). Figura no proxecto a reposición do vial con 6 metros de ancho.

3.- Construcción do depósito de auga de 1.000 m3 en Presas. Existen dúbidas coa dirección de obra acerca das acometidas e maquinaria dos mesmos.

4.- Reposición da presa de regadío en Persas enriba do lavadoiro.

Folla 12 de 15 - Plano 3.3.1

1.- Conducución das augas debaixo do viaducto de Porto, cara os regatos máis achegados.

Folla 11 de 15 - Plano 3.3.1

1.- Reposición do sinal de televisión na zona do Pinal, afectada pola altura da rasante da traza.

2.- Mellora da curva na estrada de Venda debaixo do viaducto.

3.- Vías de servizo entre a Estrada de Venda e a Estrada do CUVI.

PARROQUIA DE VALLADARES

Folla 10 de 15 - Plano 3.3.1

1.- Vía de servizo entre o camiño do Cañizo e a Estrada do CUVI

Folla 9 de 15 - Plano 3.3.1

1.- Axardinamento da superficie superior do falso túnel. Existe unha proposta elaborada pola Asociación de Veciños de Valladares e remitida á dirección de obra.

2.- Resolución do encontro do paso elevado que comunica Barrocas con Moo, coas súas vías de servizo.

PARROQUIA DE MATAMÁ

Folla 8 de 15 - Plano 3.3.1

1.- Traslado da fonte de Abelleira cara a zona libre que queda entre o paso elevado e a curva. Recuperación do manantial e canalización das súas augas ata o nacente do manantial.

2.- Mellora da curva existente na Estrada Abade Juan de Bastos que accede ó Barrio do Freixo. Na reposición da mesma pechouse máis o ángulo da curva, provocando risco de accidente e numerosas protestas veciñais.

3.- Pendentes excesivas nos viais de servizo paralelos á traza.

4.- Establecemento dun sistema de bombeo para traída das augas ás presas de regadío de Abelleira e Moo.

Folla 7 de 15 - Plano 3.3.1

1.- Construcción da presa no Camiño de Vilar e conducción das augas pluviais e de manantiais ata o río, dado o elevado caudal que se prevé en momentos puntuais de tromba de augas.

PARROQUIA DE SAN ANDRÉS

Folla 6 de 13 - Plano 3.3.1

A.- Conducción axeitada de augas pluviais e de manantiais ata o regado de Sanín.

Folla 4 de 13 - Plano 3.3.1

A.- Construcción de beirarrúas no viaducto de Fonte Santa e nas rotondas do enlace de Balsa.

B.- Acondicionamento da presa na "Devesa do Rei" e construcción dunha fonte.

C.- Recollida de augas pluviais enriba do paso inferior de Pedra Blanca, acondicionamento e mellora de taludes no contorno do dito paso.

D.- Ripiado dos muros da escollera do recheo de Fonte Santa e acondicionamento do contorno ós pés dos ditos muros. Conducción das augas de manantiais ata o lavadoiro.

Folla 4 de 13 - Plano 3.3.1

A.- Construcción dunha vía de servizo entre o camiño de Rial e a Estrada de Camposancos de 6 metros de ancho.

Folla 3 de 13 - Plano 3.3.1.

A.- Construcción dun falso túnel entre a estrada de Camposancos e Ricardo Mella.

B.- Construcción de beirarrúas no paso elevado de Pereiras.

C.- Construcción de beirarrúas en Rotonda de Ricardo Mella, así como o pintado de paso de peóns.

Follas 2 e 1 de 13 - Plano 3.3.1

A.- Construcción de beirarrúa ó longo de Ricardo Mella dende a rotonda (río Lagares) ata a confluencia do primeiro cinto.

B.- Reposición das dúas saídas da glorieta de Ricardo Mella cara o primeiro cinto cos dous carrís previstos no proxecto.

C.- Reposición da anchura dos carrís do primeiro cinto non ocupados polo paso superior sobre a glorieta de Ricardo Mella, á súa anchura regulamentaria anterior.

D.- INFORMACIÓN DO SR. FIGUEROA VILA, DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, RELATIVA Á DEPURADORA DO LAGARES.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Vimos negociando nos últimos meses e facendo auditorías con respecto á depuradora e eu comprometinme cos veciños que os acordos que adoptásemos pasarían pola Xunta de Voceiros, por unha comisión de seguimento que constituiríamos e logo se traerían a Pleno todos eses acordos, a curto, medio e longo prazo para que neste tema, que é da Corporación e da cidadanía, non cometamos erros e entre todos poidamos analízalo.

Hoxe están en Barcelona os técnicos municipais con técnicos da Área Metropolitana de Barcelona estudando experiencias e analizando e valorando temas que sucederon alí referentes á depuración. Cando veñan presentarannos un informe, temos esa comisión de seguimento e pasarémosllo ós veciños porque a intención que ten o Goberno é que no próximo Pleno poidamos traer unha proposta consensuada das medidas a curto, medio e longo prazo que están enriba da mesa porque coído que é importante que todos os membros nos pronunciemos e coñezamos o que temos entre máns.

Informei xa un pouco por riba ós voceiros pero tamén quero dar esta información para que a coñezan os veciños e os medios de comunicación para que a trasladen á cidadanía.

E.- SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE COMPARECENCIA PERANTE O PLENO DA CONCELLEIRA DE TURISMO, SRA. MOLARES PÉREZ.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de setembro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, formula a seguinte solicitude:

“A comparecencia no próximo Pleno da Corporación municipal da concelleira responsable de Turismo e Deportes para que explique diante da Corporación o papel da nosa cidade nos actos previstos derivados da Volvo Ocean Race”.

A PRESIDENCIA: Fóra da orde do día tamén hai unha solicitude de comparecencia da concelleira de Turismo.

SR. TOBA GIRÓN: Gracias Sra. Presidenta, pero hoxe non ía interrogala porque entendo que seguramente necesita máis tempo e o noso grupo non ten ningún problema en esperar ó Pleno ordinario para este tema.

SRA. MOLARES PEREZ: Pola miña banda non hai problema e trataré de ser o máis rápida que poida se o consideran o suficientemente urxente.

SR. TOBA GIRÓN: Agradecemosllo pero non é necesario.

45 (201).-ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, SR. ALONSO VAZQUEZ, RELATIVO Ó POSIBLE TRASLADO DA ESTATUA DO MARIÑEIRO EXISTENTE NO BERBÉS.

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VAZQUEZ: Vou facer un rogo porque hoxe saíu aquí o tema sobre o monumento ó mariñeiro e, xa que andamos mal de cartos, quero dicir que hai unha estatua no Berbés que é un mariñeiro duns 15 ou 16 metros de alto cun remo, abaixo a muller co rapaz e unha patela, por certo que é moi bonita e coido que era ideal para poñer unha plaquiña de bronce ou do que sexa, para ir poñendo os nomes dos compañeiros desaparecidos e ó mellor evitaríamos un gasto bastante cuantioso de facer unha estatua.

Supoño que será o Pleno quen teña que dicir se se pode trasladar ou non. Neste momento non se mira porque está metida no medios dunhas árbores que hai nesa praza, todos sabemos que está alí pero non se mira. Isa podería ser unha solución porque eu non vou pedir neste momento á Sra. Alcaldesa nin a ninguén que trasladen unha estatua sen o consenso de todo o Pleno por iso fago este rogo.

A PRESIDENCIA: Propoño que o falemos nunha Xunta de Voceiros para facer propostas concretas logo de consultar ós veciños do Casco Vello. Hai unha consignación orzamentaria nos remanentes de 60.000 euros.

* PREGUNTA DA SRA. PORTEIRO GARCIA, DO GRUPO MUNICIPAL SO PSdeG-PSOE, RELATIVA PREGUNTA FORMULADA EN PLENO ANTERIOR SOBRE TRASLADOS DO PERSOAL.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Quería saber cando nos notificará por escrito a resposta á pregunta que lle fixemos no último Pleno realizado no mes de xullo e dixo que se nos respostaría por escrito.

A PRESIDENCIA: Penso que están todas respostadas, se hai algunha que falla pido desculpas e que se nos indique cal delas se pode ser.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Era unha pregunta relativa ós traslados de funcionarios.

A PRESIDENCIA: Infórmanme que xa está respostada.

E sen ter máis asuntos para tratar, a Sra. Presidenta deu por rematada a sesión, ás quince horas e dezaoto minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.